

# ÍNDICE

## ÍNDICE

<b>ÍNDICE</b> .....	<b>1</b>
<b>PARTE I: GRUPOS DE DESENVOLVEMENTO RURAL</b> .....	<b>5</b>
<b>1. Datos identificativos</b> .....	<b>6</b>
1.1. Denominación, NIF, domicilio social, dirección postal, teléfonos, correo electrónico e representante .....	6
1.2. Copias compulsadas do NIF da asociación e do DNI do representante legal, así como da documentación acreditativa da súa representación .....	7
<b>2. Personalidade xurídica</b> .....	<b>11</b>
2.1. Copia compulsada da acta constituínte .....	11
2.2. Copia compulsada dos estatutos .....	15
2.3. Inscripción no Rexistro de Asociacións dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza .....	25
2.4. Relación de asociados, con identificación do seu carácter público ou privado. Implantación no territorio e representatividade .....	27
2.5. Composición actual da xunta directiva. Cargos, nomes e representación que ten cada compoñente .....	90
2.6. Descrición pormenorizada do proceso de participación da comunidade local no deseño da estratexia, xunto coa constancia documental que acredite a realización dun proceso participativo real da comunidade local .....	92
2.7. Declaración de non estar incurso a asociación en ningunha das circunstancias referidas nos parágrafos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .....	98
<b>3. Descrición (previsión) do equipo técnico e humano adscrito á xestión da estratexia</b> .....	<b>100</b>
3.1. Persoal adscrito á xestión da estratexia. Procedemento de contratación do equipo xestor. Organigrama .....	100
3.2. Medios técnicos: local, medios informáticos .....	103
3.3. Experiencia demostrable da organización candidata .....	103
<b>PARTE II: TERRITORIO E POBOACIÓN QUE ABRANGUE A ESTRATEGIA</b> .....	<b>105</b>
<b>1. Mapa territorial</b> .....	<b>106</b>
<b>2. Definición e características demográficas da poboación que abrangue a estratexia</b> .....	<b>107</b>

<b>PARTE III: ESTRATEGIA .....</b>	<b>111</b>
<b>1. Análise do territorio e diagnóstico .....</b>	<b>112</b>
1.1. Delimitación territorial e medio natural .....	112
1.1.1. Relevo e hidrografía .....	114
1.1.2. Clima .....	121
1.1.3. Paisaxe e espazos naturais .....	123
1.2. Análise sociodemográfica .....	130
1.2.1. Evolución da poboación no último decenio .....	130
1.2.2. Dinámica demográfica .....	135
1.2.3. Estrutura demográfica .....	141
1.3. Sistema produtivo .....	159
1.3.1. Sectores de actividade .....	164
1.3.1.1. Sector primario .....	164
1.3.1.2. Sector secundario .....	185
1.3.1.3. Sector terciario .....	200
1.3.2. O mercado de traballo .....	227
1.4. Indicadores de calidade de vida .....	239
1.4.1. Renda dispoñible bruta por habitante .....	239
1.4.2. Infraestruturas, servizos e recursos .....	243
1.4.2.1. Infraestruturas .....	243
1.4.2.2. Servizos .....	251
1.4.2.3. Recursos .....	256
1.5. Síntese .....	266
<b>2. Análise DAFO e CAME.....</b>	<b>269</b>
2.1. DAFO .....	269
2.2. CAME .....	276
<b>3. Estrategia de desenvolvemento local participativo .....</b>	<b>280</b>
3.1. Descrición das características integradas da estratexia .....	280
3.2. Descrición das características innovadoras da estratexia .....	281
3.3. Obxectivos da estratexia (específicos, medibles, atinxibles, realistas e por tempo limitado) e descrición do plan de accións .....	283
3.4. Indicadores .....	304
3.5. Previsión da distribución do gasto público da estratexia en investimentos materiais, inmateriais e gasto corrente .....	306


3.6. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio .....	307
3.7. Plan de formación, no caso de que a estratexia de desenvolvemento local preveva a selección de proxectos de formación promovidos polos GDR ...	307
<b>PARTE IV: PLAN DE COOPERACIÓN CON OUTROS TERRITORIOS .....</b>	<b>308</b>
<b>PARTE V: NORMAS PARA A XESTIÓN .....</b>	<b>323</b>
1. Límites de axuda pública máxima (cuantitativos e en porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos .....	324
2. Criterios para a selección e priorización de proxectos .....	325
2.1. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos .....	325
2.2. Baremo para proxectos produtivos .....	326
2.3. Baremo para proxectos non produtivos .....	329
2.4. Anexos dos baremos .....	334
2.5. Descrición do procedemento de selección e priorización de proxectos .....	346
3. Mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrencia, con especial referencia ao procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación .....	346
4. Procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión dos GDR .....	347
5. Plan de seguimento .....	348
6. Equipo xestor .....	348
7. Sede .....	349
8. Plan de difusión .....	351
<b>PARTE VI: PLAN FINANCEIRO .....</b>	<b>353</b>
<b>ANEXOS .....</b>	<b>356</b>
1. Anexo A: Proceso participativo .....	356
2. Anexo B: Descrición obxectivos e accións concretas en que se poden traducir ..	477
3. Anexo C: Conflito de intereses .....	491



# PARTE II: TERRITORIO E POBOACIÓN

## 1. Mapa territorial

O Grupo de Desenvolvemento Rural 05 (GDR05) está integrado polos seguintes concellos da provincia de Lugo: Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, O Páramo, Portomarín, Sarria e Taboada, limitando ao norte cos territorios do GDR04 e do GDR03, ao leste co GDR06, ao sur coa provincia de Ourense e ao oeste coas provincias de A Coruña e Pontevedra.




## 2. Definición e características demográficas da poboación que abrangue a estratexia

O GDR05, composto polos citados dez concellos do suroeste da provincia de Lugo, ten unha extensión de 1.375,8 km<sup>2</sup>, nos que a 1 de xaneiro de 2014 estaban censadas 42.166 persoas, o que supón unha densidade media de 30,65 habitantes por km<sup>2</sup>, cifra que está por debaixo da densidade media provincial (34,77 hab./km<sup>2</sup>). Pero si a comparativa a facemos coa densidade media de Galicia (92,94 hab./km<sup>2</sup>), os datos de despoboamento son aínda máis preocupantes, posto que temos que dicir que a densidade media galega supera por máis do triplo a do territorio do GDR05.

Ámbito territorial	Poboación (01/01/2014)	Superficie (km <sup>2</sup> )	Densidade
Antas de Ulla	2.152	103,6	20,77
Carballedo	2.401	138,9	17,29
Chantada	8.553	176,7	48,40
Monterroso	3.779	114,6	32,98
Palas de Rei	3.601	199,7	18,03
Paradela	1.967	121,1	16,24
Páramo (O)	1.484	74,8	19,84
Portomarín	1.624	115,1	14,11
Sarria	13.504	184,6	73,15
Taboada	3.101	146,7	21,14
<b>GDR05</b>	<b>42.166</b>	<b>1.375,8</b>	<b>30,65</b>
Lugo (provincia)	342.748	9.856,6	34,77
Galicia	2.748.695	29.574,8	92,94

Fonte: IGE e INE


### DENSIDADE DE POBOACIÓN. ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE e INE

A pesar de que a densidade media do GDR05 non dista moito da de Lugo, isto pode resultar un dato enganoso, posto que a cifra alcanzada polo territorio do grupo enmascara densidades que están por debaixo de 22 habitantes por km<sup>2</sup> en sete dos dez concellos que o compoñen (Antas de Ulla, Carballedo, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Portomarín e Taboada), o que nos da unha idea clara do baixamente poboada que está a zona. Só dous dos concellos do GDR05 teñen densidades, que aínda estando por debaixo da media galega superan amplamente á da provincia de Lugo, trátase de Sarria e Chantada, os concellos con máis poboación do territorio, eles dous xuntos suman o 52,31% de habitantes mentres que supoñen o 26,26% da superficie total. O concello de Monterroso ten unha densidade de poboación situada entre a media do GDR05 e a media provincial.

### DENSIDADE DE POBOACIÓN. ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE e INE

Por último comentar que a superficie do territorio do GDR05 supón un 13,96% do total da provincia de Lugo, mentres que ten só o 12,30% da poboación provincial. E respecto a Galicia, as diferenzas aínda son maiores, xa que a superficie do territorio GDR05 é un 4,65% do total da comunidade autónoma, mentres que a súa poboación só supón o 1,53% do total de censados en Galicia no ano 2014.

Outra característica da poboación do territorio do GDR05, ademais da súa baixa densidade de poboación, é o diseminada que se atopa esa poboación ao longo de todos os concellos que o compoñen, dando constancia desta situación o elevado número de parroquias existentes (entidades colectivas), que contan a súa vez con un tamén moi elevado número de entidades singulares de poboación (lugares) e de núcleos de poboación. O elevado número de entidades é un signo claro da ruralidade dun territorio.

Ámbito territorial	Nº de entidades colectivas	Nº de entidades singulares	Nº de núcleos
Antas de Ulla	28	105	105
Carballedo	24	193	194
Chantada	36	280	281
Monterroso	28	115	116
Palas de Rei	43	298	299
Paradela	18	141	141
Páramo (O)	18	99	99
Portomarín	19	101	102
Sarria	50	263	263
Taboada	27	184	187
<b>GDR05</b>	<b>291</b>	<b>1.779</b>	<b>1.787</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos do INE

Outro dato relevante, que indica en que medida a poboación se encontra concentrada ou dispersa, é o número de entidades singulares de poboación por km<sup>2</sup>. Deste xeito, a media do territorio do GDR05 é de 1,29 entidades singulares por km<sup>2</sup>. Pero temos concellos que están moi por riba desa cifra como son Chantada, Palas de Rei e Sarria, e que polo tanto a pesar de contaren con poboación da máis elevada do territorio, esta atópase moi dispersa.

Se por outro lado calculamos o número medio de habitantes por entidade singular, temos outro dato claro que nos indica a dispersión e o despoboamento, xa que nun núcleo de tipo medio no territorio do GDR05 non viven máis alá dos 23,70 habitantes.

Esta excesiva dispersión dos asentamentos, agravada polo seu pequeno tamaño, dificulta a axeitada cobertura dos equipamentos e infraestruturas a grande parte da poboación.

Ámbito territorial	Entidades singulares /km <sup>2</sup>	Habitantes / Entidades singulares
Antas de Ulla	1,01	20,50
Carballedo	1,39	12,44
Chantada	1,58	30,55
Monterroso	1,00	32,86
Palas de Rei	1,49	12,08
Paradela	1,16	13,95
Páramo (O)	1,32	14,99
Portomarín	0,88	16,08
Sarria	1,42	51,35
Taboada	1,25	16,85
<b>GDR05</b>	<b>1,29</b>	<b>23,70</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE e INE

A distribución da poboación por concellos, segundo o rango de poboación dos concellos, recóllese na seguinte táboa, na que se establece unha clasificación do número de habitantes censados nos concellos segundo o seu tamaño poboacional:

Rango de poboación	Concello	Nº de habitantes
De 0 a 500 habitantes	----	----
De 501 a 1.000 habitantes	----	----
De 1.001 a 2.000 habitantes	<i>Paradela, Páramo (O), Portomarín</i>	5.075
De 2.001 a 3.000 habitantes	<i>Antas de Ulla, Carballedo</i>	4.553
De 3.001 a 6.000 habitantes	<i>Monterroso, Palas de Rei, Taboada</i>	10.481
De 6.001 a 10.000 habitantes	<i>Chantada</i>	8.553
De máis de 10.000 habitantes	<i>Sarria</i>	13.504

*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE e INE*

Pódese comprobar que a maioría dos concellos integrantes do territorio obxecto de estudo son concellos con rangos de poboación baixos/moi baixos. Dos dez concellos que compoñen o GDR05, cinco deles atópanse dentro dos rangos de poboación inferiores aos 3.000 habitantes, e oito por baixo dos 6.000 habitantes.

Na táboa seguinte pódese observar o fraccionamento espacial, que indica unha dispersión demográfica verdadeiramente alta.

Rango de poboación	Nº concellos	Nº entidades colectivas	Nº entidades singulares
De 0 a 500 habitantes	--	284	1.773
De 501 a 1.000 habitantes	--	4	3
De 1.001 a 2.000 habitantes	3	---	---
De 2.001 a 3.000 habitantes	2	1	1
De 3.001 a 6.000 habitantes	3	1	1
De 6.001 a 10.000 habitantes	1	1	1
De máis de 10.000 habitantes	1	---	---
<b>Total</b>	<b>10</b>	<b>291</b>	<b>1.779</b>

*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE e INE*

**PARTE III:  
ESTRATEGIA**

## 1. Análise do territorio e diagnóstico

### 1.1. Delimitación territorial e medio natural

O GDR05 abrangue dez concellos do suroeste da provincia de Lugo: Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Paradela, O Páramo, Portomarín, Sarria e Taboada, que pertencen a varias comarcas da antiga distribución comarcal, debido a súa cohesión entorno ao medio físico e ambiental e a súa homoxeneidade socioeconómica (en referencia ás características demográficas, á preponderancia de sectores e/ou actividades concretas, etc.).

Deste xeito o territorio do GDR05 englobaría na súa totalidade as Comarcas de Chantada (Carballedo, Chantada e Taboada) e A Ulloa (Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei), parte da Comarca de Sarria (Paradela, O Páramo e Sarria) e un concello da Comarca de Lugo (Portomarín)

As vinculacións do territorio do GDR05 son moitas, tanto desde o seu medio físico (relevo, clima, paisaxe, ...) como desde as súas características socioeconómicas (perda de poboación, dispersión, envellecemento, ruralidade, importancia do sector primario, etc.), e de aquí en diante ímolos analizar polo miúdo.

Xudicialmente, o territorio pertence a dous partidos xudiciais, ao de Chantada (Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín e Taboada) e ao de Sarria (Paradela, O Páramo e Sarria), que son precisamente as dúas vilas con maior número de poboación e cunha maior dotación de servizos, tanto públicos como privados, o que as converte nos dous polos de atracción máis importantes do GDR05.

A comarca de Chantada (toda no GDR05) concorda practicamente co espazo coñecido como plataforma de Chantada, ben diferenciado do resto do territorio circundante. A bisbarra organízase arredor desta vila, que desempeña un papel claro de cabeceira comarcal, e mesmo amplía a súa capacidade de atracción aos concellos da Ulloa e das proximidades ao oeste da zona de Portomarín. Os Montes de Vacaloura polo norte e a Serra do Faro polo oeste establecen o límite natural do territorio coa provincia de Pontevedra e rexistran á súa vez, as maiores altitudes do territorio do GDR05, con máis de 1.000 metros. Ao pé deste relevos esténdese a denominada superficie de Chantada, que continúa cara o leste polas paraxes fluviais da Ribeira Sacra, percorrida polo curso do Miño no seu tramo medio-alto, e cuxas ladeiras se cobren dos fértiles socalcos de viñedos. O sector primario segue sendo un sector moi importante, ligado de xeito moi claro á especialización vacún láctea, e tamén neste sector hai que destacar a viticultura amparada baixo a denominación de orixe Ribeira Sacra.

A comarca da Ulloa (toda no GDR05) caracterízase por ser un área deprimida topograficamente, en contraste coas periferias montañosas que a rodean. O nacemento e percorrido do río Ulla determinou a morfoloxía desta zona e xerou un amplo val a partir do que se constitúe este espazo comarcal. O sector primario é o máis importante da comarca, con especialización vacún láctea que deu lugar á elaboración do queixo amparado baixo a Denominación de Orixe Arzúa-Ulloa. Pero a existencia da ruta xacobeá, concretamente do Camiño Francés que percorre Monterroso e Palas de Rei, xunto á grande riqueza patrimonial, repercutiu beneficiosamente no turismo e no conxunto dos servizos. Desde o punto de vista funcional, a comarca presenta unha clara estrutura bipolar en torno a Palas de Rei e Monterroso, aínda que existen relacións con Chantada e con Lugo, e mesmo con Lalín para algunhas parroquias de Antas de Ulla.



A comarca de Sarria (só parte no GDR05), está situada no centro-sur da provincia de Lugo, e forma unha bisbarra natural determinada pola depresión tectónica de Sarria, un espazo de fondo plano rodeado por aliñacións montañosas (montañas que xa non forman parte do GDR05 por atoparse nos concellos de O Incio, Láncara, Samos e Triacastela). A vila de Sarria funciona como cabeceira comarcal, e nela concéntranse os servizos, tanto públicos como privados. As actividades agrogandeiras, aínda que perderon moitos efectivos, seguen conservando un grande peso na economía da comarca, maiormente gandería bovina especializada na produción láctea e o porcino. O Camiño Francés da ruta xacobeá percorre os concellos de Triacastela, Samos, Sarria e Paradela pertencentes a esta comarca, os dous últimos forman parte do territorio do GDR05.

Ao norte do territorio do GDR05 sitúase o concello de Portomarín, que actúa como nexo de unión entre as tres comarcas citadas, posto que ten límites con todas elas. Este concello, pertencente á comarca de Lugo, está marcado polo río Miño, xa que a construción no mesmo do encoro de Belesar a mediados da década de 1950, trouxo consigo o asolagamento do antigo núcleo de Portomarín e o seu traslado á ubicación que agora ten. É un concello eminentemente rural, polo que tamén transcorre o Camiño Francés da ruta xacobeá.

*Análise das relacións internas por concellos do territorio do GDR05:*

***Antas de Ulla:***

Este concello ten relacións administrativas con Lugo e tamén con Chantada, partido xudicial ao que pertence. Polo que atinxe ás actividades económicas, inscríbese na área de influencia de Monterroso.

***Carballedo:***

Este concello forma parte da vertente oriental da Serra do Faro e pertence ao partido xudicial de Chantada. Economicamente inscríbese na área de mercado de Chantada, aínda que mantén lazos con outros centros de fora do territorio do GDR05, como Monforte de Lemos e Ourense.

***Chantada:***

Este concello é cabeceira do partido xudicial e da comarca do mesmo nome, sede da maioría dos servizos existentes, tanto públicos como privados. Chantada estende a súa área de influencia máis alá da comarca, a outros concellos incluídos no seu partido xudicial.

***Monterroso:***

Este concello pertence ao partido xudicial de Chantada, e a súa área de mercado abrangue todo o espazo circundante, estendéndose polo territorio que forma parte da comarca da Ulloa.

***Palas de Rei:***

Este concello pertence ao partido xudicial de Chantada, e en canto aos fluxos económicos oscila entre a influencia da área de mercado de Lugo e a de Melide.

***Paradela:***

Este concello pertence ao partido xudicial de Sarria, e en canto aos fluxos económicos e ás relacións funcionais, todas as vinculacións centralízanse en Sarria.

***O Páramo:***

Este concello está situado entre o val do Miño e a marxe da depresión de Sarria, o seu referente administrativo e económico é Sarria, partido xudicial ao que pertence, aínda que ten vinculacións comerciais con Lugo.

***Portomarín:***

Trátase dun concello de transición que, a modo de ponte, conecta a comarca de Lugo coa de Chantada, partido xudicial do que forma parte. Tras a súa reconstrución, o novo núcleo orientou as súas actividades cara á capital provincial, pero tamén mantén certas relacións de mercado coa vila de Chantada.

***Sarria:***

Este concello é cabeceira do partido xudicial e da comarca do mesmo nome, sede da maioría dos servizos existentes, tanto públicos como privados. Sarria é o centro dunha importante área de mercado, que irradia a súa influencia a todos os concellos que conforman a súa comarca.

***Taboada:***

En todos os aspectos, este concello está funcionalmente moi ligado ao de Chantada, vinculación que se ve favorecida pola disposición norte-sur dos eixes de comunicación, que conectan directamente Taboada con Chantada.

**1.1.1. Relevo e hidrografía**

O territorio do GDR05, situado practicamente no centro de Galicia, está delimitado ao oeste polas Serras do Careón, do Farelo e do Faro, que actúan de límite natural entre as provincias de Lugo e Pontevedra, e ao suroeste por Pena Veidosa, que actúa tamén de límite natural entre Lugo e Ourense. Polo suroeste o GDR05 limita co río Miño, que separa o noso territorio do GDR06.

Son múltiples os ríos e regatos que bañan o territorio, os de maior importancia, o Miño e o Ulla, configuran o nome do noso propio grupo. Outros ríos importantes que o atravesan son o Pambre, na conca do Ulla, e o Sarria, o Asma e o Loio, na conca do Miño.


Pasamos agora a facer unha análise máis pormenorizada do relevo e da hidrografía do territorio do GDR05, segundo as comarcas e os concellos que o compoñen.

O relevo da comarca de Chantada estrutúrase en tres unidades morfolóxicas ben diferenciadas: as Serras do Faro e o Farelo ao oeste, a encaixada ribeira do Miño ao leste e a ampla superficie de aplanamento situada no centro. As serras serven de divisoria de augas entre os tributarios do Miño e os ríos que verten as súas augas directamente no Atlántico, como o Ulla e o Tambre, entre outros. A Serra do Faro érguese máis de 400 metros sobre a chaira central e acada un nivel de cumios moi suavizados pola erosión que sobre pasan os 1.000 metros, como O Marco (1.036 m.), o pico de maior altura no Monte Faro a 1.187 metros ou Penas Grandes a 1.106 metros. Desde este último cumio as alturas descenden e sitúanse arredor dos 700 metros na fronteira entre Lugo e Ourense, no extremo suroeste do concello de Carballedo.

No centro do espazo comarcal, ocupando a maior parte do territorio, aparece a superficie de Chantada, trátase do extremo suroccidental da chaira luguesa, da que se separa por pequenos relevos residuais. Dentro desta superficie, que verte levemente cara ao sur, aparecen pequenas elevacións residuais, como o Monte Cabezada de 733 metros, e San Sebastián, 764 metros.

Pola súa parte, o río Miño, que transcorre polo extremo oriental da comarca, coñece neste tramo medio alto do seu curso un profundo encaixamento que acada en Taboada os 200 metros, de Belesar a Chantada os 300 metros e preto dos Peares e Carballedo os 400 metros de desnivel respecto ás zonas chás que bordean o curso fluvial. As pendentes son tremendamente fortes, e o río contribúe coa súa acción erosiva a afondar no encaixamento e a acentualas.

A comarca de Chantada pertence por tanto á conca do río Miño. O río está condicionado neste tramo pola construción dos encoros de Belesar e Os Peares, e sofre, como xa se expuxo, un forte encaixamento que da lugar a unhas paisaxes espectaculares, caracterizadas polo forte desequilibrio existente e as grandes pendentes. En 1955 e 1963 inauguráronse neste tramo do río os encoros xa citados, que asolagaron o val e xeraron grandes lagos artificiais. A chaira central aparece cortada por numerosos, pero pequenos, cursos de auga que verten ao Miño, entre os que destacan, de norte a sur, os de Porto da Hedreira, Moreda, Enviande, Asma (que baña Chantada), Fondós, San Mamede e Búbal.



A comarca da Ulloa, onde ten a cabeceira un dos principais ríos galegos, o Ulla, caracterízase por ser un área deprimida dende o punto de vista topográfico fronte ás periferias montañosas que a rodean. A comarca presenta unha zona central de topografía tranquila. Estas periferias montañosas que a rodean son as Serras do Farelo e do Careón ao oeste, e os Montes da Vacaloura ao leste. A Serra do Careón continúa ao norte, polos Montes do Corno de Boi e a Serra da Cova da Serpe.




Toda a bisbarra pertence á conca do Ulla, coa excepción dun pequeno espazo, situado ao nordeste do concello de Palas de Rei, que verte directamente ao Miño. A conca do Ulla sitúase sobre os 500 metros e está rodeada de elevacións que varían entre 700 e 900 metros.

Nos bordos do conxunto érguense as elevacións correspondentes ás Serra do Careón polo noroeste, San Simón polo nordeste, os Montes de Vacaloura polo sueste e os do Farelo polo suroeste, que exercen contacto coa depresión.


O río Ulla abrangue case toda a comarca, as fontes deste río sitúanse nas penechairs e están formadas por varios regos como o Sucastro e o Ermida. No seu percorrido, e durante máis de 2 km, o río forma uns rápidos chamados Torrentes de Mácara, que conforman unha paisaxe de enorme beleza. Os primeiros afluentes que recibe son o río Penzal, o Rao e o Pambre, que é o principal afluente da comarca. Dentro da bisbarra, a conca do Miño presenta unha escasa importancia, xa que só abrangue unha pequena porción do territorio comarcal. Esta superficie está regada polos ríos Irixte e Ferreira, tributarios do Miño.



O río Miño e o seu afluente o Neira bordean a comarca de Sarria, separándoa da de Lugo. O río Sarria, afluente do Neira, rega a depresión do seu mesmo nome. Na parte da comarca de Sarria pertencente ao GDR05, o relevo configúrase nunha depresión, con pequenos relevos residuais (Serra do Páramo e Monte Acevedo de 816 metros) que se erguen sobre a mesma e o río Miño, que comeza a encaixarse na parte occidental deste territorio.



En canto ao concello de Portomarín, ao oeste ten os Montes de Vacaloura e os Montes de Narón, con 800 metros e a Pena da Lebre con 747 metros. Ao leste está o Miño, e sitúase a parte inicial do encoro de Belesar. O río Ferreira, afluente do Miño, de curso encaixado, marca a fronteira entre Guntín e Portomarín.





Polo tanto, o relevo de todo o territorio do GDR05, tal e como se acaba de expor, é accidentado, con zonas montañosas de bastante altitude e con grandes pendentes no entorno dos ríos, ambos factores dificultan o cultivo dos terreos, e se a isto unimos o despoboamento e envellecemento da zona e a predominancia da actividade agraria, temos como resultado que todo o territorio do GDR05 teña a consideración de zona desfavorecida, é dicir, o 100% da súa superficie. Os dez concellos do GDR05 están incluídos na lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas tal e como se definen nos puntos 3 e 4 do artigo 3 da Directiva 75/268/CEE (equivalentes aos artigos 18, zonas de montaña e 19, outras zonas desfavorecidas, do Regulamento (CE) 1257/99, respectivamente), de acordo coa Directiva do Consello (86/466/CEE) do 14 de xullo de 1986, coa Decisión da Comisión (86/566/CEE) do 16 de outubro de 1989, coa Directiva do Consello (91/465/CEE) do 22 de xullo de 1991.

Ámbito territorial	Tipo de zona Regulamento (CE) 1257/99	Superficie desfavorecida en km <sup>2</sup>
Antas de Ulla	Artigo 19	103,6
Carballedo	Artigo 18	138,9
Chantada	Artigo 18	176,7
Monterroso	Artigo 19	114,6
Palas de Rei	Artigo 19	199,7
Paradela	Artigo 18	121,1
Páramo (O)	Artigo 19	74,8
Portomarín	Artigo 19	115,1
Sarria	Artigo 19	184,6
Taboada	Artigo 19	146,7
<b>GDR05</b>	<b>Artigos 18 e 19</b>	<b>1.375,8</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE e INE

#### *Relevo e hidrografía por concellos do territorio do GDR05:*

##### ***Antas de Ulla:***

Este concello está conformado por unha orografía irregular, composta por dúas zonas ben diferenciadas: os rebordos montañosos e a penechira das zonas máis baixas. Os primeiros están compostos pola Serra do Farelo e polos contrafortes formados pola Dorsal Meridiana. As áreas elevadas esténdense ao longo do límite noroeste-suroeste do concello e a súa altitude máxima dáse no Monte Farelo (956 m.), no Castro de Hedra (894 m.), na Pena Picota (732 m.), no Picolongo (768 m.) e en Fontela Seca (724 m.). Estas áreas elevadas funcionan como grandes colectores do río Ulla. A penechira atópase a carón do río Ulla, concretamente no seu tramo alto, e caracterízase por ter pendentes suaves e por presentar as cotas máis baixas do espazo do concello, arredor duns 500 metros.

##### ***Carballedo:***

O relevo deste concello ven determinado por tres accidentes xeográficos moi ben definidos. Ao oeste érguese a Serra do Faro, con alturas superiores aos 1.000 metros en cimas como Penas Grandes (1.106 m.). No sector central desenvólvese unha ampla penechira, denominada superficie de erosión de Chantada, onde se asenta a capital do concello e a maior

parte dos asentamentos de poboación. Por último, cara ao leste, o relevo descende cara ao val encaixado do Miño, onde se atopan unhas fortes pendentes. A rede hidrográfica de Carballedo está organizada polo río Miño, que discorre polo leste do termo municipal e é represado no encoro dos Peares, primeiro encoro galego en construírse. O resto da rede fluvial está constituída por un conxunto de ríos e regatos afluentes que nacen nas alturas da Serra do Faro e descenden, en dirección oeste-leste, ata unirse ao Miño. Os ríos máis significativos son o Búbal e o Fondós.

#### ***Chantada:***

O relevo deste concello consta de tres unidades ben diferenciadas. A topografía descende progresivamente de oeste a leste, onde destacan, en primeiro lugar, as terras altas que corresponden á Dorsal Meridiana, que neste termo municipal acada a súa máxima altitude no Monte Faro (1.187 m.). Unha segunda unidade correspóndese coa denominada superficie de erosión de Chantada, unha penchaira situada ao redor dos 600 metros, na que se asenta a vila do mesmo nome, onde se localizan a maior parte dos núcleos de poboación e as actividades económicas. En terceiro lugar están os terreos da ribeira do Miño, que constitúen un val encaixado e de fortes pendentes. A rede hidrográfica pertencente á conca do Miño, transcorre polo leste do municipio. Este río recibe, pola súa dereita, unha serie de afluentes que discorren polo territorio de Chantada e que nacen nas terras altas da Dorsal Meridiana e o atravesan en dirección leste-oeste. O máis importante deles é o Asma, que pasa polo propio núcleo chantadino e que salva un forte desnivel antes da súa desembocadura no Miño.

#### ***Monterroso:***

Xeomorfoloxicamente este concello sitúase na Galicia central, concretamente no val do alto Ulla, que domina a planicie. A grandes trazos pódese distinguir a metade occidental, ribeiranga do Ulla, cunha altitude media entre os 500 e os 600 metros, da metade oriental, integrada nas terras altas da Dorsal Meridiana, con altitudes comprendidas entre os 600 e os 750 metros. Finalmente existe tamén un sector deprimido no extremo setentrional, entre 450 e 600 metros de altitude media, que se corresponde coas terras drenadas polos afluentes do río Ferreira. A súa hidrografía está dominada polo curso alto do río Ulla, que nace neste mesmo concello e, tras percorrelo cunha dirección norte-sur, abandónao tras recibir aos regos Rao e Vilaxoán. O sector máis setentrional correspóndese coa cabeceira do río Irixé que, tras atravesalo cunha dirección suroeste-nordeste verte no río Ferreira, xa na conca do Miño.

#### ***Palas de Rei:***

O territorio deste concello repártese entre as terras do val do alto Ulla, o cordal montañoso da Dorsal Meridiana e o val do río Ferreira. A primeira das unidades sinaladas esténdese polo suroeste, con altitudes medias comprendidas entre os 400 e os 550 metros, suavemente basculadas cara ao suroeste. A Dorsal Meridiana resólvese de xeito descontinuo cunha dirección preferentemente noroeste-sudeste e cunhas altitudes arredor dos 550 e os 700 metros. De norte a sur sucédese a Serra do Caerón con alturas ao redor dos 800 metros, que desempeña un papel de divisoria entre o Pambre e o Ulla. O nordeste do concello coincide co val do Ferreira, cunha altitude media entre os 350 e 550 metros. A hidrografía ven presidida pola conca do Ulla e do seu afluente, o Ferreira. A primeira esténdese polo sur e o oeste, e o Ulla percorre o seu extremo meridional, onde recibe as augas do Vilaxoán e do Pambre, os dous cunha dirección nordeste-suroeste, dos que destaca o segundo por drenar a vertente oriental da Serra do Careón. O Ferreira nace en terras de Palas e recolle as augas do Santín.

#### ***Paradela:***

O relevo deste concello pódese descompoñer en catro unidades: o val do Miño, o val do río Loio, os contrafortes do Páramo e un extenso territorio de formas suaves no centro e sur do concello. O val do Miño é unha franxa de terreo situado ao oeste do concello e unha

orientación norte-sur, cunha altitude media comprendida entre os 350 e os 550 metros. O val do Loio é unha estreita franxa que se estende polo norte do territorio, e que se dispón de leste a oeste cunha altitude media comprendida entre os 400 e 600 metros. Os contrafortes do Páramo correspóndense co extremo nordeste do concello, que coincide co extremo suroeste desta elevación. Por último, o centro e o suroeste de Paradela correspóndense cunha extensa penechira, prolongación cara ao oeste da superficie de Chantada, cunha altitude media de 600 a 700 metros, que culmina no Monte Acevedo (816 m.) e o Veitureira (838 m.), que se prolonga cara ao sur por terra do Saviñao. A rede hidrográfica pertence case na súa totalidade á conca do río Miño, agás o extremo sueste que é drenado pola cabeceira dalgúns regos de escasa consideración, tributarios do río Mao, na conca do Cabe. Ao río Miño, que delimita Paradela polo oeste e discorre xa encaixado e fosilizado polo encoro de Belesar, van parar os ríos Loio, Trapa e Zancroia, todos eles de disposición leste-oeste e de curto percorrido.

#### ***O Páramo:***

A simplicidade é a nota dominante do relevo de O Páramo, dominado pola mole granítica do mesmo nome e os cursos dos ríos Miño e Neira. Pódense distinguir as terras baixas ribeireñas dos devanditos ríos, no oeste e o norte do termo municipal, con altitudes entre os 350 e os 450 metros. Unha segunda área coincide cun espazo de transición, entre os 500 e 650 metros, disposto a modo de estreita franxa con orientación nordeste-suroeste. Por último, o extremo sueste do concello é o macizo do Páramo propiamente dito.

#### ***Portomarín:***

Este concello sitúase claramente dentro da área de chairas, depresións e relevos residuais da Galicia centro-oriental. O seu marco aparece constituído por tres unidades diferenciadas: a superficie de aplanamento, o val do río Miño, e os relevos da divisoria entre as concas do Miño e do Ulla. Dende o punto de vista topográfico os contrastes son pouco acusados. A maior parte das terras do concello localízanse entre os 500 e os 600 metros. Hai un descenso altitudinal de oeste a leste, dende os montes da divisoria ata o río. Na parte máis occidental están os relevos da divisoria que separa Portomarín da Ulloa, entre os que destacan os Montes de Narón (800 m.) e a Pena da Lebre (747m.). No centro do concello localízase a superficie de aplanamento, formada por espazos chans ou lixeiramente ondulados, salpicados ocasionalmente por relevos residuais como o Castrillón (751 m.) ou as Gándaras de Cebres (467 m.). O val do Miño ocupa o extremo oriental e sinala unha dirección xeral norte-sur, cun progresivo encaixamento nesta dirección. A rede hidrográfica ven artellada polo río Miño. Os cursos de auga presentan unha lonxitude e un caudal reducido, xa que nacen nos montes da divisoria e realizan un curto percorrido, coa única excepción do río Ferreira. O Miño segue un percorrido norte-sur, en xeral moi encaixado, e sinala o límite administrativo entre Portomarín e Paradela. A construción do encoro de Belesar, cunha lonxitude de 54 km e rematado en 1963, provocou o asolagamento de 300 hectáreas de terreo destinadas ao cultivo e da antiga vila, que foi substituída por outra de nova planta.

#### ***Sarria:***

O relevo deste concello caracterízase pola sensación de planitude froito da superposición de dúas grandes unidades morfolóxicas: unha superficie de aplanamento de altitudes entre os 500 e os 600 metros e a propia depresión de Sarria. A primeira ten unha disposición marxinal e ocupa o oeste e o sur do termo municipal, aínda que está bastante desmantelada pola erosión a partir das cabeceiras dos ríos que verten directamente no Miño ou no río Sarria. No sur queda configurada a xeito dunha segunda aliñación, de dirección oeste-leste, que conecta cos contrafortes máis occidentais das serras orientais e separa as depresións de Lemos e Sarria. Os sectores central, leste e norte están ocupados pola depresión de Sarria. A rede hidrográfica artículase ao redor da conca do río Sarria.



***Taboada:***

O relevo de Taboada pódese estruturar en dúas metades, a primeira esténdese pola metade oeste e correspóndese cos montes da Dorsal Meridiana que, neste tramo, separan a conca do Alto Miño da do Ulla. Estas aliñacións montañosas seguen unha dirección norte-sur e chegan a unhas altitudes comprendidas entre os 600 e os 900 metros nos Montes de Vacaloura, que se estenden polo noroeste e o oeste do concello e finalizan na Serra de Cabezas (896 m.) no suroeste municipal. A metade leste é a prolongación cara ao norte da penechira de Chantada, levemente basculada cara ao leste e disecada pola acción erosiva dos tributarios do río Miño, que a converten nunha paisaxe chá a partir da alternancia de vales e serras escasamente resaltadas, pois as altitudes medias oscilan entre os 400 e 600 metros. O límite oriental do concello márcalo o río Miño, lixeiramente encaixado no tránsito polas terras taboadenses e anegado polo encoro de Belesar. A rede hidrográfica verte no Miño, que delimita as terras orientais cunha dirección norte-sur. Nel desembocan ríos de curto percorrido e de dirección oeste-leste, como o Porto da Hedreira, Moreda e Enviande, que achegan augas dos montes da Dorsal Meridiana.

**1.1.2. Clima**

O clima do territorio do GDR05, é oceánico, pero en determinadas zonas presenta certas variacións motivadas pola orografía do terreo e tamén polos vales que conforman os numerosos ríos que o atravesan. Pasamos agora a facer unha análise climatolóxica máis pormenorizada do territorio do GDR05, segundo as comarcas e os concellos que o compoñen.

O clima da comarca de Chantada pode encadrarse dentro do dominio oceánico, aínda que pertence á variedade dos climas do interior, concretamente ao da meseta luguesa, onde respecto da costa existe un descenso das precipitacións e unha lixeira continentalidade térmica. Existen ademais certos matices de mediterrización nos fondos do val do Miño. As precipitacións están condicionadas polos relevos das Serra do Faro e Farelo que se converten en pantallas pluviométricas en relación ás correntes húmidas do suroeste, oeste e noroeste. Deste xeito as chuvias non son excesivamente elevadas para Galicia, e na gorxa do Miño tenden a ser menores debido á súa protección respecto dos fluxos do sur. Os chuvascos son abondosos de outubro a marzo e diminúen nos restantes meses. O ritmo estacional de precipitacións presenta o seu máximo no inverno; en outono e primavera a cantidade de auga caída é moi similar, mentres que o verán pode cualificarse como seco. O afastamento do litoral, o efecto abrigo da dorsal montañosa e a altitude media da superficie de erosión, teñen como consecuencia a acentuación da continentalidade e a alteración da oscilación térmica estacional e diúrna. Os ventos teñen grande importancia na climatoloxía da zona, e caracterízanse por ser de compoñente norte e sur.

O clima da comarca da Ulloa presenta características de continentalidade, dada a súa elevada altitude media e o seu relativo illamento respecto ao océano, xa que se sitúa no centro de Galicia. Polo tanto, a comarca localízase nun área onde a influencia oceánica é menor, o que da lugar a un moderado descenso das precipitacións e un lixeiro aumento da oscilación térmica con respecto ao litoral. As xeadas son un fenómeno moi frecuente nos meses invernais, con episodios de inversión térmica nas áreas máis baixas. As precipitacións concéntranse fundamentalmente no inverno, como é habitual nos climas con influencia

atlántica, e en menor medida na primavera, sendo o verán a etapa de maior seca, aínda que non chega a valores de aridez. Nas áreas da serra, os valores térmicos extrémanse, e as precipitacións tamén son máis elevadas. Os ventos que dominan nesta comarca están formados por dúas compoñentes: a do sur no inverno e no outono, normalmente ligados a borrascas, e a do norte no verán e na primavera.

O clima da comarca de Sarria caracterízase por tres factores: polo seu afastamento do mar, por ser unha cubeta interior elevada, e pola presenza de elevadas serras na parte oriental (parte que non pertence ao territorio do GDR05). Así, nos concellos de Paradela, O Páramo e Sarria pódese considerar que responde ás características dun clima oceánico de matices continentais, con valores térmicos baixos, en xeral, e precipitacións menos abondosas que nos rebordos montañosos.

O concello de Portomarín, pertencente á comarca de Lugo, climaticamente entra no dominio oceánico continental.

#### *Clima por concellos do territorio do GDR05:*

##### ***Antas de Ulla:***

Este concello encádrase no dominio climático oceánico de transición, cunha distribución estacional das precipitacións que amosa unha acusada seca estival.

##### ***Carballedo:***

O clima deste concello está moi condicionado polo seu relevo e polas diferentes unidades xeomorfolóxicas. Así, a Serra do Faro, situada no oeste, actúa como pantalla pluviométrica e provoca unhas menores precipitacións. Por outra banda, no leste no val encaixado do Miño, diminúen as precipitacións e aumenta a insolación e as temperaturas. A repartición estacional das precipitacións deixa ver a importancia da seca estival.

##### ***Chantada:***

Neste concello existe unha gradación climática en función da latitude, dende os cumios da Serra do Faro ata o val encaixado do Miño, a través da superficie de erosión de Chantada. Así o oeste do concello conta cun clima oceánico con certos matices de montaña, principalmente con temperaturas máis baixas ca no nivel fundamental, onde se sitúa a vila de Chantada, que participa dun clima máis continental. A repartición estacional das precipitacións tamén mostra a presenza da seca estival.

##### ***Monterroso:***

Este concello repártese entre os dominios climáticos oceánico de montaña e oceánico continental. Localizado entre os contrafortes da Dorsal Meridiana e o val do alto Ulla, vese condicionado por unha moderada continentalidade, que modula os seus rexistros térmicos e pluviométricos. Tamén acusa a seca estival.

##### ***Palas de Rei:***

Este concello, repártese entre os dominios climáticos oceánico de montaña e oceánico continental. Localizado entre os contrafortes da Dorsal meridiana e a penachira da meseta de Lugo, está ao abrigo da influencia dos ventos mariños e condicionado por unha moderada continentalidade, factor que modula os seus rexistros pluviométricos. Amosa unha acusada seca estival.

##### ***Paradela:***

Este concello tamén se reparte entre os dominios climáticos oceánico de montaña e oceánico continental, ao abrigo da influencia moderadora das masas de aire mariño, o que

repercute nun réxime térmico asentado en temperaturas contrastadas. Tamén acusa a seca estival.

***O Páramo:***

Este concello, ao igual que o anterior, tamén se reparte entre os dominios climáticos oceánico de montaña e oceánico continental, ao abrigo da influencia moderadora das masas de aire mariño, o que repercute nun réxime térmico asentado en temperaturas contrastadas. Tamén acusa a seca estival.

***Portomarín:***

Este concello climaticamente entra no dominio oceánico continental, e tamén acusa a seca estival. O microclima imposto polo val do Miño posibilita o incremento dos valores térmicos, descendendo pola contra as precipitacións.

***Sarria:***

Este concello está situado na transición entre os dominios climáticos oceánico continental e oceánico de montaña.

***Taboada:***

Este concello reparte o seu territorio entre os dominios climáticos oceánico de montaña, oceánico continental e de transición. Nesta ampla variedade inflúe a transición entre a Dorsal Meridiana e o val do Miño, con consecuencias na súa pluralidade de trazos termoplumiométricos. O mesmo que o resto dos territorios do GDR05, tamén amosa unha acusada seca estival.

### **1.1.3. Paisaxe e espazos naturais**

A gran diversidade paisaxística do territorio do GDR05 ven dada pola súa alternancia entre montes, mesetas e profundos vales, e pola importante presenza de auga.

A paisaxe do territorio tamén está condicionada polo home, xa que unha parte importante do solo do GDR05 ten un grande potencial agrícola, aproveitado fundamentalmente para o uso gandeiro, sendo os cultivos predominantes os pastos, as forraxes de inverno e o millo para a alimentación do gando. Estas zonas de cultivo, alternan con extensas zonas forestais de frondosas (carballos e castiñeiros fundamentalmente) e de plantacións de piñeiros. O home tamén foi o que acometeu a construción de parques eólicos nestas terras, o que desde logo xera un novo referente perceptivo.

A paisaxe do val do Miño ao seu paso polo territorio do GDR05 é dunha beleza que impresiona, condicionada pola interacción dos elementos físicos e do home. O río viuse obrigado a encaixarse para buscar a estabilidade do perfil, dando lugar a grandes pendentes e desniveis. E o home foi quen de construír socalcos, para aproveitar as boas características da terra e a benignidade do clima, para o cultivo da vide. Os socalcos modificaron moitas vertentes, de xeito que onde predominaba a inestabilidade pasouse á estabilidade grazas a esta acción do home sobre o medio, que deu lugar ao que agora se coñece como viticultura heroica.

O territorio do GDR05 ten unha superficie de 1.375,8 km<sup>2</sup>, e nel teñen cabida unha grande diversidade de medios naturais grazas a súa situación, orografía, hidrografía, clima e

microclimas, e por suposto á presenza humana. Dentro do mesmo existen varios espazos pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, que recolle aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais. Vexamos pois deseguido cales son eses espazos naturais existentes no territorio do GDR05.

Considéranse como **zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN)** aqueles espazos dos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica. Nestas áreas poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos. Para o resto das actuacións, incluíndo a realización de edificacións, será precisa a autorización da Consellería de Medio Ambiente. Decláranse como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais os espazos naturais da Rede Natura 2000.

Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, co obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Componse de zonas especiais de conservación (ZEC) e de zonas especiais de protección para as aves (ZEPA).

O territorio do GDR05 conta con tres zonas especiais de conservación (ZEC): Monte Faro, Pena Veidosa e Serra do Careón.

#### **Monte Faro:**

<b>Código ZEC</b>	ES1120008
<b>Rexión</b>	Atlántica
<b>Data declaración LIC</b>	29/12/2004. Decisión da Comisión do 07/12/2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica
<b>Data declaración ZEC</b>	31/03/2014. Decreto 37/2014 do 27/03/2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os LIC de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000
<b>Instrumentos de planificación</b>	Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia
<b>Concellos</b>	Carballedo, Chantada e Rodeiro
<b>Superficie</b>	2.988 hectáreas
<b>Situación</b>	Na zona centro-meridional galega, preto do nacemento do río Arnego e non lonxe do río Miño (ao leste deste espazo). Comarcas de Chantada e Deza, provincias de Lugo e Pontevedra. Localidades de referencia: Santa Eulalia de Camba, Senra, Asperelo e Couso (Rodeiro); Requeixo e Esmeriz (Chantada); Furco (Carballedo)
<b>Outras figuras de protección</b>	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Monte Faro”



*Pena Veidosa:*

<b>Código ZEC</b>	ES1130004
<b>Rexión</b>	Atlántica
<b>Data declaración LIC</b>	29/12/2004. Decisión da Comisión do 07/12/2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica
<b>Data declaración ZEC</b>	31/03/2014. Decreto 37/2014 do 27/03/2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os LIC de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000
<b>Instrumentos de planificación</b>	Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia
<b>Concellos</b>	Carballedo e San Cristovo de Cea
<b>Superficie</b>	2.321 hectáreas
<b>Situación</b>	Na zona centro-meridional galega, preto do nacemento do río Arenteiro e non lonxe do río Miño (ao leste e sur deste espazo). Comarcas de Chantada e O Carballiño, provincias de Lugo e Ourense. Localidades de referencia: Castro, Aguada e Bucifios (Carballedo); Confurco e Vales (San Cristovo de Cea)
<b>Outras figuras de protección</b>	Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Pena Veidosa”



### *Serra do Careón:*

<b>Código ZEC</b>	<i>ES1110014</i>
<b>Rexión</b>	<i>Atlántica</i>
<b>Data declaración LIC</b>	<i>29/12/2004. Decisión da Comisión do 07/12/2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria (LIC) da rexión bioxeográfica atlántica</i>
<b>Data declaración ZEC</b>	<i>31/03/2014. Decreto 37/2014 do 27/03/2014, polo que se declaran zonas especiais de conservación (ZEC) os LIC de Galicia e se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000</i>
<b>Instrumentos de planificación</b>	<i>Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia</i>
<b>Concellos</b>	<i>Toques, Melide, Santiso, Friol, Palas de Rei</i>
<b>Superficie</b>	<i>6.662 hectáreas</i>
<b>Situación</b>	<i>Esquina sudoriental da provincia da Coruña. Pertence na súa maior parte á comarca de Terra de Melide, con pequenas áreas marxinais das da Ulloa e Lugo. Localidades de referencia: Souto, Melide e Agro do Chao</i>
<b>Outras figuras de protección</b>	<i>Zona de Especial Protección dos Valores Naturais “Serra do Careón”</i>






As áreas protexidas por instrumentos internacionais son aqueles espazos naturais que sexan formalmente designados de conformidade co disposto nos Convenios e Acordos internacionais correspondentes, en Galicia destacamos tres tipos de áreas: os Humedais de Importancia Internacional, do convenio relativo aos Humedais de Importancia Internacional (Convenio Ramsar); as Reservas da Biosfera, declaradas pola UNESCO; e as Áreas Protexidas do Convenio para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do nordés (OSPAR).

As **Reservas da Biosfera** constitúen lugares excepcionais para a investigación, a observación a longo prazo, a formación, a educación e a sensibilización do público, permitindo ao mesmo tempo que as comunidades locais participen plenamente na conservación e o uso sostible dos recursos. Considérase que tamén constitúen lugares de demostración e polos de acción no marco das políticas de desenvolvemento rexional e de ordenamento do territorio. As reservas da Biosfera constitúen un elemento esencial do Programa MaB (Home e Biosfera) da UNESCO. Son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nos que se promove a investigación, a observación a longo prazo, a educación ambiental e a sensibilización do público. Nelas, promóvese a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico e social das comunidades locais, tendo en conta todas as necesidades sociais, culturais, económicas dos seus poboadores, apoiadas nunha base científica.

Un dos concellos do territorio do GDR05, concretamente O Páramo, está incluído na súa totalidade na Reserva da Biosfera Terra do Miño.

*Terras do Miño:*

<b>Data de declaración</b>	7 de novembro de 2002
<b>Concellos</b>	Ata 26 concellos, incluído o de Lugo: A Pastoriza, Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castrovverde, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, O Corgo, O Páramo, O Valadouro, Ourel, Outeiro de Rei, Pol, Rábade, Riotorto, Vilalba e Xermade
<b>Superficie</b>	363.669 hectáreas
<b>Situación</b>	Na provincia de Lugo
<b>Outras figuras de protección</b>	Zona especial de Conservación (ZEC): "Parga-Ladra-Támoga", ZEC ES1120003 (5.013 ha.), "Serra do Xistral", ZEC ES1120015 (22.964 ha.), "Ría de Foz-Masma", ZEC ES1120011 (643 ha.), "Serra do Careón", ZEC ES1110014 (6.568 ha.)  Zona Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN): "Parga-Ladra-Támoga" (4.938 ha.), "Serra do Xistral" (22.964 ha.), "Ría de Foz-Masma" (575 ha.) e "Serra do Careón" (6.662 ha.)
<b>Entidade xestora</b>	INLUDES - Deputación Provincial de Lugo



Outros espazos protexidos: son espazos naturais protexidos que conteñen elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debido á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, que por proposta dos concellos, as institucións e os propietarios particulares poden propoñer á Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible a súa declaración. Hainos de dous tipos:

- **Espazos naturais de interese local (ENIL):** espazos integrados nun termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. No GDR05 temos un destes espazos, Loio - Ruxidoira



- Espazos privados de interese natural (EPIN): terreos pertencentes a institucións ou propietarios particulares, nos que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestre dos que se considere de interese a súa protección.

Estes espazos non se incluírán na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos.

#### *Loio - Ruxidoira:*

<b>Data declaración</b>	<i>22 de febreiro de 2013, Orde do 13 de febreiro de 2013</i>
<b>Instrumentos de planificación</b>	<i>Plan de conservación, Decreto 40/2013 do 21 de febreiro de 2013</i>
<b>Concellos</b>	<i>Paradela</i>
<b>Superficie</b>	<i>437 hectáreas</i>
<b>Situación</b>	<i>Sito no norte do concello de Paradela (Lugo), na desembocadura do río Loio no encoro de Belesar do río Miño</i>
<b>Outras figuras de protección</b>	<i>Non existen outras figuras de protección</i>

Vexamos agora unha táboa da superficie terrestre de espazos protexidos segundo categoría no territorio do GDR05 (Ano 2012), distinguindo entre Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP), Rede Natura 2000 (RN2000) e Outras figuras de Rango Internacional (OFRI):

Ámbito territorial	Superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación (ha.)			Porcentaxe de superficie terrestre protexida de cada categoría de clasificación		
	RGEP	RN2000	OFRI	RGEP	RN2000	OFRI
<b>Antas de Ulla</b>	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
<b>Carballedo</b>	323,44	323,44	0,00	2,34%	2,34%	0,00%
<b>Chantada</b>	1.890,31	1.890,31	0,00	10,70%	10,70%	0,00%
<b>Monterroso</b>	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
<b>Palas de Rei</b>	937,45	937,45	0,00	4,70%	4,70%	0,00%
<b>Paradela</b>	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
<b>Páramo (O)</b>	0,00	0,00	7.477,17	0,00%	0,00%	100,00%
<b>Portomarín</b>	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
<b>Sarria</b>	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
<b>Taboada</b>	0,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%	0,00%
<b>GDR05</b>	<b>3.151,20</b>	<b>3.151,20</b>	<b>7.477,17</b>	<b>2,29%</b>	<b>2,29%</b>	<b>5,44%</b>
<b>Lugo (provin.)</b>	153.272,39	153.235,41	525.230,23	15,55%	15,55%	53,29%
<b>Galicia</b>	358.895,00	354.411,40	614.432,20	12,14%	11,98%	20,78%

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

## 1.2. Análise sociodemográfica

Tal e como xa se expuxo na Parte II deste documento, a 1 de xaneiro de 2014 nos dez concellos do territorio do GDR05 estaban censadas 42.166 persoas, o que como xa se dixo, supón unha densidade media de 30,65 habitantes por km<sup>2</sup>, cifra que está por debaixo da densidade media provincial (34,77 hab./km<sup>2</sup>). Pero si a comparativa a facemos coa densidade media de Galicia (92,94 hab./km<sup>2</sup>), os datos de despoboamento son aínda máis preocupantes, posto que temos que dicir que a densidade media galega supera por máis do triplo á do territorio do GDR05.

Ámbito territorial	Poboación (01/01/2014)	Superficie (km <sup>2</sup> )	Densidade
Antas de Ulla	2.152	103,6	20,77
Carballedo	2.401	138,9	17,29
Chantada	8.553	176,7	48,40
Monterroso	3.779	114,6	32,98
Palas de Rei	3.601	199,7	18,03
Paradela	1.967	121,1	16,24
Páramo (O)	1.484	74,8	19,84
Portomarín	1.624	115,1	14,11
Sarria	13.504	184,6	73,15
Taboada	3.101	146,7	21,14
<b>GDR05</b>	<b>42.166</b>	<b>1.375,8</b>	<b>30,65</b>
Lugo (provincia)	342.748	9.856,6	34,77
Galicia	2.748.695	29.574,8	92,94

Fonte: IGE e INE

Ademais desta baixa densidade de poboación, outro rasgo característico do territorio do GDR05 é a dispersión poboacional, xa que como xa se expuxo tamén na Parte II do documento, a poboación atópase distribuída en 1.779 entidades singulares de poboación.

A estas dúas características poboacionais do territorio do GDR05, temos que unirle a perda constante de poboación ao longo do tempo, tal e como imos ver no apartado seguinte.

### 1.2.1. Evolución da poboación no último decenio


Ao longo do último decenio, do período que vai do 2004 ao 2014, a perda de poboación foi constante no conxunto do territorio do GDR05. Así mesmo, nove dos dez concellos que o configuran seguen esta dinámica, e só un, concretamente Sarria, aumenta lixeiramente a súa poboación no citado decenio.

**Variación da poboación no último decenio (Cifras oficiais de poboación a 1 de xaneiro - IGE)**

Ámbito territorial	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	Variación	%Variación
<b>Antas de Ulla</b>	2.640	2.602	2.573	2.549	2.499	2.407	2.346	2.275	2.219	2.171	2.152	- 488	- 18,48 %
<b>Carballedo</b>	3.055	3.010	2.929	2.886	2.799	2.752	2.664	2.593	2.532	2.465	2.401	- 654	- 21,41%
<b>Chantada</b>	9.463	9.366	9.249	9.150	9.086	9.014	8.951	8.897	8.783	8.649	8.553	- 910	- 9,62%
<b>Monterroso</b>	4.237	4.209	4.140	4.121	4.088	4.241	4.167	4.032	3.969	3.888	3.779	- 458	- 10,81%
<b>Palas de Rei</b>	3.909	3.824	3.759	3.667	3.682	3.678	3.643	3.743	3.656	3.613	3.601	- 308	- 7,88%
<b>Paradela</b>	2.408	2.367	2.307	2.240	2.193	2.143	2.091	2.068	2.038	2.004	1.967	- 441	- 18,31%
<b>Páramo (O)</b>	1.887	1.858	1.823	1.770	1.733	1.686	1.632	1.603	1.555	1.520	1.484	- 403	- 21,36%
<b>Portomarín</b>	1.991	1.918	1.910	1.898	1.838	1.796	1.763	1.737	1.690	1.654	1.624	- 367	- 18,43%
<b>Sarria</b>	13.132	13.155	13.352	13.422	13.476	13.508	13.611	13.590	13.524	13.488	13.504	372	2,83%
<b>Taboada</b>	3.872	3.768	3.614	3.537	3.478	3.464	3.404	3.345	3.221	3.173	3.101	- 771	- 19,91%
<b>GDR05</b>	<b>46.594</b>	<b>46.077</b>	<b>45.656</b>	<b>45.240</b>	<b>44.872</b>	<b>44.689</b>	<b>44.272</b>	<b>43.883</b>	<b>43.187</b>	<b>42.625</b>	<b>42.166</b>	<b>- 4.428</b>	<b>- 9,50%</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	358.452	357.625	356.595	355.176	355.549	355.195	353.504	351.530	348.902	346.005	342.748	- 15.704	- 4,38%
<b>Galicia</b>	2.750.985	2.762.198	2.767.524	2.772.533	2.784.169	2.796.089	2.797.653	2.795.422	2.781.498	2.765.940	2.748.695	- 2.290	- 0,08%

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


### EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO GDR05 DO 2004 AO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como se pode comprobar analizando os datos do cadro da páxina anterior, a perda de poboación no territorio do GDR05 no último decenio é moi significativa. En seis dos dez concellos, Antas de Ulla, Carballedo, Paradela, Páramo (O), Portomarín e Taboada, esta perda no decenio está por riba do 18,40%; en Chantada, Monterroso e Palas de Rei, a perda de poboación é moito menos importante, pero non por iso deixa de ser preocupante; e por último o único concello do GDR05 cunha dinámica diferente, e no que por tanto prodúcese un aumento da poboación no último decenio é Sarria. En conxunto, o GDR05 perde poboación no período que vai do 2004 ao 2014, esta perda é do 9,50%. Se a comparamos ca perda de poboación experimentada no conxunto da provincia de Lugo (4,38%), vemos que o GDR05 máis que a duplica, e se a comparativa se fai con Galicia a situación reflexa claramente a diferenza de dinámicas, porque a perda de poboación en Galicia nese período é practicamente inexistente (0,08%), xa que do 2004 ao 2010 en Galicia a poboación aumenta, e é a partires dese ano cando comeza a diminución, pero a un ritmo moito menor.


### PORCENTAXE DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN DO 2004 AO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Se agora á análise da evolución da poboación a facemos ano a ano, tal e como se recolle no gráfico seguinte, vemos que a evolución do GDR05 é diferente á provincial e aínda máis á de Galicia. Xa no primeiro ano, do 2004 ao 2005, a caída de poboación no territorio supera o 1%, mentres que en Lugo só cae un 0,23% e en Galicia aumenta un 0,41%. Ao longo de todo o período analizado, a poboación do GDR diminúe, cun comportamento bastante semellante ao provincial aínda que a perda de poboación é moito máis suave en Lugo, e incluso do 2007 ao 2008 a provincia experimenta un pequeno incremento, mentres que no GDR05 a diminución é constante. Do 2011 ao 2012, o GDR05 evoluciona moito máis negativamente, xa que a porcentaxe de perda de poboación nese período máis que duplica ao provincial. O comportamento de Galicia é contrario ao do GDR05, xa que ano a ano ata o 2010, a poboación vai en aumento, para a partir de aí comezar a diminuír pero dun xeito moito máis moderado. No último ano estudado, se produce unha perda de poboación nos tres ámbitos territoriais que xa empeza a ser bastante máis semellante.

**PORCENTAXES DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN ANO A ANO DO 2004 AO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Facendo a comparativa da variación da poboación ano a ano por concellos do GDR05, en dúas gráficas para mellorar a súa visibilidade, temos que dicir o seguinte:

- Antas de Ulla, ten unha perda constante de poboación, os primeiros anos ata o 2007 ten un comportamento moi semellante ao do conxunto do territorio do GDR05, pero a partires de aí a perda de poboación comeza a aumentar, estando moi por riba do 2008 ao 2013 e no 2014 pasa a estar un pouco por debaixo da do GDR05.

- Carballedo, ten unha perda constante de poboación, sempre moi por riba da do territorio do GDR05. Xunto con O Páramo e Taboada é dos concellos con peor comportamento.

- Chantada, ten unha perda constante de poboación, cun comportamento moi semellante ao do conxunto do territorio do GDR05, a perda de poboación que experimenta está por debaixo da media do GDR05 en varios exercicios 2008, 2010, 2011 e 2012.

- Monterroso, perde poboación en todo o período menos do 2008 ao 2009 que experimenta un significativo aumento, o seu comportamento con respecto ao conxunto do territorio do GDR05 e moi cambiante, estando anos mellor e anos peor.

- Palas de Rei, perde poboación en todo o período menos do 2007 ao 2008 que ten un lixeiro aumento e do 2010 ao 2011 que experimenta un aumento significativo. Nos primeiros anos experimenta un descenso de poboación moi por riba do GDR05.

- Paradela, ten unha perda constante de poboación, sempre moi por riba da do conxunto do territorio do GDR05.


- O Páramo, ten unha perda constante de poboación, sempre moi por riba da do territorio do GDR05. Xunto con Carballedo e Taboada é dos concellos con peor comportamento.

- Portomarín, ten unha perda constante de poboación, sempre moi por riba da do conxunto do territorio do GDR05, agás no 2006 e no 2007 que está lixeiramente por debaixo.

- Sarria, ten un comportamento moi parecido ao de Galicia, xa que do 2004 ao 2010 experimenta un aumento constante de poboación, para a partires de aí comezar a ter perdas pero sempre moi por debaixo do conxunto do territorio do GDR05, e incluso do 2013 ao 2014 volve a ter un aumento de poboación.


- Taboada, ten unha perda constante de poboación, sempre moi por riba da do territorio do GDR05. Xunto con Carballedo e O Páramo é dos concellos con peor comportamento.

**PORCENTAXES DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN ANO A ANO DO 2004 AO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

## PORCENTAXES DE VARIACIÓN DA POBOACIÓN ANO A ANO DO 2004 AO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

### 1.2.2. Dinámica demográfica

Como acabamos de sinalar no punto anterior, a evolución demográfica do GDR05 no último decenio (2004 ao 2014), segue unha tendencia decrecente. A causa fundamental deste comportamento é o crecemento natural ou vexetativo negativo, que é o denominador común en todos os concellos que o forman, acompañado dun balance migratorio bastante negativo.

O crecemento vexetativo, ou saldo neto entre a natalidade e a mortalidade, é negativo ao longo de todo o período analizado. Este saldo entre os nacementos e as defuncións nunha determinada poboación é o indicador adecuado para medir a súa capacidade de autorrenovación. Sobre o citado indicador inciden unha serie de factores explicativos de tipo diverso (idade da poboación, nivel de vida da zona, hábitos de comportamento, etc.) que ben actúan conxuntamente, ben o fan cun claro predominio duns sobre outros. Para a poboación do GDR05 a capacidade de autorrenovación está moi lonxe de darse.

Este crecemento natural negativo é o resultado dunhas baixas taxas de natalidade, que ademais están en descenso, e unhas elevada taxas de mortalidade, que seguen unha evolución cara ao aumento, co cal a regresión vai continuar por razóns case exclusivamente relacionadas coa estrutura demográfica: a estrutura por idades da poboación, cada vez mais avellentada, e por conseguinte cun menor efectivo de habitantes en idade de ter fillos.

Por outra parte, os hábitos de comportamento xerais na sociedade actual no referente ó número de fillos e a idade de telos, tamén actúan como factor explicativo deste declive demográfico. As taxas de fecundidade xeral son moi significativas a este respecto e

complementan a información obtida a partir das taxas de natalidade. Unha taxa de fecundidade xeral do 70,3 por mil equivale a 2,1 fillos por muller que é o mínimo necesario para repoñer xeracións. No caso do territorio do GDR05, os valores da taxa de fecundidade están moi por debaixo desa cifra, tal é así que para algúns dos concellos que o forman, o IGE non difunde os valores desta taxa polo baixo que é o número de sucesos rexistrados. En definitiva, o problema da poboación do GDR05 en canto a súa renovación non é só froito dunha baixa natalidade (moi relacionada coa estrutura por idades), senón que tamén está influenciado negativamente polo comportamento restritivo por parte das parellas no número de fillos.

No cadro seguinte vemos a taxa xeral de fecundidade (número de nacementos por cada mil mulleres en idade fértil -de 15 a 49 anos-) no GDR05, Lugo provincia e Galicia:

Taxa xeral de fecundidade no último decenio											
Ámbito territorial	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Antas de Ulla	22,2	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Carballedo	14,8	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Chantada	30,9	25,9	18,9	34,0	28,6	27,5	29,1	25,4	27,5	23,6	33,6
Monterroso	25,9	20,2	20,3	23,9	22,7	19,2	29,9	19,2	18,0	23,6	20,7
Palas de Rei	18,5	33,5	28,1	16,3	29,6	38,5	26,6	22,2	23,7	22,2	35,9
Paradela	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Páramo (O)	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Portomarín	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---	---
Sarria	28,0	22,7	29,9	32,2	28,3	27,7	29,3	28,6	25,7	27,9	33,4
Taboada	19,7	18,8	15,8	14,2	14,2	---	---	---	---	---	---
Lugo (provincia)	25,4	26,3	26,1	28,0	28,6	29,6	29,5	29,7	31,1	29,5	31,1
Galicia	30,9	31,7	32,3	33,0	35,3	34,6	34,3	34,0	33,8	32,2	32,7

Fonte: IGE

Tal e como se comentou, pódese comprobar no cadro que o IGE xa non calcula a taxa xeral de fecundidade para seis do dez concellos que configuran o GDR05, xa que o número de nacementos é moi baixo. Para os outros catro concellos, temos que comentar que en tres deles (Chantada, Palas de Rei e Sarria) as taxas de fecundidade son moi parellas á de Lugo e á de Galicia, incluso podemos dicir que son lixeiramente superiores, no caso de Monterroso a taxa xa é moi inferior á da provincia e á da comunidade autónoma.

No cadro da páxina seguinte imos ver os nacementos, as defuncións e o saldo vexetativo do último decenio (período que vai do 2004 ao 2014) para cada un dos concellos que compoñen o GDR05, para o propio GDR e para a provincia de Lugo e Galicia.



## Nacementos (N), Defuncións (D) e Saldo Vexetativo (SV) no último decenio

Ámbito territorial	2004			2005			2006			2007			2008			2009			2010			2011			2012			2013			2014		
	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV	N	D	SV
Antas de Ulla	10	39	-29	8	40	-32	12	36	-24	8	57	-49	3	44	-41	8	44	-36	9	46	-37	11	40	-29	4	31	-27	3	45	-42	9	38	-29
Carballedo	8	55	-47	8	49	-41	9	42	-33	8	65	-57	11	52	-41	4	56	-52	6	51	-45	8	43	-35	5	47	-42	6	33	-27	6	37	-31
Chantada	58	154	-96	48	188	-140	35	162	-127	63	159	-96	53	139	-86	51	154	-103	54	157	-103	47	151	-104	51	151	-100	41	149	-108	54	140	-86
Monterroso	22	62	-40	17	72	-55	17	62	-45	20	64	-44	19	49	-30	16	63	-47	25	59	-34	16	48	-32	15	50	-35	19	56	-37	16	61	-45
Palas de Rei	13	65	-52	23	69	-46	19	68	-49	11	72	-61	20	88	-68	26	76	-50	18	63	-45	15	55	-40	16	70	-54	14	83	-69	21	73	-52
Paradela	10	35	-25	9	48	-39	5	39	-34	7	44	-37	5	36	-31	9	38	-29	8	27	-19	9	27	-18	7	23	-16	11	24	-13	9	30	-21
Páramo (O)	4	37	-33	16	32	-16	5	30	-25	5	19	-14	5	26	-21	1	33	-32	6	34	-28	6	31	-25	7	23	-16	4	23	-19	9	23	-14
Portomarín	6	34	-28	6	27	-21	6	23	-17	5	28	-23	2	28	-26	8	31	-23	2	25	-23	4	20	-16	7	24	-17	5	22	-17	1	18	-17
Sarria	84	157	-73	69	180	-111	92	179	-87	99	161	-62	87	175	-88	85	167	-82	90	158	-68	88	168	-80	79	171	-92	83	160	-77	95	170	-75
Taboada	13	68	-55	12	61	-49	10	69	-59	9	47	-38	9	58	-49	9	75	-66	10	67	-57	6	62	-56	12	78	-66	8	63	-55	12	66	-54
<b>GDR05</b>	<b>228</b>	<b>706</b>	<b>-478</b>	<b>216</b>	<b>766</b>	<b>-550</b>	<b>210</b>	<b>710</b>	<b>-500</b>	<b>235</b>	<b>716</b>	<b>-481</b>	<b>214</b>	<b>695</b>	<b>-481</b>	<b>217</b>	<b>737</b>	<b>-520</b>	<b>228</b>	<b>687</b>	<b>-459</b>	<b>210</b>	<b>645</b>	<b>-435</b>	<b>203</b>	<b>668</b>	<b>-465</b>	<b>194</b>	<b>658</b>	<b>-464</b>	<b>232</b>	<b>656</b>	<b>-424</b>
Lugo (provin.)	2.003	4.763	-2.760	2.066	4.832	-2.766	2.043	4.873	-2.830	2.179	4.898	-2.719	2.208	4.867	-2.659	2.252	4.975	-2.723	2.211	4.785	-2.574	2.186	4.819	-2.633	2.243	5.058	-2.815	2.083	4.941	-2.858	2.150	4.884	-2.734
Galicia	20.621	28.540	-7.919	21.097	29.383	-8.286	21.392	29.389	-7.997	21.752	30.159	-8.407	23.175	29.629	-6.454	22.537	30.180	-7.643	22.047	29.749	-7.702	21.594	29.879	-8.285	21.089	30.871	-9.782	19.727	30.433	-10.706	19.630	29.929	-10.299

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como xa dixemos, o saldo vexetativo (nacementos menos defuncións) de todos os concellos do GDR05 é negativo, polo tanto o do propio GDR tamén, pero esta situación é a mesma que se da na provincia de Lugo e en Galicia.


Pasamos agora a analizar a taxa bruta de natalidade (número de nacementos por cada 1.000 habitantes) e a taxa bruta de mortalidade (número de defuncións por cada 1.000 habitantes), pero xa imos só a velas para o GDR05 no seu conxunto, para Lugo provincia e para Galicia:

Ámbito territorial	Anos	Taxa bruta natalidade	Taxa bruta mortalidade
<b>GDR05</b>	2004	4,9	15,2
	2005	4,7	16,7
	2006	4,6	15,6
	2007	5,2	15,9
	2008	4,8	15,5
	2009	4,9	16,6
	2010	5,1	15,6
	2011	4,8	14,8
	2012	4,7	15,6
	2013	4,6	15,5
	2014	5,5	15,6
<b>LUGO (provincia)</b>	2004	5,7	13,5
	2005	5,9	13,7
	2006	5,8	13,8
	2007	6,2	13,9
	2008	6,3	13,8
	2009	6,4	14,1
	2010	6,3	13,7
	2011	6,3	13,8
	2012	6,5	14,6
	2013	6,1	14,4
	2014	6,3	14,3
<b>GALICIA</b>	2004	7,6	10,5
	2005	7,7	10,8
	2006	7,8	10,7
	2007	7,9	11,0
	2008	8,4	10,7
	2009	8,1	10,9
	2010	8,0	10,7
	2011	7,8	10,8
	2012	7,6	11,2
	2013	7,2	11,0
	2014	7,2	10,9

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Se agora procedemos a representar graficamente as taxas do cadro, chegamos á conclusión de que a situación do GDR05 no referente á poboación é máis preocupante, posto que aínda que nos tres ámbitos territoriais analizados o crecemento natural é negativo, o GDR05 ten unhas taxas brutas de natalidade inferiores a Lugo e Galicia, e pola contra as súas taxas brutas de mortalidade son superiores ás outras dúas, é dicir, a brecha entre natalidade e mortalidade é máis grande no noso territorio que na provincia e que en Galicia.

### TAXA BRUTA DE NATALIDADE NO ÚLTIMO DECENIO



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


### TAXA BRUTA DE MORTALIDADE NO ÚLTIMO DECENIO



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

No gráfico seguinte expresase visualmente que a situación do GDR05 é a peor dos tres ámbitos tal e como se comentou:

**COMPARATIVA TAXAS NATALIDADE E MORTALIDADE NO ÚLTIMO DECENIO**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

A situación anterior do territorio do GDR05, cun crecemento vexetativo negativo, podería paliarse en parte cunha contribución demográfica externa, é dicir, cun saldo migratorio positivo que fose suficiente para compensar o saldo natural negativo. Neste aspecto, a situación do GDR05 non ofrece perspectivas optimistas.

Ámbito territorial	Anos	Saldo vexetativo	Saldo migratorio
GDR05	2004	- 478	- 107
	2005	-550	182
	2006	-500	178
	2007	-481	98
	2008	-481	259
	2009	-520	118
	2010	-459	123
	2011	-435	- 64
	2012	-465	- 30
	2013	-464	- 4
	2014	-424	- 32

Fonte: IGE

Os datos son elocuentes, aínda que na primeira metade do último decenio, do 2005 ao 2010, o saldo migratorio fose positivo, ao ser tan pouco importante non compensou o decrecemento natural. A situación agrávase ao final do decenio, do 2011 ao 2014, porque o saldo migratorio xa pasa a ser negativo, o que sumado ao decrecemento natural, agudiza a perda de poboación.

### 1.2.3. Estrutura demográfica

É coñecido por todos, que as mulleres adoitan ter unha maior esperanza de vida media ao nacemento que os homes. Do que se deriva que nunha poboación cunha elevada proporción de persoas maiores, haberá un predominio de mulleres ou, o que é o mesmo, o índice de masculinidade (número de homes por cada 100 mulleres) terá un valor inferior a 100.

Esta é a situación que se da no territorio do GDR05, cun índice de masculinidade do 96,38, similar aínda que superior ao da provincia de Lugo (94,28) e ao de Galicia (93,16). Se analizamos concello por concello do territorio, temos que dicir que en Portomarín hai máis homes que mulleres, xa que ten un índice de masculinidade por riba de 100 e en O Páramo hai igual número de homes que de mulleres, nos outros oito concellos as mulleres superan aos homes en número, destacando o caso de Taboada, co índice de masculinidade máis baixo de todo o GDR05, que tamén está por baixo do da provincia e do de Galicia

Ámbito territorial	Poboación (01/01/2014)	Homes(01/01/2014)	Mulleres(01/01/2014)	Índice de masculinidade
Antas de Ulla	2.152	1.056	1.096	93,35
Carballedo	2.401	1.192	1.209	98,59
Chantada	8.553	4.167	4.386	95,01
Monterroso	3.779	1.867	1.912	97,65
Palas de Rei	3.601	1.767	1.834	96,35
Paradela	1.967	974	993	98,09
Páramo (O)	1.484	742	742	100,00
Portomarín	1.624	823	801	102,75
Sarria	13.504	6.625	6.879	96,31
Taboada	3.101	1.481	1.620	91,42
<b>GDR05</b>	<b>42.166</b>	<b>20.694</b>	<b>21.472</b>	<b>96,38</b>
Lugo (provincia)	342.748	166.325	176.423	94,28
Galicia	2.748.695	1.325.657	1.423.038	93,16

Fonte: IGE

Vexamos agora a estrutura por idades da poboación do territorio do GDR05:

**Poboación por grupos de idade no 2004 e no 014 e porcentaxe que representa cada grupo**

Ámbito territorial	2004						2014					
	Poboación			% Poboación			Poboación			% Poboación		
	< de 16	de 16 a 64	> de 64	% < de 16	% 16 a 64	% > de 64	< de 16	de 16 a 64	> de 64	% < de 16	% 16 a 64	% > de 64
<b>Antas de Ulla</b>	239	1.383	1.018	9,05	52,39	38,56	147	1.129	876	6,83	52,46	40,71
<b>Carballedo</b>	215	1.699	1.141	7,04	55,61	37,35	131	1.308	962	5,46	54,48	40,06
<b>Chantada</b>	1.015	5.468	2.980	10,73	57,78	31,49	868	5.051	2.634	10,15	59,05	30,80
<b>Monterroso</b>	498	2.454	1.285	11,75	57,92	30,33	340	2.239	1.200	9,00	59,25	31,75
<b>Palas de Rei</b>	241	2.086	1.582	6,17	53,36	40,47	274	1.944	1.383	7,61	53,98	38,41
<b>Paradela</b>	183	1.437	788	7,60	59,68	32,72	112	1.124	731	5,69	57,14	37,17
<b>Páramo (O)</b>	175	1.094	618	9,27	57,98	32,75	115	827	542	7,75	55,73	36,52
<b>Portomarín</b>	185	1.141	665	9,29	57,31	33,40	95	909	620	5,85	55,97	38,18
<b>Sarria</b>	1.486	8.281	3.365	11,32	63,06	25,62	1.507	8.481	3.516	11,16	62,80	26,04
<b>Taboada</b>	296	2.146	1.430	7,65	55,42	36,93	195	1.649	1.257	6,29	53,18	40,53
<b>GDR05</b>	<b>4.533</b>	<b>27.189</b>	<b>14.872</b>	<b>9,73</b>	<b>58,35</b>	<b>31,92</b>	<b>3.784</b>	<b>24.661</b>	<b>13.721</b>	<b>8,97</b>	<b>58,49</b>	<b>32,54</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	37.660	221.321	99.471	10,51	61,74	27,75	35.779	209.791	97.178	10,44	61,21	28,35
<b>Galicia</b>	339.986	1.824.541	586.458	12,36	66,32	21,32	347.700	1.752.950	648.045	12,65	63,77	23,58


Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Como se pode ver no cadro da páxina anterior a situación demográfica do GDR05 empeorou no último decenio, logo faremos unha análise por concellos.

No ano 2014, a poboación demograficamente nova no territorio do GDR05 non chega ao 9%, xa que os menores de 16 anos representan só o 8,97%, porcentaxe que está por debaixo da provincial e da de Galicia. Ademais o descenso que esta porcentaxe sofre no último decenio é moito máis acentuado no caso do GDR05 (-0,76) que nos outros dous ámbitos territoriais analizados, xa que en Lugo só cae -0,07 puntos, e na comunidade autónoma aumenta no troco de descender (+0,29).

Tamén no 2014, os maiores de 64 anos representan no GDR05 o 32,54% do total da poboación, e destes últimos, o 61,65% ten máis de 74 anos. Ante esta información, non cabe a menor dúbida de que o envellecemento é unha característica do territorio do GDR05. A situación é grave, porque comparándoa co seu contorno xeográfico, a provincia de Lugo (claramente envellecida), a porcentaxe de maiores de 64 anos é superior no noso territorio en 4,19 puntos, e con respecto a Galicia a diferenza está na nosa contra en case 9 puntos. Se agora pasamos a analizar a variación da porcentaxe que esta poboación representa sobre o total no último decenio, temos que dicir que o comportamento do GDR05 foi similar ao de Lugo (aumento entorno ao 0,6 puntos), e nos dous casos mellor que o que ocorre na comunidade autónoma, posto que a porcentaxe aumenta neste caso en máis de 2 puntos.

**PORCENTAXES DA POBOACIÓN POR GRUPOS DE IDADE. ANOS 2004 E 2014**




*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

A pirámide de poboación do territorio do GDR05 para o ano 2014 (datos a 01/01/2014) que agora incluímos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento: estreitamento pola base, froito do descenso da natalidade e da fecundidade, un aumento na súa parte media que representa a poboación adulta, e un alargamento nos brazos superiores da mesma, sobre todo nas mulleres, debido ao aumento da esperanza de vida.

Grupos de idade	Poboación GDR05. Ano 2014	Homes	Mulleres
0-4 anos	1.076	533	543
5-9 anos	1.156	602	554
10-14 anos	1.281	682	599
15-19 anos	1.409	714	695
20-24 anos	1.724	905	819
25-29 anos	2.207	1.121	1.086
30-34 anos	2.493	1.265	1.228
35-39 anos	2.764	1.396	1.368
40-44 anos	2.740	1.425	1.315
45-49 anos	3.004	1.532	1.472
50-54 anos	3.184	1.677	1.507
55-59 anos	2.749	1.451	1.298
60-64 anos	2.658	1.365	1.293
65-69 anos	2.719	1.340	1.379
70-74 anos	2.543	1.174	1.369
75-79 anos	2.924	1.325	1.599
80-84 anos	2.733	1.147	1.586
85-89 anos	1.729	679	1.050
90-94 anos	823	296	527
95-99 anos	213	54	159
100 e máis anos	37	11	26
<b>Total</b>	<b>42.166</b>	<b>20.694</b>	<b>21.472</b>

Fonte: IGE

PIRÁMIDE DE POBOACIÓN GDR05 . ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE




***Antas de Ulla:***

Este concello é o máis envellecido do territorio do GDR05, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 40,71% da poboación total do mesmo (a porcentaxe máis alta de todos os concellos que o conforman), e destes o 63,70% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está 8,17 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 6,83% da súa poboación, cifra que tamén está por debaixo da media do GDR05 en máis de 2 puntos, e por suposto o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Antas de Ulla que agora incluímos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é moito maior, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade aínda máis acentuado (o IGE non difunde os valores deste concello polo baixo que é o número de sucesos rexistrados), a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e aínda moito máis acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 93,35 (por debaixo da media do territorio).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN ANTAS DE ULLA. ANO 2014**

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


**Carballedo:**

Este concello do territorio do GDR05 tamén está moi envellecido, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 40,06% da poboación total do mesmo (a terceira porcentaxe máis alta de todos os concellos que o conforman), e destes o 60,60% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está 7,52 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 5,46% da súa poboación (a porcentaxe máis baixa de todos os concellos), cifra que está por debaixo da media do GDR05 en máis de 3,5 puntos, e por suposto o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Carballedo que agora incluimos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é moito maior, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade aínda máis acentuado (o IGE non difunde os valores deste concello polo baixo que é o número de sucesos rexistrados), a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e menos acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 98,59 (superior á media do territorio).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN CARBALLEDO. ANO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


**Chantada:**

Este concello do territorio do GDR05 aínda que envellecido, estao menos que a media, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 30,80% da poboación total do mesmo (a segunda porcentaxe máis baixa de todos os concellos que o conforman), e destes o 60,86% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está 1,74 puntos por baixo da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais no último decenio ten un comportamento diferente ao do GDR05 e ao da maioría dos concellos, posto que a porcentaxe de maiores de 64 anos descende lixeiramente (-0,7 puntos).

No 2014, os menores de 16 anos supoñen un 10,15% da súa poboación (a segunda porcentaxe máis alta de todos os concellos), cifra que está por riba da media do GDR05 en pouco máis de 1 punto, e o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio é moi semellante ao que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Chantada que agora incluimos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten poucas diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento aínda que importante é lixeiramente menor, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade, a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento moi semellante á do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma tamén é semellante ao do GDR05 debido ater porcentaxes de persoas maiores moi parecidos, e igual de acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 95,01 (moi parecido á media do territorio, 96,38).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN CHANTADA. ANO 2014**




Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

**Monterroso:**

Este concello do territorio do GDR05 aínda que envellecido, estao lixeiramente menos que a media, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 31,75% da poboación total do mesmo (a terceira porcentaxe máis baixa de todos os concellos que o conforman), e destes o 62,00% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está menos de 1 punto por baixo da media do territorio do GDR05 no ano 2014, pero sen embargo o incremento da mesma no último decenio está por riba do que sofre o territorio.

No 2014, os menores de 16 anos supoñen un 9,00% da súa poboación (a terceira porcentaxe máis alta de todos os concellos), cifra practicamente semellante á da media do GDR05, pero o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio é bastante significativo, 2,75 puntos, e está bastante por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Monterroso que agora incluímos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten poucas diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento aínda que importante é lixeiramente menor, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade, a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento moi semellante á do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma tamén é semellante ao do GDR05 debido a ter porcentaxes de persoas maiores moi parecidos, e máis acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 97,65 (por riba da media do territorio).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN MONTERROSO. ANO 2014**

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


***Palas de Rei:***

Este concello está máis envellecido que a media do territorio do GDR05, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 38,41% da poboación total do mesmo, e destes o 65,80% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está case 6 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, pero no último decenio ten un comportamento diferente ao do GDR05 e ao da maioría dos concellos, posto que a porcentaxe de maiores de 64 anos descende lixeiramente por riba dos 2 puntos.

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 7,61% da súa poboación, cifra que tamén está por debaixo da media do GDR05 en máis de 1 punto, pero no último decenio tamén ten un comportamento diferente ao do GDR05 e ao de todos os concellos, posto que a porcentaxe de menores de 16 anos aumenta lixeiramente, case 1,5 puntos.

A pirámide de poboación do concello de Palas de Rei que agora incluímos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é maior, a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e igual de acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 96,35 (moi parecido á media do territorio, 96,38). Como dato curioso da pirámide, comentar o desequilibrio existente nos tres primeiros tramos de idade da base entre homes e mulleres, que se salda a favor dos homes.

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN PALAS DE REI. ANO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


**Paradela:**

Este concello do territorio do GDR05 tamén está moi envellecido, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 37,17% da poboación total do mesmo, e destes o 60,33% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está 4,63 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está moito por riba do que sofre o territorio (é un dos concellos no que se produce un maior aumento no decenio, 4,45 puntos).

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 5,69% da súa poboación (a segunda porcentaxe máis baixa de todos os concellos), cifra que está por debaixo da media do GDR05 en máis de 3 puntos, e por suposto o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio tamén está moito por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Paradela que agora incluimos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é moito maior, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade aínda máis acentuado (o IGE non difunde os valores deste concello polo baixo que é o número de sucesos rexistrados), a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio incluso sofre un estreitamento significativo para os dous sexos na poboación entre 35 e 49 anos, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e menos acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 98,09 (superior á media do territorio). Como dato curioso da pirámide, comentar o desequilibrio existente nos tres primeiros tramos de idade da base entre homes e mulleres, que se salda a favor destas últimas.

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN PARADELA. ANO 2014**




Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

**O Páramo:**

Este concello do territorio do GDR05 tamén está moi envellecido, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 36,52% da poboación total do mesmo, e destes o 63,47% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está case 4 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está moito por riba do que sofre o territorio.

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 7,75% da súa poboación, cifra que está por debaixo da media do GDR05 en máis de 1 punto, e por suposto o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de O Páramo que agora incluimos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é moito maior, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade aínda máis acentuado (o IGE non difunde os valores deste concello polo baixo que é o número de sucesos rexistrados), a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e bastante acentuado nas mulleres, aínda que o índice de masculinidade é do 100,00 (moi superior á media do territorio). A explicación a este índice, está en que aínda que na parte máis envellecida as mulleres son máis, en O Páramo existe un importante desequilibrio nos tramos de idade de 40 a 69 anos entre homes e mulleres, que se salda neste caso a favor dos homes.

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN O PÁRAMO. ANO 2014**

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE




**Portomarín:**

Este concello do territorio do GDR05 tamén está moi envellecido, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 38,18% da poboación total do mesmo, e destes o 60,16% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está 5,64 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está moito por riba do que sofre o territorio (é un dos concellos no que se produce un maior aumento no decenio, 4,78 puntos).

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 5,85% da súa poboación (a terceira porcentaxe máis baixa de todos os concellos), cifra que está por debaixo da media do GDR05 en máis de 3 puntos, e por suposto o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio tamén está moito por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Portomarín que agora incluimos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é moito maior, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade aínda máis acentuado (o IGE non difunde os valores deste concello polo baixo que é o número de sucesos rexistrados), a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio incluso sofre un estreitamento significativo para os dous sexos na poboación entre 30 e 45 anos, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e menos acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 102,75 (superior á media do territorio e á unidade).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN PORTOMARÍN. ANO 2014**

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE




**Sarria:**

Este concello do territorio do GDR05 aínda que envellecido, estao moito menos que a media e incluso menos que a provincia, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 26,04% da poboación total do mesmo (a primeira porcentaxe máis baixa de todos os concellos que o conforman), e destes o 59,36% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está 6,5 puntos por baixo da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está por baixo do que sofre o territorio.

No 2014, os menores de 16 anos supoñen un 11,16% da súa poboación (a primeira porcentaxe máis alta de todos os concellos), cifra que está moi por riba da media do GDR05 (máis de 2 puntos), e o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio é practicamente nulo, xa que as porcentaxes do 2004 e do 2014 son moi semellantes.

A pirámide de poboación do concello de Sarria que agora incluímos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten poucas diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento aínda que importante é lixeiramente menor, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade, a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento moi semellante á do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é menor ao do GDR05 debido a ter porcentaxes de persoas maiores menos importantes, e igual de acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 96,31 (moi parecido á media do territorio, 96,38).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN SARRIA. ANO 2014**

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


**Taboada:**

Este concello do territorio do GDR05 tamén está moi envellecido, xa que no 2014 a porcentaxe de maiores de 64 anos representa o 40,53% da poboación total do mesmo (a segunda porcentaxe máis alta de todos os concellos que o conforman), e destes o 64,84% ten máis de 74 anos. Esta porcentaxe de maiores de 64, está case 8 puntos por riba da media do territorio do GDR05 no ano 2014, e ademais o incremento da mesma no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

No 2014, os menores de 16 anos só supoñen un 6,29% da súa poboación, cifra que está por debaixo da media do GDR05 en máis de 2,60 puntos, e por suposto o descenso que esta porcentaxe experimenta no último decenio tamén está por riba do que sofre o territorio.

A pirámide de poboación do concello de Taboada que agora incluimos é un claro reflexo de todo o dito ata o momento, e ten diferenzas con respecto á do territorio do GDR05: na súa base o estreitamento é moito maior, froito dun descenso da natalidade e da fecundidade aínda máis acentuado (o IGE non difunde os valores deste concello polo baixo que é o número de sucesos rexistrados), a parte media que representa a poboación adulta ten un aumento menor que a do territorio, e o alargamento nos brazos superiores da mesma é moi superior ao do GDR05 debido ao maior envellecemento, e moito máis acentuado nas mulleres, xa que o índice de masculinidade é do 91,42 (moi inferior á media do territorio).

**PIRÁMIDE DE POBOACIÓN TABOADA. ANO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Na táboa seguinte, recollemos para o ano 2014 os seguintes indicadores:

- *Taxa de envellecemento*, a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación total expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 habitantes.

- *Índice de envellecemento*, a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos.

- *Índice de sobreenvellecemento*, a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos.


Ámbito territorial	Ano 2014		
	Taxa envellecemento	Índice envellecemento	Índice sobreenvellecemento
Antas de Ulla	40,71	566,3	22,7
Carballedo	40,06	597,2	23,9
Chantada	30,80	239,2	19,8
Monterroso	31,75	257,7	20,1
Palas de Rei	38,41	384,7	21,1
Paradela	37,17	450,8	21,2
Páramo (O)	36,52	371,8	21,2
Portomarín	38,18	436,0	23,2
Sarria	26,04	185,1	17,0
Taboada	40,53	521,3	23,3
<b>GDR05</b>	<b>32,54</b>	<b>278,8</b>	<b>20,4</b>
Lugo (provincia)	28,35	215,7	19,6
Galicia	23,58	149,3	16,0

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

A poboación do territorio do GDR05, tal e como xa se expuxo, atópase moi envellecida, posto que tanto a súa taxa de envellecemento como o seu índice de envellecemento están por riba do da provincia de Lugo, que xa está moi envellecida. E con respecto a Galicia o noso territorio case duplica o índice de envellecemento, o que da conta do baixo número de menores de 20 anos que existen no territorio, o que nos da un dato máis sobre as dificultades que se presentan para o GDR05 cara ao futuro.

De todos os xeitos, aínda que o feito sexa xeral, convén de novo facer algunha alusión en relación coas diferenzas espaciais internas. Xa que a situación do concello de Sarria é moito menos grave, xa que presenta un certo retardamento no proceso de envellecemento, coa taxa e o índice de envellecemento moi por debaixo do territorio do GDR05, e incluso por debaixo da media provincial. Outros concellos nos que a situación é un pouco menos grave, pero non por iso menos preocupante, son Chantada e Monterroso, con datos por debaixo da media do GDR05, aínda que xa por riba da provincial.

COMPARATIVA SEGUNDO ÁMBITOS TERRITORIAIS DA TAXA DE ENVELLECIMENTO E DO ÍNDICE DE SOBREENVELLECIMENTO. ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

O avellentamento, ao seguir unha tendencia ascendente, agrava a situación socioeconómica pola incidencia que ten noutros aspectos, vexamos pois agora os índices de dependencia, que cuantifican a situación entre os activos e os inactivos:

- *Índice de dependencia global*, relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (poboación menor de 15 anos e poboación maior de 64 anos) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

- *Índice de dependencia xuvenil*, relación entre a poboación nova (poboación menor de 15 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).


- *Índice de dependencia senil*, relación entre a poboación maior (poboación maior de 64 anos) e a poboación en idade potencialmente activa (poboación entre 15 e 64 anos).

Na táboa da páxina seguinte, onde se recollen os valores destes índices que acabamos de definir, podemos ver que o índice de dependencia global é moi elevado para o GDR05, xa que de cada 100 activos dependen case 71 inactivos (este índice está moi por riba do da provincia e do de Galicia), situación que fai ver un futuro comprometido. Ademais, se desagregamos este índice de dependencia global entre a xuvenil e a senil, podemos ver que a maioría destes inactivos son poboación vella, case 56, o que indica que nun futuro esta tendencia irá en aumento. A este respecto, tamén hai que tomar en consideración a vertente económica deste sector de poboación, xa que xeran unhas rendas (nunha economía como é a dalgúns dos concellos do GDR05) a partir das pensións de xubilación. Polo tanto, e dada esta realidade e a situación económica actual, habería que analizar quen depende de quen, é dicir, en que medida a poboación vella está sendo o soporte dunha economía subvencionada.

Ámbito territorial	Ano 2014		
	Índice de dependencia global	Índice de dependencia xuvenil	Índice de dependencia senil
Antas de Ulla	86,8	9,3	77,5
Carballedo	83,8	9,1	74,8
Chantada	66,6	15,4	51,3
Monterroso	65,2	13,3	52,0
Palas de Rei	85,3	13,3	72,0
Paradela	73,2	8,7	64,5
Páramo (O)	74,6	12,0	62,6
Portomarín	77,8	9,9	68,0
Sarria	57,1	16,2	40,9
Taboada	84,3	9,5	74,8
<b>GDR05</b>	<b>70,9</b>	<b>15,3</b>	<b>55,6</b>
Lugo (provincia)	61,6	15,8	45,8
Galicia	55,1	18,5	36,5

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

COMPARATIVA SEGUNDO ÁMBITOS TERRITORIAIS DO ÍNDICE DE DEPENDENCIA GLOBAL E DO ÍNDICE DE DEPENDENCIA SENIL. ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Outros índices que nos poden mostrar as dificultades que o territorio do GDR05 terá que encarar no seu futuro pola estrutura da súa poboación son os seguintes:

- *Índice da estrutura da poboación en idade activa*, relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos.

- *Índice de recambio da poboación en idade activa*, relación entre a poboación entre 60 e 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos, que nos mide a capacidade dunha poboación para substituír aos individuos que se van xubilando.

Ámbito territorial	Ano 2014	
	Índice da estrutura da poboación en idade activa	Índice de recambio da poboación en idade activa
Antas de Ulla	133,5	229,1
Carballedo	165,5	394,2
Chantada	136,1	162,0
Monterroso	124,7	148,9
Palas de Rei	143,9	195,4
Paradela	144,2	235,2
Páramo (O)	160,6	228,3
Portomarín	144,1	207,7
Sarria	124,6	163,5
Taboada	148,6	262,2
GDR05	135,3	188,6
Lugo (provincia)	131,1	181,0
Galicia	124,4	160,7

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Podemos ver que os dous índices, ao igual que levamos observado en todo este capítulo, teñen un comportamento peor no GDR05 que na provincia de Lugo e en Galicia, e os seus valores non fan máis que confirmar o dito ata aquí.

No GDR05, os adultos maduros superan aos adultos xoves, esta situación evidencia tanto o continuo avellentamento da poboación do territorio, como a deficiente renovación xeracional, con todo o que isto supón de cara ao futuro: baixa capacidade de autorrenovación dos recursos humanos.

### 1.3. Sistema produtivo

Segundo os datos de poboación ocupada no exercicio 2011, últimos datos que o IGE ten desagregados a nivel municipal, o sector que máis poboación ten ocupada no territorio do GDR05 é o sector servizos (55,78%), igual que ocorre na provincia de Lugo e en Galicia. A segunda actividade no territorio, por porcentaxe de poboación ocupada é a agricultura (23,86%), igual que ocorre na provincia de Lugo, pero a porcentaxe do GDR05 é case nove puntos superior á provincial, mentres que en Galicia a actividade agrícola e pesqueira é a que ten menos porcentaxe de poboación ocupada. Por último, as porcentaxes de poboación ocupada na industria (10,22%) e na construción (10,14%) son moi parellas no noso territorio, tendo a mesma orde de importancia que na provincia e Galicia, pero coa diferenza de que o sector industrial ten moita máis poboación ocupada nos outros dous ámbitos que no GDR05. Pero este dato xeral enmascara situacións moi particulares, polo que imos ver a táboa de datos por concellos:

Ámbito territorial	Porcentaxes de poboación ocupada por sectores. Ano 2011			
	Agricultura e pesca	Construción	Industria	Servizos
Antas de Ulla	33,79	5,86	18,94	41,41
Carballedo	40,37	11,64	9,88	38,11
Chantada	23,43	14,17	8,32	54,08
Monterroso	19,05	17,71	12,73	50,51
Palas de Rei	34,16	6,70	11,93	47,21
Paradela	49,10	8,16	4,14	38,60
Páramo (O)	45,01	10,73	5,74	38,52
Portomarín	33,58	6,60	19,27	40,55
Sarria	7,34	8,32	10,68	73,66
Taboada	37,75	7,32	5,51	49,42
<b>GDR05</b>	<b>23,86</b>	<b>10,14</b>	<b>10,22</b>	<b>55,78</b>
Lugo (provincia)	14,89	9,28	12,25	63,58
Galicia	7,25	9,18	15,25	68,32

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

En tres concellos do territorio do GDR05 (Paradela, O Páramo e Carballedo) o sector que maior porcentaxe de poboación ocupada ten é o sector agrícola, con cifras por riba do 40%, o que da proba da importancia que a agricultura aínda ten no noso territorio, dato que tamén está apuntalado porque noutros catro concellos (Antas de Ulla, Palas de Rei, Portomarín e Taboada), a pesar de que o sector agrícola é a segunda actividade en porcentaxe de ocupación, as cifras de poboación ocupada no mesmo están por riba do 33%.

Outro dato a destacar, é a importancia que o sector servizos representa no concello de Sarria, o que fai que a porcentaxe de poboación ocupada neste sector estea por riba da de Galicia en máis de cinco puntos, e a porcentaxe do sector agrícola do concello sexa semellante a media galega.

Vexamos agora cal foi a evolución de cara ao 2014, pero como o IGE non ten publicados os datos de ocupación desagregados a nivel municipal para o citado exercicio, imos a analizar as afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade (CNAE-2009) para decembro de 2014 (hai que ter en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores, senón co de situacións que xeran obriga de cotizar). As afiliacións son as que se recollen na táboa seguinte:

<b>Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia do afiliado e o sector de actividade. Decembro 2014</b>										
Ámbito territorial	Agricult. e pesca		Construción		Industria		Servizos		Non consta	
	Afiliados	%	Afiliados	%	Afiliados	%	Afiliados	%	Afiliados	%
<b>Antas de Ulla</b>	161	25,08	46	7,17	78	12,15	356	55,45	1	0,15
<b>Carballedo</b>	274	33,01	59	7,11	66	7,95	429	51,69	2	0,24
<b>Chantada</b>	634	21,70	219	7,50	250	8,56	1.814	62,10	4	0,14
<b>Monterroso</b>	246	19,98	111	9,02	160	13,00	711	57,76	3	0,24
<b>Palas de Rei</b>	359	30,22	104	8,76	94	7,91	628	52,86	3	0,25
<b>Paradela</b>	347	46,52	33	4,42	65	8,71	299	40,08	2	0,27
<b>Páramo (O)</b>	233	45,24	28	5,44	38	7,38	214	41,55	2	0,39
<b>Portomarín</b>	228	41,61	29	5,29	39	7,12	252	45,98	0	0,00
<b>Sarria</b>	645	13,89	311	6,70	531	11,44	3.149	67,84	6	0,13
<b>Taboada</b>	369	37,50	61	6,20	84	8,54	468	47,56	2	0,20
<b>GDR05</b>	<b>3.496</b>	<b>24,54</b>	<b>1.001</b>	<b>7,03</b>	<b>1.405</b>	<b>9,86</b>	<b>8.320</b>	<b>58,40</b>	<b>25</b>	<b>0,17</b>
<b>Lugo (provi.)</b>	16.716	14,39	8.757	7,54	12.375	10,65	78.058	67,20	251	0,22
<b>Galicia</b>	60.477	6,71	66.832	7,42	124.129	13,78	648.162	71,94	1.392	0,15

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Vemos que transcorridos tres anos, a situación cambia. Agora só dous concellos do territorio do GDR05 (Paradela e O Páramo) teñen no sector agrícola a porcentaxe maior de afiliados, iso si con cifras por riba do 45%, o que segue dando proba da importancia que a agricultura aínda segue a ter no noso territorio, dato que tamén está apuntalado porque noutros catro concellos (Carballedo, Palas de Rei, Portomarín e Taboada), a pesar de que o sector agrícola é a segunda actividade en porcentaxe de afiliación, as cifras de afiliados no mesmo están por riba do 30%.

Agora no 2014, os concellos de Sarria e Chantada destacan por ser os dous núcleos do territorio do GDR05 onde se concentran as porcentaxes de afiliación máis altas no sector servizos, lóxico dado que son os dous núcleos máis importantes e cabezas dos seus respectivos partidos xudiciais, e por tanto onde se concentran tanto servizos públicos como privados.

Vexamos agora graficamente as porcentaxes de afiliación por concellos en todos os ámbitos territoriais analizados, para os dous sectores con maior afiliación no territorio do GDR05: sector de agricultura e pesca e sector servizos.




**PORCENTAXES AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO CONCELLO DE RESIDENCIA NO SECTOR DE AGRICULTURA E PESCA. DECEMBRO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

**PORCENTAXES AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL SEGUNDO CONCELLO DE RESIDENCIA NO SECTOR SERVIZOS. DECEMBRO 2014**




Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Segundo o comportamento que acabamos de comentar que se da nos concellos do GDR05, tamén no conxunto do territorio, en decembro de 2014, a situación segue a mostrar acusadas diferenzas con respecto á provincia de Lugo e a Galicia. Nos tres ámbitos, o sector de actividade con maior porcentaxe de afiliación segue a ser o dos servizos, pero esta porcentaxe en Lugo esta case nove puntos por riba da do GDR05 e en Galicia máis de trece. O

sector agrícola, a pesares da súa redución na maioría dos concellos, segue a ser o segundo sector máis importante no GDR05 segundo porcentaxe de afiliación (24,54%), igual que sucede en Lugo, só que no noso territorio máis de dez puntos por riba, mentres que en Galicia é o sector con menor afiliación (6,71%). O terceiro sector de actividade por porcentaxe de afiliación no territorio é a industria, pero cunha porcentaxe menor á da provincia e á da comunidade autónoma. Por último, atópase a construción, e aquí xa podemos falar de porcentaxes de afiliación moi similares nos tres ámbitos territoriais analizados.

Vexamos todo isto nun gráfico:



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Polo tanto, como quedou reflectido en páxinas anteriores, o GDR05 é un territorio que está sufrindo un continuo proceso de despoboamento e envellecemento da súa poboación. Por outra banda, salientar que só no concello de Sarria vaise mantendo a poboación. A base económica desta zona está fortemente apoiada no sector agrario, por unha banda, e no comercio e servizos, pola outra, a industria só ten unha importancia relativa na base produtiva actual do territorio. Os sectores non agrarios concéntranse maioritariamente nos núcleos de Sarria e Chantada, e en menor medida en Monterroso, o resto do espazo do territorio ten unha importante dedicación agraria.

Digamos, unha vez máis, que a esta base económica convén engadirlle un recurso de certa importancia relativa, sobre todo nas zonas de maior envellecemento: referímonos ás pensións de xubilación que permiten manter non só á poboación vella, senón nalgúns casos tamén á nova que está sen traballo. Imos incluír agora un cadro co número de pensionistas (ano 2014 segundo o IGE) e a porcentaxe que estes representan con respecto ao total da poboación, así como o importe medio da pensión.

Ámbito territorial	Ano 2014 (a 31/12/2014)		
	Número de pensionistas	% que supoñen respecto ao total da poboación	Importe medio da pensión
Antas de Ulla	806	38,22	690,94 €
Carballedo	945	40,20	676,20 €
Chantada	2.625	30,91	721,56 €
Monterroso	1.151	30,47	714,48 €
Palas de Rei	1.387	38,66	714,13 €
Paradela	795	41,11	652,27 €
Páramo (O)	589	39,96	676,45 €
Portomarín	643	41,30	706,10 €
Sarria	3.624	27,06	757,04 €
Taboada	1.206	39,78	676,16 €
<b>GDR05</b>	<b>13.771</b>	<b>33,02</b>	---
Lugo (provincia)	99.633	29,36	789,16 €
Galicia	652.477	23,88	848,05 €

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como se pode ver, o número de pensionistas no territorio do GDR05 é moi elevado, xa que representa un 33,02% do total da poboación, porcentaxe que novamente se atopa moi por riba do provincial e do da comunidade autónoma, con esta última a diferenza case é de dez puntos.

En tres concellos do GDR05, Portomarín, Paradela e Carballedo, a porcentaxe de pensionista está por riba do 40%, e en outros catro, O Páramo, Taboada, Palas de Rei e Antas de Ulla, a porcentaxe de pensionistas está por riba do 38%. Só Chantada e Monterroso con valores entorno ao 30% se aproximan á media provincial, e por último destaca Sarria como núcleo máis dinámico, cunha porcentaxe de pensionistas por debaixo da de Lugo, pero aínda por riba da media de Galicia.

En canto ao importe medio das pensións, en todos os concellos que conforman o territorio do GDR05 ese importe está por debaixo da media da provincia de Lugo e moito por debaixo da media de Galicia. En catro concellos, Paradela, Taboada, Carballedo e O Páramo, a pensión media está máis de 100 euros por debaixo da media provincial, e no caso de Paradela case 200 euros por debaixo da media galega.

De novo os concellos máis dinámicos do territorio, e con maior peso do sector servizos, Sarria e Chantada contan cun importe medio de pensión máis próximo ao provincial, pero aínda moi por baixo da media de Galicia.

### 1.3.1. Sectores de actividade

#### 1.3.1.1. Sector primario

O sector primario ten unha grande importancia no territorio do GDR05, tanto pola poboación que ocupa como pola superficie dedicada ao mesmo. Dentro do sector agrícola temos que destacar a especialización gandeira da zona, cara o vacún de leite e en segundo lugar ao de carne, a importancia que o porcino e as aves teñen no territorio, e por último non podemos esquecer o cultivo de vides para viño nas ribeiras do Miño, e a produción (na súa maioría ecolóxica) de cereixas, castañas e mazás para sidra.

Os datos que imos a utilizar para realizar a análise deste sector son os do censo agrario, e o último censo agrario realizado é o de 2009, polo que nos datos do mesmo basearemos o noso estudo, procedendo a comparalos cos do censo anterior, o de 1999, para tratar de ver cal é a evolución do sector no territorio.

*Aclaración: A poboación investigada no censo agrario 2009 difire notablemente da investigada en 1999, debido a que en 2009 restrinxiuse o colectivo de explotacións investigadas, limitándose á normativa europea (EUROSTAT). Mentres que en 1999 investigáronse todas as explotacións con polo menos 0,1 ha. de superficie total, en 2009 investigáronse as explotacións agrícolas e gandeiras existentes no territorio nacional, ao 30 de setembro de 2009 cumprindo algún dos seguintes criterios:*

- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 1 ha. de superficie agrícola utilizada (SAU).*
- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 0,2 ha. SAU dedicadas a hortalizas e flores e plantas ornamentais ao aire libre ou en abrigo baixo ou froiteiros (incluídos cítricos) de regadío ou viveiros ou invernadoiros.*
- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 0,1 ha. SAU dedicadas a hortalizas en invernadoiro.*
- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 0,1 ha. SAU dedicadas a flores e plantas ornamentais en invernadoiro.*
- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 0,5 ha. SAU dedicadas a tabaco.*
- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 0,5 ha. SAU dedicadas a lúpulo.*
- *Todas as explotacións agrícolas con polo menos 0,5 ha. SAU dedicadas a algodón.*
- *As explotacións agrícolas cunha ou máis unidades gandeiras (UG) e cunha produción estándar total (PET) igual ou superior a 900 euros.*
- *Estes criterios son independentes, é dicir, ha de cumprirse polo menos un deles para que se considere que a explotación pertence á poboación obxecto de estudo.*
- *As explotacións netamente forestais excluíronse do censo 2009 se non cumprían as condicións antes citadas, xa que o censo refírese a explotacións propiamente agrícolas. Con todo, cando a explotación investigada tiña algunha masa forestal, esta recolleuse no cuestionario.*

O primeiro feito significativo ao comparar as cifras dos dous censos, é a clara redución do número de explotacións no territorio do GDR05, seguindo a tendencia da provincia de Lugo e a de Galicia, redución que claramente non pode deberse só ás diferenzas de criterio entre os dous censos.

Ámbito territorial	Número de explotacións Censo Agrario 1999	Número de explotacións Censo Agrario 2009	Variación	%Variación
Antas de Ulla	665	312	- 353	- 53,08
Carballedo	763	418	- 345	- 45,22
Chantada	1.824	792	- 1.032	- 56,58
Monterroso	711	333	- 378	- 53,16
Palas de Rei	1.658	510	- 1.148	- 69,24
Paradela	521	401	- 120	- 23,03
Páramo (O)	469	288	- 181	- 38,59
Portomarín	571	261	- 310	- 54,29
Sarria	1.292	837	- 455	- 35,22
Taboada	1.355	494	- 861	- 63,54
<b>GDR05</b>	<b>9.829</b>	<b>4.646</b>	<b>- 5.183</b>	<b>- 52,73</b>
Lugo (provincia)	54.208	25.458	- 28.750	- 53,04
Galicia	270.053	81.174	- 188.879	- 69,94

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Polo tanto, o primeiro que temos que dicir, é que no ano 2009, e a pesares da súa redución, o número de explotacións agrarias existentes no territorio do GDR05 segue sendo importante, xa que representan as seguintes porcentaxes con respecto ás da provincia de Lugo e ás de Galicia:


Ámbito territorial	Censo agrario 2009		
	Número de explotacións	% que supoñen respecto ás explotacións de Lugo	% que supoñen respecto ás explotacións de Galicia
<b>GDR05</b>	<b>4.646</b>	<b>18,25%</b>	<b>5,72%</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

No transcurso destes dez anos, a redución de explotacións prodúcese en todo o territorio do GDR05, polo que a porcentaxe media de variación nos dez concellos que configuran o noso territorio é dun -52,73%, por debaixo da media provincial pero moi próxima a esta, sendo bastante menor a redución que se produce no noso territorio que a que ten lugar en Galicia.

Por concellos, a situación varía moito dentro do territorio do GDR05, aínda que en todos eles se reduce o número de explotacións. Así temos o concello de Paradela, coa menor diminución, un 23,03%, e polo outro extremo o concello de Palas de Rei, no que as explotacións agrícolas se reducen un 69,24%. Vexamos estes datos nun gráfico:

**PORCENTAXE DE REDUCCIÓN DO NÚMERO DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS.  
1999 A 2009**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

*Aclaración: O IGE distingue entre o número de explotacións segundo a superficie agrícola total e segundo a superficie agrícola utilizada (SAU). A superficie total da explotación está constituída pola superficie de todas as parcelas que a integran: a superficie propiedade do titular, a arrendada para a súa explotación e a superficie explotada conforme a outras formas de tenza, exclúense as superficies propiedade do titular pero cedidas a terceiras persoas. A superficie total da explotación comprende as terras labradas, terras para pastos permanentes e outras terras: a superficie que forma parte da explotación pero é improdutivo, as terras propiedade da explotación ocupadas por augas, camiños e outras vías, e as superficies dos solos de edificacións se están situadas dentro ou contiguas aos terreos da explotación. Pola contra a superficie agraria utilizada (SAU) refírese ao conxunto da superficie de terras labradas e terras para pastos permanentes. Polo que nós decidimos usar para o noso análise os datos das explotacións segundo a SAU.*

Esta redución no número de explotacións, tal como imos ver no cadro da páxina seguinte, produciuse especialmente naquelas de menos de 5 hectáreas de SAU. No ano 1999, as explotacións de menos de 5 hectáreas de SAU representaban case un total do 60% das existentes en todo o territorio do GDR05, o que facía moi difícil a súa viabilidade como empresas rendibles no marco da economía moderna actual. Esta situación de falta de rendibilidade, motivou a súa desaparición nalgúns casos, ou a súa agrupación en pequenas sociedades, o que fixo que aumentase a súa SAU e os seus ingresos. Así deste xeito, mentres que no 1999 as explotacións con 20 ou máis hectáreas de SAU representaban o 5,21% do total das existentes no territorio do GDR05, no 2009 pasaron a representar o 21,76% dese total.



**Explotacións agrarias segundo a superficie agraria utilizada (SAU)**


Ámbito territorial	Ano 1999. Número de explotacións segundo superficie en ha.								Ano 2009. Número de explotacións segundo superficie en ha.							
	Total	sen SAU	con SAU	≥0 a <5	≥5 a <10	≥10 a <20	≥20 a <50	≥ 50	Total	sen SAU	con SAU	≥0 a <5	≥5 a <10	≥10 a <20	≥20 a <50	≥ 50
<b>Antas de Ulla</b>	665	32	633	429	122	65	16	1	312	3	309	132	66	52	51	8
<b>Carballedo</b>	763	59	704	395	146	121	40	2	418	5	413	170	80	92	60	11
<b>Chantada</b>	1.824	110	1.714	1.219	254	181	59	1	792	10	782	366	130	152	120	14
<b>Monterroso</b>	711	48	663	419	108	95	39	2	333	3	330	134	57	60	73	6
<b>Palas de Rei</b>	1.658	233	1.425	1.027	164	154	74	6	510	11	499	183	93	112	86	25
<b>Paradela</b>	521	7	514	134	160	166	53	1	401	6	395	73	61	118	133	10
<b>Páramo (O)</b>	469	19	450	152	153	128	17	0	288	1	287	78	63	92	47	7
<b>Portomarín</b>	571	40	531	320	83	84	42	2	261	8	253	96	31	56	58	12
<b>Sarria</b>	1.292	50	1.242	529	294	348	69	2	837	21	816	236	152	244	172	12
<b>Taboada</b>	1.355	137	1.218	801	217	152	45	3	494	6	488	186	99	113	78	12
<b>GDR05</b>	9.829	735	9.094	5.425	1.701	1.494	454	20	4.646	74	4.572	1.654	832	1.091	878	117
<b>Lugo (provincia)</b>	54.208	4.343	49.865	32.294	8.252	6.676	2.401	242	25.458	383	25.075	11.472	4.339	4.685	3.863	716
<b>Galicia</b>	270.053	29.217	240.836	204.209	19.601	12.348	4.122	556	81.174	1.693	79.481	49.809	11.208	9.782	7.179	1.503

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Entón, tal e como xa comentamos, do 1999 ao 2009 redúcese o número total de explotacións, e tamén se reducen os dous tipos de explotacións, as sen SAU e as con SAU, en todos os ámbitos territoriais analizados. O mesmo pasa dentro das explotacións con SAU, para todas aquelas que teñen unha superficie de menos de 20 hectáreas, sen embargo e ao igual que xa comentaramos para o GDR05, as explotacións de 20 a 50 hectáreas e as de máis de 50 hectáreas de SAU, aumentan no período analizado en todos e cada un dos concellos, na provincia de Lugo e en Galicia.

**DISTRIBUCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS CON SAU DO GDR05 SEGUNDO O SEU TAMAÑO**

**ANO 1999**



**ANO 2009**




Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


A situación de partida no 1999 do GDR05, en canto a superficie das explotacións con SAU era mellor que a da provincia de Lugo, posto que no caso da provincia a porcentaxe de explotacións de menos de 5 hectáreas era maior. No 2009, a situación por superficie das explotacións tamén é mellor no GDR05, posto que a porcentaxe de explotacións de menos de 5 hectáreas segue a ser menor que na provincia (59,65% fronte a 64,76%), e a de explotacións con máis de 20 hectáreas tamén é maior no noso territorio (21,76% fronte a 18,27%).

**DISTRIBUCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS CON SAU DE LUGO SEGUNDO O SEU TAMAÑO**

**ANO 1999**



**ANO 2009**




Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


A situación de partida no 1999 do GDR05, en canto a superficie das explotacións con SAU comparada con Galicia tamén era mellor, posto que no caso da comunidade autónoma a porcentaxe de explotacións de menos de 5 hectáreas era moito maior. No 2009, a situación por superficie das explotacións tamén é mellor no GDR05, posto que a porcentaxe de explotacións de menos de 5 hectáreas segue a ser menor que en Galicia (59,65% fronte a 62,67%), e a de explotacións con máis de 20 hectáreas tamén é maior no noso territorio (21,76% fronte a 10,92%).

**DISTRIBUCIÓN DAS EXPLOTACIÓNS CON SAU DE GALICIA SEGUNDO O SEU TAMAÑO**

**ANO 1999**



**ANO 2009**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Pasemos a ver agora, pero xa só tomando datos do último censo agrícola realizado (2009), a superficie total das explotacións agrícolas segundo o seu aproveitamento, distinguindo entre:

- Terras labradas: son as que reciben cuidados culturais con arado, aixada, grade, cultivador, etc., non se contan aquí os prados, aínda que neles se estenda fertilizante, se fagan cortas, resementeiras, etc. As terras labradas están constituídas polos cultivos herbáceos, barbeitos, hortas familiares e cultivos leñosos.

- Terras para pastos permanentes: son terras non incluídas na rotación de cultivos, dedicadas de forma permanente (por un período de cinco anos ou máis) á produción de herba.

- Especies arbóreas e forestais: inclúense nesta modalidade as superficies cubertas de especies arbóreas forestais, que non son empregadas principalmente con fins agrícolas ou con outros fins distintos dos forestais. Están incluídas as choupeiras no interior ou no exterior dos bosques, os montes de castiñeiros e nogueiras destinadas principalmente á produción de madeira, as plantacións de árbores de Nadal e os viveiros forestais que se atopen en bosques e se destinen ás necesidades propias da poboación.

- Outras terras non forestais.

<b>Ano 2009. Superficie total en ha. das explotacións agrícolas segundo aproveitamento</b>						
<b>Ámbito territorial</b>	<b>Terras labradas</b>	<b>Terras para pastos</b>	<b>Arbóreas / Forestais</b>	<b>Outras terras non forestais</b>	<b>Total terras</b>	<b>% superficie s/total ámbitos</b>
<b>Antas de Ulla</b>	880	2.657	795	223	4.555	43,97%
<b>Carballedo</b>	1.159	3.586	1.081	448	6.274	45,17%
<b>Chantada</b>	2.419	5.761	1.596	556	10.332	58,47%
<b>Monterroso</b>	1.229	3.239	1.019	270	5.757	50,24%
<b>Palas de Rei</b>	2.047	4.852	1.372	386	8.657	43,35%
<b>Paradela</b>	865	6.054	943	381	8.243	68,07%
<b>Páramo (O)</b>	1.210	2.568	818	188	4.784	63,96%
<b>Portomarín</b>	1.472	2.368	607	165	4.612	40,07%
<b>Sarria</b>	2.638	8.207	1.470	325	12.640	68,47%
<b>Taboada</b>	1.918	3.876	1.007	413	7.214	49,18%
<b>GDR05</b>	<b>15.837</b>	<b>43.168</b>	<b>10.708</b>	<b>3.355</b>	<b>73.068</b>	<b>53,11%</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	67.610	226.798	73.817	23.599	391.824	39,75%
<b>Galicia</b>	199.749	447.850	202.492	64.762	914.853	30,93%


*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

O primeiro dato a salientar, e que volve a dar conta da importancia que o sector primario ten no territorio do GDR05, é a elevada porcentaxe que a superficie das explotacións agrícolas representa sobre o total da superficie dos dez concellos que o configuran. Así, en cinco concellos, Sarria, Paradela, O Páramo, Chantada e Monterroso, a superficie das explotacións agrícolas supón máis do 50% da superficie total do concello. No conxunto do

territorio do GDR05, a superficie das explotacións agrícolas supón un 53,11% do total da superficie, porcentaxe que está moi por riba do que a superficie das explotacións representa sobre a extensión da provincia de Lugo (39,75%), e aínda moito máis por riba do que representa sobre Galicia (30,93%).

Tamén temos que destacar dos datos da táboa, a importancia da superficie de terras para pastos, que representan un total do 31,38% do total da superficie do territorio, e tal é como se pode comprobar no gráfico seguinte un 59,08% do total da superficie das explotacións agrícolas da zona, o que da conta tamén da especialización en gando vacún existente no territorio do GDR05.

#### DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE DAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS DO GDR05 SEGUNDO O SEU APROVEITAMENTO. ANO 2009



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Vexamos agora cales son os cultivos que se dan nas terras labradas das explotacións agrícolas, para o que imos facer a seguinte distinción entre cultivos herbáceos, froiteiras, olivar, viñado e outras terra labradas.

Cultivos herbáceos: constituídos por aquelas plantas cuxa parte aérea ten consistencia herbácea (cereais, leguminosas, pataca, algodón, remolacha, forraxeiras, hortalizas, etc.). Son terras aradas ou cultivadas con regularidade, normalmente polo sistema de rotación de cultivos. Os cultivos herbáceos inclúen: cereais, leguminosas, pataca, cultivos industriais, cultivos forraxeiros, hortalizas, flores e plantas ornamentais, sementes e plántulas destinadas á venda e outros cultivos herbáceos. En cultivos herbáceos inclúense barbeitos e hortas familiares.


## Ano 2009. Aproveitamento das terras labradas nas explotacións agrícolas en ha.

Ámbito territorial	Cultivos herbáceos	Froiteiras	Olivar	Viñedo	Outras terras labradas	Total terras labradas
Antas de Ulla	862	18	0	0	0	880
Carballedo	1.103	29	0	26	1	1.159
Chantada	2.182	65	0	168	3	2.418
Monterroso	1.213	15	0	2	0	1.230
Palas de Rei	2.040	6	0	0	0	2.046
Paradela	728	99	0	37	1	865
Páramo (O)	1.171	22	0	17	0	1.210
Portomarín	1.428	20	0	24	0	1.472
Sarria	2.477	159	0	0	2	2.638
Taboada	1.816	65	0	34	2	1.917
<b>GDR05</b>	<b>15.020</b>	<b>498</b>	<b>0</b>	<b>308</b>	<b>9</b>	<b>15.835</b>
Lugo (provincia)	63.695	2.577	2	1.225	111	67.610
Galicia	182.567	7.271	17	9.359	533	199.747

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Desta táboa podemos destacar a importancia que o viñedo ten no territorio, do que dan proba as 308 hectáreas de superficie con este cultivo existentes nas explotacións agrícolas do GDR05 no ano 2009, non en vano cinco dos dez concellos que o compoñen forman parte da zona protexida baixo a Denominación de Orixe Protexida “Viños Ribeira Sacra” (Carballedo, Chantada, Paradela, Portomarín e Taboada). Estas 308 hectáreas representan un 25,14% do total da superficie da provincia de Lugo dedicada a este cultivo, e un 3,29% con respecto á superficie vitícola galega.

## DISTRIBUCIÓN DA SUPERFICIE DAS TERRAS LABRADAS DO GDR05 SEGUNDO O SEU APROVEITAMENTO. ANO 2009



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE



Dentro das froiteiras, temos que facer referencia á importancia que ten no territorio do GDR05 o cultivo ecolóxico, de cereixas, castañas e mazás de sidra, todos eles produtos de excelente calidade. A produción de castaña e de mazá deron lugar á instalación de pequenas industrias elaboradoras e transformadoras.

Pasemos agora a falar, pero tamén só tomando datos do último censo agrícola realizado (2009), da cabana de animais existente nas explotacións agrícolas do territorio, distinguindo entre bovinos, ovinos, caprinos, porcinos, equinos, aves e coellos. Falaremos de unidades gandeiras (UG)

*Aclaración: O IGE define unidades gandeiras (UG), como as que se obteñen aplicando un coeficiente a cada especie e tipo, para agregar nunha unidade común diferentes especies, os coeficientes empregados son:*

<i>Especie</i>	<i>Coficiente</i>
<i>Vacas leiteiras</i>	<i>1</i>
<i>Outras vacas</i>	<i>0,8</i>
<i>Bovinos machos de 24 meses e máis</i>	<i>1</i>
<i>Bovinos femias de 24 meses e máis</i>	<i>0,8</i>
<i>Bovinos de 12a menos de 24 meses</i>	<i>0,7</i>
<i>Bovinos de menos de 12 meses</i>	<i>0,4</i>
<i>Ovinos</i>	<i>0,1</i>
<i>Caprinos</i>	<i>0,1</i>
<i>Porcas nais</i>	<i>0,5</i>
<i>Porcas para reposicións</i>	<i>0,5</i>
<i>Leitóns</i>	<i>0,027</i>
<i>Outros porcinos</i>	<i>0,3</i>
<i>Equinos</i>	<i>0,8</i>
<i>Galiñas</i>	<i>0,014</i>
<i>Poliñas destinadas á posta</i>	<i>0,014</i>
<i>Polos de carne e galos</i>	<i>0,007</i>
<i>Pavos, patos, ocas e pintadas</i>	<i>0,03</i>
<i>Outras aves</i>	<i>0,03</i>
<i>Coellas nais</i>	<i>0,02</i>

*Das unidades gandeiras exclúense as colmeas e as avestruces, que polo tanto non se convierten a unidades gandeiras. Estes coeficientes que acabamos de explicitar, modificáronse no último Censo Agrario segundo as recomendacións da normativa europea(EUROSTAT).*

Na táboa da páxina seguinte, recóllense por tanto esas unidades gandeiras das que falamos para as explotacións de cada un dos concellos do GDR05, para o propio GDR05, para Lugo provincia e para Galicia (tal e como se ven facendo ao longo de todo a análise), segundo datos do censo agrícola de 2009.

Ano 2009. Gandería en unidades gandeiras nas explotacións agrarias							
Ámbito territorial	Bovinos	Ovinos	Caprinos	Porcinos	Equinos	Aves	Coellas
Antas de Ulla	3.537	48	7	512	9	282	42
Carballedo	6.538	43	6	2.519	27	626	10
Chantada	12.573	106	21	3.326	33	817	54
Monterroso	5.426	93	11	1.744	12	902	18
Palas de Rei	8.918	75	45	4.657	61	5.627	50
Paradela	9.721	114	42	745	25	130	9
Páramo (O)	6.241	58	1	1.340	30	1.782	6
Portomarín	6.105	156	19	4.432	13	2.877	3
Sarria	16.051	240	25	10.120	42	6.031	16
Taboada	9.081	68	35	1.066	33	793	36
<b>GDR05</b>	<b>84.191</b>	<b>1.001</b>	<b>212</b>	<b>30.461</b>	<b>285</b>	<b>19.867</b>	<b>244</b>
Lugo (provincia)	351.912	5.715	1.435	55.702	6.731	50.120	789
Galicia	761.979	18.605	3.513	264.777	16.048	205.842	3.345

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como se expuxo, neste táboa destaca a importancia que o gando vacún ten no territorio, é dicir, a especialización que se da para o mesmo no GDR05, fundamentalmente vacún de leite, non en vano sete dos dez concellos que o compoñen forman parte da zona protexida baixo a Denominación de Orixe Protexida “Queixo Arzúa-Ulloa” (Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín e Taboada), e todo o territorio do GDR05, ao igual que toda a comunidade autónoma, está na Denominación de Orixe Protexida “Queixo Tetilla”. Tamén ten importancia no territorio do GDR05 o vacún de carne.

As unidades gandeiras bovinas existentes no territorio do GDR05 segundo o censo agrario do ano 2009, representan un 23,92% das existentes en toda a provincia de Lugo, e un 11,05% das de toda a comunidade autónoma galega, o que non fai máis que apuntalar o apuntado no parágrafo anterior.

Tamén ten moita importancia no territorio o gando porcino, xa que as unidades gandeiras porcinas existentes no territorio do GDR05 segundo o censo agrario do ano 2009, representan máis do 50% das existentes en toda a provincia de Lugo, concretamente o 54,69%, e con respecto a Galicia representan unha porcentaxe moi semellante á das unidades gandeiras bovinas, xa que supoñen un 11,50% do total. En canto ao gando porcino, destacan os concellos de Sarria, Palas de Rei e Portomarín, xa que eles tres suman máis da metade das unidades gandeiras desta especie existentes no GDR05 (o 63,06%).

Así mesmo, temos que falar do importante número de unidades gandeiras de aves que ten o territorio do GDR05, trátase na súa grande maioría de galiñas poñedoras, estas unidades gandeiras avícolas representan o 39,64% do total provincial, e un 9,65% das de toda a comunidade autónoma de Galicia. En canto ás aves, destacan os concellos de Sarria e Palas de Rei, xa que eles dous suman máis da metade das unidades gandeiras desta especie existentes no GDR05 (o 58,68%).

Polo tanto, podemos concluír que no territorio do GDR05 ten moita importancia a gandería, que deste xeito converte a zona nunha grande produtora de leite, ovos e carne de tenreira e de porco.

Debemos agora estudar o réxime de tenza da terra nas explotacións do GDR05, para deste xeito ir completando a análise sobre o sector primario. O réxime de tenza da terra no censo agrario e na enquisa sobre a estrutura das explotacións agrícolas refírese á forma xurídica baixo a cal actúa o titular da explotación:

- Terras en propiedade: aquelas sobre as cales o titular ten o dereito de propiedade, con título escrito ou sen el, e as que foron explotadas pacificamente e sen interrupción polo titular durante trinta anos como mínimo sen pago de renda. Tamén se consideran neste grupo as terras en usufruto.


- Terras en arrendamento: terras nas cales o titular goza dos aproveitamentos das mesmas mediante o pago dun canon ou renda, con independencia dos resultados da explotación, xa sexa en metálico, en especie ou en ambas as formas á vez. O pago tivo que fixarse previamente nun contrato de arrendamento, xa sexa oral ou escrito.

- Terras en parzaría: son aquelas terras en propiedade de terceiras persoa cedidas temporalmente ao parceiro mediante o pago dun tanto por cento do produto obtido ou o seu equivalente en efectivo. A contía de dita parte depende das condicións locais, o tipo de empresa e a achega do propietario. O acordo ou contrato de parzaría pode ser oral ou escrito.

- Terras noutros réximes de tenza: Inclúense neste apartado as terras non comprendidas nalgún dos réximes anteriores: as explotacións por cesión gratuíta, en fideicomiso, en litixio, en precario, en censos, foros, en réxime comunal, ...

Ano 2009. Superficie agrícola utilizada en ha. segundo o réxime de posesión							
Ámbito territorial	Superficie total (A)	En propiedade		En arrendamento		Parcería e outros réximes de posesión	
		Total	% s/(A)	Total	% s/(A)	Total	% s/(A)
<b>Antas de Ulla</b>	3.536	2.473	69,94	405	11,45	658	18,61
<b>Carballedo</b>	4.745	3.869	81,54	703	14,82	172	3,63
<b>Chantada</b>	8.179	5.847	71,49	1.713	20,94	620	7,58
<b>Monterroso</b>	4.469	2.906	65,03	531	11,88	1.032	23,09
<b>Palas de Rei</b>	6.899	4.560	66,10	1.190	17,25	1.149	16,65
<b>Paradela</b>	6.919	5.672	81,98	944	13,64	303	4,38
<b>Páramo (O)</b>	3.778	2.781	73,61	791	20,94	206	5,45
<b>Portomarín</b>	3.840	2.264	58,96	685	17,84	892	23,23
<b>Sarria</b>	10.845	8.555	78,88	1.504	13,87	787	7,25
<b>Taboada</b>	5.793	4.160	71,81	1.032	17,82	601	10,37
<b>GDR05</b>	<b>59.003</b>	<b>43.087</b>	<b>73,03</b>	<b>9.498</b>	<b>16,10</b>	<b>6.420</b>	<b>10,88</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	294.408	210.844	71,62	51.148	17,37	32.416	11,01
<b>Galicia</b>	647.598	457.384	70,63	108.699	16,78	81.515	12,59

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

**DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DA SUPERFICIE AGRÍCOLA UTILIZADA NO GDR05 SEGUNDO RÉXIME DE POSESIÓN. ANO 2009**

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Como pode comprobarse analizando os datos reflectidos na táboa ou simplemente vendo o gráfico no que se representan, no GDR05 a maioría da superficie agrícola utilizada nas explotacións é propiedade do titular da explotación (persoa física ou xurídica que, actuando con liberdade e con autonomía, asume o risco dunha explotación agrícola, dirixíndoa por si ou mediante outra persoa), e se complementa con algunhas hectáreas en arrendamento, pero sempre en proporción moito menor. O outro réxime de posesión, a parcería, está en retroceso.

A situación do GDR05 en canto ao réxime de propiedade das terras é moi similar á da provincia de Lugo e á de Galicia, sendo o réxime de propiedade aínda un pouco maior en porcentaxe que nos outros dous ámbitos, e a parcería e os outros réximes de posesión danse un pouco menos no GDR05 que na provincia e na comunidade autónoma.

Imos agora a analizar a última faceta do sector primario para a que temos datos dispoñibles a nivel municipal do censo agrario de 2009, que é a referente ao traballo nas explotacións agrícolas. Para iso, aquí imos falar do número UTAs (unidades de traballo - ano) nas explotacións agrícolas segundo os datos do censo agrario de 2009.


Primeiramente aclararemos que, unha UTA equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano, polo que unha xornada parcial compútase como a metade dunha completa.

Vexamos pois os datos que se recollen na táboa da páxina seguinte, como sempre a nivel de concello, no total do territorio do GDR05 e logo na provincia de Lugo, para rematar cos datos da comunidade autónoma de Galicia.

Ano 2009. Número de UTAs nas explotacións agrícolas									
Ámbito territorial	Total UTAS (A)	UTA titular		UTA outros membros da familia		UTA asalariados fixos		UTA asalariados eventuais	
		Total	% s/ (A)	Total	% s/ (A)	Total	% s/ (A)	Total	% s/ (A)
Antas de Ulla	353	221	62,61	99	28,05	31	8,78	2	0,57
Carballedo	493	279	56,59	167	3,87	41	8,32	6	1,22
Chantada	1.030	512	49,71	364	35,34	132	12,82	22	2,14
Monterroso	350	220	62,86	100	28,57	26	7,43	4	1,14
Palas de Rei	635	344	54,17	180	28,35	101	15,91	10	1,57
Paradela	574	299	52,09	201	35,02	61	10,53	13	2,26
Páramo (O)	388	195	50,26	155	39,95	36	9,28	2	0,52
Portomarín	404	179	44,31	144	35,64	66	16,34	15	3,71
Sarria	990	556	56,16	334	33,74	89	8,99	11	1,11
Taboada	682	333	48,83	250	33,66	88	12,90	11	1,61
<b>GDR05</b>	<b>5.899</b>	<b>3.138</b>	<b>53,20</b>	<b>1.994</b>	<b>33,80</b>	<b>671</b>	<b>11,37</b>	<b>96</b>	<b>1,63</b>
Lugo (provin.)	29.482	16.950	57,49	9791	33,21	2.405	8,16	336	1,14
Galicia	87.433	50.012	57,20	28.387	32,47	7.448	8,52	1.586	1,81

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DO NÚMERO DE UTAS NAS EXPLOTACIÓN AGRÍCOLAS DO GDR05. ANO 2009



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como queda reflectido nos datos, o traballo nas explotacións agrícolas do GDR05 é fundamentalmente familiar, xa que entre as UTAs do titular da explotación e as dos outros membros da familia, suman unha porcentaxe do 87,00% do total das unidades de traballo - ano das explotacións agrícolas.

Se agora comparamos estes datos cos outros dous ámbitos superiores, a provincia de Lugo e Galicia, temos que dicir, que tanto a nivel provincial como de comunidade autónoma, a porcentaxe de UTAs familiares (titular máis outros membros da unidade) é superior ao do territorio do GDR05, entorno aos tres puntos. Por este motivo, as UTAs de asalariados fixos no GDR05, son superiores ás dos outros dous ámbitos, polo tanto as explotacións agrícolas do noso territorio son creadoras de máis traballo fixo que as de Lugo e as de Galicia.

Como todos os datos que estivemos analizando para o sector primario estaban referidos ao censo agrario do 2009, imos agora a dar unhas pequenas pinceladas de datos máis actualizados, referidos ao ano 2014, que son os que o IGE ten desagregados a nivel municipal (elaborados polo propio IGE a partir dos datos do SITRAN (Sistema Integrado de Trazabilidade Animal) e do Anuario de Estatística Agraria proporcionados pola Consellería do Medio Rural e do Mar).

Deste xeito imos a empezar cunha táboa coa distribución das terras para o ano 2014, distinguindo entre superficie forestal, superficie de cultivo e prado e outras superficies:


Ano 2014. Distribución das terras en ha.							
Ámbito territorial	Superficie total do ámbito (A)	Superficie forestal		Superficie de cultivo e prado		Outras superficies	
		Total	% s/(A)	Total	% s/(A)	Total	% s/(A)
Antas de Ulla	10.360	5.818	56,16	3.863	37,29	679	6,55
Carballedo	13.885	6.961	50,13	5.851	42,14	1.073	7,73
Chantada	17.673	8.172	46,24	7.892	44,66	1.608	9,10
Monterroso	11.459	5.369	46,85	4.992	43,56	1.098	9,58
Palas de Rei	19.968	10.775	53,96	7.733	38,73	1.461	7,32
Paradela	12.112	5.324	43,96	5.422	44,77	1.365	11,27
Páramo (O)	7.480	3.335	44,59	3.310	44,25	836	11,18
Portomarín	11.510	6.501	56,48	3.990	34,67	1.020	8,86
Sarria	18.462	6.465	35,02	9.758	52,85	2.238	12,12
Taboada	14.667	6.407	43,68	6.821	46,51	1.438	9,80
<b>GDR05</b>	<b>137.576</b>	<b>65.127</b>	<b>47,34</b>	<b>59.632</b>	<b>43,34</b>	<b>12.816</b>	<b>9,32</b>
Lugo (provincia)	985.655	638.173	64,75	275.204	27,92	72.278	7,33
Galicia	2.957.469	1.926.097	65,13	703.556	23,79	327.817	11,08

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Como podemos ver, no territorio do GDR05, tal como corresponde a unha zona cunha grande importancia da agricultura, que ademais ten unha grande especialización gandeira vacún, a porcentaxe da superficie de cultivo e prado é moi superior á da provincia de Lugo e á

de Galicia; o que evidentemente implica que, a superficie forestal do noso territorio sexa moito menor que a dos outros dous ámbitos analizados.

### PORCENTAXES DE DISTRIBUCIÓN DE TERRAS. ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Vexamos agora o número de efectivos e de explotacións de gando bovino para o ano 2014 que figuran no IGE:

Ano 2014. Efectivos e explotacións de gando bovino						
Ámbito territorial	Número de explotacións	Número de bovinos	Número de vacas			Outros bovinos
			Total	Muxidura	Non muxidura	
Antas de Ulla	204	4.368	2.656	935	1.721	1.712
Carballedo	250	8.044	4.736	3.563	1.173	3.308
Chantada	428	13.748	8.337	7.162	1.175	5.411
Monterroso	203	7.155	4.288	2.876	1.412	2.867
Palas de Rei	327	10.604	6.466	3.923	2.543	4.138
Paradela	285	13.572	7.459	4.069	3.390	6.113
Páramo (O)	185	7.442	4.588	3.191	1.397	2.854
Portomarín	145	7.341	4.406	3.913	493	2.935
Sarria	511	20.082	12.046	7.718	4.328	8.036
Taboada	305	10.888	6.859	6.002	857	4.029
<b>GDR05</b>	<b>2.843</b>	<b>103.244</b>	<b>61.841</b>	<b>43.352</b>	<b>18.489</b>	<b>41.403</b>
Lugo (provin.)	14.415	450.271	265.597	151.485	114.112	184.674
Galicia	39.479	952.656	549.094	336.981	212.113	403.562

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE



Tal e como se expuxo, segundo os datos do censo agrario do 2009, e atendendo ao número total de explotacións existentes, as do territorio do GDR05 representaban un 18,25% do total das da provincia de Lugo, e un 5,72% do total de explotacións en Galicia. Con estes datos do ano 2014, pero agora con referencia só as explotacións de gando bovino, o peso das existentes no noso territorio aumentou con respecto aos dous ámbitos territoriais analizados. Así con respecto ás de Lugo as explotacións de gando bovino do GDR05 representan un 19,72%, e con respecto ás da comunidade autónoma de Galicia un 7,20% do total.

Mentres que o peso das explotacións de gando bovino aumentou con respecto a Lugo e Galicia, atendendo ao número de bovinos produciuse un lixeiro descenso no seu peso, xa que os do GDR05 no 2014 representan un 22,93% dos provinciais (as unidades gandeiras bovinas con datos do censo agrario de 2009 representaban un 23,92% das de Lugo), e un 10,84% dos da comunidade autónoma (un 11,05% das unidades gandeiras de Galicia no 2009).

E agora por último vexamos datos do IGE sobre o gando porcino (con grande importancia no territorio) para o ano 2014, coa súa distribución de prazas en explotacións industriais:

<b>Ano 2014. Gando porcino. Distribución de prazas en explotacións industriais</b>		
<b>Ámbito territorial</b>	<b>Prazas reprodutoras</b>	<b>Prazas de cebo</b>
Antas de Ulla	28	1.025
Carballedo	220	17.966
Chantada	843	16.437
Monterroso	0	5.035
Palas de Rei	784	13.663
Paradela	75	3.454
Páramo (O)	0	5.928
Portomarín	3.130	17.180
Sarria	1.442	49.551
Taboada	112	3.873
<b>GDR05</b>	<b>6.634</b>	<b>134.112</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	<b>12.644</b>	<b>220.067</b>
<b>Galicia</b>	<b>106.640</b>	<b>986.727</b>

*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Á vista destas cifras do territorio para o gando porcino no ano 2014, vemos que este mantén a súa importancia no GDR05. Ademais, e segundo estes datos as, prazas de gando porcino en explotacións industriais existentes no territorio do GDR05 no 2014, representan máis do 60% das existentes en toda a provincia de Lugo (porcentaxe que aumentou con respecto ao ano 2009), e con respecto a Galicia representan unha porcentaxe entorno ao 13% (tamén máis que no 2009). En canto á distribución por concellos, destaca con grande vantaxe o concello de Sarria en prazas de cebo, e logo están, pero a certa distancia en número de prazas, Carballedo, Portomarín, Chantada e Palas de Rei, xa que eles cinco suman o 85,60% das prazas de cebo existentes no GDR05.

Si agora atendemos á clasificación que fai o IGE para as empresas con sede en Galicia segundo actividade principal (CNAE 2009) e condición xurídica, vemos que na actividade “Agricultura, gandería, silvicultura e pesca” para o ano 2014 os datos son os que se recollen na táboa seguinte:

<b>Ano 2014. Empresas con sede social en Galicia que teñen como actividade principal (CNAE 2009) “Agricultura, gandería, silvicultura e pesca” segundo condición xurídica</b>						
<b>Ámbito territorial</b>	<b>Total</b>	<b>Persoas físicas</b>	<b>Sociedades anónimas</b>	<b>Sociedades responsabilidade limitada</b>	<b>Sociedades cooperativas</b>	<b>Outras</b>
Antas de Ulla	122	117	1	1	0	3
Carballedo	240	230	0	0	1	9
Chantada	466	423	0	4	4	35
Monterroso	181	171	0	2	2	6
Palas de Rei	268	252	0	5	2	9
Paradela	308	291	0	1	0	16
Páramo (O)	196	174	0	6	4	12
Portomarín	177	157	0	5	2	13
Sarria	516	484	0	7	1	24
Taboada	284	258	0	6	1	19
<b>GDR05</b>	<b>2.758</b>	<b>2.557</b>	<b>1</b>	<b>37</b>	<b>17</b>	<b>146</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	<b>12.835</b>	<b>11.967</b>	<b>14</b>	<b>287</b>	<b>60</b>	<b>507</b>
<b>Galicia</b>	<b>44.179</b>	<b>40.864</b>	<b>129</b>	<b>1.248</b>	<b>203</b>	<b>1.735</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Á vista destes datos, vemos que no sector primario do GDR05, a condición xurídica máis estendida é a de persoa física, que representa o 92,71% do total de empresas, quere isto dicir, que tal e como xa se expuxo, a maioría das explotacións son familiares sendo o titular das mesmas unha persoa física que ten en propiedade a maioría das terras que explota. A porcentaxe que representa a condición xurídica de persoa física sobre as demais no sector primario, é moi similar nos tres ámbitos analizados, GDR05, Lugo e Galicia, xa que nos tres sobre pasa o 92% do total.

Por outra banda, e insistindo no que xa se constatou de varios xeitos, a agricultura ten moita importancia no territorio do GDR05, o que fai que tamén destaque polo seu peso na provincia de Lugo e en Galicia. Tal e como se pode comprobar segundo os datos da táboa superior, atendendo ao número total de empresas existentes no 2014 no sector primario, as do territorio do GDR05 representan un 21,49% do total das da provincia de Lugo, e un 6,24% do total de empresas do sector primario en Galicia.

Imos ver agora, na táboa da páxina seguinte, e só para o GDR05, como se distribúen no sector primario para o ano 2014 as empresas segundo a súa condición xurídica e a clasificación de actividades do CNAE 2009 (Abreviaturas usadas: Persoas físicas = P.F.; Sociedades anónimas = S.A.; Sociedades de responsabilidade limitada = S.R.L.; Sociedades cooperativas = S. Coop.).

<b>2014. Empresas segundo condición xurídica “Agricultura, gandería, silvicultura e pesca” (CNAE 2009)</b>						
<b>Ámbito territorial: GDR05</b>	<b>Total</b>	<b>P.F.</b>	<b>S.A.</b>	<b>S.R.L.</b>	<b>S. Coop.</b>	<b>Outras</b>
<b>A. AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA</b>	<b>2.758</b>	<b>2.557</b>	<b>1</b>	<b>37</b>	<b>17</b>	<b>146</b>
<b>01. Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas</b>	<b>2.709</b>	<b>2.515</b>	<b>1</b>	<b>32</b>	<b>17</b>	<b>144</b>
<i>01.1. Cultivos non perennes</i>	16	15	0	1	0	0
<i>01.2. Cultivos perennes</i>	13	11	1	1	0	0
<i>01.4. Producción gandeira</i>	2.591	2.427	0	23	6	135
<i>01.5. Producción agrícola combinada coa produción gandeira</i>	47	39	0	0	1	7
A actividade que máis empresas ten no sector servizos é a do comercio, que representan o 36,83% do total do sector no GDR05, seguida da hostalería que supón o 16,64% e do transporte e almacenamento cun 12,83%. Estas tres actividades que acabamos de comentar, xuntas supoñen máis do 66% do total das empresas do sector terciario no noso territorio.

Agora imos seguir co mesmo formato de estudio empregado no sector primario e no secundario, pero dada a importancia que este sector terciario ou de servizos ten no territorio e a amplitude das actividades que aglutina, máis adiante (ao finalizar coa estrutura seguida) imos detallar moito máis a análise por actividades deste sector.

Polo que seguindo a estrutura empregada no estudio, imos ver para o sector servizos a clasificación que fai o IGE para as empresas con actividade en Galicia segundo actividade principal (CNAE 2009) e estrato de asalariados, veremos que na actividade “Servizos” para o ano 2014 os datos son os que se recollen na táboa da páxina seguinte. O IGE fai a división de estratos de asalariados para as empresas que xa se expuxo no sector primario, e que será a mesma que agora se utilice.


Para o sector servizos do territorio do GDR05 hai unha soa empresa de máis de 100 asalariados, concretamente na categoría de 100 a 249 asalariados, que está asentada no concello de Sarria pero aínda así e por cuestións de espazo e uniformidade no estudio, non imos incluír no cadro da páxina seguinte as dúas últimas categorías, empresas de 100 a 249 asalariados e 250 ou máis asalariados. Pero igual que fixemos na análise do sector primario e do secundario, temos que dicir que na provincia de Lugo existen 19 empresas con entre 100 e 249 asalariados e en Galicia o número de empresas no sector servizos nesta categoría é de 215, e por último en Lugo hai 7 empresas de 250 ou máis asalariados no sector terciario, e que na comunidade autónoma galega son 98 en total.

**Ano 2014. Empresas con actividade en Galicia que teñen como actividade principal (CNAE 2009) "Servizos" e estrato de asalariados**

Ámbito territorial	Total	De 0 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99
Antas de Ulla	67	62	3	0	1	1	0
Carballedo	75	67	4	2	1	1	0
Chantada	572	506	42	13	8	0	3
Monterroso	207	189	11	4	0	2	1
Palas de Rei	175	151	17	3	3	0	1
Paradela	62	56	2	3	0	1	0
Páramo (O)	35	30	3	1	1	0	0
Portomarín	77	70	4	2	0	1	0
Sarria	974	860	69	29	8	7	0
Taboada	118	106	8	2	1	1	0
<b>GDR05</b>	<b>2.362</b>	<b>2.097</b>	<b>163</b>	<b>59</b>	<b>23</b>	<b>14</b>	<b>5</b>
Lugo (provincia)	18.757	15.995	1.610	576	324	187	39
<b>Galicia</b>	<b>152.807</b>	<b>131.143</b>	<b>12.208</b>	<b>4.492</b>	<b>2.760</b>	<b>1.479</b>	<b>412</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Á vista destes datos, diremos que no sector servizos do GDR05, o maior número de empresas existentes son as de 0 a 2 asalariados, de xeito moi parecido ao que sucede na provincia de Lugo. Vexamos, só para o territorio do GDR05, a distribución destas porcentaxes da cada unha das diferentes empresas segundo estrato de asalariados (por número de empresas existentes) no gráfico seguinte:



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Imos ver agora, na táboa seguinte, e só para o GDR05, como se distribúen no sector “Servizos” para o ano 2014 as empresas segundo o estrato de asalariados e a clasificación de actividades do CNAE 2009:

2014. Empresas segundo estrato de asalariados “Servizos” (CNAE 2009)							
Ámbito territorial: GDR05	Total	De 0 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99
<b>SERVIZOS</b>	<b>2.362</b>	<b>2.097</b>	<b>163</b>	<b>59</b>	<b>23</b>	<b>14</b>	<b>5</b>
<b>G. COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS</b>	<b>870</b>	<b>768</b>	<b>76</b>	<b>17</b>	<b>8</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
<b>45. Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas</b>	<b>127</b>	<b>111</b>	<b>15</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<i>45.1. Venta de vehículos de motor</i>	21	18	3	0	0	0	0
<i>45.2. Mantemento e reparación de vehículos de motor</i>	96	84	11	1	0	0	0
<i>45.1. Comercio de recambios e accesorios de vehículos de motor</i>	10	9	1	0	0	0	0
<b>46. Comercio por xunto (p.x.) e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas</b>	<b>242</b>	<b>207</b>	<b>19</b>	<b>11</b>	<b>5</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<i>46.1. Intermediarios do comercio</i>	39	39	0	0	0	0	0
<i>46.2. Comercio p.x. de materias primas agrarias e de animais vivos</i>	55	51	3	1	0	0	0
<i>46.3. Comercio p.x. de produtos alimenticios, bebidas e tabaco</i>	42	30	5	4	3	0	0
<i>46.4. Comercio p.x. de artigos de uso doméstico</i>	22	18	4	0	0	0	0
<i>46.5. Comercio p.x. de equipam. para as tecnoloxías da información e as comunicacións</i>	8	8	0	0	0	0	0
<i>46.6. Comercio p.x. doutra maquinaria, equipamentos e fornecementos</i>	34	25	5	2	2	0	0
<i>46.7. Outro comercio p.x. especializado</i>	39	33	2	4	0	0	0
<i>46.9. Comercio p.x. non especializado</i>	3	3	0	0	0	0	0
<b>47. Comercio a retallo (a.r.), salvo de vehículos de motor e motocicletas</b>	<b>501</b>	<b>450</b>	<b>42</b>	<b>5</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
<i>47.1. Comercio a.r. en establecementos non especializados</i>	89	82	6	0	1	0	0
<i>47.2. Comercio a.r. produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados</i>	55	50	4	0	1	0	0
<i>47.3. Comercio a.r. de combustible para a automoción establecementos especializados</i>	11	5	6	0	0	0	0
<i>47.4. Comercio a.r. de equipamentos para as tecnoloxías da información e as comunicacións establecementos especializados</i>	15	13	1	1	0	0	0



2014. Empresas segundo estrato de asalariados “Servizos” (CNAE 2009)							
Ámbito territorial: GDR05	Total	De 0 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99
<i>47.5. Comercio a.r. doutros artigos de uso doméstico establecementos especializados</i>	112	102	9	0	1	0	0
<i>47.6. Comercio a.r. de artigos culturais e recreativos establecementos especializados</i>	28	27	1	0	0	0	0
<i>47.7. Comercio a.r. doutros artigos en establecementos especializados</i>	169	150	15	3	0	1	0
<i>47.8. Comercio a.r. en postos de venda e feiras</i>	20	19	0	1	0	0	0
<i>47.9. Comercio a.r. non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras</i>	2	2	0	0	0	0	0
<b>H. TRANSPORTE E ALMACENAMENTO</b>	<b>303</b>	<b>253</b>	<b>31</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>3</b>	<b>0</b>
<b>49. Transporte terrestre e por tubaxe</b>	<b>295</b>	<b>246</b>	<b>30</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>3</b>	<b>0</b>
<i>49.3. Outro transporte terre.e de pasaxeiros</i>	83	76	4	0	2	1	0
<i>49.4. Transporte de mercadorías por estrada e servizos de mudanza</i>	212	170	26	8	6	2	0
<b>50. Transporte marítimo e por vías navegables interiores</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<i>50.3. Transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores</i>	1	0	0	0	0	0	0
<b>52. Almacenamento e actividades anexas ao transporte</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<i>52.1. Depósito e almacenamento</i>	1	0	1	0	0	0	0
<i>52.2. Actividades anexas ao transporte</i>	3	3	0	0	0	0	0
<b>53. Actividades postais e de correos</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<i>53.2. Outras actividades postais e de correos</i>	3	3	0	0	0	0	0
<b>I. HOSTALARÍA</b>	<b>393</b>	<b>340</b>	<b>32</b>	<b>17</b>	<b>3</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
<b>55. Servizos de aloxamento</b>	<b>77</b>	<b>69</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>0</b>
<i>55.1. Hoteis e aloxamentos similares</i>	39	33	0	3	2	1	0
<i>55.2. Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada</i>	36	34	1	1	0	0	0
<i>55.3. Cámpings e aparcadoiros para caravanas</i>	1	1	0	0	0	0	0
<i>55.9. Outros aloxamentos</i>	1	1	0	0	0	0	0
<b>56. Servizos de comidas e bebidas</b>	<b>316</b>	<b>271</b>	<b>31</b>	<b>13</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<i>56.1. Restaurantes e postos de comida</i>	64	50	9	5	0	0	0
<i>56.2. Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas</i>	1	1	0	0	0	0	0
<i>56.3. Establecementos de bebidas</i>	251	220	22	8	1	0	0

2014. Empresas segundo estrato de asalariados “Servizos” (CNAE 2009)							
Ámbito territorial: GDR05	Total	De 0 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99
<b>J. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS</b>	<b>11</b>	<b>11</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
59. Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	2	2	0	0	0	0	0
60. Actividades de programación e emisión de radio e televisión	1	1	0	0	0	0	0
61. Telecomunicacións	4	4	0	0	0	0	0
62. Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	4	4	0	0	0	0	0
<b>K. ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS</b>	<b>65</b>	<b>64</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
65. Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seguranza social obrigatoria	1	1	0	0	0	0	0
66. Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	64	63	0	1	0	0	0
<b>L. ACTIVIDADES INMOBILIARIAS</b>	<b>57</b>	<b>57</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
68. Actividades inmobiliarias	57	0	0	0	0	0	0
<b>M. ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS</b>	<b>250</b>	<b>239</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
69. Actividades xurídicas e de contabilidade	105	97	3	4	1	0	0
69.1. Actividades xurídicas	57	53	2	2	0	0	0
69.2. Actividades de contabilidade, conservación de libros, auditoría e asesoría fiscal	48	44	1	2	1	0	0
70. Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial	1	1	0	0	0	0	0
71. Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas	63	61	1	0	1	0	0
72. Investigación e desenvolvemento	2	2	0	0	0	0	0
73. Publicidade e estudos de mercado	7	6	0	1	0	0	0
74. Outras actividades profesionais científicas e técnicas	25	25	0	0	0	0	0
75. Actividades veterinarias	47	47	0	0	0	0	0
<b>N. ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES</b>	<b>78</b>	<b>70</b>	<b>5</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
77. Actividades de aluguer	19	18	0	1	0	0	0
77.1. Aluguer de vehículos de motor	2	1	0	1	0	0	0
77.3. Aluguer doutra maquinaria, equipamentos e bens tanxibles	17	17	0	0	0	0	0

2014. Empresas segundo estrato de asalariados “Servizos” (CNAE 2009)							
Ámbito territorial: GDR05	Total	De 0 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99
<b>79. Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes</b>	8	7	1	0	0	0	0
<b>81. Servizos a edificios e activid. xardinaría</b>	38	34	2	2	0	0	0
81.2. <i>Actividades de limpeza</i>	28	24	2	2	0	0	0
81.3. <i>Actividades de xardinaría</i>	10	10	0	0	0	0	0
<b>82. Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas</b>	13	11	2	0	0	0	0
<b>O. ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA</b>	13	1	0	0	1	6	4
84. <i>Administración pública e defensa; seguranza social obrigatoria</i>	13	1	0	0	1	6	4
<b>P. EDUCACIÓN</b>	48	43	3	0	0	2	0
85. <i>Educación</i>	48	43	3	0	0	2	0
85.2. <i>Educación primaria</i>	1	0	0	0	0	1	0
85.3. <i>Educación secundaria</i>	12	10	1	0	0	1	0
85.5. <i>Outra educación</i>	35	33	2	0	0	0	0
<b>Q. ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS</b>	68	53	6	6	1	1	1
86. <i>Actividades sanitarias</i>	52	46	2	4	0	0	0
86.2. <i>Actividades médicas e odontolóxicas</i>	18	16	1	1	0	0	0
86.9. <i>Outras actividades sanitarias</i>	34	30	1	3	0	0	0
87. <i>Asistencia en establecementos residenciais</i>	9	3	1	2	1	1	1
87.1. <i>Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios</i>	1	0	0	0	0	0	1
87.2. <i>Asistencia en establecem. residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia</i>	1	0	0	0	1	0	0
87.3. <i>Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores e con discapacidade física</i>	3	2	0	0	0	1	0
87.9. <i>Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais</i>	4	1	1	2	0	0	0
88. <i>Actividades de servizos sociais sen aloxamento</i>	7	4	3	0	0	0	0
88.1. <i>Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade</i>	3	2	1	0	0	0	0
88.9. <i>Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento</i>	4	2	2	0	0	0	0

2014. Empresas segundo estrato de asalariados “Servizos” (CNAE 2009)							
Ámbito territorial: GDR05	Total	De 0 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99
<b>R. ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO</b>	<b>60</b>	<b>58</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
90. Actividades de creación, artísticas e espectáculos	23	23	0	0	0	0	0
91. Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	1	1	0	0	0	0	0
92. Actividades de xogos de azar e apostas	8	8	0	0	0	0	0
93. Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	28	26	1	1	0	0	0
93.1. Actividades deportivas	11	11	0	0	0	0	0
93.2. Actividades recreativas e entretemento	17	15	1	1	0	0	0
<b>S. OUTROS SERVICIOS</b>	<b>146</b>	<b>140</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
94. Actividades asociativas	20	17	2	1	0	0	0
94.1. Actividades de organizacións empresariais, profesionais e patronais	7	7	0	0	0	0	0
94.9. Outras actividades asociativas	13	10	2	1	0	0	0
95. Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	12	12	0	0	0	0	0
96. Outros servizos persoais	114	111	3	0	0	0	0

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Si agora nos fixamos nas empresas con 10 ou máis asalariados, no territorio do GDR05 temos 43 no sector servizos. Se analizamos agora a que actividades se dedican estas empresas, temos que 9 teñen por actividade o comercio, 11 son de transporte terrestre (de persoas e mercadorías), 4 son de hostalaría, 2 de actividades profesionais (xestoría e oficina técnica), 12 da administración pública, defensa e seguranza social obrigatoria, 2 de educación, e por último 3 dedícanse ás actividades sanitarias e de servizos sociais, concretamente á asistencia en establecementos residenciais.

Tal e como xa explicamos con anterioridade, pasamos agora a facer unha análise máis detallada das actividades do sector servizos que teñen un maior peso no territorio do GDR05.


### Comercio:

Esta é a primeira actividade pola que imos empezar, primeira segundo a numeración do CNAE 2009 e tamén primeira na zona segundo número de empresas que se dedican á mesma no ano 2014, que representan o 36,83% do total do sector no noso territorio.

No GDR05 existen un total de 870 empresas de alta no “Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, das que un 64,14% teñen como titular a unha persoa física e un 26,28% teñen como condición xurídica a sociedade de responsabilidade limitada, e se atendemos ao número de asalariados, un 88,28% están na

categoría de 0 a 2 asalariados. Vexamos agora como é o reparto en porcentaxes das diferentes actividades englobadas no epígrafe do CNAE citado.

**DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DAS EMPRESAS DA ACTIVIDADE  
"COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE  
VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS". GDR05 ANO 2014**



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

E agora imos ver como se distribúen por concellos do GDR05, e tamén no propio GDR05, as empresas nestas actividades englobadas no CNAE de “Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas”, para deste xeito ver cales poden ser as carencias existentes.

Na táboa da páxina seguinte recóllese esta información, e para elo utilizamos as seguintes abreviaturas para referirnos aos diferentes concellos:

- Antas de Ulla = A
- Carballedo = C
- Chantada = CH
- Monterroso = M
- Palas de Rei = PR
- Paradela = PA
- O Páramo = PM
- Portomarín = PO
- Sarria = S
- Taboada = T

Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas. Ano 2014	A	C	CH	M	PR	PA	PM	PO	S	T	GDR05
<b>45. Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas</b>	<b>5</b>	<b>7</b>	<b>28</b>	<b>14</b>	<b>7</b>	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>6</b>	<b>48</b>	<b>6</b>	<b>127</b>
<i>45.1. Venda de vehículos de motor</i>	0	0	10	3	0	0	0	1	7	0	21
<i>45.2. Mantemento e reparación de vehículos de motor</i>	5	5	16	11	6	4	2	5	36	6	96
<i>45.3. Comercio de recambios e accesorios de vehículos de motor</i>	0	2	2	0	1	0	0	0	5	0	10
<i>45.4. Venda, mantemento e reparación motocicletas e dos seus recambios e accesorios</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>46. Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo vehículos motor e motocicletas</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>65</b>	<b>22</b>	<b>12</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>6</b>	<b>96</b>	<b>10</b>	<b>242</b>
<i>46.1. Intermediarios do comercio</i>	0	1	11	1	1	2	1	0	20	2	39
<i>46.2. Comercio p.x. materias primas agrarias e animais vivos</i>	1	4	12	7	2	5	2	3	17	2	55
<i>46.3. Comercio p.x. de produtos alimenticios, bebidas e tabaco</i>	2	1	20	5	0	0	1	1	11	1	42
<i>46.4. Comercio p.x. de artigos de uso doméstico</i>	0	0	6	4	1	0	0	0	11	0	22
<i>46.5. Comercio p.x. de equipamentos para tecnoloxías da información e as comunicacións</i>	0	0	0	0	0	1	0	0	7	0	8
<i>46.6. Comercio p.x. doutra maquinaria, equipamentos e fornecementos</i>	1	2	8	2	2	0	2	0	13	4	34
<i>46.7. Outro comercio p.x. especializado</i>	3	0	7	3	6	1	1	2	15	1	39
<i>46.9. Comercio p.x. non especializado</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	2	0	3
<b>47. Comercio a retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas</b>	<b>15</b>	<b>13</b>	<b>128</b>	<b>53</b>	<b>41</b>	<b>14</b>	<b>2</b>	<b>18</b>	<b>186</b>	<b>31</b>	<b>501</b>
<i>47.1. Comercio a.r. en establecementos non especializados</i>	7	3	16	7	13	4	1	5	24	9	89
<i>47.2. Comercio a.r. produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados</i>	2	1	13	5	6	1	0	3	20	4	55
<i>47.3. Comercio a.r. de combustible para a automoción en establecementos especializados</i>	1	2	2	1	2	1	0	1	2	1	11
<i>47.4. Comercio a.r. de equip. para tecnoloxías información e comunicación en estab. espec.</i>	0	0	1	1	2	0	0	0	10	1	15
<i>47.5. Comercio a.r. doutros artigos de uso doméstico establecementos especializados</i>	3	3	28	11	3	1	0	5	50	8	112
<i>47.6. Comercio a.r. de artigos culturais e recreativos establecementos especializados</i>	1	0	7	4	2	0	0	1	13	0	28
<i>47.7. Comercio a.r. doutros artigos en establecementos especializados</i>	1	5	54	21	9	7	0	2	62	8	169
<i>47.8. Comercio a.r. en postos de venda e feiras</i>	0	1	6	3	4	0	1	0	5	0	20
<i>47.9. Comercio a.r. non realizado nin en establecemen., nin en postos de venda nin en feiras</i>	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	2
<b>TOTAIS</b>	<b>27</b>	<b>28</b>	<b>221</b>	<b>89</b>	<b>60</b>	<b>27</b>	<b>11</b>	<b>30</b>	<b>330</b>	<b>47</b>	<b>870</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como se pode comprobar na táboa da páxina anterior, o desenvolvemento da actividade “Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas” é moi diferente segundo os concellos que analicemos.

Ao igual que ocorre con todos os sectores e actividades, os concellos de Sarria e Chantada son os máis desenvolvidos en canto ao comercio se atendemos ao número de empresas existentes. En Sarria ubícase o 37,93% das empresas, distribuídas en practicamente todas as actividades deste epígrafe do CNAE, e en Chantada, cunha porcentaxe do 25,40% das empresas de comercio do territorio, ocorre exactamente o mesmo. Son os concellos máis poboados e nos que por tanto, como xa se comentou ao longo de todo o estudo, se produce un maior desenvolvemento de todos os servizos.

No bando contrario está o concello de O Páramo, con tan só 11 empresas no epígrafe comercio, e no que debemos facer fincapé na escaseza de comercio polo miúdo, xa que carece de establecementos tan básicos para a poboación como poden ser de venda especializada de alimentos (carnicería, froitería, etc.), de librarías, de tendas de roupa, de zapaterías, de electrodomésticos, gasoleiras, etc.


Podemos dicir, e os datos da táboa aválannos para elo, que o comercio tamén está pouco desenvolvido nos seguintes concellos do GDR05: Antas de Ulla, Carballedo, Paradelá e Portomarín.

### Hostalaría:

No ano 2014, esta é a segunda actividade por número de empresas que se dedican á mesma, que representan o 16,64% do total do sector no noso territorio.

No GDR05 existen un total de 393 empresas de alta no epígrafe “Hostalaría”, das que un 75,32% teñen como titular a unha persoa física e un 13,99% teñen como condición xurídica a sociedade de responsabilidade limitada, e se atendemos ao número de asalariados, un 86,51% están na categoría de 0 a 2 asalariados. Vexamos agora como é o reparto en porcentaxes das diferentes actividades englobadas no epígrafe do CNAE citado.

**DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DAS EMPRESAS DA ACTIVIDADE  
"HOSTALARÍA". GDR05 ANO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE



E agora imos ver como se distribúen por concellos do GDR05, e tamén no propio GDR05, as empresas nestas actividades englobadas no CNAE de “Hostalaría”, para deste xeito ver cales poden ser as carencias existentes. Na táboa seguinte recóllese esta información, e para elo utilizamos as mesmas abreviaturas que nas táboas anteriores para referirnos aos concellos (Antas de Ulla = A; Carballedo = C; Chantada = CH; Monterroso = M; Palas de Rei = PR; Paradela = PA; O Páramo = PM; Portomarín = PO; Sarria = S; Taboada = T):

Hostalaría. Ano 2014	A	C	CH	M	PR	PA	PM	PO	S	T	GDR05
<b>55. Servizos de aloxamento</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>6</b>	<b>20</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>9</b>	<b>27</b>	<b>3</b>	<b>77</b>
<i>55.1. Hoteis e aloxamentos similares</i>	<i>1</i>	<i>0</i>	<i>2</i>	<i>2</i>	<i>9</i>	<i>2</i>	<i>0</i>	<i>6</i>	<i>15</i>	<i>2</i>	<i>39</i>
<i>55.2. Aloxamentos turísticos e outros aloxamentos de curta estada</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>7</i>	<i>4</i>	<i>10</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>3</i>	<i>11</i>	<i>1</i>	<i>36</i>
<i>55.3. Cámpings e aparcadoiros para caravanas</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>0</i>	<i>1</i>
<i>55.9. Outros aloxamentos</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>1</i>
<b>56. Servizos de comidas e bebidas</b>	<b>7</b>	<b>18</b>	<b>70</b>	<b>32</b>	<b>24</b>	<b>9</b>	<b>3</b>	<b>9</b>	<b>127</b>	<b>17</b>	<b>316</b>
<i>56.1. Restaurantes e postos de comida</i>	<i>0</i>	<i>3</i>	<i>15</i>	<i>7</i>	<i>3</i>	<i>3</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>25</i>	<i>7</i>	<i>64</i>
<i>56.2. Provisión de comidas preparadas para eventos e outros servizos de comidas</i>	<i>0</i>	<i>1</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>0</i>	<i>1</i>
<i>56.3. Establecementos de bebidas</i>	<i>7</i>	<i>14</i>	<i>55</i>	<i>25</i>	<i>21</i>	<i>6</i>	<i>3</i>	<i>8</i>	<i>102</i>	<i>10</i>	<i>251</i>
<b>TOTAIS</b>	<b>8</b>	<b>18</b>	<b>79</b>	<b>38</b>	<b>44</b>	<b>11</b>	<b>3</b>	<b>18</b>	<b>154</b>	<b>20</b>	<b>393</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Unha vez vistos os datos desta táboa, imos complementalos, nos datos referidos a aloxamentos existentes no territorio do GDR05, con outros que tamén elabora o IGE para o ano 2013, segundo información da Consellería de Cultura e Turismo. Dirección Xeral para o Turismo, actualizados coa publicación do Directorio de empresas e actividades turísticas (aloxamentos turísticos) edición 2014 da Xunta de Galicia. O número de prazas de aloxamento nos concellos polos que pasa o Camiño de Santiago é moito máis elevado que no resto do territorio (Monterroso, Palas de Rei, Paradela, Portomarín e Sarria). Os concellos de O Páramo, Taboada e Antas de Ulla, destacan polo baixo número tanto de establecementos como de prazas. Coa táboa seguinte podemos coñecer de xeito detallado para o 2014, o número de establecementos existentes, os cuartos de que dispoñen, e o número de prazas ofertadas:

Ámbito territorial / Tipo de aloxamento	Nº establecementos	Cuartos	Prazas
<b>ANTAS DE ULLA</b>	<b>2</b>	<b>21</b>	<b>41</b>
Hoteis	1	11	21
Pensións	0	0	0
Albergues turísticos	0	0	0
Turismo rural	1	10	20
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	0	0	0
<b>CARBALLEDO</b>	<b>4</b>	<b>106</b>	<b>334</b>
Hoteis	1	12	24
Pensións	0	0	0
Albergues turísticos	1	88	294
Turismo rural	1	3	6
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	1	3	10
<b>CHANTADA</b>	<b>11</b>	<b>140</b>	<b>254</b>
Hoteis	2	48	83
Pensións	3	46	79
Albergues turísticos	0	0	0
Turismo rural	6	46	92
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	0	0	0
<b>MONTERROSO</b>	<b>11</b>	<b>80</b>	<b>237</b>
Hoteis	1	26	46
Pensións	3	14	20
Albergues turísticos	1	6	12
Turismo rural	5	34	75
Campamentos de turismo	1	---	84
Apartamentos turísticos	0	0	0

Ámbito territorial / Tipo de aloxamento	Nº establecementos	Cuartos	Prazas
<b>PALAS DE REI</b>	<b>33</b>	<b>295</b>	<b>778</b>
Hoteis	2	41	73
Pensións	14	139	293
Albergues turísticos	9	73	306
Turismo rural	7	39	87
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	1	3	19
<b>PARADELA</b>	<b>5</b>	<b>27</b>	<b>88</b>
Hoteis	0	0	0
Pensións	1	9	16
Albergues turísticos	3	12	60
Turismo rural	1	6	12
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	0	0	0
<b>O PÁRAMO</b>	<b>1</b>	<b>7</b>	<b>14</b>
Hoteis	0	0	0
Pensións	0	0	0
Albergues turísticos	0	0	0
Turismo rural	1	7	14
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	0	0	0
<b>PORTOMARÍN</b>	<b>24</b>	<b>187</b>	<b>680</b>
Hoteis	2	70	131
Pensións	8	75	133
Albergues turísticos	12	39	328
Turismo rural	1	3	6
Campamentos de turismo	1	---	82
Apartamentos turísticos	0	0	0
<b>SARRIA</b>	<b>43</b>	<b>367</b>	<b>1.527</b>
Hoteis	5	149	285
Pensións	14	87	154
Albergues turísticos	18	91	627
Turismo rural	4	24	48
Campamentos de turismo	1	---	347
Apartamentos turísticos	1	16	66
<b>TABOADA</b>	<b>2</b>	<b>15</b>	<b>29</b>
Hoteis	0	0	0
Pensións	1	10	19
Albergues turísticos	0	0	0
Turismo rural	1	5	10
Campamentos de turismo	0	---	0
Apartamentos turísticos	0	0	0

Ámbito territorial / Tipo de aloxamento	Nº establecementos	Cuartos	Prazas
<b>GDR05</b>	<b>136</b>	<b>1.245</b>	<b>3.982</b>
Hoteis	14	357	663
Pensións	44	380	714
Albergues turísticos	44	309	1.627
Turismo rural	28	177	370
Campamentos de turismo	3	---	513
Apartamentos turísticos	3	22	95


Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

### Actividades profesionais, científicas e técnicas:

No ano 2014, esta é a cuarta actividade por número de empresas que se dedican á mesma, que representan o 10,58% do total do sector no noso territorio.

No GDR05 existen un total de 250 empresas de alta no epígrafe “Actividades profesionais, científicas e técnicas”, das que un 74,00% teñen como titular a unha persoa física e un 20,80% teñen como condición xurídica a sociedade de responsabilidade limitada, e se atendemos ao número de asalariados, un 95,60% están na categoría de 0 a 2 asalariados. Vexamos agora como é o reparto en porcentaxes das diferentes actividades englobadas no epígrafe do CNAE citado.

### DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DAS EMPRESAS DE "ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS". GDR05 ANO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Actividades profesionais, científicas e técnicas. Ano 2014	A	C	CH	M	PR	PA	PM	PO	S	T	GDR05
<b>69. Actividades xurídicas e de contabilidade</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>27</b>	<b>6</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>56</b>	<b>6</b>	<b>105</b>
<i>69.1. Actividades xurídicas</i>	0	0	19	3	3	1	0	1	27	3	57
<i>69.2. Actividades de contabilidade, conservadoría de libros, auditoría e asesoría fiscal</i>	2	0	8	3	2	0	0	1	29	3	48
<b>70. Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>
<i>70.1. Actividades das sedes centrais</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<i>70.2. Actividades de consultaría de xestión empresarial</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
<b>71. Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>23</b>	<b>5</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>27</b>	<b>1</b>	<b>63</b>
<i>71.1. Serv. técnicos arquitectura e enxeñaría e activid. relacionadas co aconsellamento técni.</i>	0	0	23	5	4	1	1	1	27	1	63
<i>71.2. Ensaio e análises técnicas</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>72. Investigación e desenvolvemento</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>2</b>
<i>72.1. Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias naturais e técnicas</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<i>72.2. Investigación e desenvolvemento experimental en ciencias sociais e humanidades</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	1	0	2
<b>73. Publicidade e estudos de mercado</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>5</b>	<b>0</b>	<b>7</b>
<i>73.1. Publicidade</i>	0	0	0	1	0	0	0	0	5	0	6
<i>73.2. Estudos de mercado e realización de enquisas de opinión pública</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
<b>74. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas</b>	<b>1</b>	<b>0</b>	<b>4</b>	<b>0</b>	<b>2</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>16</b>	<b>2</b>	<b>25</b>
<i>74.1. Actividades de deseño especializado</i>	0	0	2	0	0	0	0	0	1	0	3
<i>74.2. Actividades de fotografía</i>	1	0	1	0	0	0	0	0	6	1	9
<i>74.3. Actividades de tradución e interpretación</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
<i>74.9. Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.</i>	0	0	0	0	2	0	0	0	9	1	12
<b>75. Actividades veterinarias</b>	<b>1</b>	<b>1</b>	<b>9</b>	<b>5</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>2</b>	<b>18</b>	<b>3</b>	<b>47</b>
<i>75.0. Actividades veterinarias</i>	1	1	9	5	3	2	3	2	18	3	47
<b>TOTAIS</b>	<b>4</b>	<b>1</b>	<b>66</b>	<b>17</b>	<b>14</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>123</b>	<b>12</b>	<b>250</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Tal e como se pode comprobar na táboa da páxina anterior, o desenvolvemento das “Actividades profesionais, científicas e técnicas” é moi diferente segundo os concellos que analicemos.

Temos que resaltar non obstante, que o perfil gandeiro do territorio do GDR05 volve quedar patente, co desenvolvemento que presentan as actividades veterinarias, con profesionais presentes en todos os concellos. Os profesionais e empresas dedicados ás actividades veterinarias, xunto coas actividades xurídicas e contables, representan o 60,80% do total das empresas do epígrafe analizado.


Ao igual que ocorre con todos os sectores e actividades, os concellos de Sarria e Chantada son os máis desenvolvidos en canto ao epígrafe analizado se atendemos ao número de empresas existentes. En Sarria están o 49,20% das empresas, distribuídas en practicamente todas as actividades deste epígrafe do CNAE, e en Chantada, cunha porcentaxe do 26,40% das empresas de actividades profesionais, científicas e técnicas da zona, ocorre exactamente o mesmo. Son os concellos máis poboados e nos que por tanto, como xa se comentou ao longo de todo o estudio, se produce un maior desenvolvemento de todos os servizos.

En xeral, no resto dos concellos do GDR05 hai moi poucas empresas de actividades profesionais, científicas e técnicas, destacando polo escaso número das existentes Carballedo, Antas de Ulla, Paradela, O Páramo e Portomarín.

#### **Actividades administrativas e servizos auxiliares:**

No ano 2014, o número de empresas que se dedican ás mesmas representan o 3,30% do total do sector terciario no GDR05. Existen un total de 78 empresas de alta no epígrafe “Actividades administrativas e servizos auxiliares”, das que un 73,08% teñen como titular a unha persoa física e un 19,23% teñen como condición xurídica a sociedade de responsabilidade limitada, e se atendemos ao número de asalariados, un 89,74% están na categoría de 0 a 2 asalariados. Vexamos agora como é o reparto en porcentaxes das diferentes actividades englobadas no epígrafe do CNAE citado.

#### **DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DAS EMPRESAS DE "ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES". GDR05 ANO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

En xeral as actividades deste epígrafe atópanse pouco desenvolvidas no GDR05, a xulgar polo escaso número de empresas existentes, nulo para algún dos apartados e concellos:

Actividades administrativas e servizos auxiliares. Ano 2014	A	C	CH	M	PR	PA	PM	PO	S	T	GDR05
<b>77. Actividades de aluguer</b>	0	3	3	0	1	1	3	0	8	0	19
<i>77.1. Aluguer de vehículos de motor</i>	0	1	1	0	0	0	0	0	0	0	2
<i>77.2. Aluguer de obxectos persoais e artigos de uso doméstico</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<i>77.3. Aluguer doutra maquinaria, equipamentos e bens tanxibles</i>	0	2	2	0	1	1	3	0	8	0	17
<i>77.4. Arrendamento da propiedade intelectual e produtos similares, agás traballos protexidos polos dereitos de autor</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>78. Actividades relacionadas co emprego</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>79. Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes</b>	0	0	4	0	1	0	0	0	3	0	8
<i>79.1. Actividades de axencias de viaxes e operadores turísticos</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	3	0	4
<i>79.9. Outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles</i>	0	0	3	0	1	0	0	0	0	0	4
<b>80. Actividades de seguranza e investigación</b>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<b>81. Servizos a edificios e actividades de xardinería</b>	2	3	12	3	2	1	0	0	14	1	38
<i>81.1. Servizos integrais a edificios e instalacións</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<i>81.2. Actividades de limpeza</i>	0	2	9	2	2	0	0	0	12	1	28
<i>81.3. Actividades de xardinería</i>	2	1	3	1	0	1	0	0	2	0	10
<b>82. Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas</b>	1	0	4	1	3	0	0	0	4	0	13
<i>82.1. Actividades administrativas e auxiliares de oficina</i>	0	0	3	0	2	0	0	0	2	0	7
<i>82.2. Actividades dos centros de chamadas</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<i>82.3. Organización de convencións e feiras de mostras</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	1	0	1
<i>82.9. Actividades de apoio ás empresas n.c.n.</i>	1	0	1	1	1	0	0	0	1	0	5
<b>TOTAIS</b>	<b>3</b>	<b>6</b>	<b>23</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>0</b>	<b>29</b>	<b>1</b>	<b>78</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE



Tal e como se pode comprobar na táboa da páxina anterior, o desenvolvemento das “Actividades administrativas e servizos auxiliares” é moi diferente segundo os concellos que analicemos.

Ao igual que ocorre con todos os sectores e actividades, os concellos de Sarria e Chantada son os máis desenvolvidos en canto ao epígrafe analizado se atendemos ás empresas existentes. En Sarria están o 37,18% das empresas deste epígrafe do CNAE, e Chantada conta cunha porcentaxe do 29,49% das empresas de actividades administrativas e servizos auxiliares da zona. Son os concellos máis poboados e nos que por tanto, como se comentou ao longo de todo o estudo, se produce un maior desenvolvemento de todos os servizos.


En xeral, no resto dos concellos do GDR05 hai moi poucas empresas de actividades administrativas e servizos auxiliares, destacando Portomarín que non ten ningunha e os sete restantes concellos (Taboada, Paradela, Antas de Ulla, O Páramo, Monterroso, Carballedo e Palas de Rei) teñen un escaso número.

### **Actividades sanitarias e de servizos sociais:**

No ano 2014, o número de empresas que se dedican ás mesmas representan o 2,88% do total do sector terciario no GDR05. A análise deste epígrafe resulta especialmente interesante, porque nel se engloban, entre outras actividades, a prestación de servizos de asistencia a colectivos como persoas con diversidade funcional e persoas maiores, o que dado o envellecemento da poboación do territorio o converte nunha actividade moi importante e necesaria no GDR05.

Existen un total de 68 empresas de alta no epígrafe “Actividades administrativas e de servizos auxiliares”, das que un 60,29% teñen como titular a unha persoa física, un 20,59% teñen como condición xurídica a sociedade de responsabilidade limitada, e un 19,12% outras formas de condición xurídica. Se atendemos ao número de asalariados, un 77,94% están na categoría de 0 a 2 asalariados. Vexamos agora como é o reparto en porcentaxes das diferentes actividades englobadas no epígrafe do CNAE citado.

**DISTRIBUCIÓN EN PORCENTAXES DAS EMPRESAS DE "ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS". GDR05 ANO 2014**



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

E agora imos ver como se distribúen por concellos do GDR05, e tamén no propio GDR05, as empresas nestas actividades englobadas no CNAE de “Actividades sanitarias e de servizos sociais”, para deste xeito ver cales poden ser as carencias existentes. Como podemos comprobar as actividades deste epígrafe atópanse moi pouco desenvolvidas no GDR05 (con excepción de Sarria e Chantada) a vulgar polo escaso número de empresas existentes, e en algúns concellos resulta verdadeiramente prioritaria a instalación de servizos de benestar para maiores e infancia fundamentalmente:

Actividades sanitarias e de servizos sociais. Ano 2014	A	C	CH	M	PR	PA	PM	PO	S	T	GDR05
<b>86. Actividades sanitarias</b>	2	0	16	4	4	1	1	2	21	1	52
<i>86.1. Actividades sanitarias</i>	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
<i>86.2. Actividades médicas e odontolóxicas</i>	0	0	6	2	0	0	0	1	8	1	18
<i>86.9. Outras actividades sanitarias</i>	2	0	10	2	4	1	1	1	13	0	34
<b>87. Asistencia en establecementos residenciais</b>	0	0	5	1	0	1	0	0	2	0	9
<i>87.1. Asistencia en establecementos residenciais con coidados sanitarios</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
<i>87.2. Asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade intelectual, enfermidade mental e drogodependencia</i>	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
<i>87.3. Asistencia en establecementos residenciais para persoas maiores e con discapacidade física</i>	0	0	1	0	0	1	0	0	1	0	3
<i>87.9. Outras actividades de asistencia en establecementos residenciais</i>	0	0	2	1	0	0	0	0	1	0	4
<b>88. Actividades de servizos sociais sen aloxamento</b>	0	0	2	1	0	0	0	0	4	0	7
<i>88.1. Actividades de servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores e con discapacidade</i>	0	0	0	1	0	0	0	0	2	0	3
<i>88.9. Outras actividades de servizos sociais sen aloxamento</i>	0	0	2	0	0	0	0	0	2	0	4
<b>TOTAIS</b>	2	0	23	6	4	2	1	2	27	1	

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Unha vez vistos os datos desta táboa, imos complementalos coa información referente aos concellos do GDR05 que aparece no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia (xestionado pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais), que recolle a información referida ás entidades que desenvolven programas ou son titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais, nos seguintes ámbitos: maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios. Aquí volven quedar claras as carencias existentes en algúns dos concellos do territorio:

#### Antas de Ulla:

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
APARTAMENTOS TUTELADOS DE ANTAS DE ULLA	MAIORES	APARTAMENTO TUTELADO	16
ESCOLA INFANTIL UNITARIA ANTAS DE ULLA	INFANCIA	PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)	20
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO ANTAS DE ULLA	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	2.621

#### Carballedo:

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO CARBALLEDO	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	1.342

#### Chantada:

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
VIVENDA COMUNITARIA SANTA LUCIA	MAIORES	VIVENDA COMUNITARIA	8
CENTRO OCUPACIONAL ALBORADA	DISCAPACIDADE	CENTRO OCUPACIONAL	39
RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE ASDEME	DISCAPACIDADE	RESIDENCIA DE DISCAPACITADOS ADULTOS	24
CENTRO DE DIA DE CHANTADA	MAIORES	CENTRO DE DÍA	25
MINIRESIDENCIA NOSA SRA. DAS MERCEDES	MENORES	MINIRRESIDENCIA	20
RESIDENCIA PARA PERSOAS MAIORES GERIATROS CHANTADA	MAIORES	GRAN CENTRO RESIDENCIAL	201
ESCOLA INFANTIL DE CHANTADA	INFANCIA	ESCOLA INFANTIL	56
CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES EN CHANTADA	MAIORES	CENTRO DE DÍA	49
PROGRAMA AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE CHANTADA	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	2.589
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR AFACHANTADA	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	13

#### Monterroso:

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
CENTRO DE DÍA DE MONTERROSO	MAIORES	CENTRO DE DÍA	20
ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MONTERROSO	INFANCIA	ESCOLA INFANTIL	38
MINIRRESIDENCIA COLABORADORA "NIÑO JESUS"	MENORES	MINIRRESIDENCIA	15
VIVENDA COMUNITARIA DE MONTERROSO	MAIORES	VIVENDA COMUNITARIA	12
PROGRAMA AXUDA NO FOGAR CONCELLO MONTERROSO	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	871

**Palas de Rei:**

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
CENTRO DE DIA PALAS DE REI	MAIORES	CENTRO DE DÍA	20
ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE PALAS DE REI	INFANCIA	ESCOLA INFANTIL	30
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO PALAS DE REI	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	1.294

**Paradela:**

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
CENTRO SOCIAL MANUEL ORESTE RODRIGUEZ LOPEZ	COMUNIDADE	CENTRO SOCIAL	0
PROGRAMA AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PARADELA	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	725

**O Páramo:**

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DO PÁRAMO	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	932

**Portomarín:**

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO PORTOMARÍN	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	954

**Sarria:**

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
CENTRO DE ATENCION A PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE SARRIA	DISCAPACIDADE	RESIDENCIA DE DISCAPACITADOS GRAVEMENTE AFECTADOS	120
RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARMÉ	MAIORES	RESIDENCIA	91
ESCOLA INFANTIL BUGS BUNNY	INFANCIA	ESCOLA INFANTIL	30
ESCOLA INFANTIL PUMUKY	INFANCIA	ESCOLA INFANTIL	30
CENTRO DE DIA PARA PERSOAS MAIORES OS MAIOS	MAIORES	CENTRO DE DÍA	60
VIVENDA COMUNITARIA AURIS	MAIORES	VIVENDA COMUNITARIA	12
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR CONCELLO DE SARRIA	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	2.381
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR OS MAIOS	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	

**Taboada:**

CENTRO / PROGRAMA	ÁREA	TIPO	PRAZAS AUTORIZADAS
RESIDENCIA TABOADA	MAIORES	MINIRRESIDENCIA	54
APARTAMENTOS TUTELADOS TABOADA	MAIORES	APARTAMENTO TUTELADO	42
PUNTO DE ATENCION Á INFANCIA DE TABOADA	INFANCIA	PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)	20
PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE TABOADA	COMUNIDADE	AXUDA NO FOGAR	6.721

*Nota: As prazas autorizadas que aparecen nos programa de axuda no fogar son horas / mes.*

### 1.3.2. O mercado de traballo

Unha vez analizados os sectores de actividade do territorio do GDR05, imos ver agora algúns datos do mercado de traballo, afiliados e parados, para complementar deste xeito a análise do sistema produtivo.

Os datos de paro e afiliados cos que imos a traballar son os referidos a decembro de 2014, último mes do ano 2014, que é o ano que estamos tomando como referencia para a realización de todo o estudo.

Polo que empezando pola afiliación, imos ver a seguinte táboa:


<b>Afiliados á Seguridade Social en alta laboral segundo concello de residencia e xénero. Decembro 2014</b>							
Ámbito territorial	Total afiliados			Homes afiliados		Mulleres afiliadas	
	Número	% s/poboación total	% s/poboación $\geq 16$	Número	% s/total	Número	% s/total
<b>Antas de Ulla</b>	618	29,30	31,45	331	53,56	287	46,44
<b>Carballedo</b>	796	33,86	35,71	419	52,64	377	47,36
<b>Chantada</b>	2.830	33,32	37,13	1.476	52,16	1.354	47,84
<b>Monterroso</b>	1.187	31,42	34,54	622	52,40	565	47,60
<b>Palas de Rei</b>	1.154	32,16	34,81	637	55,20	517	44,80
<b>Paradela</b>	712	36,81	38,93	379	53,23	333	46,77
<b>Páramo (O)</b>	502	34,06	37,02	274	54,58	228	45,42
<b>Portomarín</b>	534	34,30	36,28	284	53,18	250	46,82
<b>Sarria</b>	4.492	33,54	37,77	2.322	51,69	2.170	48,31
<b>Taboada</b>	950	31,33	33,42	496	52,21	454	47,79
<b>GDR05</b>	<b>13.775</b>	<b>33,03</b>	<b>36,29</b>	<b>7.240</b>	<b>52,56</b>	<b>6.535</b>	<b>47,44</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	112.426	33,13	37,01	58.211	51,78	54.215	48,22
<b>Galicia</b>	875.137	32,03	36,69	450.894	51,52	424.243	48,48

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Os afiliados en decembro de 2014 no territorio do GDR05 representan un 12,25% do total dos da provincia de Lugo e só o 1,57% dos afiliados totais galegos. Os concellos con maior número de afiliados correspóndense lóxicamente cos de maior poboación, Sarria e Chantada. En canto á distribución de afiliados entre homes e mulleres temos que dicir que a situación no GDR05 é significativamente menos igualitaria que na provincia e na comunidade autónoma, xa que mentres que neses dous ámbitos a diferenza é un pouco superior a tres puntos a favor dos homes, no noso territorio aínda é superior en máis de cinco puntos. Como sempre ocorre, a situación varía moito entre concellos, así Sarria sitúase entorno á Lugo e Galicia, mentres que en concellos como Palas de Rei e O Páramo a afiliación dos homes supera á das mulleres en case dez puntos.

O IGE define a taxa de ocupación como a porcentaxe de ocupados sobre a poboación de 16 ou máis anos, entón como non podemos calcular esa taxa porque non dispomos do dato de poboación ocupada a nivel municipal, o que fixemos na táboa foi calcular a porcentaxe de afiliados (a data de referencia dos datos é o último día de mes, o 31 de decembro de 2014) sobre a poboación de 16 ou máis anos (a data de referencia dos datos é o primeiro día do ano, o 1 de xaneiro de 2015) nos distintos ámbitos territoriais analizados, e os resultados representáanse graficamente de seguido:

**PORCENTAXE DE AFILIADOS SOBRE POBOACIÓN MAIOR DE 16 ANOS.  
DECEMBRO 2014**



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Segundo os datos obtidos para esta taxa alternativa que acabamos de calcular, vemos que o GDR05 ten valores moi similares aos de Galicia e a provincia de Lugo. E por concellos, como ocorre ao longo de todo o estudio, a situación varía entorno aos sete puntos da porcentaxe máis alta á máis baixa.

Na táboa da páxina seguinte, e para acabar coa análise da afiliación, posto que o IGE non ten desagregados máis datos a nivel municipal, imos ver os afiliados á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia por idade. Antes de incluír a táboa, temos que facer unha aclaración, a suma por idade dos afiliados pode non coincidir co total, pois para algúns traballadores o IGE non dispón da data de nacemento.

**Afiados á Seguridade Social en alta laboral segundo o concello de residencia e a idade, e porcentaxes que representan. Decembro 2014**

Ámbito territorial	Total	< 20 anos		20 - 24 anos		25 - 29 anos		30 - 34 anos		35 - 39 anos		40 - 44 anos		45 - 49 anos		50 - 54 anos		55 - 59 anos		≥ 60 anos	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
<b>Antas de Ulla</b>	618	5	0,81	25	4,05	59	9,55	72	11,65	78	12,62	90	14,56	89	14,40	77	12,46	65	10,52	58	9,39
<b>Carballedo</b>	796	5	0,63	28	3,52	65	8,17	97	12,19	81	10,18	85	10,68	111	13,94	102	12,81	120	15,08	102	12,81
<b>Chantada</b>	2.830	9	0,32	90	3,18	249	8,80	331	11,70	337	11,91	404	14,28	420	14,84	421	14,88	320	11,31	249	8,80
<b>Monterroso</b>	1.187	4	0,34	49	4,13	120	10,11	137	11,54	146	12,30	144	12,13	187	15,75	161	13,56	128	10,78	111	9,35
<b>Palas de Rei</b>	1.154	2	0,17	53	4,59	116	10,05	131	11,35	125	10,83	136	11,79	160	13,86	191	16,55	124	10,75	116	10,05
<b>Paradela</b>	712	3	0,42	26	3,65	71	9,97	75	10,53	76	10,67	71	9,97	81	11,38	109	15,31	96	13,48	104	14,61
<b>Páramo (O)</b>	502	2	0,40	18	3,59	36	7,17	54	10,76	68	13,55	72	14,34	64	12,75	78	15,54	62	12,35	48	9,56
<b>Portomarín</b>	534	1	0,19	14	2,62	50	9,36	50	9,36	56	10,49	54	10,11	71	13,30	93	17,42	89	16,67	56	10,49
<b>Sarria</b>	4.492	14	0,31	164	3,65	385	8,57	557	12,40	656	14,60	617	13,64	646	14,38	595	13,25	517	11,51	341	7,59
<b>Taboada</b>	950	2	0,21	28	2,95	79	8,32	106	11,16	109	11,47	123	12,95	136	14,32	132	13,89	122	12,84	113	11,89
<b>GDR05</b>	13.775	47	0,34	495	3,59	1.230	8,93	1.610	11,69	1.732	12,57	1.796	13,04	1.965	14,26	1.959	14,22	1.643	11,93	1.298	9,42
<b>Lugo (provincia)</b>	112.426	296	0,26	3.777	3,26	9.418	8,38	13.410	11,93	15.697	13,96	15.421	13,72	16.001	14,23	15.759	14,02	12.948	11,52	9.699	8,63
<b>Galicia</b>	875.137	2.431	0,28	29.328	3,35	71.384	8,16	109.088	12,47	139.619	15,95	133.570	15,26	123.426	14,10	111.011	12,68	88.631	10,13	66.649	7,62


Fonte: Elaboración a partir de datos IGE



Se atendemos á idade dos afiliados, os datos volven a reflectirnos o envellecemento da poboación do GDR05, cunha tendencia moi semellante á da provincia de Lugo. Así, nestes dous ámbitos territoriais, o maior número de afiliados está comprendido entre os 45 e os 54 anos, xa que en ambos casos estes representan porcentaxes que están por riba do 28% do total dos afiliados. En concellos como Carballado e Paradela, a situación aínda é moito peor, posto que o maior número de afiliados está entre os 55 e os 64, é nesta franxa de idade onde a porcentaxe está entono a ese 28%. En Galicia, a situación é moito mellor, posto que o maior número de afiliados está comprendido entre os 35 e os 44 anos, xa que representan sobre o total unha porcentaxe do 31,22%.

Se agora agrupamos os afiliados en tres categorías de idade, podemos apreciar de xeito máis claro as diferenzas existentes entre os tres ámbitos territoriais analizados segundo as porcentaxes que representa cada categoría:

**PORCENTAXES DE AFILIADOS SEGUNDO A SÚA IDADE. DECEMBRO 2014**



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Pasamos agora a analizar o paro, e imos facelo coma sempre, reflectindo os datos por concellos, os do GDR05, os da provincia de Lugo e o de Galicia, todos eles referidos ao mes de decembro do ano 2104.

Para empezar co análise do paro do mesmo xeito que o fixemos coa afiliación, a primeira táboa que imos incluír é a da distribución do paro entre homes e mulleres, é dicir, por xénero, vendo as porcentaxes que representa cada un. Ademais imos calcular, ao igual que o fixemos para a afiliación, a porcentaxe que ese paro representa sobre a poboación total de cada un dos ámbitos, e sobre as persoas de 16 ou máis anos de esa mesma poboación.

## Paro rexistrado segundo xénero. Decembro 2014. Metodoloxía SISPE

Ámbito territorial	Total paro rexistrado			Homes parados		Mulleres paradas	
	Número	% s/poboación total	% s/poboación $\geq 16$	Número	% s/total	Número	% s/total
Antas de Ulla	99	4,69	5,04	57	57,58	42	42,42
Carballedo	114	4,85	5,11	80	70,18	34	29,82
Chantada	592	6,97	7,77	303	51,18	289	48,82
Monterroso	232	6,14	6,75	107	46,12	125	53,88
Palas de Rei	172	4,79	5,19	94	54,65	78	45,35
Paradela	70	3,62	3,83	36	51,43	34	48,57
Páramo (O)	65	4,41	4,79	35	53,85	30	46,15
Portomarín	76	4,88	5,16	50	65,79	26	34,21
Sarria	1.189	8,88	10,00	578	48,61	611	51,39
Taboada	152	5,01	5,35	87	57,24	65	42,76
<b>GDR05</b>	<b>2.761</b>	<b>6,62</b>	<b>7,27</b>	<b>1.427</b>	<b>51,68</b>	<b>1.334</b>	<b>48,32</b>
Lugo (provincia)	24.943	7,35	8,21	12.551	50,32	12.392	49,68
Galicia	251.918	9,22	10,56	121.392	48,19	130.256	51,81

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Os parados rexistrados en decembro de 2014 no territorio do GDR05 representan un 11,07% do total dos da provincia de Lugo e só o 1,10% dos parados totais galegos. Os concellos con maior número de parados correspóndense lxicamente cos de maior poboación e os do sector servizos máis desenvolvido, Sarria e Chantada.

En canto á distribución de parados entre homes e mulleres temos que dicir que a situación no GDR05 é menos igualitaria que na provincia, onde a diferenza entre homes e mulleres parados é inferior a un punto, sendo máis os homes que as mulleres, no GDR05 tamén son máis os homes, 3,36 puntos por riba das mulleres. Na comunidade autónoma, a diferenza entre homes e mulleres tamén é superior aos tres puntos, pero xusto de xeito inverso ao que sucede no GDR05, xa que en Galicia son máis as mulleres rexistradas no paro que os homes. Como sempre ocorre, a situación varía moito entre concellos, así en Sarria e Monterroso, ao igual que ocorre en Galicia, a situación é a do predominio do paro feminino rexistrado, mentres que en concellos como Carballedo e Portomarín, a tendencia é a mesma que no GDR05, pero o paro masculino rexistrado supera ao feminino en máis de 30 puntos.

O IGE define a taxa de paro como a porcentaxe de parados sobre o total de activos, entón como non podemos calcular esa taxa porque non dispomos do dato de poboación activa desagregado a nivel municipal, o que fixemos na táboa foi calcular a porcentaxe de parados (a data de referencia dos datos é o último día de mes, o 31 de decembro de 2014) sobre a poboación de 16 ou máis anos (a data de referencia dos datos é o primeiro día do ano, o 1 de

xaneiro de 2015) nos distintos ámbitos territoriais analizados. Os valores da taxa para o GDR06, calculada do xeito que explicamos, son máis baixa que os de Galicia, pero isto en parte explícase polo elevado número de persoas maiores de 65 anos existente no territorio, porque xa vemos que aínda que esta taxa do GDR05 tamén é menor que a da provincia de Lugo, a diferenza existente entre elas xa é moito máis pequena que entre Galicia e o noso territorio, o que se explica porque a poboación da provincia tamén se atopa moi envellecida. Os resultados representáanse graficamente de seguido:

**PORCENTAXE DE PARADOS SOBRE POBOACIÓN MAIOR DE 16 ANOS.  
DECEMBRO 2014**



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Ao igual que ocorre noutros moitos dos temas analizados, o concello de Sarria, o de maior poboación e máis desenvolvido do territorio do GDR05, é o que ten uns valores máis parecidos aos de Galicia na taxa que calculamos. E os concellos con menor poboación e menor desenvolvemento, son os que, para esta taxa, teñen os valores que están máis lonxe dos da comunidade autónoma, pero tamén están moi lonxe dos da provincia de Lugo e dos do propio GDR05. En este caso, a separación dos valores de Galicia e de Lugo é positiva, xa que nos di que o paro neses concellos é menor (debido principalmente ao envellecemento da súa poboación), máis adiante incidiremos sobre o tema cando vexamos o cociente entre o número de afiliados en alta laboral e o paro rexistrado.

Na táboa da páxina seguinte, e para continuar facendo para as cifras de paro rexistrado unha análise similar á da afiliación (aínda que logo no caso do paro ampliarémola, posto que o IGE ten desagregados máis datos a nivel municipal), imos ver o paro rexistrado segundo o concello de residencia por idade.

**Paro rexistrado segundo grupos de idade, e porcentaxes que representan. Decembro 2014**


Ámbito territorial	Total	16 - 19 anos		20 - 24 anos		25 - 29 anos		30 - 34 anos		35 - 39 anos		40 - 44 anos		45 - 49 anos		50 - 54 anos		55 - 59 anos		60 - 64 anos	
		Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%
<b>Antas de Ulla</b>	99	0	0,00	8	8,08	12	12,12	11	11,11	10	10,10	7	7,07	13	13,13	11	11,11	16	16,16	11	11,11
<b>Carballedo</b>	114	0	0,00	5	4,39	14	12,28	7	6,14	14	12,28	8	7,02	14	12,28	18	15,79	16	14,04	18	15,79
<b>Chantada</b>	592	6	1,01	23	3,89	60	10,14	65	10,98	75	12,67	71	11,99	79	13,34	70	11,82	81	13,68	62	10,47
<b>Monterroso</b>	232	3	1,29	12	5,17	24	10,34	25	10,78	31	13,36	29	12,50	36	15,52	20	8,62	30	12,93	22	9,48
<b>Palas de Rei</b>	172	1	0,58	10	5,81	12	6,98	20	11,63	29	16,86	23	13,37	19	11,05	24	13,95	20	11,63	14	8,14
<b>Paradela</b>	70	1	1,43	4	5,71	4	5,71	12	17,14	8	11,43	11	15,71	5	7,14	4	5,71	11	15,71	10	14,29
<b>Páramo (O)</b>	65	1	1,54	3	4,62	6	9,23	12	18,46	4	6,15	9	13,85	4	6,15	10	15,38	8	12,31	8	12,31
<b>Portomarín</b>	76	0	0,00	8	10,53	12	15,79	6	7,89	5	6,58	8	10,53	6	7,89	8	10,53	14	18,42	9	11,84
<b>Sarria</b>	1.189	15	1,26	61	5,13	97	8,16	131	11,02	173	14,55	175	14,72	151	12,70	142	11,94	140	11,77	104	8,75
<b>Taboada</b>	152	0	0,00	10	6,58	9	5,92	18	11,84	19	12,50	7	4,61	21	13,82	23	15,13	23	15,13	22	14,47
<b>GDR05</b>	<b>2.761</b>	<b>27</b>	<b>0,98</b>	<b>144</b>	<b>5,22</b>	<b>250</b>	<b>9,05</b>	<b>307</b>	<b>11,12</b>	<b>368</b>	<b>13,33</b>	<b>348</b>	<b>12,60</b>	<b>348</b>	<b>12,60</b>	<b>330</b>	<b>11,95</b>	<b>359</b>	<b>13,00</b>	<b>280</b>	<b>10,14</b>
<b>Lugo (provincia)</b>	24.943	249	1,00	1.238	4,96	2.625	10,52	2.985	11,97	3.423	13,72	3.094	12,40	3.269	13,11	3.012	12,08	2.918	11,70	2.130	8,54
<b>Galicia</b>	251.918	2.223	0,88	10.899	4,33	23.165	9,20	29.200	11,59	35.235	13,99	33.499	13,30	33.550	13,32	31.410	12,47	30.916	12,27	21.821	8,66

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Se atendemos á idade dos parados, os datos volven a reflectirnos o envellecemento da poboación do GDR05. Na maioría dos concellos, o maior número de parados está dos 50 anos para adiante, sobre pasando en todos os casos a porcentaxe do 30%. En concellos como Carballedo, O Páramo, Portomarín e Taboada, a situación aínda é peor para eses grupos de idade, posto que os parados de 50 ou máis anos representan máis do 40% do total do paro rexistrado.

Se agora agrupamos os parados en tres categorías de idade, podemos apreciar de xeito máis claro as diferenzas existentes entre os tres ámbitos territoriais analizados segundo as porcentaxes que representa cada categoría:

**PORCENTAXES DE PARADOS SEGUNDO A SÚA IDADE. DECEMBRO 2014**



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Como se pode apreciar máis claramente no gráfico superior, no territorio do GDR05 a situación máis problemática para o paro atópase nas idades máis novas e nas idades máis vellas. Os parados de máis de 30 anos supoñen unha porcentaxe lixeiramente maior que en Galicia, aínda que se atopan por debaixo da porcentaxe que representan na provincia. E os parados rexistrados con 50 ou máis anos no noso territorio representan unha porcentaxe que está por riba da comunidade autónoma en case dous puntos, e por riba da de Lugo en case tres puntos. Esta situación obríganos a actuar contra o paro de xeito preferente neste grupos de idade, posto que por un lado precisamos que a xente nova se quede no territorio, para evitar deste xeito o despoboamento e asegurar certa autorrenovación da poboación, e tamén precisamos que a xente maior non abandone a zona, e sexa capaz de transmitir os seus coñecementos e así non se perdan as tradicións que forman parte do importante patrimonio inmaterial do territorio do GDR05.

Pasemos agora a analizar o paro rexistrado segundo o sector de actividade, que son os datos que se recollen na táboa da páxina seguinte:

Paro rexistrado segundo o sector de actividade. Decembro 2014										
Ámbito territorial	Agricultura e pesca		Construción		Industria		Servizos		Sen emprego anterior	
	Parados	%	Parados	%	Parados	%	Parados	%	Parados	%
Antas de Ulla	11	11,11	15	15,15	9	9,09	58	58,59	6	6,06
Carballedo	17	14,91	22	19,30	16	14,04	54	47,37	5	4,39
Chantada	42	7,09	92	15,54	57	9,63	356	60,14	45	7,60
Monterroso	16	6,90	38	16,38	25	10,78	135	58,19	18	7,76
Palas de Rei	12	6,98	34	19,77	10	5,81	111	64,53	5	2,91
Paradela	5	7,14	12	17,14	5	7,14	45	64,29	3	4,29
Páramo (O)	4	6,15	9	13,85	8	12,31	41	63,08	3	4,62
Portomarín	2	2,63	10	13,16	7	9,21	55	72,37	2	2,63
Sarria	49	4,12	173	14,55	153	12,87	722	60,72	92	7,74
Taboada	15	9,87	26	17,11	11	7,24	87	57,24	13	8,55
<b>GDR05</b>	<b>173</b>	<b>6,27</b>	<b>431</b>	<b>15,61</b>	<b>301</b>	<b>10,90</b>	<b>1.664</b>	<b>60,27</b>	<b>192</b>	<b>6,95</b>
Lugo (provi.)	1.191	4,77	3.547	14,22	2.295	9,20	15.847	63,53	2.063	8,27
<b>Galicia</b>	<b>9.403</b>	<b>3,73</b>	<b>34.196</b>	<b>13,57</b>	<b>34.442</b>	<b>13,67</b>	<b>154.085</b>	<b>61,16</b>	<b>19.792</b>	<b>7,86</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

A situación do paro segundo o sector de actividade podemos dicir que é practicamente semellante nos tres ámbitos territoriais analizados, se atendemos ao orde dos sectores por volume de inscritos, sendo o de maior número de parados o sector servizos, seguido da construción (pola grande crise do ladrillo que sofre todo o país), logo está a industria (en Galicia case non hai diferenza entre paro construción e paro industria, pero este último neste ámbito está por baixo do ladrillo por só 130 parados), logo está o colectivo de parados sen emprego anterior e por último o sector da agricultura e da pesca.


O paro no sector agrícola do GDR05 representa unha porcentaxe maior que en Lugo (un punto e medio por riba) e que en Galicia (máis de dous puntos e medio de diferenza). Isto non deixa de ser lóxico, dada a importancia que esta actividade do sector primario ten no noso territorio e o volume que ten de afiliados.

O paro do sector da construción no territorio do GDR05 tamén está por riba do da provincia e do de Galicia, dun xeito moi parecido ao que sucede coa agricultura, isto débese a que a construción está practicamente estancada no noso territorio, e xa partía dunha situación de non moito desenvolvemento.

Mentres que o paro na industria na comunidade autónoma é moi similar como xa dixemos ao existente na construción, no GDR05 e en Lugo o paro industrial representa unha porcentaxe entorno a cinco puntos inferior á construción, o que se debe ao pouco desenvolvido que o sector se atopa.

E por último, o paro rexistrado no colectivo sen emprego anterior do territorio do GDR05 representa unha porcentaxe menor que nos outros dous ámbitos analizados, a provincia de Lugo e a comunidade autónoma de Galicia.

**PORCENTAXE DE PARO REXISTRADO NO GDR05 SEGUNDO SECTOR DE ACTIVIDADE. DECEMBRO 2014**



*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

Pasemos por último a analizar o paro rexistrado segundo a duración da demanda, que son os datos que se recollen na táboa seguinte:

Paro rexistrado segundo a duración da demanda. Decembro 2014								
Ámbito territorial	Menos ou = a 1 mes		Máis de 1 mes e menos ou = a 6		Máis de 6 mes e menos ou = a 1 ano		Máis de 1 ano	
	Parados	%	Parados	%	Parados	%	Parados	%
Antas de Ulla	12	12,12	46	46,46	4	4,04	37	37,37
Carballedo	14	12,28	37	32,46	4	3,51	59	51,75
Chantada	59	9,97	193	32,60	76	12,84	264	44,59
Monterroso	16	6,90	76	32,76	28	12,07	112	48,28
Palas de Rei	18	10,47	73	42,44	15	8,72	66	38,37
Paradela	3	4,49	26	37,14	3	4,29	38	54,29
Páramo (O)	7	10,77	22	33,85	5	7,69	31	47,69
Portomarín	6	7,89	35	46,05	2	2,63	33	43,42
Sarria	91	7,65	370	31,12	135	11,35	593	49,87
Taboada	9	5,92	42	27,63	20	13,16	81	53,29
<b>GDR05</b>	<b>235</b>	<b>8,51</b>	<b>920</b>	<b>33,32</b>	<b>292</b>	<b>10,58</b>	<b>1.314</b>	<b>47,59</b>
Lugo (provincia)	2.411	9,67	7.776	31,18	3.120	12,51	11.636	46,65
Galicia	25.360	10,07	73.849	29,31	32.549	12,92	120.160	47,70

*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*



A situación por concellos é moi diferente, e representa a casuística particular de cada concello, que non é máis que o resultado de todos e cada un dos temas que viñemos analizando ata o de agora. Polo que pasamos a facer a análise do paro segundo a duración da demanda para os tres ámbitos acostumados.


Tal e como se pode comprobar coa representación gráfica dos datos anteriores, a gran maioría de parados dos tres ámbitos territoriais analizados son de moi longa duración, permanecen no paro máis dun ano, e as porcentaxes que representan tamén son practicamente iguais no GDR05, en Lugo e en Galicia.

Se nos pasamos aos parados de moi corta duración, os que están un mes ou menos no paro, son os menos numerosos nos tres ámbitos, e as porcentaxes que supoñen sobre o total tamén son moi semellantes, a máis baixa é a do GDR05, pouco máis dun punto por riba está a da provincia, e a de Galicia punto e medio por riba.

O seguinte grupo menos numeroso é o de larga duración, parados inscritos durante máis de seis meses pero un ano ou menos, aquí as diferenzas entre a porcentaxe máis pequena, a do GDR05, e a máis elevada, a da comunidade autónoma, están preto de dous puntos e medio.

Os parados de máis dun mes pero de 6 meses ou menos son a outra gran porcentaxe de parados, e ao contrario do que ocorría en todos os grupos anteriores, no GDR05 representan a porcentaxe máis alta, catro puntos por riba de Galicia.

#### PORCENTAXES DE PARO SEGUNDO A DURACIÓN DA DEMANDA. DECEMBRO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Para rematar coa análise do mercado de traballo imos calcular o cociente entre o número de afiliados en alta laboral e o paro rexistrado (por cen), a maior valor do cociente na teoría mellor situación, xa que nos indica o número de afiliados que hai por cada 100 parados.

Pero o de que a maioría dos concellos do GDR05 estean mellor que Lugo e Galicia, neste caso non é positivo, xa que volve a indicarnos que están moi pouco poboados e moi envellecidos, ademais de escasamente desenvolvidos, de aí as cifras que acadan para este cociente. Só Sarria e Chantada (este último en menor medida), os municipios máis poboados do territorio, e máis desenvolvidos, teñen valores para este cociente parellos aos de Galicia:

Ámbito territorial	Decembro de 2014		
	Afiliados (A)	Parados (P)	$((A) / (P)) \times 100$
Antas de Ulla	618	99	624,24
Carballedo	796	114	698,25
Chantada	2.830	592	478,04
Monterroso	1.187	232	511,64
Palas de Rei	1.154	172	670,93
Paradela	712	70	1.017,14
Páramo (O)	502	65	772,31
Portomarín	534	76	702,63
Sarria	4.492	1.189	377,80
Taboada	950	152	625,00
<b>GDR05</b>	<b>13.775</b>	<b>2.761</b>	<b>498,91</b>
Lugo (provincia)	112.426	24.943	450,73
Galicia	875.137	251.918	347,39

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

#### COCIENTE ENTRE O NÚMERO DE AFILIADOS EN ALTA E O PARO REXISTRADO (POR CEN). DECEMBRO 2014



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

#### 1.4. Indicadores de calidade de vida

Un índice que podía valer para facernos unha idea do nivel de calidade de vida no territorio era o indicador municipal de renda dos fogares (IMRF), ao mesmo refírense as bases reguladoras como un criterio do territorio de actuación do GDR que se puntuará á hora da selección das estratexias de desenvolvemento participativo local.

Non obstante, á hora de incluír este indicador atopámonos cun problema, xa que o IGE deixou de calculalo, e os últimos datos que aparecen na súa páxina son para o ano 2002, que se inclúen de seguido:

<b>Indicador municipal de renda nos fogares. Base 2000 Serie 2000-2002</b>						
<b>Ámbito territorial</b>	<b>2000</b>		<b>2001</b>		<b>2002</b>	
	<b>IMRF</b>	<b>Nº de orde</b>	<b>IMRF</b>	<b>Nº de orde</b>	<b>IMRF</b>	<b>Nº de orde</b>
<b>Antas de Ulla</b>	81	232	81	241	80	260
<b>Carballedo</b>	84	191	87	170	87	187
<b>Chantada</b>	90	128	91	140	89	161
<b>Monterroso</b>	85	182	84	215	84	214
<b>Palas de Rei</b>	85	181	91	142	89	148
<b>Paradela</b>	77	271	83	225	85	212
<b>Páramo (O)</b>	80	240	84	216	82	229
<b>Portomarín</b>	83	208	86	196	85	207
<b>Sarria</b>	97	63	99	52	97	58
<b>Taboada</b>	79	254	80	255	81	250

*Fonte: IGE*

Ao non atopar no IGE valores actualizados para este indicador, xa que sería preciso actualizar tanto a base como as series, para que deste xeito o indicador fose realista e se adaptase ás circunstancias económicas actuais, vémonos obrigados a propoñer outro indicador para medir a calidade de vida no territorio.

O indicador proposto é a renda dispoñible bruta por habitante, da que dispoñemos de datos no IGE para o ano 2009.

##### 1.4.1. Renda dispoñible bruta por habitante

O IGE define a renda dispoñible bruta como o saldo da conta de distribución secundaria da renda, que se obtén a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes que son un emprego para os fogares.

Polo que o indicador proposto para medir a calidade de vida nos distintos concellos do GDR05 é a renda dispoñible bruta por habitante ou renda bruta dispoñible do fogar per cápita, que dos dous xeitos se refire a ela o IGE.

Antes de ver os valores da renda dispoñible bruta por habitante para o ano 2009 no noso territorio, imos ver cal foi o comportamento nos concellos do GDR05 da renda dispoñible bruta total e por habitante no período que vai do 2000 ao 2009 segundo datos do propio IGE. Así neste período, nos concellos de Monterroso e Sarria, a *renda dispoñible bruta total* tivo unha taxa de crecemento medio anual que estivo entre o 6,2% e o 8%, por riba de media de Galicia e da de España, concretamente en Sarria a taxa de crecemento foi do 7%, e en Monterroso do 6,4%. Noutros sete concellos do GDR05, a taxa de crecemento media anual da *renda dispoñible bruta total* estivo entre o 4% e o 6% (media de Galicia), así a taxas de crecemento nestes concellos foron: Antas de Ulla 4,5%, Carballedo 4,4%, Chantada 5,7%, Paradela 4,4%, O Páramo 4,2%, Portomarín 4,9% e Taboada 4,2%. E por último temos un concello, Palas de Rei, no que a taxa de crecemento medio anual da *renda bruta dispoñible total* estivo por debaixo da media galega, concretamente foi só dun 3,8%.

Si pasamos a falar agora da taxa crecemento media anual da *renda dispoñible bruta por habitante* no período que vai do 2000 ao 2009, a situación cambia. En nove dos dez concellos que conforman o GDR05, as taxas de crecemento medio anual estiveron entre o 5,8% e o 7%, sendo os valores de cada un os seguintes: Antas de Ulla 6,2%, Carballedo 6,4%, Chantada 6,7%, Monterroso 6,6%, Paradela 6,9%, O Páramo 6%, Portomarín 6,8%, Sarria 6,6% e Taboada 6,6%. E outra vez Palas de Rei ten o peor comportamento, xa que a súa taxa de crecemento media anual da *renda bruta dispoñible por habitante* no citado período está nun 5,6%.

O incremento que se experimenta nas taxas de crecemento medio anual dos concellos do GDR05 no período 2000-2009, cando pasamos de falar de renda dispoñible bruta total a renda dispoñible bruta por habitante, ven explicado en parte pola perda de habitantes continua que sufriron os concellos, tal e como xa se expuxo. Deste xeito, o único concello do GDR05 no que a taxa de crecemento media anual da renda dispoñible bruta total é menor que a da renda dispoñible bruta por habitante é Sarria, e isto está motivado porque a poboación do concello aumentou no período, ao contrario do que sucedeu en todos os outros concellos.

Ámbito territorial	Período 2000-2009	
	Taxa de crecemento medio anual da renda dispoñible bruta total	Taxa de crecemento medio anual da renda dispoñible bruta por habitante
Antas de Ulla	4,5%	6,2%
Carballedo	4,4%	6,4%
Chantada	5,7%	6,7%
Monterroso	6,4%	6,6%
Palas de Rei	3,8%	5,6%
Paradela	4,4%	6,9%
Páramo (O)	4,2%	6,0%
Portomarín	4,9%	6,8%
Sarria	7,0%	6,6%
Taboada	4,2%	6,6%

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Na táboa seguinte imos ver para o ano 2009 e para os concellos do GDR05 os valores da renda dispoñible bruta por habitante, o índice da renda dispoñible bruta por habitante que ten cada concello dando a Galicia o valor 100, a porcentaxe que supoñen as cotizacións sociais sobre as prestacións sociais e por último cales son as principais fontes de renda de cada concello.

Ámbito territorial	Ano 2009			
	Renda dispoñible bruta por habitante	Índice renda dispoñible bruta por habitante	% de cotizacións sobre prestacións	Principal fonte de renda
Antas de Ulla	10.835 €	72,4	36,2	Prestacións sociais
Carballedo	13.365 €	89,3	36,0	Rendas mixtas
Chantada	14.956 €	99,9	54,4	Remuner. asalariados
Monterroso	12.394 €	82,8	51,3	Remuner. asalariados
Palas de Rei	12.823 €	85,7	36,3	Prestacións sociais
Paradela	12.630 €	84,4	42,6	Rendas mixtas
Páramo (O)	11.656 €	77,9	37,5	Rendas mixtas
Portomarín	14.924 €	99,7	42,1	Rendas mixtas
Sarria	15.685 €	104,8	68,2	Remuner. asalariados
Taboada	12.903 €	86,2	37,9	Rendas mixtas
Lugo (provincia)	15.070 €	100,7	---	---
Galicia	14.965 €	100,0	79,9	---

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Representando graficamente o índice de renda dispoñible bruta por habitante:

ÍNDICE RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE. ANO 2009



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE


Tal e como se pode ver, a situación dentro do territorio do GDR05 varía moito, pois temos o concello de Sarria, o máis poboado do territorio e como xa vimos o que se atopa máis desenvolvido, que ten unha renda dispoñible bruta por habitante que se atopa case cinco puntos por riba da de Galicia, e tamén está por riba da da provincia (xa que a renda dispoñible bruta por habitante de Lugo está lixeiramente por riba da de Galicia).

Logo temos dous concellos, Chantada e Portomarín que se atopan practicamente ao mesmo nivel de renda que Galicia. Outros tres concellos, Carballedo, Taboada e Palas de Rei, nos que a renda dispoñible bruta por habitante se atopa entre dez e quince puntos por debaixo da media galega. Logo dous concellos, Paradela e Monterroso, cunha diferenza por baixo coa media de Galicia entre quince e vinte puntos.

E por último, xa no furgón de cola del GDR05, están O Páramo e Antas de Ulla, cunha renda dispoñible bruta por habitante máis de vinte puntos por debaixo da media da comunidade autónoma.

Ao analizar a ratio que representan as cotizacións sociais sobre as prestacións sociais, vemos que a situación tamén é moi diferente entre concellos, e os valores máis baixos da ratio son para aqueles concellos con maior taxa de envellecemento, onde a principal fonte de renda son as prestacións sociais ou como moito as rendas mixtas, e lóxicamente a ratio ten os valores máis altos naqueles concellos onde a fonte principal de renda son as remuneracións dos asalariados.

#### PORCENTAXE DE COTIZACIÓNS SOCIAIS SOBRE PRESTACIÓNS SOCIAIS. ANO 2009



Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

## 1.4.2. Infraestruturas, servizos e recursos

Para medir a calidade de vida dun territorio, hai unha serie de factores máis difíciles de valorar cuantitativamente, pero que inflúen cualitativamente na calidade de vida, estes son os que pasamos a analizar de seguido.

### 1.4.2.1. Infraestruturas

Tal e como indica a propia definición da palabra, a infraestrutura é o conxunto de elementos, dotacións e servizos necesarios para o bo funcionamento dun país, dunha cidade ou dunha organización calquera. Polo tanto pasamos agora a analizar o estado das infraestruturas do territorio do GDR05, para saber si este pode permitir un bo funcionamento e se o seu estado serve para impulsar un correcto desenvolvemento.

#### Infraestruturas viarias

A rede viaria do GDR05 conta cunhas estradas nacionais e autonómicas que o conectan co exterior, e logo cun entramado de estradas de carácter provincial que artellan a súa comunicación interior. O estado de conservación destas estradas é diverso, e en algúns casos pode ocasionar problemas de comunicación de determinadas áreas (sobre todo nas zonas máis montañosas).

As principais estradas que recorren o territorio recóllense na seguinte táboa:

Rede viaria GDR05			
Tipo	Estrada	Denominación	Rede
Autovía	A 54	Lugo - Santiago	
Nacional	N 540	Lugo - Ourense	
Nacional	N 547	Santiago - Lugo	
Nacional	N 640	Pontevedra - Vegadeo	
Autonómica	GC 2.1	Monforte - Alto do Faro	Corredor - Vía alta capacidade
Autonómica	GC 2.2	Nadela - Monforte	Corredor - Vía alta capacidade
Provincial	LU 202	Limiñón - Penasillas	Secundaria
Provincial	LU 221	Monterroso - Palas de Rei	Secundaria
Provincial	LU 533	Chantada - Escairón	Primaria básica
Provincial	LU 536	Sarria - Sarria	Primaria básica
Provincial	LU 546	Nadela - Monforte	Primaria básica
Provincial	LU 610	Río Ferreira - Portomarín	Secundaria
Provincial	LU 611	Rubián - Taboada	Secundaria
Provincial	LU 612	Lugo - Portomarín	Primaria complementaria
Provincial	LU 613	Portomarín - Cendoi	Secundaria
Provincial	LU 633	Pedrafita - Alta Hospital	Primaria complementaria
Provincial	LU 635	Sarria - Sarria	Secundaria



Rede viaria GDR05			
Tipo	Estrada	Denominación	Rede
Provincial	LU 636	Sarria - Becerreá	Primaria complementaria
Provincial	LU 901	Cea - A Barrela	Interprovincial
Provincial	LU P 0301	Antas de Ulla - Rodeiro	Interprovincial Antas - Rodeiro
Provincial	LU P 1001	A Barrela - Os Peares	
Provincial	LU P 1002	A Barrela - Trasouteiro	Intermunicipal Carballedo - Chantada
Provincial	LU P 1005	Trasar- O Rañadoiro	
Provincial	LU P 1006	Chouzán - Plazeria	
Provincial	LU P 2901	LU232 - Palas de Rei	Intermunicipal Lugo- Guntín Friol - Palas
Provincial	LU P 2904	Conturiz-OPáramo	Intermunicipal Lugo - Corgo -O Páramo
Provincial	LU P 1801	Chantada -Os Peares	Intermunicipal Carballedo - Chantada
Provincial	LU P 1807	Chantada - Cartelos	Intermunicipal Carballedo - Chantada
Provincial	LU P 1809	Chantada- Antas de Ulla	Intermunicipal Chantada- Taboada- Antas
Provincial	LU P 3301	Monterroso - Marco	
Provincial	LU P 4001	Pedraza - Coto	Intermunicipal Monterroso - Palas de Rei
Provincial	LU P 4002	Palas de Rei - Antas de Ulla	Intermunicipal Palas de Rei - Antas de Ulla
Provincial	LU P 4006	Palas de Rei - Quindimil	
Provincial	LU P 4203	Pacios - Trebolle	Intermunicipal Paradela -O Páramo
Provincial	LU P 4304	O Páramo - Pobra S. Xiao	
Provincial	LU P 4902	Alto Valiño - Valdeporras	
Provincial	LU P 4905	Portomarín - Taboada	Intermunicipal Portomarín - Taboada
Provincial	LU P 5705	Mazadoiro - San Martín	Intermunicipal OPáramo - Sarria
Provincial	LU P 5709	Sta. María - Castro de Rei	Intermunicipal Paradela - Sarria
Provincial	LU P 5718	Pacios - Currelos	Intermunicipal Paradela - O Saviñao
Provincial	LU P 6001	Taboada - Ada	Intermunicipal Taboada - Chantada
Provincial	EP 6204	Portela - Antas de Ulla	Interprovincial Antas - Rodeiro

Fonte: Elaboración a partir de datos do Ministerio de Fomento, da Concellería de Infraestruturas e Vivenda e da Deputación Provincial de Lugo

A rede ferroviaria no GDR05 é escasa, xa que só existe avía de ferrocarril que atravesa a Comarca de Sarria de norte a sur con orixe en Lugo e remate en Monforte de Lemos. Na actualidade non ten a importancia que tivo en tempos pasados, quedando como estacións que prestan servizo a de Sarria para viaxeiros, a de Oural (Sarria) para mercadorías e o apeadeiro de Céltigos (Sarria).

Na páxina seguinte inclúese un mapa do territorio onde aparece recollido o trazado das estradas principais que recorren o GDR05:



*Aclaración: Os datos incluídos de aquí en diante sobre as infraestruturas e os servizos, tomados todos eles do IGE, son elaborados por este a partir dos facilitados polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas na Encuesta de Infraestructuras y Equipamientos Locales.*

### **Alumeado público**

Se as infraestruturas de transporte e comunicacións son imprescindibles para o desenvolvemento, non o é menos a enerxía eléctrica. A enerxía eléctrica é básica para calquera zona, pero no caso do territorio do GDR05 cobra unha especial importancia porque como xa vimos a gandería é primordial na súa base económica, e desde os robots de muxidura ata os sistemas de elaboración do produto, pasando polos de refrixeración, todo precisa dunha subministración de enerxía suficiente, constante e de calidade. No caso do territorio do GDR05, aínda que o avance nos últimos anos foi importante, hai certas deficiencias que cómpre reparar, sobre todo no relativo á calidade da enerxía e a constancia no subministro.

Na táboa seguinte dáse conta do servizo público de iluminación e o seu déficit total ou parcial a nivel de núcleos e vivendas:

<b>Servizo público de iluminación e déficits. Ano 2013</b>						
<b>Ámbito territorial</b>	<b>Núcleos</b>			<b>Vivendas</b>		
	<b>Con servizo</b>	<b>Déficits totais ou parciais</b>	<b>Total</b>	<b>Con servizo</b>	<b>Déficits totais ou parciais</b>	<b>Total</b>
<b>Antas de Ulla</b>	45	16	45	1.268	28	1.296
<b>Carballedo</b>	61	31	61	1.107	68	1.175
<b>Chantada</b>	103	81	103	5.157	242	5.399
<b>Monterroso</b>	43	0	43	1.863	0	1.863
<b>Palas de Rei</b>	65	34	65	1.702	68	1.770
<b>Paradela</b>	25	16	25	449	43	492
<b>Páramo (O)</b>	26	3	26	535	11	546
<b>Portomarín</b>	1	24	25	281	521	802
<b>Sarria</b>	71	0	71	5.551	0	5.551
<b>Taboada</b>	59	26	59	1.457	43	1.500
<b>GDR05</b>	<b>499</b>	<b>231</b>	<b>523</b>	<b>19.370</b>	<b>1.024</b>	<b>20.394</b>

*Fonte: Elaboración a partir de datos IGE*

### **Subministro e depuración de augas e recollida selectiva de lixo**

Outro conxunto de infraestruturas fundamentais constitúeno as redes de abastecemento de auga e sumidoiros, xuntamente coa recollida e tratamento de residuos. No territorio do GDR05 a acusada dispersión da poboación, cun grande número de asentamentos, dificulta moito a cobertura total da poboación con estas infraestruturas.

Dado este escenario, o normal é que moitas vivendas teñan servizos de traída de augas e recollida das mesmas autónomas. Esta situación supón un dobre inconveniente, por unha banda, para a poboación porque ten un servizo máis deficiente e con menor control, e pola outra, para as condicións medioambientais, polos vertidos sen depuración a ríos e regatos que elevan considerablemente o nivel de contaminación.

A táboa seguinte sobre o servizo de abastecemento de augas permítenos ver cal é a situación do GDR05, a nivel de núcleos, vivendas e habitantes, e incluímos a porcentaxe que representan os que non contan co servizo:

Servizo de abastecemento de augas. Ano 2013									
Ámbito territorial	Núcleos			Vivendas			Habitantes		
	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo
Antas de Ulla	34	11	24,44	1.013	283	21,84	1.555	344	18,11
Carballedo	20	41	67,21	457	718	61,11	791	890	52,94
Chantada	6	97	94,17	3.375	2.024	37,49	4.472	3.183	41,58
Monterroso	11	32	74,42	1.061	802	43,05	2.294	1.130	33,00
Palas de Rei	26	39	60,00	1.037	733	41,41	1.551	942	37,79
Paradela	6	19	76,00	159	333	67,68	368	565	60,56
Páramo (O)	19	7	26,92	343	203	37,18	638	387	37,76
Portomarín	11	14	56,00	513	289	36,03	766	500	39,49
Sarria	17	54	76,06	4.545	1.006	18,12	10.063	2.019	16,71
Taboada	12	47	79,66	636	864	57,60	1.121	1.370	55,00
<b>GDR05</b>	<b>162</b>	<b>361</b>	<b>69,02</b>	<b>13.139</b>	<b>7.255</b>	<b>35,57</b>	<b>23.619</b>	<b>11.330</b>	<b>32,42</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Pasemos agora a ver como está o servizo público de alcantarillado:

Servizo público de alcantarillado. Ano 2013									
Ámbito territorial	Núcleos			Vivendas			Habitantes		
	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo
Antas de Ulla	15	30	66,67	634	662	51,08	981	344	48,34
Carballedo	4	57	93,44	244	931	79,23	421	890	74,96
Chantada	17	86	83,50	3.656	1.743	32,28	4.908	3.183	35,89
Monterroso	30	13	30,23	1.555	308	16,53	2.989	1.130	12,70
Palas de Rei	18	17	72,31	911	859	48,53	1.399	942	43,88
Paradela	3	22	88,00	145	347	70,53	287	565	69,24
Páramo (O)	6	20	76,92	113	433	79,30	219	387	78,63
Portomarín	11	14	56,00	514	288	35,91	807	500	36,26
Sarria	11	60	84,71	4.295	1.256	22,63	9.692	2.019	19,78
Taboada	17	42	71,59	724	766	51,73	1.233	1.370	50,50
<b>GDR05</b>	<b>132</b>	<b>391</b>	<b>74,76</b>	<b>12.791</b>	<b>7.603</b>	<b>37,28</b>	<b>22.936</b>	<b>11.330</b>	<b>34,37</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

A táboa seguinte nos informa sobre a situación do servizo de depuración de augas residuais:

Servizo de depuración de augas residuais. Ano 2013									
Ámbito territorial	Núcleos			Vivendas			Habitantes		
	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo	Con servizo	Sen servizo	% sen servizo
Antas de Ulla	20	30	60,00	2.108	606	22,33	3.718	819	18,05
Carballedo	3	58	95,08	190	985	83,83	303	1.378	81,98
Chantada	19	86	81,90	3.971	1.525	27,75	5.373	2.437	31,20
Monterroso	33	13	28,26	1.714	218	11,28	3.254	284	8,03
Palas de Rei	21	47	69,12	1.017	838	45,18	1.580	1.064	40,24
Paradela	3	22	88,00	183	309	62,80	352	581	62,27
Páramo (O)	6	20	76,92	126	420	76,92	246	779	76,00
Portomarín	14	14	50,00	901	248	21,58	1.443	394	21,45
Sarria	11	60	84,51	4.365	1.186	21,37	9.819	2.263	18,73
Taboada	19	44	69,84	1.692	719	29,82	2.963	1.175	28,40
<b>GDR05</b>	<b>149</b>	<b>394</b>	<b>72,56</b>	<b>16.267</b>	<b>7.054</b>	<b>30,25</b>	<b>29.051</b>	<b>11.174</b>	<b>27,78</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

E por último para rematar de ver a situación destas infraestruturas, na táboa seguinte reflíctese a situación do servizo de recollida de residuos a nivel de núcleos:

Servizo público de recollida de residuos. Ano 2013				
Ámbito territorial	Total	Con recollida selectiva	Sen recollida selectiva	% sen servizo
Antas de Ulla	45	8	37	82,22
Carballedo	61	20	41	67,21
Chantada	103	17	86	83,50
Monterroso	43	24	19	44,19
Palas de Rei	65	0	65	100,00
Paradela	25	5	20	80,00
Páramo (O)	26	10	16	61,54
Portomarín	25	14	11	44,00
Sarria	71	26	45	63,38
Taboada	59	1	58	98,31
<b>GDR05</b>	<b>523</b>	<b>125</b>	<b>398</b>	<b>76,10</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

### Acceso a telefonía móbil e internet

Na era das novas tecnoloxías, outra infraestrutura que se fai esencial é o acceso á telefonía móbil e internet, xa que as vantaxes das novas ferramentas dixitais son innumerables. A rede dálles aos negocios a posibilidade de superar as fronteiras xeográficas, para deste xeito dar a coñecer os seus produtos a un mercado máis amplo, e á poboación en xeral do rural permítelle o acceso a grande cantidade de información ao mesmo tempo que lles axuda a superar o illamento, facilitando a conexión entre o rural e o urbano.

Antes de incluír os datos sobre a situación desta infraestruturas no territorio do GDR05, temos que definir ao que se refiren cada uns dos conceptos tecnolóxicos que se manexan nas táboas.

*Aclaración: Tipos de conexión de telefonía móbil:*

*Sistema GSM: siglas en francés de Groupe Spécial Mobile (Sistema Global para as Comunicacions Móviles). É un servizo dixital global de comunicación entre terminais móbiles de segunda xeración. Permite a transmisión de voz, mensaxes de texto (SMS) e fax.*

*Sistema UMTS: siglas en inglés de Universal Mobile Telecommunications System (Sistema Universal de Telecomunicacións Móviles). É un sistema de terceira xeración de GSM que establece comunicacións de banda larga, o que permite a transmisión, ademais dos permitidos polo sistema GSM, os de servizo web e contidos audiovisuais.*

Poboación segundo tipo de acceso a telefonía móbil do núcleo de residencia. Ano 2013				
Ámbito territorial	Sistema GSM		Sistema UMTS	
	Si	Non	Si	Non
Antas de Ulla	1.899	0	1.899	0
Carballedo	1.681	0	1.681	0
Chantada	7.655	0	6.539	1.116
Monterroso	3.424	0	3.424	0
Palas de Rei	2.493	0	2.493	0
Paradela	933	0	729	204
Páramo (O)	1.025	0	1.007	18
Portomarín	1.266	0	1.008	158
Sarria	12.082	0	11.293	789
Taboada	2.491	0	2.256	235
<b>GDR05</b>	<b>34.949</b>	<b>0</b>	<b>32.429</b>	<b>2.520</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

*Aclaración: Tipo de acceso a internet:*

*Banda larga: trátase dunha rede capaz de alcanzar altas velocidades de transmisión de información. Existen distintos tipos de conexión de banda larga:*

- *Rede Dixital de Servizos Integrados (RDSI)*
- *Acceso asimétrico xDSL (ADSL, HDSL, IDSL, R-ADSL, VDSL, DSL)*
- *Acceso inarámico (Wi-Fi, Wi-Max)*
- *Acceso asociado á televisión por cable (rede de cable)*
- *Acceso asociado á Rede Eléctrica doméstica de Baixa Tensión*
- *Acceso vía satélite*

*A continuación defínense os tipos de conexión de banda larga máis utilizados:*

*RDSI: siglas de Rede Dixital de Servizos Integrados. Trátase dunha tecnoloxía de transmisión de información que combina servizos de voz e dixitais a través da rede telefónica nun só medio, facendo posible ofrecer aos clientes servizos dixitais de datos, así como conexión de voz, a través dun só “cable”, cunha velocidade máxima de transmisión de 128 Kbps.*

*xDSL: siglas en inglés de x Digital Subscriber Line (Liña de Abonado Dixital). Trátase dun termo utilizado para referirse de forma global a todas as tecnoloxías que permiten que os fíos telefónicos de cobre convencionais transporten ata 16 Mbps (megabits por segundo) mediante técnicas de compresión. Hai diversas modalidades desta tecnoloxía, tales como ADSL, HDSL e RADSL, sendo a ADSL a máis utilizada habitualmente.*

*ADSL: siglas en inglés de Asymmetric Digital Subscriber Line (Liña de Cliente Dixital Asimétrica). Trátase dunha tecnoloxía de transmisión de información, pertencente á familia xDSL, que permite aos fíos de cobre convencionais, usados inicialmente para telefonía, transportar datos. A diferenza entre ADSL e outras DSL, así como a RDSI, é que a velocidade de baixada e a de subida non son simétricas, é dicir, que normalmente permiten unha maior velocidade de baixada que de subida.*

*Acceso inarámico (Wi-Fi, Wi-Max): a comunicación inarámica ou sen cables é aquela na que os extremos da comunicación (emisor/receptor) non se atopan unidos por un medio de propagación físico, senón que se utiliza a modulación de ondas electromagnéticas a través do espazo. Neste senso, os dispositivos físicos só están presentes nos emisores e receptores da sinal, tales como antenas, ordenadores, PDA, teléfonos móbiles, etc. Tanto Wi-Fi como Wi-Max son dous mecanismos que permiten a conexión a Internet dos dispositivos físicos de forma inarámica.*

*Rede de cable: rede de comunicación de fío óptico que integra os servizos de televisión, transmisión de datos e telefonía. Na actualidade existen en España distintos operadores de cable, que proveen esta tecnoloxía a unha ou varias Comunidades Autónomas: Madritel (Madrid), Euskaltel (País Vasco), Ono (Comunitat Valenciana), Menta (Andalucía), Retecal (Castilla y León), R (Galicia) e Supercable, entre outros.*



## Poboación segundo tipo de acceso a internet do núcleo de residencia. Ano 2013

Ámbito territorial	R.D.S.I.		Asimétrico		Inarámico		TV cable		Rede eléctrica baixa tensión		Vía satélite	
	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non	Si	Non
<b>Antas de Ulla</b>	1.368	531	1.368	531	164	1.735	0	1.899	0	1.899	0	1.899
<b>Carballedo</b>	608	1.073	608	1.073	80	1.601	0	1.681	0	1.681	0	1.681
<b>Chantada</b>	5.107	2.548	5.107	2.548	5.432	2.223	4.437	3.218	0	7.655	0	7.655
<b>Monterroso</b>	2.875	549	2.875	549	2.286	1.138	0	3.424	0	3.424	2.112	1.312
<b>Palas de Rei</b>	906	1.587	1.023	1.470	202	2.291	0	2.493	0	2.493	0	2.493
<b>Paradela</b>	578	355	578	355	73	860	0	933	0	933	0	933
<b>Páramo (O)</b>	0	1.025	0	1.025	1.025	0	0	1.025	0	1.025	0	1.025
<b>Portomarín</b>	468	798	468	798	0	1.266	0	1.266	0	1.266	468	798
<b>Sarria</b>	10.167	1.915	10.167	1.915	9.255	2.827	8.897	3.185	0	12.082	8.897	3.185
<b>Taboada</b>	1.491	1.000	1.491	1.000	638	1.853	0	2.491	0	2.491	0	2.491
<b>GDR05</b>	<b>23.568</b>	<b>11.381</b>	<b>23.685</b>	<b>11.264</b>	<b>19.155</b>	<b>15.794</b>	<b>13.334</b>	<b>21.615</b>	<b>0</b>	<b>34.949</b>	<b>11.477</b>	<b>23.472</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Unha parte importante da poboación do territorio do GDR05 vemos que aínda ten dificultades para o acceso a internet, dificultades ás que sería preciso poñer fin canto antes.

#### 1.4.2.2. Servizos

Tal e como indica a propia definición da palabra, servizo é a organización e o persoal destinados a coidar intereses ou a satisfacer necesidades do público, polo tanto a existencia e o desenvolvemento dos servizos públicos é unha condición necesaria para mellorar a calidade de vida da poboación. Polo tanto pasamos agora a analizar o estado dos servizos do territorio do GDR05, como outro dos indicadores desa calidade de vida.

#### Educativos

Os servizos educativos cobren a totalidade do territorio do GDR05, sendo a súa distribución por concellos a que se recolle na táboa seguinte:

Centros de ensinanza non universitaria segundo as ensinanzas que imparten. Ano 2014						
Ámbito territorial	Total	Educación infantil	Educación infantil e primaria	Educación primaria e ESO	ESO e / ou postobrigatorias	Adultos
Antas de Ulla	1	0	1	0	0	0
Carballedo	1	0	1	0	0	0
Chantada	4	0	2	0	2	0
Monterroso	3	0	1	0	1	1
Palas de Rei	2	0	1	0	1	0
Paradela	1	0	1	0	0	0
Páramo (O)	1	0	1	0	0	0
Portomarín	1	0	1	0	0	0
Sarria	7	1	2	2	2	0
Taboada	1	0	0	1	0	0
<b>GDR05</b>	<b>22</b>	<b>1</b>	<b>11</b>	<b>3</b>	<b>6</b>	<b>1</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

*Aclaración: Información subministrada directamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano. Cada centro aparece contabilizado unha soa vez. Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de educación infantil. As ensinanzas postobrigatorias comprenden o bacharelato (ordinario e de adultos), os ciclos formativos (ordinarios e de adultos) e a oferta modular de ciclos formativos de adultos. Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de adultos, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias. En "educación infantil e primaria" están incluídos os centros que imparten só educación primaria. En "Educación primaria e ESO" están incluídos os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de educación infantil. En "adultos" inclúense os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos.*

## Sanitarios

Encanto á saúde a dotación de servizos tamén cobre todos os concellos, sendo a súa distribución a seguinte:

Servizos sanitarios en atención primaria. Ano 2014				
Ámbito territorial	Centros de saúde	Recursos humanos en atención primaria	Servizos de urxencias	Farmacias
Antas de Ulla	1	3 Médicos xerais; 2 Ats/Due; 1 Administrativo	---	1
Carballedo	2	3 Médicos xerais; 3 Ats/Due; 1 Administrativo	---	2
Chantada	1	10 Médicos xerais; 10 Ats/Due; 1 Auxiliar enfermería; 5 Celadores; 4 Administrativos; 1 Asistente social; 1 Farmacéutico; 1 Fisioterapeuta; 1 Odontólogo; 1 Pediatra; 1 Técnico especialista	1	4
Monterroso	1	3 Médicos xerais; 3 Ats/Due; 2 Administrativos ; 1 Fisioterapeuta; 1 Pediatra	---	1
Palas de Rei	1	7 Médicos xerais; 7 Ats/Due; 2 Celadores; 4 Administrativos; 1 Matrona; 1 Pediatra	1	2
Paradela	1	3 Médicos xerais; 2 Ats/Due; 1 Administrativo	---	3
Páramo (O)	1	3 Médicos xerais; 1 Ats/Due; 1 Administrativo	---	1
Portomarín	1	2 Médicos xerais; 1 Ats/Due; 1 Administrativo	---	1
Sarria	1	10 Médicos xerais; 16 Ats/Due; 3 Auxiliares enfermería; 4 Celadores; 6 Administrativos; 1 Asistente social; 2 Fisioterapeutas; 1 Odontólogo; 1 Matrona; 1 Pediatra	1	4
Taboada	1	3 Médicos xerais; 2 Ats/Due; 1 Administrativo	---	2
GDR05	11	---	3	21

Fonte: Elaboración a partir de datos Sergas

## Sociais

Non todos os concellos do GDR05 teñen centros prestadores de servizos sociais, o que si todos eles contan con programas municipais de axuda no fogar. Os centros de servizos sociais do territorio son:

Servizos sociais. Ano 2014				
Ámbito territorial	Centro	Área	Tipo	Prazas
Antas de Ulla	Apartamentos tutelados Antas de Ulla	Maiores	Apartamentos tutelados	16
	Escola infantil unitaria Antas de Ulla	Infancia	Punto de atención á infancia	20
Carballedo	----	---	----	---

Ámbito territorial	Centro	Área	Tipo	Prazas
<b>Chantada</b>	<i>Vivenda comunitaria Santa Lucía</i>	<i>Maiores</i>	<i>Vivenda comunitaria</i>	8
	<i>Centro ocupacional Alborada</i>	<i>Discapacidade</i>	<i>Centro ocupacional</i>	39
	<i>Residencia persoas con discapacidade Asdeme</i>	<i>Discapacidade</i>	<i>Residencia discapacitados adultos</i>	24
	<i>Centro de día de Chantada</i>	<i>Maiores</i>	<i>Centro de día</i>	25
	<i>Minirresidencia Nosa Sra. das Mercedes</i>	<i>Maiores</i>	<i>Minirresidencia</i>	20
	<i>Residencia para persoas maiores Geriatros Chantada</i>	<i>Maiores</i>	<i>Gran centro residencial</i>	201
	<i>Escola infantil de Chantada</i>	<i>Infancia</i>	<i>Escola infantil</i>	56
<b>Monterroso</b>	<i>Centro de día Monterroso</i>	<i>Maiores</i>	<i>Centro de día</i>	20
	<i>Escola infantil municipal Monterroso</i>	<i>Infancia</i>	<i>Escola infantil</i>	38
	<i>Minirresidencia colaboradora Niño Jesús</i>	<i>Menores</i>	<i>Minirresidencia</i>	15
	<i>Vivenda comunitaria de Monterroso</i>	<i>Maiores</i>	<i>Vivenda comunitaria</i>	12
<b>Palas de Rei</b>	<i>Centro de día de Palas de Rei</i>	<i>Maiores</i>	<i>Centro de día</i>	20
	<i>Escola infantil municipal Palas de Rei</i>	<i>Infancia</i>	<i>Escola infantil</i>	30
<b>Paradela</b>	----	---	----	---
<b>Páramo (O)</b>	----	---	----	---
<b>Portomarín</b>	----	---	----	---
<b>Sarria</b>	<i>Centro de atención a persoas con discapacidade de Sarria</i>	<i>Discapacidade</i>	<i>Residencia discapacitados gravemente afectados</i>	120
	<i>Residencia de maiores Nosa Sra. do Carme</i>	<i>Maiores</i>	<i>Residencia</i>	91
	<i>Escola infantil BugsBunny</i>	<i>Infancia</i>	<i>Escola infantil</i>	30
	<i>Escola infantil Pumuky</i>	<i>Infancia</i>	<i>Escola infantil</i>	30
	<i>Centro de día para persoas maiores Os Maíos</i>	<i>Maiores</i>	<i>Centro de día</i>	60
	<i>Vivenda comunitaria Auris</i>	<i>Maiores</i>	<i>Vivenda comunitaria</i>	12
<b>Taboada</b>	<i>Residencia Taboada</i>	<i>Maiores</i>	<i>Minirresidencia</i>	54
	<i>Apartamentos tutelados Taboada</i>	<i>Maiores</i>	<i>Apartamentos tutelados</i>	42
	<i>Punto de atención á infancia Taboada</i>	<i>Infantil</i>	<i>Punto de atención á infancia</i>	20

Fonte: Elaboración a partir de datos do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social

**Lecer**

En conxunto o territorio do GDR05 conta coas dotacións de lecer e tempo libre que imos ver nas táboas seguintes:

Centros de cultura segundo tipo de instalación. Ano 2013					
Ámbito territorial	Biblioteca	Casa de cultura	Centro cívico / social	Museo	Teatro / Cine
Antas de Ulla	0	1	6	0	0
Carballedo	1	0	17	0	0
Chantada	0	1	7	1	0
Monterroso	1	1	13	1	0
Palas de Rei	1	1	15	0	0
Paradela	0	1	2	0	0
Páramo (O)	1	0	5	0	0
Portomarín	0	1	10	0	0
Sarria	1	1	23	0	0
Taboada	1	3	3	0	0
<b>GDR05</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>101</b>	<b>2</b>	<b>0</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Instalacións deportivas segundo tipo. Ano 2013							
Ámbito territorial	Complejo polideportivo	Ximnasio	Piscina cuberta	Piscina ao aire libre	Pista polideportiva	Polideportivo cuberto	Terreo de xogo
Antas de Ulla	0	1	0	1	4	0	1
Carballedo	0	0	0	1	2	1	0
Chantada	0	0	1	1	5	4	1
Monterroso	1	2	0	1	2	5	1
Palas de Rei	1	1	1	0	2	0	1
Paradela	1	0	0	1	1	0	1
Páramo (O)	1	0	0	0	0	1	1
Portomarín	2	0	0	1	1	0	1
Sarria	2	0	1	1	7	6	1
Taboada	0	0	0	2	3	3	1
<b>GDR05</b>	<b>8</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>9</b>	<b>27</b>	<b>20</b>	<b>9</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

Instalacións de esparcemento. Ano 2013					
Ámbito territorial	Xardíns	Parque infantil	Parque non urbano	Parque urbano	Zonas recreativas
Antas de Ulla	0	1	0	3	5
Carballedo	0	3	0	0	2
Chantada	0	1	3	3	0
Monterroso	0	3	4	3	1
Palas de Rei	0	1	1	0	3
Paradela	1	1	0	1	4
Páramo (O)	0	2	0	0	0
Portomarín	5	1	0	2	2
Sarria	3	3	4	6	3
Taboada	0	1	1	2	1
<b>GDR05</b>	<b>9</b>	<b>17</b>	<b>13</b>	<b>20</b>	<b>21</b>

Fonte: Elaboración a partir de datos IGE

### 1.4.2.3. Recursos

O territorio do GDR05 é rico en recursos, entendendo por tal, o máis que considerable patrimonio material do que dispón (espazos naturais, paisaxes, arquitectura civil e relixiosa, etc.), pero sen esquecermos tampouco da importancia que ten o seu patrimonio inmaterial (tradicións, festas, feiras, etc.). Imos pois a facer un pequeno resumo de ambos patrimonios, que desde logo teñen o potencial suficiente para se converter nun recurso importante no desenvolvemento do territorio.

#### Patrimonio material

Para falar do patrimonio, ao igual que fixemos ao principio desta análise, imos a facelo agrupando o territorio por comarcas.

##### *Comarca de Chantada*

Empezamos pois pola comarca de Chantada (Carballedo, Chantada e Taboada), que conta cunha grande riqueza cultural e natural. Mostra do seu rico patrimonio son as numerosas igrexas, capelas, cruceiros e castros que se localizan polo territorio. Hai tamén importantes vestixios prehistóricos como as tumbas antropomorfas de Fornas ou os numerosos restos castrexos, dos que destacan os Castros de San Sebastián, Quintela e os castros de Vilaseco e Líncora onde se localizan os restos de sepulturas antropoides.

Nas terras da comarca de Chantada destacaron catro mosteiros, hoxe desaparecidos, aínda que perviven as súas igrexas, mais ou menos modificadas. Preto da vila de Chantada atopábase o **mosteiro beneditino de San Salvador de Asma**, fundado a finais do século IX. Das trazas orixinais do século XII só se conserva a ábsida semicircular e algunhas fiestras, xa que no século XVI foi reformado. No seu interior existe un interesante retablo plateresco, supostamente da escola de Berruguete. **Santo Estevo de Chouzán e San Xoán da Cova**, son os outros dous mosteiros destacados, situados ambos os dous en Carballedo, e fundados nos séculos IX e X respectivamente. A mesma sorte tivo o **mosteiro de Santa María de Pesqueiras**, preto de Belesar que foi fundado no século X, e a súa igrexa románica está declarada Monumento Histórico-Artístico, tamén cómpre destacar o contorno no que se atopa a mesma, xa que posúe unha beleza especial. A dianteira da igrexa está totalmente refeita, pero o resto conserva a feitura románica de comezos do século XIII, as fiestras dos muros e da ábsida circular e a porta meridional conservan unha grande harmonía e no seu interior chaman a atención os diversos planos do chan e a súa pía bautismal a xeito de capitel invertido; nela pode verse unha curiosa representación formada por unha serea tocándose a cola xunto cun galo que a vixía.

Outro templo a destacar é a **igrexa de San Pedro de Bembibre** en Taboada, do século XII, catalogada como Monumento Nacional, no interior localízase a sepultura de Xoán de Taboada de Ribadeneira e Figueroa, cunha estatua xacente onde campan as armas dos Taboada. Outros templos de interese, son as fermosas **igrexas románicas de Camporramiro e Nogueira de Miño** en Chantada, que destacan polo seu bo estado de conservación; e **Bubal, Aguada e Pradedo** en Carballedo.

Non hai que esquecer a **Ermida do Faro**, que aínda que non presenta gran valor artístico, vese compensada pola fermosa paisaxe que se pode contemplar o seu arredor, cunhas amplas panorámicas das terras de Chantada e Deza. Este santuario do Faro foi levantado en 1632, pero en 1805 o bispo de Lugo Filipe Peláez ordenou demolelo para utilizar os fondos recadados para a guerra. A forte devoción que había a este santuario propiciou que se reconstruíra na segunda metade do XVIII e primeiro terzo do XIX. Nas escavacións que se efectuaron no século XVIII atopáronse enterramentos e moedas que, xunto ás medorras, petróglifos e humilladoiros, amosan que foi un lugar de culto moi antigo.

A arquitectura señorial esta profusamente representada na comarca de Chantada por 67 casas e pazos, dos que destacan a **casa de Lemos, hoxe convertida en Casa da Cultura de Chantada**, ou a **casa de Basán Grande** do século XVIII, composta por un edificio de tres corpos e que ademais presenta unha capela e un impresionante portón en que campea un escudo onde poden apreciarse as armas dos Bolaño, Taboada e Castro entre outros. Tamén son destacables as **ruínas da casa-torre de Vilar de Eiriz** no Mato, onde se poden ver as armas dos Lemos, Castro, Ulloa, Taboada, .... Merece tamén mención o **pazo de estilo barroco de Miralfe**, dos séculos XVII-XVIII, nel atópanse as armas da familia máis poderosa da comarca: os Taboada. Outro **pazo** de interese é o **de Pena Chá** en Nogueira de Miño do século XVIII, todos eles no concello de Chantada.

En Carballedo destaca o **pazo de Cartelos** que conserva unha fermosa torre circular de orixe medieval. No concello de Taboada cómpre sinalar o **pazo de Bembibre** que pertenceu á familia Taboada, esta edificación do século XV consérvase actualmente en bo estado, está formada por unha alta muralla cun portón onde campan as armas dos Taboada e presenta ademais un torreón almeado, un hórreo e un pombal.



Dentro da arquitectura militar esta a **torre de Arcos**, parte dun antigo castelo derrubado na revolta Irmandiña no século XV.

Dentro da arquitectura civil cómpre non esquecer a **vila de Chantada**, coa súa pequena zona monumental de rúas empedradas e casas brasonadas. Na zona antiga existe unha ampla oferta de lecer cun amplo atractivo, froito da riqueza arquitectónica deste espazo.

As vivendas típicas da comarca, tan modificadas hoxe en día, teñen unhas características máis ou menos homoxéneas. Estas edificacións empregaban pedras de grande tamaño na construción dos seus muros, os seus tellados podían ter de dúas a catro augas e estaban cubertos por tellas, en contraposición ás doutras comarcas da provincia de Lugo que empregaban a lousa. O acceso á vivenda podía ser dende un corredor, xeralmente aberto, ao que se accedía a través das escaleiras de pedra ou a través da planta baixa por medio de escaleiras de madeira. As fiestras adoitaban ser pequenas debido ás condicións climatolóxicas, e estaban encadradas en cantería. As vivendas normalmente tiñan dúas plantas: na planta baixa dispúñase un pendello onde se almacenaban os apeiros e unha palleira, este espazo podía estar comunicado ou illado, próximo a este estaban situadas a cociña e as cortes. Outros cuartos atopábanse na planta superior, enriba das cortes.

Na comarca de Chantada tamén quedan vestixios dos seus antigos moradores, así da cultura megalítica existen once enclaves coñecidos, dos que destacan as **mámoas de Vilar do Monte** en Carballedo, a **Meda** en Chantada, e as **medorras de Sabugueira, Gulfar e Carballós** en Taboada. En canto á cultura castrexa, tivo moita importancia, patente no feito de que se coñezan medio centenar de poboados dese período, dos que destacan o de San Sebastián en Chantada, o de Moreda en Taboada e o de Morgade en Carballedo.

Outro dos activos da comarca é que por ela, concretamente polo pobo de Belesar, polo casco antigo de Chantada e polo Monte Faro, transcorre o **Camiño de Inverno da ruta xacobeá**, ruta de peregrinación a Santiago pola que optaban moitos peregrinos ao entrar en Galicia, sobre todo na época invernal, para deste xeito evitar atoparse co dificultoso paso dos cumes nevados do Cebreiro.

En toda a comarca de Chantada tamén hai mostras de arquitectura popular que embelecen a paisaxe, como son os cruceiros, os muíños, os hórreos, os petos de ánimas, as fontes, etc.

Esta zona conta tamén cunha importante riqueza natural e paisaxística que se materializa de xeito maxestoso na **Serra do Faro** e na **Ribeira Sacra**. O alto do Faro, a cima mais elevada da comarca, é un magnífico miradoiro, ao que se pode acceder dende a estrada que vai a Lalín por diferentes camiños reais. Dende a súa cima contéplase unha espléndida vista panorámica do paisaxe das comarcas de Chantada e Deza. Debido a súa altura, é un lugar para a práctica de deportes de risco como o voo libre en ala delta ou o parapente. A súa cima esta acondicionada para o uso lúdico e nela localízase a capela (xa citada) na que se celebra cada 8 de setembro a tradicional Romaría do Faro, á que acoden milleiros de ofrecidos á Virxe milagreira.

A Ribeira Sacra é unha das paisaxes que máis sorprende ao visitante grazas ao seu relevo escarpado. Os encaixamentos aparecen recubertos de masa de vexetación endóxena, como os carballos ou as sobreiras, que alternan con cultivos de vides tradicionais e outras especies como as mimosas. As formacións dos vales e os afloramentos rochosos evidencian a importancia da dinámica xeomorfolóxica nesta paisaxe. Tamén é un dos recursos naturais e paisaxísticos máis importantes da Galicia interior, que se ve reforzado pola calidade dos seus viños. Neste espazo existe unha multitude de miradoiros naturais con excelentes vistas, aínda que tamén se pode gozar da beleza nos catamaráns que percorren os **embalses de Os Peares**

e **Belesar**, e dende os que é posible admirar en toda a súa grandeza o espectáculo natural das fortes pendentes do Miño.

Ademais debemos destacar tamén as numerosas áreas de recreo e miradoiros que se atopan por toda a comarca, e que constitúen un tipo de infraestrutura que todos os visitantes poden aproveitar para realizar numerosas actividades. Delas destacan as áreas recreativa do Sangoñedo en Chantada e a Medela en Taboada, ou os miradoiros dos encoros de Belesar e Os Peares nos tres concellos da comarca.

A caza e a pesca son un dos referentes turísticos da comarca, xa que dispón dunha grande superficie coutada. Presenta un enorme potencial cinexético froito da diversidade e extensión dos seus coutos de caza menor, excelentes para a caza do coello, a lebre e a perdiz. O couto de pesca de Chantada comprende os concellos de Chantada e Carballedo, e delimita o río Asma durante máis de oito quilómetros.

### *Comarca da Ulloa*

A comarca da Ulloa (Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei) é unha comarca de grande potencialidade turística, grazas ao Camiño de Santiago, que se completa cunha riqueza patrimonial excepcional, baseada nas numerosas construcións señoriais e nunha paisaxe que por si soa é digna de ser visitada.

A ruta xacobeá, concretamente o **Camiño Francés**, é o referente turístico máis importante da comarca, xa que atrae a milleiros de visitantes. O paso desta ruta tamén favoreceu a conservación do patrimonio local, ademais da dinamización da estrutura económica da zona. O Camiño Francés entra na comarca pola aldea de Lameiros e continúa polo núcleo de Ligonde, ambos no concello de Monterroso, e prosegue a súa ruta ata o concello de Palas de Rei, a carón dun dos templos máis importantes da comarca, o de **Vilar de Donas**. O Camiño Francés abandona este concello polo Campo dos Remedios e inicia o seu percorrido polo concello de Melide.

Pero ademais do Camiño Francés, o **Camiño Primitivo** tamén atravesa as terras máis setentrionais da comarca. No tramo que discorre polo concello de Palas de Rei pasa por lugares que teñen un grande interese, como é a **ponte romana sobre o río Ferreira** ou a famosa **igreja románica de Merlán**.

No concello de Antas de Ulla, pódese ver a **igreja románica de Santiago de Amoexa** na parroquia do mesmo nome, na parroquia de Santa Mariña, atópase un fermoso pazo, o **Pazo de Torre Penela**, por ser os Condes deste nome os que ostentaron a súa propiedade, pero resulta moito máis coñecido polo nome da parroquia na que se empraza esta fermosa construción, que sen lugar a dúbida, é unha das enseñas máis emblemáticas do concello de Antas de Ulla, e moi posiblemente foi construído no século XVI. Destaca na torre a inserción dunha elegante balconada granítica que ocupa unha boa parte das caras este e norte, montada sobre ménsulas escalonadas de máis a menos, e na cara norte, pola que ten a súa entrada principal, poden observarse os escudos das familias Vázquez Taboada e Lemos Quiroga. Tamén se pode visitar, na parroquia de Castro de Amarante, a **fortaleza de Castro de Amarante**, fundada pola familia Nogueira, condes de Amarante, no século XIII sobre un antigo castro. A Casa de Amarante está relacionada co mosteiro de Vilar de Donas, onde ten os seus enterramentos. Do antigo castelo, consérvase unha gran estrutura de planta oval, que puido ser unha torre ou un reduto central, á que se accede por unha porta oxival, o que nos leva a supoñer que a construción é do século XIV ou XV. Posteriormente engadiuse un torreón que non chegou ós nosos días o ser posteriormente reconstruído. Apoiado en eses restos edificouse xa no século XVII o pazo ou mansión da familia dos Nogueira, como o

confirman os escudos coas armas deste nobre liñaxe dos condes de Amarante. Da construción orixinal tan só quedan algúns restos, xa que do mesmo xeito que as outras fortalezas medievais galegas, sufriu tamén os ataques das revoltas irmandiñas.

En toda a comarca hai un importante patrimonio arquitectónico relixioso, máis de 40 igrexas do románico rural, así en Monterroso estarían entre outras, Santa María do Tarrío, **San Miguel de Esporiz**, San Lourenzo de Pedraza, Santiago de Bidouredo, ... En Antas de Ulla poderíamos falar de Santa Mariña de Sucastro, Santa María de Olveda, **San Martiño de Amarante**, San Lorenzo de Peibás, e en Palas estaría por exemplo San Cribrao de Repostería, etc.. Pero é no concello de Palas onde se atopa o principal expoñente do patrimonio relixioso a **igreja mosteiro de Vilar de Donas**, declarada monumento Histórico-Artístico de ámbito nacional en 1931. Ten nave de cruz latina, cruceiro e ábsida central semicircular con absidiolas laterais do século XIII e frontispicio con fermosa portada de arco abucinado de medio punto, con catro arquivoltas sobre columnas con capiteis profusamente decorados. Ademais presenta pinturas murais do século XIV e varias pezas sepulcrais con armas de diversas familias. En 1184 instaláronse aquí os cabaleiros da orde de Santiago.

Da arquitectura civil e militar hai múltiples exemplos, como casas grandes, pazos e torres. En Antas destacan o **pazo Vilane**, o pazo de Santiso, o pazo de Amarante e o pazo de Torre Penela (dos que xa falamos), a casa do Cervelo (fortaleza medieval) e a torre de Vilasante. En Monterroso temos que salientar o pazo de Laxe do século XVI, que se sitúa na mesma vila, e é o seu monumento máis emblemático, tamén coñecido como a Casa Grande, no que destaca a súa torre-chimenea e no seu interior a súa riqueza artística e documental, ademais no recinto que o rodea pódense ver os seus coidados xardíns. Outros exemplos significativos en Monterroso son o conxunto de San Miguel de Penas con torre da homenaxe que foi parte dunha fortaleza medieval, a igrexa románica da familia dos de Arias, a casa torre de Cumbraos (do século XV), o pazo de Podente, o pazo-torre de Bidouredo, o castelo de Sirgal, e a casa grande de Novelúa (do século XVIII).

Entre as construcións máis significativas de Palas de Rei atópase a antiga casa-torre de Filgueira, a casa-torre de Moreira, o pazo de Laia con capela, o pazo Mariña, o pazo de Pacheco e o **castelo de Pambre**, datado entre os séculos XIV e XV. Este castelo edificouse sobre un macizo rochoso e consta dun corpo central de corte rectangular, dunha torre da homenaxe de base cadrada con 11 metros de altura e tres pisos, catro torres que protexen os flancos, unha igrexa de tradición románica dedicada a San Pedro, a muralla de circunvalación de dous metros de espesor, que chega a cinco na porta, e o escudo da familia Ulloa na clave. É un dos mellores exemplos da arquitectura militar de Galicia, pois foi un dos poucos que non sufriu excesivos danos nas revoltas Irmandiñas. Na actualidade este castelo foi adquirido aos seus propietarios privados pola administración pública e atópase en fase de restauración, para nun futuro poder ser visitado.

Outro rico patrimonio da comarca é a súa arquitectura popular: trátase de amplas e señoriais vivendas con construcións anexas para as tarefas agrícolas e gandeiras. O hábitat desta comarca está constituído por aldeas ou granxas dispersas, pero rodeadas dunha paisaxe fermosa. Na maior parte da comarca o principal material de construción é o granito, sempre combinado coa madeira; para os tellados utilízase a tella ou a lousa, e o que realmente destaca destes tellados son as súas espléndidas chimeneas.

Na comarca pódense ver outras mostras da arquitectura popular como son os cruceiros, os petos de ánimas, os hórreos ou os muíños, tamén cabe destacar as pontes e pontellas, e as fontes.

A comarca da Ulloa estivo habitada no pasado por numerosos pobos, que deixaron as súas pegadas no territorio a través de monumentos funerarios como dolmens, mámoas e túmulos. En Monterroso atopáronse varios menhires e petróglifos, aínda que foi a cultura castrexa a que deixou unha maior pegada na comarca, con restos de numerosos castros. A maioría dos castros presentan indicios ou niveis de ocupación romana. Durante esta época A Ulloa foi un cruzamento de camiños, xa que por ela transcorría a vía de Lucus Augusti a Iria Flavia, así como a vía XIX do Itinerario Antonino, dende Lucus Augusti a Bracara Augusta.

A comarca presenta tamén un rico patrimonio natural, onde destaca a **Serra do Careón e as ribeiras do río Ulla**. A Serra do Careón conta cunha gran riqueza biolóxica e dende ela poden apreciarse fermosas panorámicas da zona. O río Ulla ofrece unha das mellores paisaxes, grazas aos numerosos torrentes e fervezas (**Torrentes de Mácara**) que conforman a súa conca.

Ao igual que ocorre coa comarca de Chantada, a comarca da Ulloa ten un enorme potencial cinexético, con gran cantidade de terreo acoutado. Respecto da pesca, a maioría dos coutos están no río Ulla e no Pambre, tendo coma gran protagonista á troita.

Outro dos recursos con potencial desta comarca son as augas termais que regan a zona, con mananciais en Antas e Palas de Rei, neste último concello existe un hotel balneario.

Ademais debemos destacar tamén as numerosas áreas de recreo que se atopan por toda a comarca, e que constitúen un tipo de infraestrutura que os peregrinos e todos os visitantes poden aproveitar para realizar numerosas actividades. Así podemos falar da área de recreo de Vilar de Donas en Palas de Rei e a área recreativa da Peneda en Monterroso ou o complexo deportivo Castro Seoane en Antas de Ulla.

#### *Comarca de Sarria*

A comarca de Sarria (no GDR05 están só os concellos de Paradela, O Páramo e Sarria) é unha comarca na que a oferta turística presenta unha gran diversidade de recursos paisaxísticos e naturais así como un fermoso patrimonio histórico.

Aquí hai que destacar de novo o **Camiño de Santiago**, xa que outra vez a ruta xacobeá propiciou a edificación de numerosas construcións eclesiásticas e desenvolveu unha forte tradición oral. A ruta atrae a milleiros de peregrinos cada ano e é o principal elemento de atracción turística da zona. O trazado xacobeo pasa polos concellos de Sarria e Paradela.

A comarca posúe grandes fragas e masas frondosas moi ben conservadas e ademais pódense contemplar excelentes panorámicas do val do Miño no concello de Paradela.

O concello de O Páramo destaca polo seu patrimonio arquitectónico. Dentro do apartado relixioso temos que salientar San Xoán de Friolfe, **Adai** (século XII), **Santo Estevo de Grallás** (século XII), Vilarmosteiro, Santa María e San Vicente de Gondrame (século XVIII). Tamén destacan os **pazos de Teixeira e Sarmiento** e restos de diversas torres e fortalezas medievais, como son a de Barreira ou a de Trobelle.

En Paradela destaca a igrexa románico-gótica de **San Facundo de Ribas de Miño**, aínda que a maioría da arquitectura relixiosa é de estilo románico, como as igrexas de Aldosende, Andreade, San Mamede, San Martiño de Castro e a igrexa do mosteiro de Castro de Rei de Lemos. Respecto á arquitectura civil destaca a **casa de Carballosa**, do século XVIII e o **pazo de Tellada**.

O concello de Sarria conta con bos exemplos de arquitectura eclesiástica, como as igrexas románicas de **Santa María de Corvelle**, Santiago de Barbadelo, Santa María de

Belante, **San Vicenzo de Betote** ou o **convento da Mercede**, do século XVI e XVII. Dentro da arquitectura civil pódense salientar os **pazos de Tumbiadoiro**, do século XVI, ou o pazo de Louseiro, do século XV, entre outros. No eido das construcións militares destaca a **torre-fortaleza de Sarria**, edificada polos señores de Sarria e Lemos no século XIII. Antigamente constaba de tres torres, unha grosa muralla e profundos fosos, destruídos durante a revolta Irmandiña e reconstruídos no século XV por Pedro Osorio, aínda que a finais do século XVI estaban en estado ruinoso.

A arquitectura popular é unha das mellores mostras da tradición etnográfica da comarca de Sarria, e poden atoparse por tanto na mesma múltiples exemplos destas construcións, como muíños, hórreos, petos de ánimas ou cruceiros. Os cruceiros son o máis claro exemplo da cultura popular, e entre todos destaca o cruceiro da igrexa de San Miguel, en Paradela.

En Sarria existe unha forte sensibilidade pola recuperación do patrimonio e mostra disto é o gran número de restauradores e anticuarios asentados na vila e que abastecen ao conxunto do mercado rexional. Froito da importancia deste sector celébrase unha feira anual de antigüidades en Sarria.

Os achados arqueolóxicos tamén se reparten por todo o espazo comarcal, aínda que destacan os túmulos megalíticos de O Páramo. A comarca de Sarria é unha terra rica en castros, que perviviron ata o período romano. Hai numerosos recintos deste tipo, tales como os de Barbadelo, Calvor, Lier, Loureiro ou Vilapedre, localizados en Sarria; Friolfe e Moscán, en O Páramo; Barán, Francos, Toural e Santa Cristina en Paradela. Existen tamén varios gravados rupestres nos montes sarrianos de San Cibrao e santo Estevo. As pezas atopadas en Vilar de Sarria son as máis importantes de todas as recuperadas.

Ademais debemos destacar tamén as numerosas áreas de recreo que se atopan por toda a comarca, e que constitúen un tipo de infraestrutura que os peregrinos e todos os visitantes poden aproveitar para realizar numerosas actividades. Así podemos falar da área de recreo de O Chanto en Sarria, é un área verde de descanso pegada ao río Sarria, que conta con diversas instalacións: merendeiros, praia fluvial, xogos para nenos, pista de skate, circuíto de bicicross, polideportivos, pistas deportivas (tenis, fútbol, baloncesto), aparcamento e restaurante. En Paradela temos varias áreas recreativas, entre as que podemos citar Fixón, Panceira e Ruxidoira. No concello de O Páramo ten unha gran importancia ecolóxico cultural a Carballeira do Campo da Feira, onde se pode gozar dun entorno natural baixo as copas de carballos centenarios.

En canto ao concello de Portomarín temos que dicir que por el tamén transcorre o **Camiño Francés**. Tras abandonar as terras de Sarria e, atravesando o sinuoso trazado encaixado do Miño, o peregrino entra nesta pequena vila, trasladada desde a antiga localización ao son do río.

O vello Portomarín foi un dos espazos máis emblemáticos do camiño xacobeo durante o medievo, a encomenda militar de San Xoán de Xerusalén exerceu o seu señorío nestas terras, velando pola seguridade dos peregrinos na antiga ponte medieval por onde pasaba o Camiño Francés. Os anos de tradición deron os seus froitos coa designación de Portomarín como Conxunto Histórico Artístico no 1946. Pero a finais da década de 1950 o goberno proxectou a construción dun grande encoro nas terras de Chantada, o Miño represado ía anegar terras de viñado, monte e cultivos ao longo de máis de 50 km cara o norte, Portomarín ía verse inundado. Ante isto, decidiuse proxectar un novo núcleo, cun deseño urbano trazado polo arquitecto Pons-Sorolla, que se situou no monte do Cristo, moi próximo ao anterior.

A riqueza patrimonial da vella vila ficou baixo as augas: Non obstante, un dos seus símbolos, o **templo-fortaleza de San Xoán ou San Nicolao** de estilo románico (séculos XII-



XIII), cunhas características ameas e un inmenso rosetón, foi trasladado pedra a pedra ao novo Portomarín, que se caracteriza pola súa estrutura de soportais. Nesta pequena vila de Portomarín, tamén se sitúa a **igrexia románica de San Pedro** (séculos X-XII), a casa do concello e o pazo do Conde da Maza (século XVI).

No concello de Portomarín atopamos o **Castro de Castromaior**, xacemento arqueolóxicos da Idade do Ferro. O bo estado de conservación do mesmo permite realizar un exame dos modelos construtivos castrexos.

O concello de Portomarín conta ca maior extensión de zonas verdes no casco urbano de toda Galicia, especialmente xardíns, de aí que reciba a denominación de vila xardín, así atopamos no mesmo numerosos parques e áreas recreativas, como o parque Manuel Blas, a área de recreo parque Agustín de Río, ou o parque Antonio Sanz.

Pola importancia que a ruta xacobeá ten no territorio do GDR05, inclúese un mapa onde se pode ver o percorrido da mesma polos diferentes concellos:



### Patrimonio inmaterial

Pasemos agora a falar das festas e feiras do territorio do GDR05, como outro recurso importante polo seu atractivo de cara ao turismo, así como pola importancia que poden desenvolver na promoción e posta en valor dos produtos da zona.

Se comezamos a falar das festa, temos que dicir, que en todas as parroquias dos diferente concellos podemos atopar un extenso número de festas, feiras, romarías e tradicións moi antigas que na actualidade se seguen a celebrar. Pero de seguido imos a destacar as máis salientables.

En Carballedo ten lugar a **Festa da Carne ó Caldeiro**, que é unha festa gastronómica de exaltación culinaria e de produtos da zona que se celebra na parroquia de Castro de Carballedo cada terceiro domingo de abril.

En Chantada celébrase o cuarto fin de semana de agosto, a festa máis sinalada da bisbarra, o **Folión de Carros**, que é unha mostra da etnografía popular onde desfilan carros do país nos que se reflicten actividades típicas do agro galego. Este evento foi declarado Festa Galega de Interese Turístico no ano 2002.

En Chantada tampouco hai que esquecer unha das festas relixiosas mais concorridas do interior de Galicia, a **Romaría da Nosa Señora do Faro** o 8 de setembro, que é unha das mais antigas, xa mencionada polo trovador Xoán de Requeixo nos seus cancioneros no século XIII.

Tamén en Chantada cómpre non esquecer unha das festas gastronómicas máis afamadas da bisbarra como é a **Feira do Viño de Chantada**, que se celebra o segundo fin de semana do mes de marzo e que serve para dar a coñecer os viños elaborados coas uvas que se colleitan nas ribeiras do Miño e do Sil, na súa zona de confluencia. Esta zona experimentou ao longo dos últimos anos unha gran modernización para un mellor aproveitamento dos seus excelentes recursos, como son as vides. A mencionada festividade é unha das mais importantes da vila, pois constitúe un dos principais reclamos do concello. Os viños da Denominación de Orixe fanse coa selección de uvas das variedades de mencia, albariño, godello e treixadura principalmente, e estes caldos posúen unha longa tradición de mais de 200 anos.

En Taboada destaca a **Festa do Caldo de Ósos**, que coincide co domingo de Entroido. A orixe deste prato remóntase á cultura castrexa e esta festa tivo a súa orixe nunha iniciativa dunha asociación cultural que loitou por unha festa para a exaltación deste produto no ano 1987. No ano 1993 esta celebración colleu un novo pulo froito do apoio do concello. O caldo de ósos elaborase cos ósos do espiñazo do porco, os miolos, as patacas e os garavanzos, todo isto mesturado cun refrito. O día da festa lévase a cabo unha degustación deste caldo, de carácter gratuito, pero tamén se poden probar outros pratos típicos da zona.

Outra celebración importante en Taboada é a **Festa da Queima das Fachas de Castelo**, que se celebra na noite do 7 ao 8 de setembro. A queima ten lugar no castro de Castelo, onde se celebra desde fai máis de 2000 anos. Trátase dunha tradición celta da que non se ten constancia escrita. Esta festa foi declarada de Interese Turístico de Galicia no 2008.

Tamén temos que falar da **Feira do Queixo de Arzúa-Ulloa**, festa gastronómica de exaltación do queixo da Denominación de Orixe, que se celebra con carácter rotativo nos concellos de Antas de Ulla, Monterroso e Palas de Rei, e que ten lugar o último domingo do mes de febreiro.



En Monterroso, o día 1 de novembro ten lugar a tradicional **Feira de Santos**, considerada desde fai séculos unha das máis importantes de Galicia, o seu nacemento dátase no ano 1450, e foi declarada Feira de Interese Turístico Galego no 2011.

En Vilar de Donas no concello de Palas de Rei, celébrase a **Feira do Cabalo da Comarca da Ulloa**, que ten lugar en Agosto e na que se organizan diversas competicións e probas de carreiras: andadura serrada, andadura chapeada, andadura de trotóns, trotóns, puro sangue inglés, pura raza árabe, cruzados, país e burros.

No concello de O Páramo, no mes de xuño, teñen lugar as **Festas e Feiras da Primavera**, que son un evento importante a escala provincial. A festa comezou a celebrarse en 1976, grazas á iniciativa da Asociación Amigos do Campo da Feira, e nela poden verse mostras de gando, artesanía, etc.

No concello de Sarria, ten lugar a **Feira de Antigüidades e Restauración**, considerada como unha das feiras de antigüidades, restauración e coleccionismo máis importantes que se celebra en toda a provincia.

No concello de Portomarín ten lugar a **Festa da Augardente**, festa de exaltación deste produto de gran importancia no territorio que ten lugar o domingo de Pascúa.

As feiras son lugar de encontro para a compra e venda de produtos agrícolas e gandeiros, ligados a un mercado onde se poden atopar diversidade de artigos. Estes encontros supuxeron un motor económico de Galicia durante séculos, e seguen hoxe moi presentes. Estas feiras non son meros encontros de compra-venda de produtos, xa que arredor delas se desenvolve unha forte actividade social.

No concello de Carballedo celébranse as feiras os días 17 e 29 de cada mes na parroquia de Castro, e o 13 de cada mes na Barrela. No concello de Taboada celébranse os días 4 e 20 de cada mes. As feiras de Chantada celébranse os días 5 e 21 de cada mes, e cómpre salientar a Feira das Cabras en Merlán o 16 de setembro.

No concello de Antas de Ulla a feira mensual ten lugar os días 10 de cada mes. No concello de Monterroso, celébranse o día 1 de cada mes, e o 2º e 4º domingo de cada mes o mercado de Santa Lucía de produtos agrícolas. As feiras en Palas de Rei teñen lugar os días 7 e 19 de cada mes.

No concello de O Páramo, as feiras mensuais teñen lugar os días 10 e 25 de cada mes. No concello de Paradela, celébranse o día 15 de cada mes. As feiras en Sarria son tres mensuais, que teñen lugar os días 6, 20 e 27 de cada mes.

En Portomarín as feiras mensuais teñen lugar os días 9 de cada mes.

## 1.5. Síntese

A análise realizada nas páxinas anteriores permítenos destacar aqueles aspectos que son os máis singulares do territorio do GDR05, para o bo e para o malo, e que constitúen a estrutura sobre a que é necesario que actúe a nosa estratexia de desenvolvemento local participativo.

O GDR05 é un territorio que forma parte da Galicia interior, e que abrangue dez concellos situados ao suroeste da provincia de Lugo. O relevo do territorio é accidentado, con zonas montañosas de bastante altitude e con grandes pendentes no entorno dos ríos, ríos que son numerosos ao longo de todo o territorio. Estes factores dificultan o cultivo dos terreos, e se a isto unimos o despoboamento e envellecemento da zona e a predominancia da actividade agraria (cuestións das que pasamos a dar conta de seguido), temos como resultado que todo o territorio do GDR05 teña a consideración de zona desfavorecida, é dicir, o 100% da súa superficie.

A poboación do GDR05 a 1 de xaneiro de 2014 era de 42.166 habitantes repartidos nunha extensión de 1.375,8 km<sup>2</sup>, e asentados en 1.779 entidades singulares de poboación, o que xa nos permite descubrir algunhas das súas primeiras características demográficas, a baixa densidade de poboación (30,65) e a dispersión poboacional da mesma, claros síntomas do seu despoboamento.

Os concellos máis poboados son Sarria, que ten o 32,03% da poboación do GDR05 e Chantada que ten o 20,28%, polo tanto nestes dous concellos aséntase máis do 50% de toda a poboación. No lado contrario atópanse os concellos de Portomarín, co 3,85%, e O Páramo, co 3,52%, que son os de menor poboación do territorio.

Ao exposto, temos que unirille a negativa evolución da poboación que está a ter o GDR05, xa que no último decenio sufriu unha perda de poboación dun 9,50%. Nove dos dez concellos que o configuran perderon poboación no período do 2004 ao 2014, só Sarria tivo un lixeiro aumento, que contrasta con perdas de poboación por riba do 20% en Carballedo e O Páramo. Esta perda de poboación ven motivada por un crecemento vexetativo negativo, acompañado dun balance migratorio tamén bastante negativo.

Se nos fixamos na estrutura demográfica da poboación, a situación do GDR05 segue a ser preocupante, a poboación nova do territorio (menor de 16 anos) non chega ao 9% no ano 2014, mentres que a poboación de máis de 64 anos representa o 32,54% do total da poboación, polo que o GDR05 debe enfrontarse a outro grave problema, o envellecemento da súa poboación.

Despois de ver a situación dos recursos humanos do territorio do GDR05, imos resumir como se atopa o seu sistema produtivo, cunha preponderancia do sector servizos, acompañada dun sector primario que aínda que perdendo peso continúa a ter moita importancia na zona, e un sector secundario escasamente desenvolvido.

O sector primario, importante no GDR05 tanto pola poboación ocupada como pola superficie dedicada ao mesmo, está constituído primordialmente pola actividade gandeira, na que o gando bobino é a especie máis importante, seguida pero xa a distancia, do porcino e as aves. Na agricultura destaca o cultivo de vides para viño nas ribeiras do Miño, e a produción (na súa maioría ecolóxica) de cereixas, castañas e mazás para sidra.

Se nos fixamos na caracterización das explotacións agrarias existentes no territorio, temos que dicir que aínda que o número de explotacións de pequena dimensión se foi

reducindo, máis do 50% das existentes teñen menos de 10 ha. de superficie agraria utilizada, e desta superficie, case un 60% está adicada a pastos permanentes, o que resulta lóxico dada a especialización gandeira vacún da zona. Nas explotacións do GDR05 o réxime de posesión predominante é o das terras en propiedade (máis do 73%), sendo o propietario titular da explotación e os seus familiares os que desempeñan o traballo nas mesmas (o 87% das unidades de traballo ano), polo que é moi escasa a contratación de asalariados fixos e aínda menos importante a de eventuais. A condición xurídica predominante das explotacións agrícolas é a persoa física, que representa o 92,71% do total das explotacións.

Outro recurso do territorio, susceptible de maior aproveitamento, é o monte xa que a superficie forestal representa o 47,34% da superficie total do GDR05, aínda que o sistema de propiedade e o de xestión constitúen un freo para a súa adecuada explotación.

O sector secundario (construción e industria) do GDR05, non ten un peso moi significativo no territorio ao non atoparse moi desenvolvido. O sector industrial ocupa a terceira posición segundo o número de afiliados no GDR05, e a forma xurídica predominante das empresas deste sector é a da sociedade de responsabilidade limitada (43,15%) seguida moi de preto das persoas físicas (41,11%), trátase dunha empresa moi atomizada, de pequenas dimensións con escaso número de asalariados, xa que case o 75% do total das mesmas teñen entre 0 e 2 asalariados. Os concellos cun maior número de empresas na actividade industrial son Sarria e Chantada, que son os dous grandes polos do territorio, neles aséntanse o 59,18% das empresas.

O sector industrial do GDR05 estrutúrase entorno a industria manufactureira, e dentro da mesma na baseada no aproveitamento dos recursos locais. O forte compoñente agrario da zona déixase sentir na significación que acadan as industrias agroalimentarias, xa que as empresas de alimentación (cárnicas, de fabricación de lácteos, de panadería, e de fabricación de produtos para a alimentación animal) e as de fabricación de bebidas, supoñen o 28,57% das empresas do sector industrial do noso territorio. Outras empresas que destacan, e tamén se nutren de materias primas da zona son as da industria da madeira e da cortiza (agás mobles), que representan un 12,24% do total das empresas do sector.

Analizando a outra parte do sector secundario, a construción, que é a actividade con menor número de afiliados no GDR05, temos que dicir que dista moito de ser un sector importante, e tamén se atopa moi atomizado, posto que a maioría das empresas son de moi pequeno tamaño, predominando de xeito moi importante as que teñen como condición xurídica a persoa física (59,56%), e se atendemos ao estrato de asalariados o 91,18% das existentes teñen só entre 0 e 2. Outra vez volven ser os dous concellos polo do territorio, Sarria e Chantada os que aglutinan o maior número de empresas do sector, concretamente o 57,70%. Por último dicir, que o sector da construción no GDR05 estrutúrase entorno ás actividades de construción especializada, que supoñen máis do 67% do total das empresas do sector no territorio, e á actividade de construción de edificios que representa entorno ao 31% das do sector.

Pasemos agora ao sector terciario ou de servizos, que ten un peso moi significativo no territorio do GDR05, xa que é o que conta co número máis elevado de afiliados e co maior número de empresas, polo que podemos dicir que se atopa bastante desenvolvido, aínda que non acadou os niveles doutros ámbitos territoriais, como pode ser a provincia de Lugo ou Galicia. Outra vez temos que insistir en que o desenvolvemento deste sector non é para nada homoxéneo no noso territorio, posto que os dous concellos que xa cualificamos anteriormente como polos do territorio son os que acumulan o maior número de servizos, tanto públicos como privados, máis do 65% das empresas do sector terciario aséntanse nos mesmos (en Sarria o 41,24% e en Chantada o 24,22%). O contraste esta claro, xa que pola contra nos

concellos de O Páramo, Paradela, Antas de Ulla, Carballedo e Portomarín o sector servizos se atopa moi pouco desenvolvido, e a suma das empresas do sector nos cinco concellos representa soamente o 13,79% do total de empresas deste sector no GDR05.

A condición xurídica máis estendida entre as empresas do sector terciario do GDR05 é a persoa física (68% das empresas), e a actividade que conta con maior número de empresas do sector é a do “Comercio” (36,83%), seguida da “Hostalaría” (16,64%) e do “Transporte e almacenamento” (12,83%). Neste sector, ao igual que sucede en todos os do territorio, predominan de xeito moi maioritario (88,78%) as empresas que teñen de 0 a 2 asalariados.

Logo da análise do sistema produtivo, imos ver a situación do mercado de traballo no GDR05, afiliados e parados. Os concellos con maior número de afiliados correspóndense lxicamente cos de maior poboación, Sarria e Chantada. En canto á distribución de afiliados entre homes e mulleres temos que dicir que a situación no GDR05 é significativamente menos igualitaria que na provincia e na comunidade autónoma, xa que o 52,46% dos afiliados son homes e o 47,54% mulleres. Se atendemos á idade dos afiliados, os datos volven a reflectirnos o envellecemento da poboación do GDR05, cunha tendencia moi semellante á da provincia de Lugo. No noso territorio o maior número de afiliados está comprendido entre os 45 e os 54 anos, por riba do 28% do total dos afiliados, pero en concellos como Carballedo e Paradela, a situación aínda é moito peor, posto que o maior número de afiliados está entre os 55 e os 64.

Cando pasamos a ver os datos de paro, lxicamente tamén son Sarria e Chantada os que teñen maior número de parados. En canto á distribución entre homes e mulleres temos que dicir que a situación no GDR05 tamén é menos igualitaria que na provincia de Lugo, xa que o 51,68% dos parados son homes e o 48,32% son mulleres. Como sempre ocorre, a situación varía moito entre concellos, así en Sarria e Monterroso, como ocorre en Galicia, a situación é a do predominio do paro feminino rexistrado, mentres que en concellos como Carballedo e Portomarín, a tendencia é a mesma que no GDR05, pero o paro masculino rexistrado supera ao feminino en máis de 30 puntos. Se atendemos á idade dos parados, a situación máis problemática para o paro no territorio atópase nas idades máis novas e nas máis vellas, os parados rexistrados con 50 ou máis anos representan unha porcentaxe que está por riba da comunidade autónoma e da de Lugo. Esta situación obríganos a actuar contra o paro de xeito preferente nestes grupos de idade, posto que por un lado precisamos que a xente nova se quede no territorio, para evitar deste xeito o despoboamento e asegurar certa autorrenovación da poboación, e tamén precisamos que a xente maior non abandone a zona, e sexa capaz de transmitir os seus coñecementos e así non se perdan as tradicións que forman parte do importante patrimonio inmaterial do territorio do GDR05.

Por último, para medir o nivel de calidade de vida do territorio do GDR05 decidimos tomar como indicador a renda dispoñible bruta por habitante da que dispoñemos datos no IGE para o ano 2009. Se á renda dispoñible bruta por habitante do conxunto de Galicia lle damos o valor 100, cando nos fixamos na situación dos concellos do GDR05 con respecto a esta a situación varía moito, pois temos o concello de Sarria, o máis poboado do territorio e o máis desenvolvido, que ten unha renda dispoñible bruta por habitante por riba da de Galicia (104,8). Logo temos dous concellos, Chantada (99,9) e Portomarín (99,7) que se atopan practicamente ao mesmo nivel de renda que Galicia. Outros tres concellos, Carballedo (89,3), Taboada (86,2) e Palas de Rei (85,7), nos que a renda dispoñible bruta por habitante se atopa entre dez e quince puntos por debaixo da media galega. Logo dous concellos, Paradela (84,4) e Monterroso (82,8), cunha diferenza por baixo coa media de Galicia entre quince e vinte puntos. E por último, están O Páramo (77,9) e Antas de Ulla (72,4), cunha renda dispoñible bruta por habitante máis de vinte puntos por debaixo da media da comunidade autónoma.

## 2. Análise DAFO e CAME

### 2.1. DAFO

	DEBILIDADES	FORTALEZAS
ANÁLISE INTERNO	<b>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</b>	<b>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</b>
	D1- Relevo accidentado (100% da superficie considerada zona desfavorecida)	F1- Diversidade paisaxística e presenza de espazos naturais protexidos con zonas de gran valor ambiental
	D2- Menor porcentaxe que a media galega en superficie terrestre pertencente á Rede Natura 2000	F2- Alta biodiversidade como consecuencia da heteroxeneidade paisaxística
	D3- Falta de protección a espazos naturais con alto valor ambiental	F3- Elevado réxime pluviométrico que xera abundancia de recursos hídricos
	D4- Vulnerabilidade aos incendios forestais por abandono de labores silvícolas tradicionais	F4- Presenza importante de masas forestais con abundancia de árbores autóctonas, e grandes posibilidades para a biomasa
	D5- Procesos de desertificación e erosión, especialmente como consecuencia dos incendios forestais	F5- Aproveitamento da orografía e das condicións climáticas para a produción de enerxías renovables
	<b>DEMOGRAFÍA</b>	<b>DEMOGRAFÍA</b>
	D6- Despoboamento do territorio (pouca poboación -baixa densidade- e moi diseminada)	F6- Sentimento de arraigo e identificación co territorio
	D7- Dispersión elevada da poboación que dificulta a dotación de servizos básicos	F7- Mellor comportamento demográfico do concello de Sarria (elevada densidade, lixeiro aumento de poboación no último decenio, menor envellecemento, ...)
	D8- Perda constante de poboación no último decenio (crecemento vexetativo e saldo migratorio negativos)	
	D9- Poboación moi envellecida	
	D10- Desequilibrio na distribución da poboación: concentración da poboación en dous concellos (Sarria e Chantada)	
<b>SISTEMA PRODUTIVO</b>	<b>SISTEMA PRODUTIVO</b>	
D11- Desenvolvemento desigual por concellos	F8- Especialización gandeira na produción láctea e cárnica	
D12- Elevado peso do sector primario (en algúns concellos segue a ser a actividade principal); escaso desenvolvemento do sector secundario; e sector terciario cun desenvolvemento moi desigual (estando moi concentrado en Sarria e Chantada)	F9- Existencia no territorio de producións amparadas baixo D.O.P. e I.X.P.	
	F10- Existencia de producións ecolóxicas	
	F11- Saber facer na actividade agrogandeira (producións e sistemas de explotación tradicionais)	



	DEBILIDADES	FORTALEZAS
ANÁLISE INTERNO	D13- <i>Importante peso das pensións na base económica, sobre todo nos concellos máis envellecidos</i>	F12- <i>Explotacións con maior profesionalización</i>
	D14- <i>Pensións cun importe medio moi por debaixo da media provincial e galega</i>	F13- <i>Existencia de cooperativas de gandeiros con arraigo no territorio</i>
	D15- <i>Importante número de explotacións agrarias con SAU por debaixo das 10 ha.</i>	F14- <i>Gran potencial agrícola debido ás boas condicións climatolóxicas e á fertilidade das terras do territorio</i>
	D16- <i>Baixa competitividade das explotacións (reducida base territorial e dimensión)</i>	F15- <i>Importante desenvolvemento dos cultivos vitivinícolas</i>
	D17- <i>Insuficiente diversificación das actividades agrícolas e gandeiras</i>	F16- <i>Importancia no territorio da industria baseada no aproveitamento dos recursos locais (agrarios e forestais)</i>
	D18- <i>Elevada factura enerxética das explotacións</i>	F17- <i>Importante papel do emprendedor que crea o seu propio posto de traballo como autónomo</i>
	D19- <i>Especialización gandeira en vacún de produción láctea e cárnica</i>	F18- <i>Existencia de solo industrial acondicionado e ben comunicado</i>
	D20- <i>Elevada cabana gandeira que pode causar problemas pola produción de xurros</i>	F19- <i>Boas instalacións turísticas rurais e sectores tradicionais susceptibles de ser explotados turisticamente (turismo coa agricultura e gandería, coa natureza, co patrimonio,...)</i>
	D21- <i>Uso abusivo de praguicidas e de fertilizantes con risco para o medioambiente</i>	F20- <i>Desenvolvemento do sector turístico aproveitando as oportunidades que ofrece o paso polo territorio de diversas rutas xacobeas</i>
	D22- <i>Aproveitamento dos montes e superficies forestais por baixo do seu potencial produtivo</i>	F21- <i>O medio natural e o patrimonio cultural constitúen recursos dispoñibles para o desenvolvemento económico do territorio a través do turismo</i>
	D23- <i>Perda do valor dos produtos agrogandeiros</i>	F22- <i>Excelentes recursos cinexéticos e piscícolas</i>
	D24- <i>Sector industrial escasamente desenvolvido e moi atomizado</i>	
	D25- <i>Empresas de reducida dimensión e escasamente xeradoras de emprego, con predominio de autónomos (escasa capacidade formadora, escasa capacidade innovadora e de incorporación da tecnoloxía)</i>	
	D26- <i>Inexistencia de mediana empresa que xere riqueza e emprego</i>	
D27- <i>Densidade empresarial moi reducida, derivada do escaso tecido empresarial, e moi concentrada en Sarria e Chantada</i>		
D28- <i>Pouca transformación dos produtos do sector primario dentro do territorio, polo que o incremento do valor engadido xerado na transformación non se queda aquí</i>		
D29- <i>Escaso desenvolvemento da industria non manufactureira</i>		

	DEBILIDADES	FORTALEZAS
<b>ANÁLISE INTERNO</b>	<i>D30- Escaso desenvolvemento do sector da construción</i>	
	<i>D31- Sector servizos focalizado en grande medida en Sarria e Chantada</i>	
	<i>D32- Escaso grado de profesionalización no sector turístico</i>	
	<i>D33- Ineficiente coordinación e implicación de axentes públicos e privados e falta de coordinación entre sectores produtivos</i>	
	<i>D34- Recursos turísticos dispersos e sen estruturar: non accesibles, sen xestión, con problemas de mantemento, etc.</i>	
	<i>D35- Falta de servizos e de programas de actividades para colectivos como maiores e nenos</i>	
	<i>D36- Dificultades para a conciliación da vida laboral e familiar, sobre todo para as mulleres por falta ou escaseza de servizos</i>	
	<i>D37- Taxa de afiliación inferior en mulleres que en homes</i>	
	<i>D38- Importantes cifras de paro rexistrado nos concellos máis desenvolvidos</i>	
	<i>D39- Cifras de paro importantes nos colectivos de xente nova e maiores de 50 anos</i>	
	<i>D40- Dificultades adicionais de acceso ao emprego en zonas rurais de baixa densidade de poboación</i>	
	<b>CALIDADE DE VIDA</b>	<b>CALIDADE DE VIDA</b>
	<i>D41- Renda dispoñible bruta por habitante por debaixo da media galega na maioría dos concellos do territorio</i>	<i>F23- Existencia de patrimonio rural en desuso susceptible de reutilización, recuperación, restauración e posta en valor</i>
	<i>D42- Inexistencia de Plans Xerais de Ordenación Municipal en algúns concellos</i>	<i>F24- Localización próxima a cidades grandes (Monforte, Lugo, Ourense)</i>
	<i>D43- Dispersión da poboación, que dificulta un axeitado nivel de infraestruturas e servizos</i>	<i>F25- O territorio atópase nun período clave de transformación debido ás autovías en construción que facilitan as súas conexións exteriores</i>
<i>D44- Existencia de vivendas baleiras e en mal estado de conservación polo éxodo e polo abandono de pequenos núcleos</i>	<i>F26- Boa rede de abastecemento e saneamento nos núcleos máis urbanos do territorio</i>	
<i>D45- Infraestruturas viarias en diferente estado de conservación, sobre todo nas de conexión interna</i>	<i>F27- Suficiencia en recursos educativos</i>	



ANÁLISE INTERNO	DEBILIDADES	FORTALEZAS
	<p>D46- Transporte público deficiente, tanto no referente ás comunicacións internas como externas</p> <p>D47- Distribución de enerxía con problemas no relativo a constancia e forza, e existencia dalgunha deficiencia no alumado público</p> <p>D48- Deficiencias severas nalgúns concellos respecto ao sistema público de abastecemento de augas e o tratamento de depuración das mesmas (augas residuais)</p> <p>D49- Maior lentitude na incorporación á chamada Sociedade da Información por dificultades de cobertura da telefonía móbil e de acceso a internet</p> <p>D50- Perda paulatina de dotacións de persoal nos sistemas educativo e sanitario do territorio</p> <p>D51- Falta de equipamentos e servizos públicos que incentiven o desenvolvemento empresarial: viveiros de empresas, chan industrial en algún dos concellos, etc.</p> <p>D52- Ausencia de recoñecemento e posta en valor de moitos espazos naturais con alto valor paisaxístico e medio ambiental</p> <p>D53- Existencia de patrimonio cultural sen conservar, sen rehabilitar, sen poñer en valor.</p> <p>D54- Descoñecemento e falta de sensibilización e concienciación da poboación e da administración sobre a riqueza do seu patrimonio. Ausencia de plans integrais de xestión do patrimonio</p> <p>D55- Sinalización deficiente do patrimonio natural e cultural, e falta de interpretación do mesmo que axude ao visitante</p> <p>D56- Inexistencia de rutas establecidas para a visita ao patrimonio natural e cultural</p> <p>D57- Ausencia de servizos de atención e coidado de persoas maiores e nenos nalgúns concellos</p> <p>D58- Pouca implicación da estrutura asociativa na dinamización socioeconómica do territorio</p> <p>D59- Pouca colaboración entre axentes privados e públicos para o desenvolvemento do territorio</p>	<p>F28- Cobertura sanitaria pública en todos os concellos</p> <p>F29- Cobertura de servizos sociais no medio rural</p> <p>F30- Existencia no territorio de varios centros de información á muller</p> <p>F31- Existencia de servizos de apoio ao emprego e ao emprendedor no territorio</p> <p>F32- Dotacións atractivas en infraestruturas deportivas e de lecer</p> <p>F33- Demanda social e conciencia cidadá crecentes en relación coa necesidade de conservar e protexer os recursos naturais</p> <p>F34- Importancia do patrimonio natural e cultural do territorio como factor decisivo de impulso socioeconómico, xeración de benestar e articulación territorial</p> <p>F35- Tradición de mercados locais e feiras, nas que dar saída ás producións locais e de tempada, ademais de ser un atractivo turístico</p> <p>F36- Experiencia do territorio en materia de desenvolvemento rural a través dos fondos Leader</p> <p>F37- Interese e compromiso da Asociación Miño Ulla no desenvolvemento rural integral do seu territorio de actuación</p>

	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
<b>ANÁLISE EXTERNO</b>	<b>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</b>	<b>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</b>
	<i>A1- Incremento dos riscos derivados dos efectos do cambio climático</i>	<i>O1- Intensificación da concienciación ambiental</i>
	<i>A2- Previsión de incremento de incendios forestais e pragas</i>	<i>O2- Implicación da poboación e da administración na loita contra o cambio climático e o uso racional dos recursos</i>
	<i>A3- Cambios legislativos constantes no referente ás enerxías renovables</i>	<i>O3- Posibilidade de incrementar o aproveitamento sustentable das masas forestais existentes (castañas, cogomelos, biomasa, ...)</i>
	<i>A4- Abandono de terreos (sobre todo forestais) por propietarios non asentados no territorio</i>	<i>O4- Aposta do Leader por unha economía capaz de adaptarse ao cambio climático que fomenta a utilización de enerxías renovables</i>
	<i>A5- Actitude pasiva fronte ao deterioro do medio ambiente debido á falta de concienciación da poboación</i>	
	<b>DEMOGRAFÍA</b>	<b>DEMOGRAFÍA</b>
	<i>A6- Progresivo envellecemento da poboación</i>	<i>O5- Posibilidade de atracción de poboación pola nova visión da vida no rural</i>
	<i>A7- Perda de poboación nova e especializada</i>	<i>O6- Preocupación cada vez maior pola vida saudable (menos contaminación, menos estrés, máis tranquilidade, ...)</i>
	<i>A8- Baixa capacidade de autorrenovación dos recursos humanos (deficiente renovación xeracional)</i>	<i>O7- Incentivos da política autonómica á natalidade</i>
	<b>SISTEMA PRODUTIVO</b>	<b>SISTEMA PRODUTIVO</b>
	<i>A9- Centralización dos servizos nos núcleos urbanos máis importantes</i>	<i>O8- Existencia de novos mercados en produtos de alimentación (marcas de calidade, produtos ecolóxicos, produtos de calidade diferenciada, alimentos tradicionais, produtos que transmiten sustentabilidade)</i>
	<i>A10- Excesivo peso do sector primario co elevado risco que pode implicar o cambio nas políticas estruturais europeas</i>	<i>O9- Potencial da agricultura ecolóxica, consecuencia da crecente demanda destes produtos, con boas perspectivas para a súa produción e comercialización</i>
	<i>A11- Excesiva especialización no gando bobino (caída da demanda láctea e cárnica)</i>	<i>O10- Cambio nos hábitos de consumo alimentario (consumo responsable, consumo de produtos de proximidade, etc.)</i>
	<i>A12- Incremento constante do prezo dos insumos e dos subministros nas explotacións agrogandeiras</i>	<i>O11- Revalorización e imaxe positiva do medio rural, e dos agricultores e gandeiros en xeral</i>
	<i>A13- Deficiente xestión dos xurros xerados nas explotacións</i>	<i>O12- Aposta polo desenvolvemento das enerxías renovables como resposta á crise enerxética</i>
<i>A14- Diminución da calidade das augas subterráneas por filtracións de residuos</i>		
<i>A15- Excesiva intensificación da agricultura, que supón un risco para a conservación da biodiversidade</i>		
<i>A16- Caída xeneralizada dos prezos agrarios, especialmente grave no territorio no caso do sector lácteo</i>		

ANÁLISE EXTERNO	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
	<p>A17- Escaso poder de negociación dos produtores agrogandeiroscosco a industria e a distribución</p> <p>A18- Excesiva dependencia de axudas e subvencións</p> <p>A1 - Coxuntura económica desfavorable debido a unha crise produtiva xeneralizada</p> <p>A20- Escasa diversificación do tecido empresarial</p> <p>A21- Dependencia empresarial do territorio coa industria manufactureira de produtos locais</p> <p>A22- Pouca tradición exportadora da industria local</p> <p>A23- Restrición do acceso ao crédito ao sector produtivo debido á crise, especialmente no caso das Pemes</p> <p>A24- Perda de competitividade ante a non adaptación das empresas ás TIC nun entorno globalizado</p> <p>A25- Envellecemento da poboación activa</p> <p>A26- Desmotivación provocada polo alto nivel de desemprego de longa duración</p> <p><b>CALIDADE DE VIDA</b></p> <p>A27- Debilidade da demanda interna a causa da prolongación da crise económica, e competencia incrementada cos produtos alimenticios importados e as grandes superficies</p> <p>A28- Perda de importancia das feiras, o que supón a desaparición dun circuíto corto de comercialización das produción locais</p> <p>A29- Contaminación das augas debida a vertidos incontrolados</p> <p>A30- Proliferación de edificacións illadas fora do cascos urbanos</p>	<p>O13- Ambiente propicio para o emprendemento, debido á existencia de axudas económicas e asesoramento para dinamizar a economía do territorio</p> <p>O14- Posibilidade de atraer empresas pola existencia de solo industrial</p> <p>O15- Desenvolvemento do turismo atraído pola paisaxe de fortes contrastes e polo patrimonio natural e cultural</p> <p>O16- Posibilidades de xurdimento de empresas e actividades de turismo activo</p> <p>O17- Novos incentivos á contratación indefinida: contrato de apoio aos emprendedores; tarifa plana de 100 euros para a contratación; custes laborais reducidos para novas contratacións</p> <p>O18- Efecto activador das políticas de emprego</p> <p>O19- Desenvolvemento de postos de traballo en novos sectores e áreas: novos xacementos de emprego, emprego verde, sectores tecnolóxicos, sector turístico, economía baixa en carbono, ...</p> <p>O20- Desenvolvemento de sectores relacionados coa atención a persoas en situación de dependencia</p> <p>O21- Emerxencia de novas iniciativas relacionadas coa economía social e de empresas sociais innovadoras</p> <p>O22- Crecemento das oportunidades para as iniciativas de emprendemento e autoemprego</p> <p><b>CALIDADE DE VIDA</b></p> <p>O23- Existencia dun importante tecido social (asociacións veciñais, culturais, deportivas, de mulleres, de empresarios, etc.)</p> <p>O24- Desenvolvemento da administración electrónica</p> <p>O25- Máis posibilidades de acceso á formación e á cualificación</p> <p>O26- Implantación de TIC, que facilitan a formación online, e novas formas de busca de emprego</p>

	AMEAZAS	OPORTUNIDADES
ANÁLISE EXTERNO	A31- <i>Mantemento da brecha dixital entre zonas con distinto grado de urbanización, especialmente en zonas rurais, e entre a poboación de maior idade</i>	O27- <i>Implantación de TIC, que xeran novos servizos potenciais (asistencia social, mellora da competitividade de empresas tradicionais ...)</i>
	A32- <i>Forte atracción de zonas urbanas próximas para compras, cultura, lecer, etc.</i>	O28- <i>A demanda das TIC tamén brinda a oportunidade de ofrecer un subministro de servizos máis amplo ás poboacións dos pequenos municipios e zonas con poboación dispersa</i>
	A33- <i>Necesidades crecentes para a protección social, para a loita contra a pobreza e a promoción da inclusión</i>	O29- <i>Demandas sociais máis respectuosas co medio ambiente</i>
	A34- <i>Perda do patrimonio cultural por abandono na súa conservación no caso do material, e pola non transmisión de usos e costumes no caso do inmaterial</i>	O30- <i>O novo período de fondos comunitarios 2014-2020</i>

Tal e como acabamos de ver, na análise DAFO intégranse nun cadro as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades, facendo referencia a cuestións internas propias do territorio as debilidades e as fortalezas, e a factores externos as ameazas e oportunidades.

Segundo a “Guía de desenvolvemento Local Participativo para Actores Locais” publicada pola Comisión Europea, toda estratexia de desenvolvemento local participativo ademais dunha análise DAFO debe conter unha análise das necesidades de desenvolvemento potencial da zona, que ao contrario que a DAFO que se presenta como unha ferramenta máis xenérica e que se pode aplicar a outros territorios con características similares, demostre que os resultados obtidos desa DAFO son claramente conseguidos mediante un proceso participativo, que diferencia ao noso territorio doutros e que se poden converter nunha valiosa ferramenta para a construción dunha intervención forte e segura cunha maior orientación á busca de resultados.

Atendendo a estes criterios, e tras o proceso participativo que se documenta na PARTE I e no ANEXO A, identificamos **as necesidades de desenvolvemento potencial** para o que utilizamos a análise CAME, que ven das iniciais “Corrixir, Afrontar, Manter e Explotar”. Deste xeito, a análise DAFO serviu para facer un diagnóstico inicial de situación, ea análise CAME serviu para definir as accións a tomar a partir dos resultados do DAFO.



2.2. CAME

NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO	CORRIXIR DEBILIDADES	MANTER FORTALEZAS
	<p><b>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</b></p> <p>N1- Posta en valor do patrimonio natural, potenciando a súa conservación e protección, ao mesmo tempo que o seu aproveitamento dun xeito sustentable (D1, D2, D3, D4, D5, D52, D55, D56)</p> <p><b>DEMOGRAFÍA</b></p> <p>N2- Fixar poboación no territorio, xerando actividade e creando oportunidades de emprego (D6, D7, D8, D9)</p> <p>N3- Loitar contra o desequilibrio territorial interno, potenciando as actuacións nos concellos menos desenvolvidos (D10, D11, D29, D30, D31)</p> <p><b>SISTEMA PRODUTIVO</b></p> <p>N4- Promover a diversificación da actividade no sector agrícola e gandeiro, así como introducir pequenas transformacións das producións nas propias explotacións como xeito de incrementar a venda directa e aumentar os ingresos (D12, D17, D19)</p> <p>N5- Potenciar o xurdimento de novas actividades (industriais e de servizos) para reducir o peso das pensións na base económica polo incremento das rendas salariais (D12, D13, D14, D41)</p> <p>N6- Potenciar o asociacionismo agrario, e a creación de SAT (ou de outra forma de colaboración), para ver aumentada a SAU das explotacións e a súa competitividade (D15, D16)</p> <p>N7- Promover actuacións de mellora da eficiencia enerxética, fomentar o uso de enerxías renovables, tentar reducir as emisións de carbono, e incrementar a concienciación ambiental para a loita contra o cambio climático (D18, D20, D21)</p> <p>N8- Acometer a ordenación dos montes, mellorar a súa xestión, e potenciar o aproveitamento das súas producións, e o seu mantemento e conservación en bo estado para a produción de biomasa (D22)</p>	<p><b>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</b></p> <p>N31- Conservar a nosa biodiversidade e a nosa riqueza paisaxística e natural, e impulsar o aproveitamento da mesma de xeito sustentable (F1, F2, F3, F4, F5)</p> <p><b>DEMOGRAFÍA</b></p> <p>N32- Reforzar o sentimento de arraigo ao territorio como xeito de afianzar á poboación (F6, F7)</p> <p><b>SISTEMA PRODUTIVO</b></p> <p>N33- Aproveitar as producións agroalimentarias locais con tradición no territorio (de elevada calidade), o noso saber facer e profesionalización, e fortalecer a industria transformadora existente (F8, F9, F10, F11, F12, F14, F15, F16)</p> <p>N34- Afianzar o asociacionismo existente e fortalecer aos pequenos emprendedores (F13, F17)</p> <p>N35- Seguir a impulsar a instalación de industrias e empresas no solo industrial acondicionado e ben comunicado existente no territorio (F18)</p> <p>N36- Fortalecer o sector turístico, xa que contamos con instalacións e atractivos (turismo rural, rutas xacobeas, medio natural, patrimonio cultural, recursos cinexéticos e piscícolas) (F19, F20, F21, F22, F23)</p>



NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO	CORRIXIR DEBILIDADES	MANTER FORTALEZAS
	<p>N9- Promover o desenvolvemento no territorio de empresas de transformación dos produtos agrogandeiros, como xeito de que o valor engadido xerado polas mesmas se quede no territorio (D23, D28)</p> <p>N10- Apoiar ao sector industrial en xeral, para dar lugar ao xurdimento de nova actividade, e para conseguir a ampliación e modernización da existente como xeito de crear e manter emprego (D24, D25, D26, D27, D29, D30)</p> <p>N11- Promover a creación de novos servizos, e a mellora e ampliación dos existentes, como xeito de mellorar a calidade de vida e de xerar emprego(D31)</p> <p>N12- Mellorar o sector turístico, potenciando a súa profesionalización, apoiando o xurdimento de actividades complementarias vinculadas cos recursos do territorio, así como a coordinación entre os diferentes axentes (D32, D33, D34)</p> <p>N13- Crear novos servizos de benestar, dirixidos a mellorar a calidade de vida, e a evitar desigualdades e discriminacións de diferentes colectivos (D35, D36, D57)</p> <p>N14- Crear emprego para reducir o paro e evitar o éxodo da poboación local, sobre todo en colectivos con máis dificultades, mulleres, mozos/as e maiores de 50 anos (D37, D38, D39, D40)</p> <p><b>CALIDADE DE VIDA</b></p> <p>N15- Promover unha mellor ordenación dos recursos do territorio e a mellora das infraestruturas municipais e dos servizos existentes (D42, D43, D44, D45 D46, D47, D48, D50)</p> <p>N16- Mellorar o acceso ás T.I.C.s, e fomentar o seu uso como posible xeito de entrada da innovación no territorio (D49)</p> <p>N17- Potenciar o desenvolvemento empresarial coa creación de viveiros de empresas, co apoio á innovación, ao I+D+i y coa promoción do solo industrial do territorio (D51)</p>	<p><b>CALIDADE DE VIDA</b></p> <p>N37- Reforzar a vantaxe competitiva que supón a proximidade do territorio a núcleos grandes e a existencia de novas vías de comunicación co exterior (F24, F25)</p> <p>N38- Afianzar e xerar vínculos entre todos os sectores e entre todos os axentes cualificados e especializados existentes no territorio para buscar sinerxías de desenvolvemento económico e social, con especial atención a colectivos desfavorecidos e en risco de exclusión social (F26, F27, F28, F29, F30, F31, F32)</p>

<b>NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO</b>	<b>CORRIXIR DEBILIDADES</b>	<b>MANTER FORTALEZAS</b>
	<p><i>N18- Posta en valor do patrimonio cultural, potenciando a súa conservación e rehabilitación, ao mesmo tempo que o seu aproveitamento dun xeito sustentable (D53, D54, D55, D56)</i></p> <p><i>N19- Potenciar a participación de toda a sociedade no seu desenvolvemento (D58, D59)</i></p>	<p><i>N39- Fortalecer a concienciación medioambiental da poboación e reforzar o seu interese en relación coa necesidade de conservar e protexer os recursos naturais e patrimoniais como factor importante de benestar, impulso socioeconómico e articulación territorial (F33, F34)</i></p> <p><i>N40- Conservar a tradición de mercados locais e feiras, para dar saída ás producións locais e de tempada e como atractivo turístico (F35)</i></p> <p><i>N41- Aproveitar os coñecementos e a experiencia da Asociación Miño Ulla e doutros colectivos do territorio para acadar un desenvolvemento integral que loite contra a desigualdade e a discriminación, traballando en rede e cooperando tanto a nivel local como con outros territorios rurais (F36, F37)</i></p>

<b>NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO</b>	<b>AFRONTAR AMEAZAS</b>	<b>EXPLOTAR OPORTUNIDADES</b>
	<p><b><i>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</i></b></p> <p><i>N20- Loitar contra o cambio climático e as súas consecuencias no territorio (A1, A2)</i></p> <p><i>N21- Sensibilizar á poboación local sobre cuestións medioambientais nun sentido amplo (A3, A4, A5, A30)</i></p> <p><b><i>DEMOGRAFÍA</i></b></p> <p><i>N22- Atraer a instalación de novos poboadores no territorio, en especial mozos/as e familias (A6, A7, A8, A25)</i></p> <p><b><i>SISTEMA PRODUTIVO</i></b></p> <p><i>N23- Impulsar a descentralización de servizos ao longo do territorio, así como potenciar a diversificación das actividades (A9, A10, A11, A20, A21)</i></p> <p><i>N24- Apoiar a introdución de enerxías renovables, da eficiencia enerxética, da mellora da xestión dos residuos e da redución das emisións como xeito de aforro ademais de como actuacións ambientais (A12, A13, A14, A15, A29)</i></p>	<p><b><i>TERRITORIO E MEDIO NATURAL</i></b></p> <p><i>N42- Aproveitar a concienciación ambiental do sector privado e do público para promover un desenvolvemento sustentable no tempo (O1, O2, O3, O4, O12, O29)</i></p> <p><b><i>DEMOGRAFÍA</i></b></p> <p><i>N43- Aproveitar a visión positiva do rural para atraer novos habitantes e visitantes (O5, O6, O7, O11)</i></p> <p><b><i>SISTEMA PRODUTIVO</i></b></p> <p><i>N44- Aproveitar os novos hábitos de consumo e a demanda crecente de produtos de calidade, ecolóxicos, alimentos tradicionais e de proximidade e potenciar ese campo das nosas producións (O8, O9, O10)</i></p> <p><i>N45- Aproveitar as axudas económicas ao emprendemento e á contratación, e a existencia no territorio de solo industrial para conseguir o xurdimento de novas empresas e a ampliación das existentes (O13, O14, O17, O18, O22, O30)</i></p>



NECESIDADES DE DESENVOLVEMENTO	AFRONTAR AMEAZAS	EXPLOTAR OPORTUNIDADES
	<p>N25- <i>Potenciar a transformación de materias primas no territorio como xeito de enfrontarse á crise do sector e reducir a dependencia das axudas (A16, A17, A18, A19)</i></p> <p>N26- <i>Lograr a apertura de mercados de cara ao exterior como xeito de loitar contra a crise interna e aumentar ingresos, aproveitando as posibilidades da introdución das TIC no proceso de comercialización (A22, A23, A24)</i></p> <p>N27- <i>Fomentar a creación de emprego para mellorar a calidade de vida e as oportunidades da poboación local (A26)</i></p> <p><b>CALIDADE DE VIDA</b></p> <p>N28- <i>Apoiar aos mercados de proximidade, como poden ser as feiras e mercados, e aos circuitos curtos de comercialización aproveitando a proximidade ás zonas urbanas (A27, A28, A32)</i></p> <p>N29- <i>Mellorar a calidade de vida do rural, co apoio a novos servizos de benestar e loita contra a desigualdade e a discriminación, e coa modernización e implantación das TIC como xeito de reducir a brecha existente entre zonas urbanas e rurais (A31, A33)</i></p> <p>N30- <i>Promover a conservación e rehabilitación do patrimonio cultural material, e a recuperación e posta en valor do inmaterial (A34)</i></p>	<p>N46- <i>Utilizar os recursos naturais e patrimoniais existentes para atraer turistas, e poñer en marcha novas empresas de turismo activo (O15, O16)</i></p> <p>N47- <i>Aproveitar as novas tendencias económicas e sociais que dan lugar a novos xacementos de emprego (atención a maiores e dependentes, emprego verde, sectores tecnolóxicos, economía baixa en carbono) (O19, O20, O21)</i></p> <p><b>CALIDADE DE VIDA</b></p> <p>N48- <i>Aproveitar o tecido social existente para impulsar a cooperación e o apoio á estratexia de desenvolvemento local (O23)</i></p> <p>N49- <i>Aproveitar as TIC para a prestación de novos servizos á poboación, e para facilitarlle o acceso á administración, á formación, etc. (O24, O25, O26, O27, O28)</i></p>

Unha vez validadas pola poboación local as análises DAFO e CAME, era preciso proceder á fixación do gran obxectivo xeral para a estratexia do territorio do GDR05, así como dos obxectivos prioritarios ou estratéxicos, para o que se volveu a contar coa participación da poboación local, para que deixase novamente constancia das súas opinións e inquietudes.

Polo que dadas as necesidades de desenvolvemento xurdidas, se decidiu proceder á formulación da estratexia que lle permita ao territorio afrontar con éxito o futuro, e se optou por formulala como unha estratexia de supervivencia, xa que busca eliminar os aspectos negativos que nos prexudican, polo que predominarán as accións enfocadas a corrixir as debilidades e a afrontar as ameazas, aínda que tamén será unha estratexia con certa tendencia ofensiva posto que tratará de manter as fortalezas do territorio, reforzándoas na medida que sexa posible.

### 3. Estratexia de desenvolvemento local participativo

A estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR05 para o período 2014-2020 sintetízase no seguinte obxectivo xeral:

*“Frear o proceso de despoboamento do territorio a través dun desenvolvemento multisectorial, integrado e equilibrador do mesmo, que leve aparellada a xeración de emprego e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes, garantindo a sustentabilidade do medio a longo prazo, e desde unha perspectiva social que implique a eliminación da desigualdade e o fomento da non discriminación.”*

Dentro deste obxectivo xeral, intégranse os obxectivos prioritarios, fundamentados nas necesidades de desenvolvemento potencial xurdidas da análise das características e situación do territorio e do proceso participativo endóxico e formulados desde a óptica do enfoque Leader.

#### 3.1. Descrición das características integradas da estratexia

A estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR05 ten como primeira característica a de pretender ser multisectorial, integrada e equilibradora, xa que persegue o desenvolvemento económico (en diferente medida, dependendo de cal sexa o seu punto de partida e o concello do que se trate) de todos os sectores, primario, secundario e terciario, para lograr un maior equilibrio interno tanto desde o punto de vista económico como social e de benestar e calidade de vida.

Sendo unha estratexia de desenvolvemento dunha zona rural, o primeiro sector implicado será o sector primario, no que se inclúen as actividades agrícolas, gandeiras, forestais e mixtas, sector cunha importancia fundamental no territorio tanto polo número de explotacións existentes, como pola poboación ocupada no mesmo e tamén pola importancia das rendas que xera. A nosa estratexia coas actuacións neste sector (non se poderán subvencionar todas as que se consideran necesarias polas propias limitacións establecidas nas bases reguladoras, tanto no referente a inversións subvencionables como á limitación dos importes a subvencionar) persegue por tanto contribuír ás seguintes prioridades do desenvolvemento rural da Unión Europea para o período 2014-2020:

- 1º. Fomentar a transferencia de coñecementos e innovacións nos sectores agrario e forestal e nas zonas rurais.
- 2º. Mellorar a viabilidade das explotacións agrarias e a competitividade de todos os tipos de agricultura e promover tecnoloxías agrícolas innovadoras e a xestión forestal sustentable.
- 4º. Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura.
- 5º. Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.

En canto ás actuacións no sector secundario, a estratexia persegue fundamentalmente o desenvolvemento da actividade industrial no territorio do GDR05, posto que tal e como se viu na análise previa esta atópase escasamente desenvolvida, dun xeito moi desigual segundo o concello analizado, e ademais está moi atomizada. Polo que a nosa estratexia fomentará o seu desenvolvemento xenérico, integrado e dun xeito equilibrador para contribuír dun xeito importante ao obxectivo prioritario da xeración de emprego, e tamén ao obxectivo da mellora da calidade de vida, posto que se actuará fundamentalmente no sector industrial relacionado coa transformación das producións locais (moi necesaria, pero que nos ven limitada polas bases reguladoras), para que deste xeito o valor engadido xerado se quede no territorio. Polo tanto, no caso do sector secundario impulsárase o seu avance facendo especial incidencia en canto ás prioridades do desenvolvemento rural da Unión Europea para o período 2014-2020 nas seguintes:

3º. Fomentar a organización da cadea alimentaria, incluíndo a transformación e comercialización dos produtos agrarios.

5º. Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.

Por último en canto ás actuacións no sector servizos, a estratexia de desenvolvemento do GDR05 baséase na consecución dun desenvolvemento dos mesmos de xeito uniforme no territorio, posto que a maioría dos servizos, tal e como se viu na análise atópanse nos dous concellos que actúan como focos de atracción do territorio (Sarria e Chantada). Trátase pois de cubrir as necesidades de servizos no resto dos concellos do territorio, procurando especial atención á prestación de servizos de carácter social (benestar, igualdade e integración), así como a todos aqueles que resulten innovadores e/ou que supoñan a utilización das TIC como xeito de achegar servizos á poboación que fagan mellorar cualitativamente a súa calidade de vida (obxectivo prioritario). Ao igual que ocorría coas actuacións nos outros dous sectores, a estratexia no sector servizos contribuirá ao obxectivo prioritario da creación de emprego. En canto ás prioridades do desenvolvemento rural da Unión Europea para o período 2014-2020 nas que se incidirá especialmente coas actuacións neste sector, serán as seguintes:

5º. Promover a eficiencia dos recursos e fomentar o paso a unha economía baixa en carbono e capaz de adaptarse ao cambio climático nos sectores agrario, alimentario e forestal.

6º. Fomentar a inclusión social, a redución da pobreza e o desenvolvemento económico nas zonas rurais.

### **3.2. Descrición das características innovadoras da estratexia**

A estratexia de desenvolvemento local participativo da Asociación Miño Ulla é innovadora, entendendo a innovación nun sentido amplo, xa que no contexto do desenvolvemento rural a innovación non ten porqué significar só a investigación e o desenvolvemento ou a nova tecnoloxía de alto nivel, aínda que por suposto os investimentos en estes aspectos tamén están contemplados na nosa EDLP. A innovación na nosa estratexia de desenvolvemento ven dada polo intento que se fai na mesma de mellorar a calidade de vida de toda a poboación, actuando sobre os recursos propios (producións agrícolas e gandeiras e

patrimonio natural e cultural) do territorio, para que estes contribúan de xeito decisivo á xeración de riqueza e emprego, explorando novas oportunidades que nos leven a conseguir a sustentabilidade a longo prazo como territorio habitado e desenvolvido de xeito respectuoso co medio.

Deste xeito, a estratexia de desenvolvemento local da Asociación Miño Ulla, persegue a transformación dos produtos do sector primario no propio territorio, para dar lugar a novos produtos que permitan aumentar os ingresos dos nosos habitantes co valor engadido xerado, e tamén se intentará mellorar a comercialización das producións locais coa utilización de circuitos curtos de venda e a introdución das novas tecnoloxías que permitan a apertura de mercados potenciais. Todo isto sen deixar de apoiar a produtos locais que xa teñen a data de hoxe unha marca que garante a súa calidade (D.O.P. ou I.X.P.), e que contribúen decisivamente á xeración de riqueza ao mesmo tempo que serven para facer no exterior unha promoción positiva da zona, xa que levan a súa orixe no etiquetado polo que indisolublemente están ligados ao territorio.

Outra das innovacións que plantexa a nosa estratexia de desenvolvemento local, é o impulso á creación de novos servizos de benestar para a poboación local, así como á mellora e ampliación dos existentes, perseguindo deste xeito atender as necesidades da poboación local, sobre todo de aqueles colectivos que poidan verse desatendidos ou discriminados (maiores, mozos/as, mulleres, persoas con diversidade funcional, inmigrantes, emigrantes retornados, colectivos en risco de exclusión social, ...), ao mesmo tempo que se pretende que estas novas actividades teñan un efecto multiplicador para a xeración de riqueza e emprego.

A innovación da EDLP da Asociación Miño Ulla tamén ven pola aposta decidida pola conservación do medio. Deste xeito, non só se pretende poñer en marcha proxectos para a conservación e posta en valor dos recursos naturais do territorio, vaise máis aló, buscando un desenvolvemento económico sustentable a longo prazo, preocupado polo cambio climático e apoiando actuacións de eficiencia enerxética e de utilización de enerxías renovables.

Tamén a nosa estratexia plantexa a cooperación entre territorios como xeito innovador de promocionar producións e recursos locais, ou de impulsar a creación de novos servizos, xa que os territorios rurais intercambiando experiencias, poñendo en común recursos e creando redes, en definitiva actuando de xeito conxunto, poden enfrontarse con máis éxito a unha economía e a un mundo globalizados.

Outra innovación da estratexia de desenvolvemento local participativo da Asociación Miño Ulla, é a de que os obxectivos a alcanzar coa mesma, poden ser expresados en termos SMART, é dicir, os obxectivos pódense expresar en termos cuantitativos e cualitativos, son obxectivos SMART:

- **e**Specíficos: indican claramente do que pretende ocuparse a estratexia e de que xeito.
- **M**edibles: poden expresarse en termos cuantitativos e cualitativos
- **A**tinxibles: que son tecnicamente alcanzables no marco da estratexia proposta.
- **R**ealistas: dado o territorio, a súas características, os fondos que se poden acadar, etc.
- **T**empo de aplicación: a EDLP vaise aplicar durante catro anos, do 2017 ao 2020.

### 3.3. Obxectivos da estratexia e descrición do plan de accións

Unha vez efectuada a análise DAFO do territorio e definida a estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR05 (con descrición das súas características integradas e innovadoras), pasamos agora a plantexar os obxectivos prioritarios a conseguir coa estratexia e as accións a levar a cabo para a consecución dos mesmos.

Todas as prioridades da nosa EDLP que se indican a continuación contribuirán ademais á consecución dos obxectivos transversais de innovación, conservación e mellora do ambiente e mitigación e adaptación ao cambio climático.

#### ***OBXECTIVO 1: Crear e manter emprego***

A xustificación deste obxectivo ven dada por todos os datos da análise de diagnóstico do territorio efectuada, así como polos datos das enquisas efectuadas por todo o GDR05 como parte do proceso participativo, que sinalaban o problema do paro como un dos máis importantes do GDR05, e este obxectivo como o de maior prioridade de actuación para o programa Leader 2014-2020.

A necesidade de crear e manter emprego no medio rural, ademais de polos datos de paro ven xustificada pola situación sociodemográfica do territorio do GDR05, xa que urxe frear a perda de poboación continuada que se está a sufrir e así mesmo é necesario mitigar o envellecemento da poboación. Coa creación e mantemento de emprego, perséguese fixar poboación no territorio, ofertar oportunidades para que a xente moza non teña que abandonar a zona, e incrementar a renda bruta dispoñible do territorio coas remuneracións salariais.

Trátase dun obxectivo “smart” (específico, medible, atinxible, realista e alcanzable no tempo de aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo), xa que:

- está definido dun xeito concreto “creación e mantemento de emprego” - Específico
- pódese medir dun xeito cuantitativo (número de UTAs creadas e número de UTAs mantidas) e dun xeito cualitativo (por colectivos para os que se creou e/ou se mantivo o emprego, mulleres, mozos/as, maiores de 50 anos, parados de longa duración, persoas con diversidade funcional, outros colectivos desfavorecidos, ...) - Medible
- é perfectamente alcanzable co apoio ao xurdimento de novos produtos e servizos, e á ampliación e modernización dos existentes - Atinxible
- os proxectos produtivos que se subvencionen estarán obrigados á creación de emprego (novas instalacións) e/ou ao mantemento do mesmo (ampliacións e modernizacións) e ademais existen proxectos non produtivos (no campo dos servizos) que tamén poden dar lugar á creación e/ou mantemento de emprego - Realista
- a estratexia de desenvolvemento local participativo vaise a aplicar no territorio durante un período de catro anos, do 2017 ao 2020 - Alcanzable no tempo

#### **Tipoloxía dos proxectos:**

Agora imos a encadrar as accións concretas a desenvolver para a consecución deste obxectivo, segundo a tipoloxía dos proxectos subvencionables que se poden seleccionar tal e como establecen as bases reguladoras (a falta da publicación do réxime de axudas):

### *1.1. Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios*

(considerando como tales os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, cando polo menos o 85% de materias primas utilizadas para a transformación estiveran incluídas no citado anexo I do Tratado. O resultado do proceso poderá ser un produto non contido no citado anexo)

#### Xustificación

O sector agrícola e gandeiro ten moita importancia no GDR05, cun número grande de explotacións, é o sector que ocupa o segundo lugar por número de afiliados, e nalgúns dos concellos constitúe a primeira actividade, polo que as actuacións no mesmo contribuirán de xeito decisivo á creación e/ou mantemento de emprego.

Os produtos de maior produción no territorio, e sobre os que se quere actuar de modo prioritario, son leite, carne (de tenreira, de porco e de ave fundamentalmente), ovos, uvas e castañas. Así mesmo existen outro produtos con menos importancia, pero para os que non se descartan actuacións (cereixas, mel, cogomelos, etc.).

Polo tanto, o sector agroalimentario ten que ser unha referencia do territorio do GRD05, xa que son moitos os produtos de calidade dos que dispón, e algúns xa protexidos, identificados e diferenciados con marca, “Queixo Arzúa-Ulloa”, “Viño Ribeira Sacra”, “Castañas de Galicia”, “Tenreira Galega”, etc.

Ademais de pola xeración de emprego, resulta moi necesario que a transformación destes produtos se leve a cabo de xeito prioritario no territorio, para que o valor engadido xerado se quede aquí. A venda en circuitos curtos tamén consegue a mellora dos prezos para os produtores, posto que se eliminan intermediarios (que traballan con marxes elevados) e ademais se aumenta o poder de negociación dos produtores e/ou agricultores, que así poden maximizar os seus beneficios.

#### Accións a desenvolver

- Investimentos nas propias explotacións agrícolas de cara á venda directa nas mesmas (procesado, transformación e envasado de produtos, adecuación de pequenos puntos de venda, creación de páxinas web para a venda directa, etc.).

- Creación, ampliación e modernización de empresas dedicadas á transformación e comercialización de produtos agrícolas e gandeiros.

- Investimentos en empresas dedicadas á fabricación de produtos protexidos coas D.O. “Queixo Arzúa-Ulloa” e “Viño Ribeira Sacra”.

- Investimentos en I+D+i neste sector.



<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Investimentos de asociacións de produtores, cooperativas, consellos reguladores de cara á promoción e mellora da comercialización dos seus produtos.</li> <li>- Pequenas inversións en proxectos que supoñan a realización dunha actividade agrícola ou gandeira complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar.</li> <li>- Instalación dunha queixería na parroquia de Friolfe (O Páramo) por parte da Gandería Quintián, S.C.</li> <li>- Investimento para produción melífera en Carballedo.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos e non productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

### ***1.2. Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais***

(considerando como tales as operacións anteriores á transformación industrial da madeira, só se apoiarán investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, referidos á produción a pequena escala de quebra de madeira e/ou pellets. Os proxectos promovidos por C.M.V.M.C., as súas mancomunidades ou agrupacións de propietarios serán subvencionables se inclúen unha extensión superior ás 15 ha.)

<p><u>Xustificación</u></p>	<p>O sector forestal ten un grande potencial non aproveitado no territorio do GDR05, polo que as actuacións no mesmo poden contribuír dun xeito decisivo á xeración de emprego.</p> <p>Existen importantes masas forestais de frondosas, carballos e castiñeiros fundamentalmente, nas que ademais do aproveitamento das propias castañas (recurso que tamén se atopa infrautilizado) pódense levar a cabo actuacións para mellorar a súa xestión. Por un lado trataríase de aproveitar e fomentar as producións do sotobosque (cogomelos, etc.), e por outro lado debería procederse á utilización dos subprodutos e/ou residuos resultantes do seu mantemento e conservación con fins productivos (podas forestais, maleza, etc.) para biomasa (enerxía renovable). Deste xeito, axudaría á conservación dos bosques (non só os de frondosas), á prevención de incendios forestais, á mellora paisaxística do entorno e á xeración de riqueza e emprego.</p>
-----------------------------	--



<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Investimentos das C.M.V.C.M., as súas mancomunidades ou agrupacións de propietarios tendentes a mellorar a ordenación dos montes (proxectos de deslindes, peches, estudos de aproveitamentos, etc.). Estes proxectos serán subvencionables no caso de que inclúan unha extensión superior ás 15 ha..</li> <li>- Creación, ampliación e modernización de empresas dedicadas á quebra da madeira.</li> <li>- Creación, ampliación e modernización de empresas dedicadas ao procesamento e á mobilización da biomasa forestal.</li> <li>- Investimentos dirixidos á posta en marcha doutros aproveitamentos forestais distintos dos da madeira (castañas, cogomelos, etc.).</li> <li>- Investimentos en I+D+i neste sector.</li> <li>- Pequenos investimentos en proxectos que supoñan a realización dunha actividade agroforestal complementaria á actividade principal non agraria da unidade familiar.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Produtivos e non produtivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos non programados.</p>

### ***1.3.Creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias***

<p><u>Xustificación</u></p>	<p>O sector industrial, tal e como se veu na análise, atópase moi pouco desenvolvido no territorio do GDR05, é a terceira actividade por número de afiliados, por detrás dos servizos e do sector primario.</p> <p>Ademais este sector no territorio está moi atomizado, a condición xurídica máis estendida é a de sociedade de responsabilidade limitada, aínda que con moi pouca diferenza fronte á da persoa física, e o maior número de empresas existentes son as de 0 a 2 asalariados, o que nos levaría a falar dun sector con microempresas.</p> <p>Polo tanto resulta fundamental impulsar o desenvolvemento e a mellora deste sector (innovación, competitividade, inserción de TIC, ...), xa que se trata dun sector que pode contribuír de xeito decisivo á creación e/ou mantemento de emprego, e á xeración de riqueza.</p>
-----------------------------	--

<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Creación, ampliación e modernización de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.</li> <li>- Investimentos en I+D+i en empresas non agrarias.</li> <li>- Investimentos para a introdución das T.I.C. nas empresas que desenvolvan actividades non agrarias, así como para a creación de páxinas web que poñan en marcha a venta a través da rede dos seus produtos.</li> <li>- Actuacións para dotar de enerxía eléctrica as adegas da ribeira na parroquia de San Fiz (Chantada).</li> <li>- Modernización, con uso de residuos e aplicación de enerxías renovables, da empresa Madeiras Ferreiro Saa, S.L. situada na parroquia de Moreda (Taboada).</li> <li>- Instalación en Portomarín dunha anguilería, como xeito de valorización dun produto local.</li> <li>- Ampliación e modernización da empresa de rótulos Covissa en Sarria.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

**OBXECTIVO 2: Mellorar e crear servizos para a poboación, favorecendo a mellora do nivel de vida da mesma**

A xustificación deste obxectivo ven dada por todos os datos da análise de diagnóstico do territorio efectuada, así como polos datos das enquisas realizadas por todo o GDR05 como parte do proceso participativo, que sinalaban este obxectivo como o segundo de maior prioridade de actuación para o programa Leader 2014-2020.

A necesidade de mellorar os servizos así como de crear novos servizos para a poboación do medio rural, no caso do territorio do GDR05 ven dada polo diferente nivel de desenvolvemento que o sector terciario ou de servizos ten na zona. Existen dous concellos, Sarria e Chantada que funcionan como grandes polos, tanto polo seu volume de poboación como polo desenvolvemento dos servizos, tanto públicos como privados, pero no resto do territorio os servizos atópanse moito menos desenvolvidos. Dada esta situación, a mellora e creación de servizos resulta fundamental para favorecer a mellora do nivel de vida da poboación rural, ao mesmo tempo que coas actuacións neste obxectivo tamén se contribúe de xeito positivo ao Obxectivo 1 da nosa estratexia, posto que coa mellora e a posta en marcha de novos servizos tamén se apoia á creación e/ou mantemento de emprego.

Trátase dun obxectivo “smart” (específico, medible, atinxible, realista e alcanzable no tempo de aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo), xa que:

- está definido dun xeito concreto “mellora e creación de servizos” - Específico
- pódese medir dun xeito cuantitativo (número de servizos mellorados e número de servizos creados) e dun xeito cualitativo (por tipo de servizo, polo colectivo de poboación ao que vai dirixido especificamente o servizo, polo volume de poboación ao que favorece a mellora ou creación do servizo, etc.) - Medible
- é perfectamente alcanzable co apoio ao xurdimento de novos servizos, e á ampliación e modernización dos existentes - Atinxible
- a mellora e creación de servizos é unha necesidade do territorio do GDR05, polo envellecemento da poboación, pola dispersión da mesma, etc. - Realista
- a estratexia de desenvolvemento local participativo vaise a aplicar no territorio durante un período de catro anos, do 2017 ao 2020 - Alcanzable no tempo

### Tipoloxía dos proxectos:

Agora imos a encadrar as accións concretas a desenvolver para a consecución deste obxectivo, segundo a tipoloxía dos proxectos subvencionables que se poden seleccionar segundo establecen as bases reguladoras (a falta da publicación do réxime de axudas):

#### ***2.1. Creación, mellora e ampliación de todo tipo de servizos á poboación rural, así como as actividades recreativas e culturais, e as súas correspondentes infraestruturas***

<u>Xustificación</u>	<p>O sector servizos, tal e como se veu na análise, ten un desenvolvemento moi desigual no territorio do GDR05, e é a primeira actividade por número de afiliados. Ademais a existencia de todo tipo de servizos no territorio é unha das condicións necesarias para mellorar a calidade de vida da poboación e para equiparar as zonas rurais ás urbanas.</p> <p>Polo tanto resulta fundamental contribuír ao desenvolvemento y á mellora deste sector, xa que tamén se trata dun sector que pode contribuír de xeito decisivo á creación e/ou mantemento de emprego (obxectivo 1).</p>
<u>Accións a desenvolver</u>	<p>- Creación, mellora e ampliación de servizos. A creación de servizos como talleres, tinturerías, lavanderías, clínicas, tanatorios, asesorías, perruquerías, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos, só será subvencionable cando se acredite, mediante informe do concello ou outro método acreditativo similar, que non existe na entidade colectiva ou parroquia onde se pretende ubicar ningún servizo dado de alta no epígrafe do IAE que lle corresponda.</p>

<p><i><u>Accións a desenvolver</u></i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Investimentos no sector do comercio polo miúdo, só será subvencionable a creación de novos establecementos e sempre e cando se acredite, mediante informe do concello ou outro método acreditativo similar, que non existe na entidade colectiva ou parroquia onde se pretende ubicar ningún establecemento dado de alta no epígrafe do IAE que lle corresponda.</li> <li>- Investimentos en establecementos turísticos e en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería, rexerá o establecido no acordo que se asine entre Agader e a Axencia de Turismo de Galicia para o Leader de Galicia 2014-2010.</li> <li>- Investimentos en I+D+i neste sector.</li> <li>- Investimentos para a introdución das TIC nas empresas de servizos de todo tipo, así como para a creación de páxinas web que poñan en marcha a venta a través da rede dos seus servizos e produtos.</li> <li>- Residencia de mascotas (con especialización en cans) no concello de Carballedo.</li> <li>- Rehabilitación e posta en marcha do Balneario de Mouriscados, de augas termais sulfurado-sódicas, sito na parroquia de Arcos (Chantada), como servizo terapéutico.</li> <li>- Instalación de centro tecnolóxico deportivo en Palas de Rei.</li> <li>- Instalación dun parque acuático no concello de Palas de Rei.</li> <li>- Instalación dunha granxa escola no concello de Taboada.</li> </ul>
<p><i><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></i></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Produtivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

**OBXECTIVO 3: Ocupar o territorio dun xeito sustentable, perseguindo o benestar, a igualdade e a non discriminación**

A xustificación deste obxectivo ven dada por todos os datos da análise de diagnóstico do territorio efectuada, así como polos datos das enquisas efectuadas por todo o GDR05 como parte do proceso participativo, que sinalaban este obxectivo como o terceiro de maior prioridade de actuación para o programa Leader 2014-2020.

Tal e como se expuxo na análise, unha das necesidades urxentes do GDR05 é a de favorecer a ocupación do seu territorio, é dicir, fixar poboación no mesmo, posto que a perda de poboación estivo a ser constante no último decenio, e a baixa densidade e a dispersión dificultan o desenvolvemento uniforme e equilibrado de todo o territorio e de toda a poboación sen exclusión de ningún colectivo.

A poboación do GDR05 ademais atópase moi envellecida, xa que a súa taxa de envellecemento (número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 habitantes) é no ano 2014 do 32,54, polo que a demanda de servizos sociais de benestar está a crecer dun xeito moi significativo. Ademais está necesidade de servizos de benestar vese aumentada e agravada cando analizamos o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos (índice de sobreenvellecemento), xa que para o GDR05 no ano 2014 este índice acada o valor de 20,4.

As mulleres seguen a ser o colectivo que se fai cargo do coidado das persoas maiores, e tamén dos nenos, polo que é necesario prestar servizos dirixidos aos dous colectivos, nenos e maiores para facilitar a conciliación da vida laboral e familiar das mulleres do territorio.

Os mozos/as do territorio, a xente nova, tamén precisa dunha atención especial, xa que a nosa estratexia persegue aumentar o seu arraigo co territorio, e darlle oportunidades de futuro. Que o desenvolvemento da zona poida permitirlles atopar traballo sen ter que abandonar o GDR05, que monten aquí os seus proxectos económicos e familiares, para que deste xeito a taxa de natalidade vaia aumentando de xeito lento pero seguro.

Os territorios rurais precisan adaptar os contornos locais, así como os produtos e servizos, para que poidan ser usados por persoas de todas as idades (enfoque “deseño para todos”), sobre todo mediante as novas tecnoloxías, porque debe evitarse discriminación por idade e/ou sexo no acceso a bens e servizos. Ademais, os territorios rurais precisan de todos os colectivos para “empurrar” no seu desenvolvemento, e que a interacción entre todos eles sexa constante, non podemos permitirmos discriminar a ninguén todos somos necesarios, mozos/as, mulleres, maiores, novos poboadores, ...

Trátase dun obxectivo “smart” (específico, medible, atinxible, realista e alcanzable no tempo de aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo), xa que:

- está definido dun xeito concreto “ocupar o territorio dun xeito sustentable, perseguindo o benestar, a igualdade e a non discriminación” - Específico
- pódese medir dun xeito cuantitativo (número de servizos mellorados e número de servizos creados, número de infraestruturas construídas, rehabilitadas, acondicionadas e/ou postas en marcha) e dun xeito cualitativo (por tipo de servizo ou por tipo de infraestrutura, polo colectivo de poboación ao que vai dirixido especificamente o servizo ou a infraestrutura, polo volume de poboación ao que favorece a mellora ou creación do servizo ou da infraestrutura, etc.) - Medible
- é perfectamente alcanzable co apoio ao xurdimento de novos servizos de benestar social e á construción de pequenas infraestruturas - Atinxible
- a mellora e creación de servizos de benestar e igualdade e a posta en marcha de novas infraestruturas ou a rehabilitación e acondicionamento das mesmas, son necesidades do territorio do GDR05, para poñer en marcha un desenvolvemento equilibrado e non discriminatorio - Realista
- a estratexia de desenvolvemento local participativo vaise a aplicar no territorio durante un período de catro anos, do 2017 ao 2020 - Alcanzable no tempo

**Tipoloxía dos proxectos:**

Agora imos a encadrar as accións concretas a desenvolver para a consecución deste obxectivo, segundo a tipoloxía dos proxectos subvencionables que se poden seleccionar segundo establecen as bases reguladoras (a falta da publicación do réxime de axudas):

***3.1. Creación, mellora e ampliación de todo tipo de servizos á poboación rural, así como as actividades recreativas e culturais, e as súas correspondentes infraestruturas***

Xustificación

O sector servizos, tal e como se veu na análise, ten un desenvolvemento moi desigual, no territorio do GDR05, e é a primeira actividade por número de afiliados. Ademais a existencia de todo tipo de servizos no territorio é unha das condicións necesarias para mellorar a calidade de vida da poboación e para equiparar as zonas rurais ás urbanas.

De xeito especialmente importante, a mellora e creación de servizos e/ou actividades relacionados coa atención aos colectivos máis desfavorecidos, resultan fundamentais para conseguir un desenvolvemento equilibrado e non discriminatorio, que ofrezca a todos as mesmas oportunidades e no que ninguén se quede atrás.

Polo tanto resulta fundamental impulsar o desenvolvemento e a mellora deste sector, xa que tamén se trata dun sector que pode contribuír de xeito decisivo á creación e/ou mantemento de emprego (obxectivo 1) e a mellora da calidade de vida.

Accións a desenvolver

- Creación, mellora e ampliación de servizos de igualdade, benestar social e integración, tendentes a atender, de xeito integral, as necesidades e problemáticas dos colectivos máis vulnerables evitando desigualdades e discriminacións entre persoas (maiores, nenos, mulleres, mozos/as, persoas con diversidade funcional, colectivos desfavorecidos e/ou en risco de exclusión social, ...).

- Investimentos en servizos de transporte adaptado para entidades sen ánimo de lucro ou entidades públicas que traballen con colectivos de maiores ou con persoas con diversidade funcional.

- Creación de infraestruturas de apoio ao emprego e á iniciativa empresarial.

- Mellora da accesibilidade ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC), así como ao seu uso no medio rural (telecentros, aulas de informática, plataformas dixitais de servizos á poboación en xeral).

<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Investimentos en I+D+i neste sector.</li> <li>- Creación dunha residencia de anciáns en Carballedo.</li> <li>- Equipamento dun centro de maiores e dun centro de día na Barrela (Carballedo).</li> <li>- Instalación de un centro de día no concello de O Páramo.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos e non productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados e públicos.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

### ***3.2. Investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala***

<p><u>Xustificación</u></p>	<p>O fixar poboación no medio rural está ligado de xeito indisoluble á calidade de vida da que poidan beneficiarse os seus habitantes, e a mellora desta calidade de vida vai unida ao incremento do nivel de equipamentos, de infraestruturas, e de servizos en xeral que se oferten nese territorio rural á poboación. Polo tanto, o desenvolvemento dunha zona rural e por tanto a ocupación sustentable do mesmo, pasa por lograr niveis de calidade de vida óptimos en condicións de igualdade, equilibrio e non discriminación coas zonas urbanas.</p>
<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Actuacións de promoción dos recursos turísticos.</li> <li>- Instalación de centros de promoción de recursos e puntos de información turística.</li> <li>- Investimentos en sinalización de recursos turísticos.</li> <li>- Investimentos en pequenas infraestruturas de lecer (ludotecas, áreas recreativas, parques ou espazos de lecer).</li> <li>- Investimentos en instalacións deportivas, en coordinación co mapa de dotacións da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.</li> <li>- Creación, reforma ou ampliación de edificios destinados a locais sociais, así como o seu acondicionamento e equipamento (a contía máxima de axuda por cada proxecto deste tipo non poderá exceder dos 50.000,00 €). No territorio de actuación do GDR05 poderá subvencionarse a creación dun novo local social nas entidades colectivas ou parroquias onde non exista ningún, nas parroquias onde xa exista algún local social, só se subvencionará a reforma ou ampliación.</li> </ul>



<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rehabilitación da casa escola da parroquia de San Cristovo de Mouricios (Chantada).</li> <li>- Rehabilitación da casa escola da parroquia de Vilauxe (Chantada).</li> <li>- Rehabilitación da casa escola da parroquia de Mundín (Chantada).</li> <li>- QR turístico para as adegas da ribeira de Chantada.</li> <li>- Rehabilitación integral do local social da parroquia de Bagude (Portomarín).</li> <li>- Ampliación do local social da parroquia de Cruceiro (Portomarín).</li> <li>- Cambio da cuberta do local social da parroquia de Soengas (Portomarín).</li> <li>- Rehabilitación do local social da parroquia de Güimil (Monterroso).</li> <li>- Rehabilitación do local social da parroquia de Bidouredo (Monterroso).</li> <li>- Rehabilitación do local social da parroquia de Outeiro (Monterroso).</li> <li>- Rehabilitación do local social da parroquia de Cumbraos (Monterroso).</li> <li>- Rehabilitación do local social da parroquia de San Mamede de Castro (Paradela).</li> <li>- Construción dunha pista de padel no concello de Taboada.</li> <li>- Construción dunha instalación deportiva de usos múltiples no concello de Taboada.</li> <li>- Rehabilitación de dous locais sociais noutras tantas parroquias do concello de Taboada.</li> <li>- Rehabilitación de dous locais sociais nas parroquias de Beleigán e San Vicente no Concello de O Páramo.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Non produtivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados e públicos.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

**OBXECTIVO 4: Coidar e usar adecuadamente os recursos naturais, para garantir a sustentabilidade da actividade no territorio**

A xustificación deste obxectivo ven dada por todos os datos da análise de diagnóstico do territorio efectuada e pola importancia que sabemos que ten a consecución dun desenvolvemento sustentable, así como polos datos das enquisas efectuadas ao longo de todo o territorio como parte do proceso participativo, que sinalaban este obxectivo como o cuarto de maior prioridade de actuación para o programa Leader 2014-2020.

Un territorio como o do GDR05, que persegue un desenvolvemento integral, desde o punto de vista económico e social tal e como explicamos ata o de agora, require tamén dunha actitude responsable en materia de medio ambiente, para que deste xeito ese desenvolvemento sexa sustentable no tempo, abordando para elo accións de mantemento, restauración e promoción, que fagan compatibles os usos do seu patrimonio natural coa súa conservación e mellora.

Trátase dun obxectivo “smart” (específico, medible, atinxible, realista e alcanzable no tempo de aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo), xa que:

- está definido dun xeito concreto “coidado e uso adecuado dos recursos naturais para garantir a sustentabilidade no tempo da actividade no territorio” - Específico
- pódese medir dun xeito cuantitativo (número actuacións ambientais levadas a cabo, número de aulas da natureza e/ou centros de interpretación creados, número de estudos/publicacións (mapas, guías, etc.)/web sobre espazos naturais realizados, etc.) e dun xeito cualitativo (por tipo de actuación -sobre fauna, sobre flora, sobre todo o espazo-, ou por tipo de infraestrutura, etc.) - Medible
- é perfectamente alcanzable posto que no territorio existen espazos naturais protexidos e paisaxes e recursos naturais específicos que poden chegar a ter protección, pero que de todos os xeitos é preciso conservar e poñer en valor - Atinxible
- as actuacións medioambientais, sobre espazos naturais e/ou paisaxes, a mellora e creación de pequenas infraestruturas ou a divulgación dos recursos naturais do patrimonio que implique á poboación na súa conservación e ao mesmo tempo poda servir de xeito de promoción dos mesmos cara a fora, son necesidades de desenvolvemento do territorio do GDR05, para garantir o coidado e uso adecuado dos recursos naturais - Realista
- a estratexia de desenvolvemento local participativo vaise a aplicar no territorio durante un período de catro anos, do 2017 ao 2020 - Alcanzable no tempo

**Tipoloxía dos proxectos:**

Agora imos a encadrar as accións concretas a desenvolver para a consecución deste obxectivo, segundo a tipoloxía dos proxectos subvencionables que se poden seleccionar segundo establecen as bases reguladoras (a falta da publicación do réxime de axudas):

#### 4.1. *Investimentos para uso público en infraestruturas recreativas, información turística e infraestruturas de turismo a pequena escala*

<p><u>Xustificación</u></p>	<p>O desenvolvemento económico e social, que implica a creación de emprego e a xeración de riqueza, xa dixemos que ía indisolublemente ligado á mellora da calidade de vida. Esta mellora da calidade de vida implica tamén a conservación do entorno, do medio natural do territorio, para poder falar dun desenvolvemento sustentable ao longo do tempo.</p> <p>O entorno natural é un dos aspectos importantes da vida do rural, xa que boa parte da superficie dun territorio rural está configurado por zonas agrestes, non cultivadas, que constitúen unha paisaxe dunha grande beleza, e que fai preciso que o desenvolvemento económico dese territorio sexa respectuoso co mantemento e conservación dese entorno.</p>
<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Investimentos para crear ou mellorar infraestruturas que posibiliten o uso e aproveitamento social do patrimonio natural pola poboación local e polos visitantes (paseos fluviais, áreas recreativas, miradoiros, ...).</li> <li>- Investimentos en sinalización de recursos do patrimonio natural.</li> <li>- Eventos de difusión ou estudos vinculados á valorización dos recursos naturais do territorio.</li> <li>- Edicións de libros, mapas, guías e páxinas web vinculados á valorización dos recursos naturais do territorio.</li> <li>- Mellora e acondicionamento do paseo fluvial da Barrela (Carballedo).</li> <li>- Inversión para o deseño e posta en marcha de rutas de sendeirismo no concello de Carballedo.</li> <li>- Inversión para o deseño e posta en marcha de rutas de sendeirismo no entorno do Ulla no concello de Antas de Ulla.</li> <li>- Inversión para o deseño e posta en marcha de rutas de sendeirismo no ENIL Loio-Ruxidoira no concello Paradela.</li> <li>- Mellora do parque infantil da Carballeira do campo da Feira no concello de O Páramo.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Non produtivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados, públicos e o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

#### ***4.2. Mantemento, recuperación e rehabilitación do patrimonio cultural e natural das poboacións, das paisaxes rurais e das zonas de alto valor natural***

##### Xustificación

A grande diversidade paisaxística do territorio do GDR05 ven dada pola súa alternancia entre montes, mesetas e profundos vales, e pola importante presenza de auga. Pero a paisaxe, tamén está condicionada polo home, xa que unha parte importante do noso solo ten un grande potencial agrícola, aproveitado sobre todo para o uso gandeiro, sendo os cultivos predominantes os pastos, as forraxes de inverno e o millo para a alimentación do gando; estas zonas cultivadas, alternan con extensas zonas forestais (carballos e castiñeiros fundamentalmente e plantacións de piñeiros). O home tamén foi o que acometeu a construción de parques eólicos nestas terras, o que desde logo xera un novo referente perceptivo.

A paisaxe do val do Miño ao seu paso polo territorio do GDR05 é dunha grande beleza, condicionada pola interacción dos elementos físicos e do home. Nas grandes pendentes e desniveis que o río ocasionou, o home foi quen de construír socalcos ou bancais, e deste xeito aproveitar as boas características da terra e a benignidade do clima, para o cultivo da vide.

Polo que no GDR05 teñen cabida unha grande diversidade de medios naturais grazas a súa situación, orografía, hidrografía, clima e microclimas, e por suposto á presenza humana. Dentro do mesmo existen varios espazos pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, contamos con tres zonas especiais de conservación (ZEC): Monte Faro, Pena Veidosa e Serra do Careón, ademais O Páramo está incluído na Reserva da Biosfera Terras do Miño, e no concello de Paradela existe un espazo natural de interese local (ENIL).

##### Accións a desenvolver

- Actuacións de recuperación paisaxística e etnográfica, tales como actuacións ambientais, aulas da natureza, centros de interpretación, museos, intervencións arqueolóxicas, etc.
- Investimentos para lograr o desenvolvemento de espazos naturais protexidos, e para a posta en valor de zonas de especial interese natural, e incluso para a consecución dalgunha forma de protección para as mesmas.
- Investimentos para a conservación, e posta en valor e promoción do patrimonio cultural e dos recursos e/ou produtos do territorio (feiras de exaltación de produtos, etc.).
- Accións de sensibilización e participación social sobre boas prácticas en materia medioambiental.
- Investimentos en sinalización do patrimonio arquitectónico e cultural.

<p><i><u>Accións a desenvolver</u></i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Outros investimentos para a valorización do patrimonio natural e para a conservación da biodiversidade e do medio natural.</li> <li>- Actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio, como poden ser recuperación de construcións de interese arquitectónico, social e/ou cultural.</li> <li>- Rehabilitación do Muíño do Seixo (Chantada).</li> <li>- Acondicionamento do Edificio Multiusos da Alameda en Chantada para diversos usos culturais e sociais.</li> <li>- Instalación do museo do carro, como xeito de poñer en valor os usos e tradicións agrícolas.</li> <li>- Actuación de recuperación e posta en valor do Castro de Remonde (Palas de Rei).</li> <li>- Instalación do museo do queixo, como xeito de poñer en valor un importante produto agroalimentario do territorio.</li> <li>- Rehabilitación interior do Pazo Xeral Paredes en Portomarín para diversos usos culturais e sociais.</li> <li>- Rehabilitación de áreas de Santa Mariña, Frádegas, Monte Farelo y o Castro no concello de Antas de Ulla.</li> <li>- Recuperación de elementos etnográficos en Santa María de Loio, A Cova e San salvador de Cortés no concello de Paradela.</li> <li>- Rehabilitación do Muíño de Sucastro (Paradela).</li> </ul>
<p><i><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></i></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Non produtivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados, públicos e o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

**OBXECTIVO 5: Fomentar o uso de enerxías renovables, a mellora da eficiencia enerxética e a redución das emisións de carbono, para pasar a unha economía capaz de adaptarse ao cambio climático**

O cambio climático é, probablemente, un dos problemas ambientais máis importantes ao que se enfrontan as sociedades actuais, polo que a estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR05 non pode ser allea a esta problemática de nivel global, xa que consideramos que é necesaria a participación do medio rural para contribuír tanto á concienciación da poboación, como na medida do posible, á solución do problema.

Unha economía baixa en carbono é un concepto referido a unha economía con baixas emisións de gases de efecto invernadoiro, e especificamente refírese ao gas de efecto invernadoiro dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>). Polo tanto, debemos entender o concepto de economía baixa en carbono como aquela economía que ten asociadas baixas emisións de CO<sub>2</sub> e ademais utiliza os recursos de xeito máis eficiente.

Polo tanto para evitar o cambio climático, débese actuar conxuntamente no ámbito do fomento da utilización das enerxías renovables, no ámbito da aplicación de medidas de eficiencia enerxética e na redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, especialmente o dióxido de carbono, complementando esta redución de emisións con actuacións que provoquen un aumento da súa absorción (sumidoiros de CO<sub>2</sub>).

Esta prioridade ten unha clara orientación transversal, aplicada a todos os sectores, para ir cara á procura dun cambio no modelo de consumo enerxético, potenciando a innovación, fomentando o aproveitamento sostible dos recursos locais para a conservación do medio, a través do uso doutras enerxías (enerxías renovables), e da concienciación sobre a necesidade da eficiencia enerxética e da redución de emisións de gases de efecto invernadoiro para frear o cambio climático.

Trátase dun obxectivo “smart” (específico, medible, atinxible, realista e alcanzable no tempo de aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo), xa que:

- está definido dun xeito concreto “fomentar la utilización de enerxías renovables, a mellora da eficiencia enerxética e a redución das emisións de carbono” - Específico
- pódese medir dun xeito cuantitativo (número actuacións de uso de enerxías renovables e número de actuacións de mellora da eficiencia enerxética) e dun xeito cualitativo (por sector no que se actúa -primario, secundario ou terciario-, por tipo de enerxía renovable implementado, por xeito de conseguir a eficiencia enerxética, etc.) - Medible
- é perfectamente alcanzable posto que o desenvolvemento tecnolóxico existente permite a implantación das enerxías renovables en explotacións agrícolas e gandeiras e en industrias e empresas, así como de medidas de eficiencia enerxética - Atinxible
- as actuacións para o uso de enerxías renovables e para a mellora da eficiencia enerxética en todos os ámbitos de actividade económica e/ou social, son necesidades do territorio do GDR05 ao igual que de todo o planeta en xeral, para enfrontarse ao grave problema do cambio climático e acadar un desenvolvemento sustentable ao longo do tempo - Realista
- a estratexia de desenvolvemento local participativo vaise a aplicar no territorio durante un período de catro anos, do 2017 ao 2020 - Alcanzable no tempo

### **Tipoloxía dos proxectos:**

Agora imos a encadrar as accións concretas a desenvolver para a consecución deste obxectivo, segundo a tipoloxía dos proxectos subvencionables que se poden seleccionar segundo establecen as bases reguladoras (a falta da publicación do réxime de axudas):

### 5.1. *Investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios*

(considerando como tales os produtos enumerados no anexo I do Tratado constitutivo da Comunidade Europea, cando polo menos o 85% de materias primas utilizadas para a transformación estiveran incluídas no citado anexo I do Tratado. O resultado do proceso poderá ser un produto non contido no citado anexo)

#### Xustificación

A agricultura e a gandería teñen que implicarse de xeito decisivo nas actuacións contra o cambio climático, posto que por un lado son causantes de emisións de gases efecto invernadoiro (que deben reducir) polo xeito de cultivar, e polos residuos do gando, ...; e por outro os cultivos actúan como captadores de CO<sub>2</sub>.

Ademais no sector agrario é necesario facilitar o subministro e o uso de fontes renovables de enerxía, aplicación de subprodutos, refugallo e demais materia prima non alimentaria para impulsar o desenvolvemento da bioeconomía. Así mesmo é necesario promover a eficiencia no uso dos recursos enerxéticos e o consumo racional dos mesmos.

#### Accións a desenvolver

- Estudos de eficiencia enerxética para o sector agrario.
- Accións de sensibilización sobre a eficiencia enerxética e de fomento do uso de enerxías renovables no sector agrario.
- Edición de folletos e/ou guías onde se promovan as boas prácticas enerxéticas no sector agrario.
- Investimentos en explotacións agrarias e gandeiras referidos á mellora da eficiencia enerxética das explotacións e ao emprego de fontes de enerxía renovables (a mellora da eficiencia enerxética das explotacións deberá acreditarse mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado de informe emitido por técnico cualificado competente ou de auditoría enerxética, e a redución de custos derivados da inversión acadará un mínimo do 40%, non se subvencionará a maquinaria automotriz).
- Investimentos en empresas de transformación e/ou comercialización de produtos agrarios referidos á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e ao emprego de fontes de enerxía renovables (a mellora da eficiencia enerxética das empresas deberá acreditarse mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado de informe emitido por técnico cualificado competente ou de auditoría enerxética, e a redución dos custos derivados do investimento deberá acadar un mínimo do 40%, e non será subvencionable a maquinaria automotriz).
- Implantación de fontes de enerxía renovables e mellora da eficiencia enerxética en explotación gandeira de vacún e porcino no concello de Carballedo.



<u>Tipo de proxectos a subvencionar</u>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos e non productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados, públicos e o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>
---	--

## 5.2. *Investimentos en transformación e comercialización de produtos forestais*

(considerando como tales as operacións anteriores á transformación industrial da madeira, só se apoiarán investimentos para o uso da madeira como materia prima e fonte de enerxía, referidos á produción a pequena escala de quebra de madeira e/ou pellets. Os proxectos promovidos por C.M.V.M.C., as súas mancomunidades ou agrupacións de propietarios serán subvencionables se inclúen unha extensión superior a 15 ha.)

<u>Xustificación</u>	<p>O sector forestal tamén ten que implicarse de xeito decisivo nas actuacións contra o cambio climático. Como xa se expuxo debería procederse ao fomento da utilización dos subprodutos e/ou residuos resultantes do mantemento e conservación das masas forestais e do monte baixo (podas forestais, maleza, etc.) como fonte de enerxía renovable, para biomasa. E tamén debe fomentarse a eficiencia enerxética do sector.</p> <p>Ademais non podemos esquecernos da importancia que as masas forestais xogan como sumidoiros de CO<sub>2</sub>.</p>
<u>Accións a desenvolver</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudos de eficiencia enerxética para o sector forestal.</li> <li>- Accións de sensibilización sobre a eficiencia enerxética e o fomento do uso de enerxías renovables no sector forestal.</li> <li>- Edición de folletos e/ou guías onde se promovan as boas prácticas enerxéticas no sector forestal.</li> <li>- Inversións en empresas de transformación e/ou comercialización de produtos forestais referidos á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e ao emprego de fontes de enerxía renovables (a mellora da eficiencia enerxética das empresas deberá acreditarse mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado de informe emitido por técnico cualificado competente ou de auditoría enerxética, e a redución dos custos derivados do investimento deberá acadar un mínimo do 40%, e non será subvencionable a maquinaria automotriz).</li> </ul>
<u>Tipo de proxectos a subvencionar</u>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos e non productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados, públicos e o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos non programados.</p>

### 5.3. Creación, modernización ou ampliación de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias

<u>Xustificación</u>	No sector industrial tamén se fai moi necesaria a redución da emisión de gases efecto invernadoiro, así como o fomento do uso de enerxías renovables, e a promoción da eficiencia no uso dos recursos enerxéticos e do consumo racional dos mesmos.
<u>Accións a desenvolver</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudos de eficiencia enerxética para empresas que desenvolvan actividades non agrarias.</li> <li>- Accións de sensibilización sobre a eficiencia enerxética e o fomento do uso de enerxías renovables para empresas que desenvolvan actividades non agrarias.</li> <li>- Edición de folletos e/ou guías onde se promovan as boas prácticas enerxéticas en empresas que desenvolvan actividades non agrarias.</li> <li>- Introducción de sistemas de xestión ambiental en empresas que desenvolvan actividades non agrarias.</li> <li>- Investimentos en empresas que desenvolvan actividades non agrarias referidos á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e ao emprego de fontes de enerxía renovables (a mellora da eficiencia enerxética das empresas deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por técnico cualificado competente ou dunha auditoría enerxética, e a redución dos custos derivados do investimento deberá acadar un mínimo do 40%, e non será subvencionable a maquinaria automotriz).</li> </ul>
<u>Tipo de proxectos a subvencionar</u>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos e non productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados, públicos e o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos non programados.</p>

### 5.4. Creación, mellora e ampliación de todo tipo de servizos á poboación rural, así como as actividades recreativas e culturais, e as súas correspondentes infraestruturas

<u>Xustificación</u>	No sector servizos tamén se fai moi necesaria a redución da emisión de gases efecto invernadoiro, así como o fomento do uso de enerxías renovables, e a promoción da eficiencia no uso dos recursos enerxéticos e do consumo racional dos mesmos.
----------------------	---

<p><i>Accións a desenvolver</i></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estudos de eficiencia enerxética para todo tipo de empresas do sector servizos.</li> <li>- Accións de sensibilización sobre a eficiencia enerxética e o fomento do uso de enerxías renovables para todo tipo de empresas do sector servizos.</li> <li>- Edición de folletos e/ou guías onde se promovan as boas prácticas enerxéticas en todo tipo de empresas do sector servizos.</li> <li>- Introducción de sistemas de xestión ambiental en todo tipo de empresas do sector servizos.</li> <li>- Investimentos en todo tipo de empresas do sector servizos referidos á mellora da eficiencia enerxética das mesmas e ao emprego de fontes de enerxía renovables (a mellora da eficiencia enerxética das empresas deberá quedar acreditada mediante a presentación dun plan empresarial, acompañado dun informe emitido por técnico cualificado competente ou dunha auditoría enerxética, e a redución dos custos derivados do investimento deberá acadar un mínimo do 40%, e non será subvencionable a maquinaria automotriz).</li> </ul>
<p><i>Tipo de proxectos a subvencionar</i></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Productivos e non productivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotores privados, públicos e o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos non programados.</p>

### **OBXECTIVO 6: Potenciar a gobernanza local e a animación do territorio**

Este obxectivo non por ser a última das nosas prioridades ten menos importancia, xa que na procura do desenvolvemento dun territorio, resulta fundamental promover a participación de todos e cada un dos actores no mesmo, implicalos no proceso, para que sexan quen de tomar decisións sobre o futuro da nosa terra de xeito colectivo e consensuado, en definitiva potenciar a animación do territorio.

A labor da Asociación Miño Ulla, como entidade impulsora da estratexia de desenvolvemento local participativo e colaboradora na xestión da mesma considérase fundamental, por iso é preciso contar cos medios materiais necesarios e cun equipo técnico para as tarefas propias de animación e dinamización da poboación, información e asesoramento a promotores, xestión económica e administrativa do Programa Leader, e avaliación, seguimento e control dos proxectos.

Trátase dun obxectivo “smart” (específico, medible, atinxible, realista e alcanzable no tempo de aplicación da estratexia de desenvolvemento local participativo), xa que:

- está definido dun xeito concreto “animación do territorio e potenciación da gobernanza local” - Específico
- pódese medir dun xeito cuantitativo (número de charlas de difusión do programa, número de reunións para o control do correcto desenvolvemento da estratexia, número de consultas/asesoramentos de promotores, número de publicacións editadas, etc.) e dun xeito cualitativo (por concellos e/ou parroquias nas que se dan as charlas, por colectivos convocados para a asistencia ás mesmas, por colectivo que presenta as consultas ou ao que se fai o asesoramento, por tipo de publicación, etc.) - Medible
- é perfectamente alcanzable posto o desenvolvemento tecnolóxico existente permite difundir e levar a cabo todas as actuacións necesarias para potenciar a gobernanza local - Atinxible
- a potenciación da gobernanza local precisa das labores de animación da poboación de todo o territorio, e ambas cuestións son necesarias e fundamentais para conseguir o éxito da estratexia de desenvolvemento local participativo do GDR05 - Realista
- a estratexia de desenvolvemento local participativo vaise a aplicar no territorio durante un período de catro anos, do 2017 ao 2020 - Alcanzable no tempo

### Tipoloxía dos proxectos:

Agora imos a encadrar as accións concretas a desenvolver para a consecución deste obxectivo, segundo a tipoloxía dos proxectos subvencionables que se poden seleccionar segundo establecen as bases reguladoras (a falta da publicación do réxime de axudas):

<b>6.1. Animación e promoción territorial e custos correntes da estratexia de desenvolvemento local</b>	
<u>Xustificación</u>	<p>Estes gastos son necesarios para a posta en marcha de estratexia de desenvolvemento local participativo aprobada, así como para que esta se execute con éxito.</p> <p>A Asociación Miño Ulla, co seu equipo técnico, será a encargada de levar a acabo as diferentes accións a desenvolver que se expoñen a continuación, así como calquera outra que ao longo da execución do programa se considere oportuna sempre que se respecten as bases reguladoras e o futuro réxime de axudas e por suposto a nosa estratexia de desenvolvemento local participativo.</p>
<u>Accións a desenvolver</u>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións de promoción e difusión do territorio (xornadas, seminarios, congresos, estudos, publicacións, mapas, guías, asistencia a feiras, etc.).</li> </ul>

<p><u>Accións a desenvolver</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Accións de información, sensibilización, difusión e promoción da estratexia de desenvolvemento local participativo (charlas, reunións, edición de material promocional, anuncios e/ou publicidade en diferentes medios de comunicación, páxina web, etc.).</li> <li>- Accións para facilitar a participación da poboación local no control da execución da estratexia de desenvolvemento local.</li> <li>- Accións de fomento da innovación e da transferencia do coñecemento.</li> <li>- Accións de fomento da cooperación e do asociacionismo.</li> <li>- Accións de información e asesoramento a posibles promotores de investimentos.</li> <li>- Accións de apoio aos promotores ao longo de toda a tramitación dos seus expedientes.</li> <li>- Xestión, desenvolvemento, control e avaliación da estratexia de desenvolvemento local.</li> <li>- Elaboración de todo tipo de informes, certificacións e xustificacións esixidas por Agader.</li> </ul>
<p><u>Tipo de proxectos a subvencionar</u></p>	<p><i>Pola súa natureza:</i> Non produtivos.</p> <p><i>Polo seu beneficiario:</i> Promotor o GDR.</p> <p><i>Pola inclusión na estratexia:</i> Proxectos programados e non programados.</p>

Nota: No “ANEXO B: *Descrición obxectivos e accións concretas en que se poden traducir*”, inclúense as táboas tipo indicadas por Agader na súa guía cubertas cos obxectivos e accións concretas, así como localización, promotores potenciais, descrición da actuación, requisitos, natureza, etc.

### 3.4. Indicadores

Tal e como se foi explicando en cada un dos obxectivos prioritarios da nosa estratexia, existen unha serie de indicadores cualitativos e cuantitativos, polos que a medida que se vaia executando a estratexia de desenvolvemento local participativo se poderán medir os obxectivos acadados.

Na páxina seguinte inclúese o cadro que contén os indicadores que se terán en conta á hora de avaliar a nosa estratexia de desenvolvemento local participativo.

**INDICADORES DE RESULTADOS POR OBXECTIVOS PRIORITARIOS**

OBXECTIVOS	INDICADORES CUANTITATIVOS	INDICADORES CUALITATIVOS
<b>1. Crear e manter emprego</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de proxectos executados</li> <li>• NºUTAs creadas</li> <li>• NºUTAs mantidas</li> <li>• Importe axuda pública / gasto privado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promotor (privado -persoa física ou xurídica-, público ou GDR)</li> <li>• Colectivos sociais para os que se crearon e/ou mantiveron as UTAs</li> <li>• Por sexo e idade do emprego creado e/ou mantido</li> </ul>
<b>2. Mellorar e crear servizos para a poboación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de proxectos executados</li> <li>• Nº de servizos creados</li> <li>• Nº de servizos mellorados</li> <li>• Importe axuda pública / gasto privado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promotor (privado -persoa física ou xurídica-, público ou GDR)</li> <li>• Tipo de servizo creado ou mellorado</li> <li>• Colectivos sociais aos que beneficia o servizo creado ou mellorado</li> <li>• Volume de poboación ao que favorece a creación ou mellora do servizo</li> </ul>
<b>3. Ocupar o territorio de xeito sustentable, perseguindo o benestar, a igualdade e a non discriminación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de proxectos executados</li> <li>• Nº de servizos creados</li> <li>• Nº de servizos mellorados</li> <li>• Nº de infraestruturas construídas e/ou postas en marcha</li> <li>• Nº de infraestruturas rehabilitadas</li> <li>• Nº de infraestruturas acondicionadas</li> <li>• Importe axuda pública / gasto privado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promotor (privado -persoa física ou xurídica-, público ou GDR)</li> <li>• Tipo de servizo creado ou mellorado</li> <li>• Tipo de infraestrutura construída ou rehabilitada</li> <li>• Colectivos sociais aos que beneficia o servizo ou a infraestrutura</li> <li>• Volume de poboación ao que favorece o servizo ou a infraestrutura</li> </ul>
<b>4. Coidar e usar adecuadamente os recursos naturais para garantir a sustentabilidade da actividade no territorio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de proxectos executados</li> <li>• Nº de actuacións ambientais levadas a cabo</li> <li>• Nº de aulas da natureza e/ou centros de interpretación creados</li> <li>• Nº de estudos/publicacións (mapas, guías, etc.)/ páxinas web sobre espazos naturais realizados</li> <li>• Importe axuda pública / gasto privado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promotor (privado -persoa física ou xurídica-, público ou GDR)</li> <li>• Tipo de actuación (sobre fauna, sobre flora, sobre todo o espazo, ...)</li> <li>• Tipo de infraestrutura</li> <li>• Tipo de acción</li> </ul>
<b>5. Fomentar o uso de enerxías renovables, a mellora da eficiencia enerxética e a redución das emisións de carbono</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de proxectos executados</li> <li>• Nº de actuacións de uso de enerxías renovables</li> <li>• Nº de actuacións de mellora da eficiencia enerxética</li> <li>• Importe axuda pública / gasto privado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Promotor (privado -persoa física ou xurídica-, público ou GDR)</li> <li>• Sector no que se actúa (primario, secundario ou terciario)</li> <li>• Por tipo de enerxía renovable implementado</li> <li>• Por xeito de conseguir a eficiencia enerxética</li> </ul>
<b>6. Potenciar a gobernanza local e a animación do territorio</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Nº de proxectos executados</li> <li>• Nº de charlas de difusión da EDLP</li> <li>• Nº de reunións para control do correcto desenvolvemento da EDLP</li> <li>• Nº consultas/asesoramentos de promotores</li> <li>• Nº de publicacións editadas</li> <li>• Nº de accións de promoción e difusión do territorio</li> <li>• Nº de accións de sensibilización medioambiental</li> <li>• Importe axuda pública</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Concellos ou parroquias nas que se dan as charlas</li> <li>• Colectivos convocados para a asistencia ás mesmas</li> <li>• Colectivo que presenta as consultas ou ao que se fai o asesoramento</li> <li>• Por tipo de publicación</li> <li>• Por tipo de acción</li> </ul>

### 3.5. Previsión da distribución do gasto público da estratexia en investimentos materiais, inmateriais e gasto corrente

A distribución do gasto público que se fará no plan financeiro proposto pola Asociación Miño Ulla para a súa estratexia de desenvolvemento local participativo (Parte VI), é por un importe total de gasto público de 5.000.000,00 de euros.

E o plan financeiro proposto por submedidas, tipo de proxectos e fontes financeiras axústase aos límites establecidos na resolución pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa Leader 2014-2020.

Na seguinte táboa resumo, recóllense as porcentaxes e cantidades totais de fondos públicos asignadas a cada submedida dependendo do tipo de proxecto.

<b>PREVISIÓN DE DISTRIBUCIÓN DO GASTO PÚBLICO DA ESTRATEGIA</b>			
<b>Submedida</b>	<b>Tipo proxectos</b>	<b>%Gasto público</b>	<b>Total Gasto público</b>
<b>19.2. Apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local participativo</b>	<i>Productivos</i>	65%	2.600.000,00 €
	<i>Non productivos</i>	35%	1.400.000,00 €
	<i>Formación promovida por GDR</i>	---	---
	<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>	<b>4.000.000,00 €</b>
<b>19.4. Axuda para os custes correntes da estratexia de desenvolvemento local e para a animación</b>	<i>Custes correntes</i>	20%	800.000,00 €
	<i>Animación</i>	5%	200.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>25%</b>	<b>1.000.000,00 €</b>
<b>TOTAL ESTRATEGIA</b>		<b>---</b>	<b>5.000.000,00 €</b>

O importe de gasto público que se recolle na táboa para proxectos non productivos (1.400.000,00 euros) distribuirase entre entidades públicas e entidades privadas. Nun primeiro momento plantéxase que a distribución sexa dun 60% do total de fondos para as entidades públicas (840.000,00 euros), e o 40% restante corresponderíalle ás entidades privadas (560.000,00 euros). Pero si a medida que se vaia executando a EDLP vemos que esta distribución do 60% - 40% non se axusta ás necesidades de financiación do GDR05, procederase a solicitar a Agader os cambios que sexan precisos.



### **3.6. Complementariedade e coherencia con outros programas de desenvolvemento que se apliquen no territorio**

O equipo técnico da Asociación Miño Ulla analizará a complementariedade do Programa Leader con outros fondos ou programas que actúen no territorio ao longo do período 2014-2020. Estudaranse tanto as posibles liñas de delimitación nas actuacións financiadas como ás sinerxías con eses outros programas, procurando deste xeito o aproveitamento máximo dos fondos e o máximo apoio ás iniciativas presentadas ao programa.

Esixirase aos solicitantes de axuda a comunicación de calquera outra axuda solicitada e/ou concedida para o proxecto, e o compromiso de comunicar calquera solicitude que se faga a posteriori, ante calquera das administracións públicas (local, provincial, autonómica, estatal ou europea) ou ante calquera outra entidade privada.

Todos os proxectos que non encaixen na nosa estratexia de desenvolvemento local e que podan ter financiamento por outras vías, trataranse de reorientar, realizando o equipo técnico unha función de información e asesoramento sobre as posibles axudas, subvencións, vías de financiación, ..., ás que se puidesen acoller.

### **3.7. Plan de formación, no caso de que a estratexia de desenvolvemento local prevexa a selección de proxectos de formación promovidos polos GDR**

O GDR05 decidiu NON acometer dentro da estratexia de desenvolvemento local participativo ningún dos proxectos de formación dirixida á poboación activa do territorio que permiten as bases reguladoras. Por este motivo non se contempla ningunha cantidade no Plan Financeiro para este fin.

# PARTE IV: COOPERACIÓN

Os proxectos de cooperación están dirixidos a relacionar a colectivos determinados do territorio, con colectivos similares doutros territorios coas mesmas necesidades, co fin de favorecer a aprendizaxe mutua e de buscar solucións comúns a problemas concretos.

Aínda que no presente período de programación 2014-2020, a cooperación é optativa para os GDR, a Asociación Miño Ulla opta por participar na mesma. Para o GDR05 a cooperación constitúe un dos piares fundamentais da metodoloxía Leader, a través do cal pódense compartir con outros territorios experiencias e resultados, intercambiar coñecementos e asociarse en proxectos comúns.

A relación con outros territorios, a definición de obxectivos ou metas e actuacións ou tarefas en común, a transferencia de experiencias e coñecementos, o uso compartido de metodoloxías, ..., son algúns dos aspectos que propicia a cooperación entre os GDR. Trátase de aspectos intanxibles que teñen a súa culminación no plantexamento e posta en marcha de proxectos asumidos conxuntamente por todos os GDR participantes, e que serán por tanto os chamados proxectos de cooperación, actuando nos mesmos os GDR como socios.

Máis aló dos límites comarcais, autonómicos e estatais, a cooperación abre fronteiras e opera a favor da innovación e da eficiencia facendo posible que os grupos de acción local, unidos nun proxecto compartido, aspiren a obxectivos máis ambiciosos. En certo sentido, a cooperación é a alma do método Leader, o espazo común no que as estratexias de desenvolvemento local participativo poñen a proba todas as súas potencialidades.

A submedida 19.3 do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 establece o marco xeral da cooperación, e nela inclúense:

- A cooperación transnacional, preparación e execución de proxectos de cooperación entre territorios de varios estados membros da Unión Europea ou incluso con territorios de terceiros países.
- A cooperación interterritorial, preparación e execución de proxectos de cooperación entre territorios do interior dun estado membro. A cooperación interterritorial incluirá a súa vez outros dous tipos:
  - o A cooperación suprarrexional, na que participen a lo menos dous territorios que pertencen a distintas comunidades autónomas do estado español.
  - o A cooperación rexional, na que participen a lo menos dous territorios pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez que as distintas administracións fagan as súas convocatorias específicas para a cooperación, o GDR05 pensa participar en todas elas. A cooperación interterritorial dirixirase a busca de sinerxías e de economías de escala entre os distintos territorios para deste xeito optimizar os custes do proxecto e garantir unha maior visibilidade da actividade Leader. A cooperación transnacional deberá aportar os mesmos beneficios que a cooperación interterritorial e ademais dirixirase a lograr un intercambio de experiencias e coñecementos entre os grupos de acción local de distintos estados membros.

As liñas nas que a Asociación Miño Ulla pretende cooperar con outros territorios (nacionais e/ou internacionais) van perseguir obxectivos coherentes coa estratexia de desenvolvemento local exposta na Parte III deste documento.

Pasamos de seguido a expoñer a tipoloxía de proxectos nos que o GDR05 quere cooperar de xeito interterritorial e/ou transnacional, aínda que de publicarse no futuro unha bolsa de proxectos de cooperación, non descartamos en principio a participación noutros proxectos distintos dos enumerados de seguido, sempre que resulten coherentes coa nosa estratexia de desenvolvemento.

## Valorización de producións locais: Transformación e comercialización

### Xustificación:

Tal e como se expuxo na análise do territorio do GDR05, o sector agrícola e gandeiro ten aínda un grande peso, por este motivo nos plantexamos cooperar en proxectos que poñan en valor as producións agroalimentarias locais, considerando como tales o leite (temos unha especialización en gando vacún de leite moi importante), a carne de tenreira, de porco e de ave (é importante o número de cabezas destas especies que hai no territorio), os ovos, a uva (as plantacións de viñedos tamén son moi significativas en algunhas zonas do GDR05) e as castañas (produto forestal abundante na zona).

A transformación destes produtos no territorio, consideramos que é un aspecto fundamental posto que coa mesma o valor engadido que se xera no proceso quedaríase no territorio contribuindo á mellora da calidade de vida, ademais sería unha forma clara de crear emprego e polo tanto de fixar poboación (obxectivos prioritarios da nosa estratexia de desenvolvemento local). A comercialización destes produtos agroalimentarios en circuitos curtos, tamén implicaría un cambio moi importante nos ingresos obtidos pola venda dos mesmos, ao desaparecer os intermediarios, e ao aumentar o poder de negociación e o control sobre o prezo final do produto que tería o propio agricultor e/ou produtor, dando lugar deste xeito a unha maximización dos seus beneficios.

A industria agroalimentaria polo tanto estase a consolidar como un sector clave para o desenvolvemento económico dos territorios rurais, a pesar de que en comparación con outras actividades industriais aínda non está recoñecida como un pilar básico da economía rural. Sen embargo, no contexto das novas esixencias de diversificación da economía rural, os produtos agroalimentarios encerran un importante potencial de desenvolvemento. O sector agroalimentario xoga un papel primordial no progreso dos territorios rurais, pola súa contribución ao emprego, á diversificación agropecuaria e ao aproveitamento innovador e sustentable do medio ambiente e dos recursos.

Existe unha demanda crecente de produtos agroalimentarios de calidade por parte dos consumidores, maioritariamente desde zonas urbanas, isto ofrece unha oportunidade aos produtores agroalimentarios dos territorios rurais, que deben estar preparados ante as novas necesidades da demanda. Por outro lado, o futuro dos produtos agroalimentarios vai asociado sen lugar a dúbidas aos produtos de calidade, que sexan diferenciáveis, e que teñan valor por si mesmos.

Cando se fala de produtos agroalimentarios de calidade e diferenciáveis, temos que dicir que o queixo que se elabora co leite de parte do territorio do GDR05 (concretamente de sete dos dez concellos) está amparado baixo a Denominación de Orixe Protexida “Arzúa-Ulloa”. E por outra parte, as uvas das vides da ribeira do Miño, dan lugar ao viño amparado baixo a Denominación de Orixe Protexida “Ribeira Sacra”. E por último, a castaña da zona (ao igual que a doutras partes de Galicia) está amparada tamén pola Indicación Xeográfica Protexida “Castaña de Galicia”.

Polo tanto, o avance significativo na definición de sistemas de valorización, protección e seguridade alimentaria, require traballar en favor dunha maior competitividade, dunha mellor organización da oferta e de mellores prácticas na comercialización. Cabe dicir que a produción agroalimentaria ten que ser sustentable, de calidade, competitiva e aceptada pola sociedade.

### Tipo de cooperación e territorios implicados:

O tipo de cooperación que se plantexa para este proxecto que ten como obxectivo a “valorización de produtos locais: transformación e comercialización” pode ser interterritorial e/ou transnacional, xa que se pretende ter como socios a aqueles territorios que teñan produtos semellantes a poñer en valor e queiran asociarse, xa sexan de dentro ou de fora do país (xa se mantiveron contactos para este proxecto co GDR08).

### Beneficiarios:

GDR05 e grupos socios do proxecto, así como os produtores dos territorios e/ou pequenas empresas agroalimentarias.

### Metas ou obxectivos a acadar:

- Fomentar estruturas asociativas entre os territorios cun potencial agroalimentario e tamén entre os produtores locais e/ou pequenas empresas de transformación.
- Facilitar ás pequenas empresas a creación de instrumentos conxuntos e o uso de ferramentas que lles axuden a posicionarse no mercado.
- Utilizar as estruturas asociativas creadas para favorecer a comercialización e a venda dos produtos agroalimentarios.
- Abrir novos canles de comercialización, e mellorar a capacidade de produción da industria agroalimentaria a través do aumento da competitividade.
- Formar e educar a todos os axentes que forman parte do proceso agroalimentario: produtores, transformadores, consumidores, ...
- Recuperar e manter as formas de produción tradicionais.
- Incorporar novas tecnoloxías e as “novas formas de facer” no caso dos produtores emerxentes.

### Actuacións:

- Crear unha rede de territorios cun potencial agroalimentario que permita definir ofertas complementarias.
- Crear a través dos produtos agroalimentarios, unha imaxe identificativa de calidade do territorio para darlle un valor engadido.
- Crear unha rede de produtores locais e/ou pequenas empresas para facilitarlles a creación de instrumentos conxuntos e o uso de ferramentas que lles axuden a posicionarse no mercado e a intercambiar boas prácticas, así como a acometer accións de mellora e innovación que aumenten a súa competitividade.
- Diseñar e desenvolver un escaparate virtual de produtos agroalimentarios para a promoción e comercialización dos produtos.
- Participación agrupada de produtores en eventos promocionais a celebrar nos distintos territorios.
- Edición de material promocional que sirva como elemento identificador para produtores, empresas e produtos dos distintos territorios.

## Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico

### Xustificación:

Tal e como se expuxo na análise do territorio, a grande diversidade paisaxística do territorio do GDR05 ven dada pola súa alternancia entre montes, mesetas e profundos vales, e pola importante presenza de auga. Por este motivo nos plantexamos cooperar en proxectos que poñan en valor este patrimonio natural e paisaxístico.

A paisaxe do territorio tamén está condicionada polo home, xa que unha parte importante do solo do GDR05 ten un grande potencial agrícola, aproveitado fundamentalmente para o uso gandeiro, sendo os cultivos predominantes os pastos, as forraxes de inverno e o millo para a alimentación do gando. Estas zonas de cultivo, alternan con extensas zonas forestais de frondosas (carballos e castiñeiros fundamentalmente) e de plantacións de piñeiros. O home tamén foi o que acometeu a construción de parques eólicos nestas terras, o que desde logo xera un novo referente perceptivo.

A paisaxe do val do Miño ao seu paso polo territorio do GDR05 é dunha beleza que impresiona, condicionada pola interacción dos elementos físicos e do home. O río viuse obrigado a encaixarse para buscar a estabilidade do perfil, dando lugar a grandes pendentes e desniveis. E o home foi quen de construír socalcos ou bancais, para aproveitar as boas características da terra e a benignidade do clima, para o cultivo da vide. Os socalcos modificaron moitas vertentes, de xeito que onde predominaba a inestabilidade pasouse á estabilidade grazas a esta acción do home sobre o medio, que deu lugar ao que agora se coñece como viticultura heroica.

O territorio do GDR05 ten unha superficie de 1.375,8 km<sup>2</sup>, e nel teñen cabida unha grande diversidade de medios naturais grazas a súa situación, orografía, hidrografía, clima e microclimas, e por suposto á presenza humana.

Dentro do mesmo existen varios espazos pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, que recolle aqueles espazos naturais da comunidade autónoma que dispoñen dun réxime especial de protección en virtude das diferentes normativas autonómicas, estatais ou comunitarias así como convenios internacionais. O territorio do GDR05 conta con tres zonas especiais de conservación (ZEC): Monte Faro, Pena Veidosa e Serra do Careón, un dos concellos pertencentes ao GDR05, concretamente O Páramo, está incluído na Reserva da Biosfera Terra do Miño, e por último no concello de Paradela existe un espazo natural de interese local (ENIL).

O GDR05 está interesado en cooperar na posta en valor deste patrimonio natural e paisaxístico, para que poda servir de fonte de xeración de riqueza e emprego entre a xente nova principalmente (obxectivos prioritarios da nosa estratexia local de desenvolvemento).

O interese turístico e científico (flora e fauna) destes espazos, pode facer que os mesmos pasen a desempeñar un papel estratéxico no desenvolvemento do territorio, e ademais, o seu valor como actividade económica diversificadora no medio rural, implica un conxunto de actuacións que poden asociar a boa parte das actividades económicas locais.

### Tipo de cooperación e territorios implicados:

O tipo de cooperación que se plantexa para este proxecto que ten como obxectivo a “posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico” pode ser interterritorial e/ou transnacional, xa que se pretende ter como socios a aqueles territorios que teñan espazos naturais montañosos protexidos e/ou paisaxes de viticultura heroica semellantes e os queiran poñer en valor e desexen asociarse, xa sexan de dentro ou de fora do país.

En principio poderían participar xa os territorios que comparten con nos os espazos naturais protexidos que temos, concretamente GDR12, GDR16 e GDR20, así como todos aqueles que teñan territorio na D.O. Ribeira Sacra, GDR06, GDR8 e GDR11, pero como xa se expuxo a cooperación podería estenderse a máis zonas do país ou do exterior.

### Beneficiarios:

GDR05 e grupos socios do proxecto, así como administracións locais, C.M.V.M.C., sector turístico e viticultores.

### Metas ou obxectivos a acadar:

- Fomentar estruturas asociativas entre os territorios cun potencial paisaxístico que permita definir ofertas complementarias útiles para a creación de actividade económica.
- Fomentar e consolidar unha cooperación en materia de protección, conservación e promoción destes espazos do patrimonio natural.
- Utilizar a rede creada para difundir entre todos os axentes dos territorios a importancia que estes espazos teñen desde o punto de vista medioambiental, e tamén das súas posibilidades para contribuír ao desenvolvemento económico das zonas rurais onde se ubican.
- Vincular estes espazos naturais co resto dos sectores dos territorios, en especial co turístico.
- Incorporar as novas tecnoloxías para contribuír á conservación e ao estudo destes espazos.

### Actuacións:

- Crear unha rede de territorios cun potencial paisaxístico semellante (espazos naturais montañosos protexidos e paisaxes de viticultura heroica).
- Definir ofertas complementarias a estes espazos e paisaxes capaces de xerar actividade económica e emprego.
- Crear sinerxías entre estes espazos e paisaxes e o sector turístico de cada territorio, para aumentar o número de visitantes.
- Diseñar visitas guiadas a estes espazos e paisaxes para dalos a coñecer tanto á poboación local como aos posibles visitantes (flora, fauna, como se formaron, como se manteñen, ...).
- Impulsar a creación de empresas de turismo activo que plantexen a realización de diferentes actividades nos espazos, sempre de xeito respectuoso co medio.
- Edición de guías divulgativas dos espazos naturais e das paisaxes.



## Servizos de benestar á poboación rural

### Xustificación:

Tal e como se expuxo na análise do territorio, a poboación do GDR05 atópase moi envellecida, xa que a súa taxa de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación total expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 habitantes) é no ano 2014 do 32,54, polo que a demanda de servizos sociais de benestar está a crecer dun xeito moi significativo.

Ademais está necesidade de servizos de benestar vese aumentada e agravada cando analizamos a relación entre a poboación maior de 84 anos e a poboación maior de 64 anos expresada en porcentaxe, é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 de 65 ou máis anos (índice de sobreenvellecemento), xa que para o GDR05 no ano 2014 este índice acada o valor de 20,4.

Os Principios das Nacións Unidas en favor das persoas de idade (Asemblea Xeral das Nacións Unidas do 16 de decembro de 1991 - Resolución 46/ 91), establecen “as persoas de idade deberán permanecer integradas na sociedade, participar activamente na formulación e na aplicación das políticas que afecten directamente o seu benestar e poder compartir os seus coñecementos e habilidades coas xeracións máis novas”. Esta frase tan acorde coa filosofía Leader, inspíranos para plantexar a cooperación neste campo, o dos servizos sociais de benestar dirixidos á poboación madura, pero de xeito que este colectivo non se sinta illado do seu entorno, e ademais poida interactuar coa xente nova (infancia e mozos/as), para que a transmisión do patrimonio inmaterial de todo un territorio quede asegurada dun xeito indeleble.

O desexo das persoas maiores de vivir no seu entorno, e de poder ser no seu propio domicilio, constitúe unha tendencia xeral na actualidade. Non obstante, en certas ocasións existen obstáculos que dificultan este desexo, como ter unha vivenda inadecuada para as necesidades da persoa maior ou vivir nun medio rural no que non se teñen todas as necesidades que se precisan. Por este motivo, é moi importante adaptar os aloxamentos e proporcionar e prestar servizos que permitan que os maiores vivan co maior grado de autonomía e satisfacción posible. Outra vez falamos de mellora da calidade de vida, e de creación de emprego coa posta en marcha de novos servizos, obxectivos primordiais da nosa estratexia de desenvolvemento local.

Os territorios rurais precisan adaptar os contornos locais, así como os produtos e servizos, para que poidan ser usados por persoas de todas as idades (enfoque “deseño para todos”), sobre todo mediante as novas tecnoloxías, porque debe evitarse a discriminación por idade no acceso a bens e servizos. Igualmente, resulta imprescindible establecer medidas contra a discriminación que garantan a igualdade de oportunidades para as persoas maiores, adoptar medidas que protexan aos maiores con maior risco de discriminación, como as mulleres maiores e as persoas maiores con discapacidade, e adoptar medidas para apoiar ás familias nas que algún dos seus membros sexa unha persoa maior.

### Tipo de cooperación e territorios implicados:

O tipo de cooperación que se plantexa para este proxecto que ten como obxectivo a dotación de “servizos de benestar á poboación local” pode ser interterritorial e/ou transnacional, xa que se pretende ter como socios a aqueles territorios, de dentro ou de fora do país, que posuíndo unha poboación envellecida teñan entre as súas preocupacións a non discriminación e a participación activa deste colectivo no proceso de desenvolvemento, ao mesmo tempo que perseguen o seu benestar.

### Beneficiarios:

GDR05 e grupos socios do proxecto, e toda a poboación do territorio, especialmente os maiores e os mozos/as.

### Metas ou obxectivos a acadar:

- Posta en común de actuacións dos distintos territorios que promovan o avellentamento activo e a solidariedade entre xeracións.
- Manter ás persoas maiores involucradas en procesos de toma de decisións, sobre todo nos sectores que lles afectan directamente.
- Fomentar que as empresas asuman un papel activo en materia de avellentamento activo e apoiar a innovación nas empresas para que desenvolvan novos produtos e servizos destinados a persoas en proceso de avellentamento.
- Potenciar as redes sociais como ferramenta de comunicación e intercambio de experiencias, así como fomentar a investigación e a formación no ámbito das tecnoloxías da comunicación.
- Promover programas de estimulación cognitiva como xeito de mellorar a plasticidade neuronal, as competencias intelectuais e perspectivas, e as estratexias de compensación mental.
- Promover o acceso das persoas maiores, en igualdade de condicións, a bens, programas e actividades culturais, potenciando así mesmo o exercicio da súa creatividade.
- Impulsar entre as persoas maiores a implicación nos movementos cidadáns e asociativos, así como facilitar o acceso á súa participación en actividades culturais e de voluntariado.

### Actuacións:

- Crear en cada territorio grupos interxeneracionais, de mozos/as e maiores para que intercambien coñecementos.
- Formación para os maiores por parte dos mozos/as no uso das novas tecnoloxías, o que lles permitirá abrirse ao mundo.
- Formación para os mozos/as por parte dos maiores sobre formas de “saber facer”, tradicións, lendas, etc., o que lles permitirá aumentar o seu arraigo co territorio.
- Poñer en contacto a través das T.I.C. aos mozos/as e maiores dos diferentes territorios que participen no proxecto, para que intercambien experiencias vividas, ideas, opinións, demandas e necesidades de servizos.
- Poñer en marcha novos servizos no territorio, que dean lugar á creación de emprego e riqueza e que satisfagan as necesidades da poboación, mellorando a calidade de vida.

## As T.I.C. como unha oportunidade para as micropemes rurais

### Xustificación:

Tal e como se expuxo na análise do territorio do GDR05, o sector industrial non está moi desenvolvido e ademais atópase moi atomizado. Para o noso sector industrial, e no ano 2014, a condición xurídica máis estendida é a de sociedade de responsabilidade limitada, aínda que con moi pouca diferenza fronte a da persoa física, e o maior número de empresas existentes son as de 0 a 2 asalariados, o que nos levaría a falar dun sector con microempresas.

A economía no medio rural sofre unha importante crise, provocada en primeiro termo pola actual situación económica, pero tamén e quizá de xeito máis preocupante, porque o seu entramado empresarial ademais de presentar unidades produtivas de moi pequeno tamaño tal e como acabamos de expoñer, resulta pouco competitivo no mundo globalizado no que nos atopamos.

A realidade demóstranos que en numerosos territorios rurais, o GDR05 é claramente un deles de aí a necesidade de plantexarnos un proxecto de cooperación, as empresas implantadas son estruturas ou ben baseadas no autoemprego autónomo, ou ben en moi pequenas empresas de orixe familiar. Estas empresas, que sustentan a vida económica dos territorios rurais, na actualidade, vense abocadas ao sostemento do emprego, e no mellor dos casos, á xeración de postos de traballo pero de xeito puntual ou temporal.

Ademais debemos de ter en conta outro dos factores que, de forma negativa, afectan ao desenvolvemento das micropemes rurais, como é a súa falta de competitividade. Unha falta de competitividade que en numerosas ocasións reflíctese no establecemento do seu mercado baseado case en exclusividade na proximidade, no autoconsumo de carácter local, e incluso, na súa forma de producir, comercializar e vender case de xeito artesanal.

Por todo elo, e tamén porque non debemos esquecer que as micropemes son e serán os compoñentes do tecido empresarial dos territorios rurais, e que poden influír dun xeito decisivo na xeración de riqueza, emprego e por tanto calidade de vida (obxectivos primordiais da nosa estratexia de desenvolvemento local) faise moi necesaria unha aposta decidida pola mellora da súa competitividade, é dicir, polo aumento da súa capacidade produtiva entendida de xeito integral, e desta forma, poder aportar aos territorios rurais unha actividade económica fiable e sustentable no tempo.

Para que as micropemes rurais podan incrementar a súa competitividade, e por ende; aumentar a súa capacidade produtiva, deben afianzar a súa actividade no territorio, é dicir, que os procesos de diversificación da economía no medio rural deben vir acompañados de procesos de fomento da innovación, como única ferramenta útil para garantir a súa perdurabilidade no tempo, así como a sustentabilidade dos territorios rurais onde se enmarcan.

Durante os últimos anos, a innovación nas pemes, e en especial, nas micropemes, está estreitamente ligada á aplicación das T.I.C., posto que estas poden abrilas ao mundo, de cara a un mercado globalizado, para que deste xeito deixen de fabricar e vender só para a proximidade e se lancen a mercados máis amplos, e incluso ao comercio exterior.

### Tipo de cooperación e territorios implicados:

O tipo de cooperación que se plantexa para este proxecto que ten como obxectivo “as T.I.C. como unha oportunidade para as microempresas rurais” pode ser interterritorial e/ou transnacional, xa que se pretende ter como socios a aqueles territorios, de dentro ou de fora do país, que tendo un tecido empresarial no que haxa un claro predominio das micropemes pretendan fomentar o uso das T.I.C. entre as mesmas, como xeito de aumentar a súa competitividade e ampliar o seu mercado potencial.

### Beneficiarios:

GDR05 e grupos socios do proxecto, e micropemes do territorio.

### Metas ou obxectivos a acadar:

- Favorecer por medio da aplicación das T.I.C. nas micropemes rurais a súa competitividade, dando lugar con iso nun primeiro termo, á sustentabilidade do emprego, e nun segundo á xeración do mesmo.
- Provocar un aumento da competitividade das micropemes rurais, e por ende, o fortalecemento do tecido empresarial local dos territorios participantes.
- Mostrar ás micropemes rurais as posibilidades que as T.I.C. lles ofrecen para abrir o seu mercado de cara ao exterior do seu propio territorio.
- Fortalecer o tecido empresarial local por medio do establecemento de criterios integrados e integrais de innovación baseados na aplicación das T.I.C..
- Dar lugar á aparición de procesos de cooperación empresarial entre micropemes.
- Xerar sinerxías empresariais á escala do proxecto de cooperación, que permitan crear vínculos comerciais entre micropemes de diferentes territorios.
- Dar apoio ao tecido empresarial local, entendendo que para o territorio é un elemento produtivo capaz de xerar actividade económica.

### Actuacións:

- Facer talleres de formación dirixidos ás micropemes sobre as posibilidades que as T.I.C. lles ofrecen.
- Impulsar a cooperación entre as micropemes dos distintos territorios a través das T.I.C., potenciando os vínculos comerciais entre elas.
- Analizar os problemas do territorio relativos a acceso a internet e telefonía móbil.
- Intercambiar experiencias entre os territorios participantes, sobre a posta en práctica de solucións aos problemas aos que nos referimos no punto anterior.

## TERRAMAR: Colaboración Local en Clave de Sustentabilidade

### Xustificación:

Posta en valor dos recursos dos territorios participantes, entendidos en sentido amplo, xeodestinos turísticos ou calquera outra actividade ou actuación de interese común para os grupos participantes.

As directrices comunitarias inciden na eficiencia na xestión de fondos públicos e tendo en conta que tanto os GALPs como os GDRs teñen financiación comunitaria e que un enfoque responsable da súa misión nos territorios esixe a coordinación de estratexias e que ademais hai moitos obxectivos comúns para os diferentes territorios, a cooperación entre diferentes grupos de diferentes territorios permitirá acadar economías de escala, así como ver o que se fai noutros lugares e tratar de facer máis atractivo o que hai en cada un dos territorios asociados.

O valor engadido da cooperación podíamolo ver reflectido no aforro en custes de promoción, en paquetes turísticos máis compactos e completos, nun maior número de servizos para negociar volumes nos paquetes, na complementariedade entre os destinos ofertados, etc.

### Tipo de cooperación e territorios implicados:

O tipo de cooperación que se plantexa para este proxecto que ten como obxectivo a “colaboración local en clave de sustentabilidade” é a cooperación interterritorial, que tería como ámbito xeográfico de actuación os territorios dos grupos socios do proxecto, que inicialmente serían ademais do noso propio os seguintes: GDR06, GDR08, GDR18, GDR21, GDR22, GALP 3 GALP 4, GALP 5 e o CMAT, todos pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade, cabe a posibilidade de que participen outros GDR e GALP doutras zonas de Galicia e de España.

### Beneficiarios:

GDR05 e grupos socios do proxecto, e as empresas e as administracións locais, así como a propia poboación dos territorios.

### Metas ou obxectivos a acadar:

- Conseguir a coordinación entre os distintos axentes dos territorios (GDRs, GALPs, CMAT, Administración Local, outros axentes, ...).
- Promoción e difusión coordinada dos territorios.
- Creación de redes de cooperación.
- Difusión de iniciativas de cada un dos territorios participantes noutras zonas de fóra.
- Melloras nos produtos e paquetes turísticos.
- Valorización e mellora na comercialización de produtos de terra e mar.

Actuacións:

- Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Recursos Naturais (Rede Natura, Zonas Zepa, ...).
- Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Patrimonio (dolmens, castros petróglifos, ...).
- Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Camiño de Santiago.
- Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Gastronomía (produtos da terra e produtos do mar).
- Creación de paquetes turísticos coordinados.
- Aplicación de novas tecnoloxías ao turismo, á promoción de produtos e á diversificación de actividades.

Pasamos de seguido a recoller de xeito máis esquemático nunha táboa os proxectos de cooperación que acabamos de expoñer, e nos que o GDR05 quere cooperar, especificando a maiores para cada un deles os seguintes aspectos:

- Efectos na conservación e valorización do medio ambiente.
- Efectos no mantemento do emprego e tecido produtivo do territorio.
- Creación de estruturas permanentes de cooperación.
- Previsión orzamentaria en euros.

PLAN DE COOPERACIÓN										
OBJECTIVOS A ACADAR	ACTUACIÓN	TIPO DE COOPERACIÓN		TERRITORIOS IMPLICADOS	BENEFICIARIOS	EFECTOS NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO MEDIO AMBIENTE	EFECTOS NO MANTENIMENTO DO EMPREGO E TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO	CREACIÓN DE ESTRUCTURAS PERMANENTES DE COOPERACION	PREVISIÓN ORZAMENTARIA (€)	
		Interterritorial	Transnacional							
1. Valorización de producións locais: Transformación e comercialización	1.1	Crear unha rede de territorios con potencial agroalimentario que permita definir ofertas complementarias	SI	SI	Aqueles que teñan produtos semellantes a poñer en valor e queiran asociarse, xa sexan de dentro ou de fora do país (xa se mantiveron contactos para este proxecto co GDR08)	GDR05 e grupos socios do proxecto, así como os produtores dos territorios e/ou pequenas empresas agroalimentarias	Positivos	Positivos, posto que produtores locais e/ou pequenas empresas serían o público obxectivo do proxecto, co que se estaría axudando ao mantemento do emprego e á xeración de novos postos de traballo, así como ao fortalecemento do tecido produtivo do territorio	Si, é unha das actuacións que se persegue	100.000,00 €
	1.2	Crear a través dos produtos agroalimentarios unha imaxe identificativa de calidade do territorio para darlle valor engadido								
	1.3	Crear unha rede de produtores locais e/ou pequenas empresas dos distintos territorios, para facilitarles a creación de instrumentos conxuntos para posicionarse no mercado								
	1.4	Deseñar e desenvolver un escaparate virtual de produtos agroalimentarios para a promoción e comercialización dos produtos								
	1.5	Participación agrupada de produtores en eventos promocionais a celebrar nos distintos territorios								
	1.6	Edición de material promocional que sirva como elemento identificador para produtores, empresas e produtos dos distintos territorios								
2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico	2.1	Crear unha rede de territorios cun potencial paisaxístico semellante (espazos naturais montañosos protexidos e paisaxes de viticultura heroica)	SI	SI	En principio poderían participar xa os territorios que comparten con nos os espazos naturais concretamente GDR12, GDR16 e GDR20, así como os da Ribeira Sacra, GDR06, GDR08 e GDR11, pero a cooperación podería estenderse a máis zonas do país ou do exterior	GDR05 e grupos socios do proxecto, así como concellos, C.M.V.M.C., sector turístico e viticultores	Positivos, posto que unha das actuacións é a de cooperar en materia de protección e conservación destes espazos e paisaxes	Positivos, posto que se persegue poñer estes espazos e paisaxes en valor, para que coa súa promoción se poda xerar actividade económica entorno aos mesmos, que suporía a creación de novos postos de traballo e o fortalecemento do tecido produtivo do territorio	Si, é unha das actuacións que se persegue	100.000,00 €
	2.2	Definir ofertas complementarias a estes espazos e paisaxes capaces de xerar actividade económica								
	2.3	Crear sinerxías entre estes espazos e paisaxes e o sector turístico do territorio, para aumentar o número de visitantes								
	2.4	Deseñar visitas guiadas a estes espazos e paisaxes para dalos a coñecer tanto á poboación local como aos posibles visitantes (flora, fauna, como se formaron, como se manteñen, ...)								
	2.5	Impulsar a creación de empresas de turismo activo que plantexen a realización de diferentes actividades nos espazos, sempre de xeito respectuoso co medio								
	2.6	Edición de guías divulgativas dos espazos naturais e das paisaxes								



PLAN DE COOPERACIÓN									
OBJECTIVOS A ACADAR	ACTUACIÓN	TIPO DE COOPERACIÓN		TERRITORIOS IMPLICADOS	BENEFICIARIOS	EFECTOS NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO MEDIO AMBIENTE	EFECTOS NO MANTENIMENTO DO EMPREGO E TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO	CREACIÓN DE ESTRUCTURAS PERMANENTES DE COOPERACION	PREVISIÓN ORZAMENTARIA (€)
		Interterritorial	Transnacional						
3. <b>Servizos de benestar á poboación rural</b>	3.1	Crear en cada territorio grupos interxeneracionais, de mozos/as e maiores para que intercambien coñecementos	SI	SI	Aqueles de dentro ou de fora do país, que posuíndo unha poboación envellecida teñan entre as súas preocupacións a non discriminación e a participación activa deste colectivo no proceso de desenvolvemento, ao mesmo tempo que perseguen o seu benestar	---	Positivos, posto que se espera xurdan ideas para a implantación de novos servizos e actividades no territorio, que suporían a creación de novos postos de traballo e o fortalecemento do tecido produtivo do territorio	Non se plantexa nun primeiro momento, pero a cooperación empezaría para este e outros proxectos coa idea de que sexa algo permanente na medida do posible	100.000,00 €
	3.2	Formación para os maiores por parte dos mozos/as no uso das novas tecnoloxías, o que lles permitan abrirse ao mundo							
	3.3	Formación para os mozos/as por parte dos maiores sobre formas de "saber facer", tradicións, lendas, etc., o que lles permitan aumentar o seu arraigo co territorio							
	3.4	Poñer en contacto a través das T.I.C. aos mozos/as e maiores dos diferentes territorios que participen no proxecto, para que intercambien experiencias vividas, ideas, opinións, demandas e necesidades de servizos							
	3.5	Poñer en marcha novos servizos no territorio, que dean lugar á creación de emprego e riqueza e que satisfagan as necesidades da poboación, mellorando a súa calidade de vida							
4. <b>As T.I.C. como unha oportunidade para as microempresas rurais</b>	4.1	Facer talleres de formación dirixidos ás micropemes sobre as posibilidades que as T.I.C. lles ofrecen	SI	SI	Aqueles de dentro ou de fora do país, que tendo un tecido empresarial cun claro predominio das micropemes pretendan fomentar o uso das T.I.C. entre as mesmas, como xeito de aumentar a súa competitividade e ampliar o seu mercado potencial	---	Positivos, posto que as micropemes existentes no territorio serían o público obxectivo do proxecto, co que se estaría apoiando ao fortalecemento do tecido produtivo e ao mantemento e/ou creación de emprego	Non se plantexa nun primeiro momento, pero a cooperación empezaría para este e outros proxectos coa idea de que sexa algo permanente na medida do posible	100.000,00 €
	4.2	Impulsar a cooperación entre as micropemes dos distintos territorios a través das T.I.C., potenciando os vínculos comerciais entre elas							
	4.3	Analizar os problemas do territorio relativos a acceso a internet e telefonía móbil							
	4.4	Intercambiar experiencias entre os territorios participantes, sobre a posta en práctica de solucións aos problemas aos que nos referimos no punto anterior							

PLAN DE COOPERACIÓN										
OBJECTIVOS A ACADAR	ACTUACIÓN	TIPO DE COOPERACIÓN		TERRITORIOS IMPLICADOS	BENEFICIARIOS	EFECTOS NA CONSERVACIÓN E VALORIZACIÓN DO MEDIO AMBIENTE	EFECTOS NO MANTENIMENTO DO EMPREGO E TECIDO PRODUTIVO DO TERRITORIO	CREACIÓN DE ESTRUTURAS PERMANENTES DE COOPERACION	PREVISIÓN ORZAMENTARIA (€)	
		Interterritorial	Transnacional							
5. <b>TERRAMAR: Colaboración Local en Clave de Sustentabilidade</b>	5.1	Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Recursos Naturais (Rede Natura, Zonas Zepa, ...)	SI	---	Aqueles territorios dos grupos inicialmente socios con nós no proxecto, que serían GDR06, GDR08, GDR18, GDR21, GDR22, GALP 3, GALP 4, GALP 5 e o CMAT, todos pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia. Asemade, cabe a posibilidade de que participen outros GDR e GALP doutras zonas de Galicia e España	GDR05 e grupos socios do proxecto, e as empresas e as administracións locais, así como a propia poboación dos territorios	Positivos, o proxecto vai incidir directamente na posta en valor do patrimonio natural existente nos territorios mediante o turismo principalmente (valorización e conservación do medio, creación, mellora ou adaptación de rutas, mellora de accesibilidades, ...)	Positivos, posto que afectará ao mantemento do emprego das empresas dos territorios, e ademais poderanse crear novos nichos de emprego (guías turísticos, etc.) e facilitaranse intercambios en rede. O proxecto vai abarcar unha grande parte do tecido produtivo dos territorios, ao que se lle dará un maior valor, xa que se vai promocionar e visualizar o que hai, e así venderase mellor no exterior. A valorización do territorio favorece o xurdimento de novas empresas de servizos	Non se plantexa nun primeiro momento, pero a cooperación empezaráse para este e outros proxectos coa idea de que sexa algo permanente na medida do posible	100.000,00 €
	5.2	Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Patrimonio (dolmens, castros petróglifos, ...)								
	5.3	Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Camiño de Santiago								
	5.4	Posta en común para dar máis valor ao turismo, promoción de produtos e diversificación de actividades: Gastronomía (produtos da terra e produtos do mar)								
	5.5	Creación de paquetes turísticos coordinados								
	5.6	Aplicación de novas tecnoloxías ao turismo, á promoción de produtos e á diversificación de actividades								

NOTA: Na "Previsión Orzamentaria (€)" de todos os proxectos de cooperación incluídos, o que se estima é só a asignación de fondos que precisaríamos exclusivamente para as nosas actuacións dentro do proxecto, non para o conxunto do proxecto de cooperación. E tal e como acabamos de expresar é só unha estimación (de aí que se poña en todos os proxectos o mesmo importe), porque a cantidade podería resultar maior ou menor dependendo dunha grande variedade factores que se coñecerían a posteriori, unha vez o proxecto estivese deseñado en firme.

**PARTE V:  
NORMAS PARA  
A XESTIÓN**

## 1. Límites de axuda pública máxima (cuantitativos e en porcentaxes) en función dos diferentes tipos de proxectos

Os límites de axuda pública (cuantitativos e en porcentaxes) fixados polo GDR05 están dentro dos límites marcados na *RESOLUCIÓN do 11 de febreiro de 2016 pola que se publica o Acordo do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección* (DOG Núm. 42 do 2 de marzo de 2016).

Os proxectos presentados serán baremados segundo o seu carácter produtivo ou non produtivo aplicando o baremo que se explica a continuación. A puntuación mínima (nota de corte) que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, establécese en 25 puntos tanto para os proxectos produtivos como para os non produtivos e, a puntuación coa que se obterá a axuda máxima establécese en 65 puntos, tamén para as dúas tipoloxías de proxectos. As porcentaxes de axuda mínima e máxima, así como, o importe máximo de axuda que poderá obter un proxecto reflíctense no seguinte cadro:

Tipo de proxectos		Nota corte	% axuda	Nota máxima	% axuda	Cantidade axuda máxima
PRODUTIVOS		25	30%	65	50%	200.000,00 €
NON PRODUTIVOS	Prioridade alta	25	70%	65	90%	200.000,00 €
	Prioridade media	25	50%	65	70%	
	Prioridade baixa	25	30%	65	50%	

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais: por cada punto adicional a partir da nota de corte (25 puntos) incrementarase a porcentaxe de axuda nun 0,50%.

Para que un proxecto poida ser baremado e subvencionado deberá cumprir en primeiro lugar os seguintes requisitos de subvencionalidade.

## 2. Criterios para a selección e priorización de proxectos

### 2.1. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos

- I. Viabilidade: ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- II. Adecuación do proxecto á estratexia de desenvolvemento local definida.
- III. Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, nacional e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.
- IV. Ser finalistas. Na data de xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionables deberán cumprirse os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constituían unha actividade finalista.

### 2.2. Baremo para proxectos produtivos

#### 1. Localización xeográfica do investimento (máximo 40 puntos)

##### *1.1. Renda dispoñible bruta por habitante (máximo 5 puntos)*

En función do índice da renda dispoñible bruta por habitante que ten cada un dos concellos dando a Galicia o valor 100 (valores da renda dispoñible bruta por habitante para cada concello - Ano 2009 IGE).

RENDA DISPOÑIBLE BRUTA POR HABITANTE (RDBph)	CONCELLO	PUNTUACIÓN
Concellos cunha RDBph $\leq 75$	<b>Antas de Ulla</b>	5 puntos
Concellos cunha RDBph $> 75$ e $\leq 80$	<b>O Páramo</b>	4 puntos
Concellos cunha RDBph $> 80$ e $\leq 85$	<b>Monterroso e Paradela</b>	3 puntos
Concellos cunha RDBph $> 85$ e $\leq 90$	<b>Carballedo, Palas de Rei e Taboada</b>	2 puntos
Concellos cunha RDBph $> 90$ e $\leq 95$	-----	1 puntos

##### *1.2. Porcentaxe de paro rexistrado sobre poboación $\geq 16$ anos (máximo 10 puntos)*

En función dos parados rexistrados por cada 100 habitantes con 16 ou máis anos censados en cada concello (paro rexistrado por concellos a 31/12/2014 - IGE e poboación  $\geq 16$  anos a 01/01/2015 - INE).

% PARO REXISTRADO SOBRE POBOACIÓN $\geq 16$ ANOS	CONCELLO	PUNTUACIÓN
Concellos cunha porcentaxe $\geq 10$	<b>Sarria</b>	10 puntos
Concellos cunha porcentaxe $< 10$ e $\geq 8$	----	8 puntos
Concellos cunha porcentaxe $< 8$ e $\geq 6$	<b>Chantada e Monterroso</b>	6 puntos
Concellos cunha porcentaxe $< 6$ e $\geq 4$	<b>Antas de Ulla, Carballedo, Palas de Rei, O Páramo, Portomarín e Taboada</b>	4 puntos
Concellos cunha porcentaxe $< 4$	<b>Paradela</b>	2 puntos

### 1.3. Densidade de poboación (máximo 10 puntos)

En función da densidade de poboación que teña o concello onde se vai levar a cabo o investimento, calculando esa densidade de poboación dividindo a poboación que ten cada concello (datos INE a 01/01/2014) entre a superficie do mesmo en km<sup>2</sup>.

DENSIDADE DE POBOACIÓN	CONCELLO	PUNTUACIÓN
Concellos cunha densidade $\geq 10$ e $< 20$	<b>Carballedo, Palas de Rei, Paradela, O Páramo e Portomarín</b>	10 puntos
Concellos cunha densidade $\geq 20$ e $< 30$	<b>Antas de Ulla e Taboada</b>	8 puntos
Concellos cunha densidade $\geq 30$ e $< 40$	<b>Monterroso</b>	6 puntos
Concellos cunha densidade $\geq 40$ e $< 50$	<b>Chantada</b>	4 puntos
Concellos cunha densidade $\geq 50$	<b>Sarria</b>	2 puntos

### 1.4. Taxa de envellecemento da poboación (máximo 5 puntos)

En función dos habitantes con 65 ou máis anos por cada 100 habitantes censados en cada concello (datos IGE ano 2014).

TAXA ENVELLECIMENTO	CONCELLO	PUNTUACIÓN
Concellos cunha taxa $\geq 40$	<b>Antas de Ulla, Carballedo e Taboada</b>	5 puntos
Concellos cunha taxa $< 40$ e $\geq 35$	<b>Palas de Rei, Paradela, O Páramo e Portomarín</b>	4 puntos
Concellos cunha taxa $< 35$ e $\geq 30$	<b>Chantada e Monterroso</b>	3 puntos
Concellos cunha taxa $< 30$ e $\geq 25$	<b>Sarria</b>	2 puntos
Concellos cunha taxa $< 25$	----	1 puntos

*1.5. Parroquia ou entidade colectiva de poboación onde se localiza o investimento (máximo 10 puntos)*

En función do número de habitantes censados por cada parroquia ou entidade colectiva (datos INE a 01/01/2014).

HABITANTES POR PARROQUIA	PARROQUIA	PUNTUACIÓN
Parroquias con $\leq 500$ habitantes	<b>Todas menos as citadas nos apartados seguintes</b>	10 puntos
Parroquias con $> 500$ e $\leq 2.000$ habitantes	<b>Antas de Ulla (parroquia), Palas de Rei (parroquia), Portomarín (parroquia) e Carballo (Taboada)</b>	8 puntos
Parroquias con $> 2.000$ e $\leq 4.000$ habitantes	<b>Esporiz (Monterroso),</b>	6 puntos
Parroquias con $> 4.000$ e $\leq 8.000$ habitantes	<b>Chantada</b>	4 puntos
Parroquias con $> 8.000$ e $\leq 10.000$ habitantes	<b>Sarria</b>	2 puntos

*2. Características do promotor do investimento (máximo 10 puntos)*

Os puntos son acumulables ata un máximo de 10 puntos.

PROMOTOR DO INVESTIMENTO	PUNTUACIÓN
Investimentos promovidos por mulleres, homes $\leq 40$ anos ou $\geq 50$ anos, persoas con diversidade funcional $\geq 33\%$ ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados ou por persoas xurídicas cuxos socios pertencen aos colectivos referidos nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	8 puntos
Investimentos promovidos por entidades de economía social (cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción, ...), por S.A.T., por C.M.V.M.C. ou polas súas mancomunidades	8 puntos
Investimentos promovidos por homes $> 40$ anos e $< 50$ anos ou por persoas xurídicas cuxos socios pertencen ao colectivo referido nunha porcentaxe igual ou superior ao 50 % do capital social	4 puntos
Investimentos promovidos por persoas físicas desempregadas ou por persoas xurídicas cuxos socios sexan desempregados nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do capital social. A condición de desempregado acreditarase coa correspondente inscrición como tal no Servizo Público de Emprego durante, como mínimo, os 180 días anteriores á presentación da solicitude de axuda	2 puntos



### 3. Incidencia no emprego do investimento (máximo 30 puntos)

#### *3.1. Por creación de emprego (máximo 15 puntos)*

Entenderase por posto de traballo creado unha xornada laboral completa durante todo o ano (unidade de traballo/ano - UTA). O traballo das persoas que non sexan contratadas todo o ano, ou sexan contratadas a tempo parcial, independentemente da duración do seu traballo, ou os contratos estacionais, cóntanse como fraccións de UTA.

POR CREACIÓN DE EMPREGO	PUNTUACIÓN
Puntos = (Nº de UTAs x 5) + (100.000/investimento total elixible)	Máximo 15 puntos

#### *3.2. Por contratación de determinados colectivos (máximo 15 puntos)*

Por contratación de persoas dalgún dos seguintes colectivos, independentemente do número de UTAs, os puntos son acumulables ata un máximo de 15 puntos.

CONTRATACIÓN NOS SEGUENTES COLECTIVOS	PUNTUACIÓN
Homes > 40 anos e < 50 anos	6 puntos
Mozos/as ( $\leq$ 40 anos) ou persoas maiores ( $\geq$ 50anos)	7 puntos
Mulleres	7 puntos
Persoas con diversidade funcional $\geq$ 33% ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados	1 puntos

### 4. Impacto sobre o territorio do investimento (máximo 20 puntos)

#### *4.1. Incidencia sobre a economía da zona do investimento (máximo 10 puntos)*

TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO	PUNTUACIÓN
Creación ou primeiro establecemento	10 puntos
Mellora da eficiencia enerxética	10 puntos
Ampliación ou modernización	5 puntos
